

Lingua e Universidade
XI Xornadas sobre Lingua e Usos

Edición a cargo de Xesús M. Mosquera Carregal

A Coruña 2015

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións

Universidade da Coruña

Lingua e Universidade, XI Xornadas sobre Lingua e Usos
Edición a cargo de Xesús M. Mosquera Carregal
A Coruña, 2015
Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
Entidades colaboradoras: Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Cursos_Congresos_Simposios, núm. 139

344 páxinas
17 x 24 cm.
Índice: páxinas 5-7

ISBN: 978-84-9749-622-3
Depósito legal: C 921-2015
Materia: 80: Lingüística, Filoloxía. 806.99: Lingua galega

Edición:

Xesús M. Mosquera Carregal
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
<http://www.udc.gal/snl>
<http://www.udc.gal/publicacions>

Universidade da Coruña

Distribución:

Galicia: Consorcio Editorial Galego.
Avenida da Estación 25, 36812 Redondela (Pontevedra)
Tel. 986 405 051 Fax: 986 404 935.
pedimentos@coegal.com / consorcioeditorial@coegal.com / administracion@coegal.com

España:
Logística Libromares SL
C/ El Toboso 117
28019 Madrid
Tel.: 913 541 671 Fax: 915 500 261
info@libromares.com / pedidos@libromares.com
promo@libromares.com / ventas@libromares.com

Pórtico Librerías SL
C/ Muñoz Seca 6
50005 Zaragoza
Apartado de correos 503 - 50080 Zaragoza
Tel.: 976 350 303 Fax: 976 353 226
portico@porticolibrerias.es

Deseño da cuberta: Julia Núñez Calo
Imprime: Lugami Artes Gráficas



Este volume está ao teu dispor baixo os termos dunha licenza Creative Commons de recoñecemento-compartir igual.

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice

Limiar.....	9
Presentación do reitor da Universidade da Coruña.....	11
Presentación do secretario xeral de Política Lingüística.....	13
Presentación do director do Servizo de Normalización Lingüística.....	17
Alba Nogueira A presenza da lingua galega na actividade científica	21
Carlos Alberto Amoedo Souto / Xosé Ramón Freixeiro Mato 25 anos de política lingüística na Universidade da Coruña: balance e perspectivas	43
Xabier Etxaniz Situación da política lingüística da Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea	77
Esperanza Acín Villa Os límites da política lingüística	87
Antón Álvarez Sousa Coñecemento e uso do galego na Universidade da Coruña. A influencia da globalización	91
Ernesto Vázquez Rey-Farto Aprender en galego na UDC. O plano formal fronte ao real	111
Camilo Blanco Pampín Da comisión de normalización lingüística ao espazo público: o muíño da lingua	115

Ana Iglesias Galdo Educación universitaria. Pensamento crítico e o dereito a falar e a que nos falen en galego	119
María J. Prol Conde A participación do persoal de administración e servizos nas comisións de normalización lingüística dos centros	131
Ramón Yáñez Brage A experiencia da Comisión de Normalización Lingüística da Escola Politécnica Superior. En que territorio traballamos? Que temos feito? Que resultados temos conseguido? Que debemos facer no futuro?	137
Paulo Cabral Pedreira / Francisco Xavier Martínez Cobas A política lingüística na Universidade de Vigo. Balance de 25 anos.....	145
Manuel Núñez Singala Panorámica e reflexións sobre a política lingüística na Universidade de Santiago de Compostela	159
José Felipe Fernández López Isto funciona? Catro críticas heterodoxas á normalización lingüística para dinamizar o uso do galego	175
Marcelino Maneiro Maneiro Proxéctate en galego.....	191
Belén Poutón Reboredo A dinamización lingüística na Universidade de Vigo: o testemuño dunha alumna.....	199
Isabel Vaquero Quintela A experiencia da Universidade de Santiago de Compostela en dinamización lingüística.....	203
Goretti Sanmartín Rei A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. Balance crítico.....	211

Marilar Jiménez Aleixandre	
O abruñeiro dá acougo á píntega, a curuxa oulea ao Setestrela: Ensinar ciencias naturais en galego, investigar sobre a súa aprendizaxe	229
Renée DePalma Úngaro	
A integración das persoas estranxeiras na comunidade lingüística galega..	239
Cibrán Santamarina Ríos	
O galego na ciencia: investigar e ensinar en galego	253
Ramón Vilalta López	
O galego na ciencia. En secundaria, é hoxe unha herexía aprender as leis da Natureza en galego?.....	265
Marcos Maceira Eiras	
O compromiso social das universidades na normalización lingüística	273
Filipe Diez	
A hora das universidades como protagonistas do proceso normalizador. Roteiro para um estímulo do debate	277
Nel Vidal Barral	
Algunhas reflexións sobre a proxección na sociedade da política lingüística das universidades galegas.....	283
Manuel Bermúdez Blanco	
Asesoramento lingüístico, ano 2014.....	289
Marisol Ríos Noya	
Actividades e publicacións do Servizo de Normalización Lingüística	295
María Cristina Rodríguez Ricart	
A formación lingüística nos servizos de normalización universitarios	315
Xusto A. Rodríguez Río	
A terminoloxía: do VOLGA á aplicación móbil.....	323
Jorge Mira Pérez	
Achega cuantitativa sobre o futuro do galego	331

Limiar

As páxinas que seguen recollen boa parte das colaboracións que as persoas participantes nas XI Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Universidade tiveron a ben presentar, na sede da Reitoría, durante o seu transcurso en novembro de 2014. No marco do vixésimo quinto aniversario da Universidade da Coruña, os organizadores entenderon que era boa ocasión para facer un exercicio de reflexión e repaso ao que leva sendo a normalización lingüística fundamentalmente na nosa contorna máis próxima dos campus coruñeses, mais tamén botando unha ollada ao conxunto do sistema universitario galego e con incursións concretas noutros escenarios lingüísticos sempre recorrentes, caso do vasco. Así, quen se achegar a elas poderá atopar, entre outras cousas, o relato da xestación da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, unha breve historia da normalización lingüística na Universidade da Coruña ou a análise do binomio lingua-actividade investigadora e as súas vicisitudes, para alén de referencias concretas a proxectos en marcha ou xa materializados.

Falar de lingua e universidade supón falar de docencia, investigación, xestión, administración, de aí a pluralidade de voces e procedencias que se quixo atender. Da opinión, experiencias e traxectorias de docentes, persoal de administración e alumnado, cuxas escollas lingüísticas se respectaron no labor de edición, deixan constancia as colaboracións escritas que seguen. Se o volume serve para sinalar o xa feito e, asemade, o moito que queda por facermos, mais, sobre todo, na medida en que permita albiscar e explorar novos vieiros de traballo e colaboración, nun momento en que certa involución e estancamento pairan no ambiente, poderase concluír e celebrar que a realización das Xornadas foi máis que atinada.

XESÚS M. MOSQUERA CARREGAL

Presentación

XOSÉ LUÍS ARMESTO BARBEITO

Reitor da Universidade da Coruña

Temos por diante tres intensas xornadas de discusión e reflexión para facer balance da normalización lingüística nos nosos campus. Unha boa oportunidade para saber tamén que se fixo e que se está a facer no resto do sistema universitario galego e para coñecer o impacto das políticas lingüísticas en Cataluña e no País Vasco.

Logo de once anos revisando os usos do galego en distintos ámbitos da vida colectiva, agora tocounos a nós, ás universidades. A Universidade da Coruña –igual que a de Vigo– cumpre agora os seus primeiros 25 anos de existencia. Cando nacemos, en 1989, xa estaba en vigor a Lei de normalización lingüística que tantas ilusións esperitou e que alentou a introdución do galego no ensino en todos os seus niveis. A propia lei de creación do sistema universitario galego incluía, entre os seus grandes obxectivos, o de promover o galego como «lingua propia e vehicular» no ensino superior, na investigación científica e na creatividade artística e cultural.

Coido que é bo momento para botar unha ollada atrás e ver se no ámbito universitario se cumpriron ou non as expectativas. Dez anos xustos despois da entrada en vigor do plan de normalización lingüística (aprobado no Parlamento por unanimidade), cómpre radiografiar a situación nos campus. Nesta década, a Universidade da Coruña elaborou o seu propio plan de normalización, tomando como base unha detallada análise sociolingüística dirixida polo profesor Antón Álvarez Sousa. O estudo reflectía polo miúdo o estado da cuestión nos tres sectores da comunidade universitaria: o profesorado, o alumnado e o persoal de administración e servizos.

Os relatorios e mesas redondas programadas nesta décimo primeira edición de «Lingua e Usos» permitirán poñer a debate os éxitos e os fracasos desde a entrada en vigor do plan nos campus da Coruña e de Ferrol. Cómpre debullar nos porqués dun balance que aínda queda lonxe de nos satisfacer e que está a emitir preocupantes sinais de

retroceso. Semella certo que os progresos no marco normativo e no ámbito da xestión administrativa non atopan correspondencia na docencia e na investigación. Na lingua propia de Galicia, estatutariamente tamén a lingua propia da Universidade da Coruña, só se imparte un moi modesto 10% da docencia.

Para formular respostas e propostas acaídas, urxe, xa que logo, encarar a realidade e repensar o que estamos a facer; urxe sopesar as luces e as sombras da realidade e determinar as razóns endóxeas e esóxeas deste estado de cousas; urxe saber por que, dispoñendo do marco legal e da vontade precisa, non somos quen de avanzar no amplo espazo por percorrer que temos por diante.

Para ver que se pode facer o mesmo como Universidade que como parte do sistema universitario galego, haberá que repensar as liñas de actuación, xuntar vontades, restaurar consensos e esixir unha política lingüística acorde coas dificultades do momento.

Hai pouco máis dun mes, os datos oficiais do Instituto Galego de Estatística amosaron a magnitude do actual proceso xeral de substitución lingüística favorable ao español. Lembremos que, entre outras cousas, o número de galegofalantes cae un 13% en só dez anos. Un proceso que a plataforma cidadá Queremos Galego, que agrupa máis de 600 entidades sociais, definiu como unha verdadeira involución, traducida no retroceso no ensino, na desaparición do galego nas escolas infantís das cidades, na exclusión da lingua en ámbitos de prestixio, na vulneración de dereitos lingüísticos, na imposibilidade, en fin, de vivirmos en galego no propio país.

A Universidade da Coruña ten os seus campus nas cidades da Coruña e de Ferrol e, xa que logo, non é allea ao contexto social en que desenvolve o seu labor docente e científico. Mais, como subliñaba a análise sociolingüística de 2004, «ao mesmo tempo que a Universidade está influenciada por ese contexto, tamén está a influír nel».

Coido que precisamos un forte rearmamento social, institucional e político a prol da lingua galega. E as universidades, referentes de prestixio para a sociedade, deben facer valer o seu liderado académico e científico.

As xornadas que agora comezan hannos axudar a atopar o camiño. A Universidade da Coruña quere presentar propostas concretas. Máis nada pola miña parte. O meu agradecemento ás persoas que colaboraron na organización. E a todos e todas vostedes, moitas grazas pola súa asistencia e polo seu interese.

Bo día.

Presentación

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Éme moi grato estar aquí na Coruña para participar unha vez máis nunha nova edición das Xornadas sobre Lingua e Usos, que nesta edición fixa a mirada sobre a lingua no ámbito universitario. Quero darlles as grazas, polo tanto, ás persoas a cuxa decisión se debe que eu estea neste momento na sala do Consello de Goberno da Universidade da Coruña para lles falar a todas e todos vostedes sobre un tema que, se ben é unha parcela dentro da extensa leira da promoción e a dinamización lingüística, forma parte daqueles ámbitos que, pola súa potencia simbólica e referencial, e pola súa riqueza produtiva, mereceron e merecen unha atención especial.

É un lugar común nas miñas intervencións públicas que faga mención á normalización lingüística referíndome a ela como un proceso de natureza social, levado a cabo en Galicia nos últimos 35 anos, que consistiu basicamente en procurar ou conquistar un recoñecemento e un prestixio para a lingua galega. Sei que isto supón unha afirmación reduccionista verbo dun proceso moi complexo, pero non é menos certo que, á fin e ao cabo, foi iso —a loita por conquistar un prestixio e unha posición social para o galego na Galicia de hoxe— o que determinou a maior parte das accións implementadas. Así se entende que durante todos estes anos se puxese o acento na promoción da lingua naqueles ámbitos sociais e profesionais nos que historicamente permanecera inédita. Dito noutras palabras, entendeuse que a fórmula resolutoria do problema estaba en que, á par de lograr que non houbera un abandono nos ámbitos que lle eran tradicionalmente propios, existise un incremento de usos naqueloutros nos que nunca ou case nunca o galego estivera presente. Cumpría facelo deste xeito por razóns cuantitativas (extensión do uso), pero tamén cualitativas; isto é, porque era necesario botar man daqueles elementos simbólicos e referenciais que proxectasen unha imaxe de modernidade e dinamismo sobre a lingua.

Paga a pena lembrar e traer aquí unha vez máis que o galego, malia a ser a lingua de uso maioritario –case exclusivo– entre os galegos e galegas dende a Alta Idade Media, estivo ausente, durante todo ese período de tempo, dos púlpitos eclesiásticos, dos estrados dos tribunais de xustiza, das tarimas da universidade, da consulta do médico e de todo lugar e actividade que posuise algún prestixio. Sostida esta situación ao longo de moitos séculos, derivaría nun sentimento de inferioridade que os seus falantes asumiron a través da interiorización individual e colectiva dun variado abano de prexuízos lingüísticos (e doutra índole), que ían desde os de natureza sociolóxica e lingüística ata os ideolóxicos. O efecto desta situación, como resulta coñecido, sería a súa minorización, aínda que continuase a ser falada pola maioría social. Neste sentido, resulta curioso (e revelador da magnitude da traxedia) que sendo Galicia unha das primeiras comunidades españolas nas que se asentou unha universidade, no entanto esta apenas lle prestaría a máis mínima atención á lingua propia do país, a cal quedaría fóra das aulas e apenas chegaría a ser o obxecto da atención dos investigadores e dos estudosos, salvo en casos excepcionais.

Transcorreu algo máis dun cuarto de século dende que nas universidades se empeza a tomar conciencia de que a lingua galega non podía permanecer máis tempo ausente das súas aulas, nin dos seus proxectos de investigación. Foron varias décadas nas que se soñou e traballou para conseguir que un 30% da actividade universitaria (docente, investigadora, de xestión administrativa) fose en lingua galega. Era ese 30% o desiderátum daquelas persoas máis concienciadas e de espírito máis realista que xa intuían, naquela altura, que o camiño que se iniciaba ía estar cheo de atrancos. E atinaron, porque algúns dos estudos recentes máis fiables din que aínda non alcanzamos esa porcentaxe. No entanto, creo sinceramente que esa análise esixe a aplicación de parámetros máis complexos, de tal xeito que reflecta fidedignamente a realidade lingüística das nosas tres universidades no momento presente. Pénsese, por citar un exemplo de cambio notable, que a irrupción con forza de terceiras linguas (nomeadamente, do inglés) mudou o mapa lingüístico das universidades, polo que as nosas expectativas e obxectivos se deberán adaptar a esta nova realidade. O que si nos debe quedar diametralmente claro é que a formación das persoas que van exercer distintas profesións en Galicia nun futuro inmediato non pode permanecer allea á historia do país nin aos usos lingüísticos da sociedade na que levarán a cabo esas persoas a súa actividade profesional. Sexa médico ou enxeñeiro, avogado ou profesor esa persoa deberá saber desenvolverse en galego con corrección cando estea a traballar, e isto só será posible se unha parte importante da súa formación a recibe nesa lingua.

A Universidade da Coruña, como dicía antes Carlos Amoedo, ten a valentía de poñerse a reflexionar sobre o camiño que andou nos últimos 25 anos no proxecto irrenunciable de introducir e asentar a lingua galega nas súas aulas. Transcorreu un período de tempo abondo extenso para que algúns dos actores dese proceso se deteñan a cavilar e a dicir en voz alta o que pensan e o que proxectan para a década vindeira. Temos, pois, que felicitarnos todos de que callase a felicísima idea de dedicar a edición deste ano das Xornadas sobre Lingua e Usos a reflexionar sobre a lingua no ámbito da universidade, reflexión que se terá que facer dende parámetros actuais, atendendo á realidade e ás esixencias do momento presente. Creo que exemplos deste enfoque son, por citar só dous casos, as conferencias da profesora Alba Nogueira López e do profesor Antón Álvarez Sousa. Das súas intervencións e das do resto de persoas incluídas no programa han de agromar as claves da acción normalizadora no ámbito universitario galego nos vindeiros 10 anos. Eu estarei atento, cando se publicaren as actas, ao aquí dito e indicado.

Gustárame despedirme proxectando unha imaxe optimista do futuro da lingua nas universidades galegas. Afondar nos problemas é necesario e conveniente, pero o noso papel agora consiste en programar o futuro da lingua galega na universidade do século XXI. Deséxovos os maiores éxitos neste labor de tanta responsabilidade que afrontades tan valentemente.

Moi bo día e grazas pola vosa atención.

Presentación

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO

Director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

Aínda que estas xornadas sobre Lingua e Usos que agora inauguramos se instituíron no ano 2004 para analizar a situación do galego en diferentes ámbitos da vida social, co obxectivo de contribuírmos desde a universidade para o proceso de normalización deste idioma no conxunto da sociedade, pois esa é tamén unha obriga que a institución se impón no seu Plano de normalización lingüística, porén prestaron unha atención especial, como é lóxico, ao propio proceso de normalización na vida universitaria. Neste sentido, das dez edicións precedentes dúas puxeron o foco directamente neste ámbito: as segundas xornadas, do ano 2005, sobre «Lingua e Investigación» e as quintas en 2008 sobre «Lingua e Docencia Universitaria». Xa eses rótulos apuntaban aos dous puntos máis fracos do galego no ámbito universitario: a investigación e a docencia. Sobre eles reflexionouse e afloraron ideas e alternativas para a súa mellora, en confronto tamén coas políticas seguidas noutras universidades que teñen igualmente unha lingua propia diferente da oficial do Estado.

No entanto, parece existir entre as persoas preocupadas pola situación do galego na universidade unha impresión xeral de eses puntos francos continuaren a persistir, sen avances cualitativos nin cuantitativos relevantes, que tampouco se perciben na vida universitaria cotiá fóra das aulas e dos laboratorios. É por iso que, con motivo do 25 aniversario da creación da UDC, o SNL recibiu o encargo de dedicar estas XI Xornadas sobre Lingua e Usos a facer un balance do labor realizado durante ese período, sempre na procura de tirarmos conclusións proveitosas para lle darmos un pulo decidido ao proceso de normalización, facendo as mudanzas e reorientacións que foren precisas. Porén, no SNL somos ben conscientes de que é moi difícil avanzarmos na normalización lingüística da universidade se non se avanza no conxunto da sociedade ou se mesmo se recúa, como parece ser o caso; a drástica redución das partidas or-

zamentarias destinadas pola Administración autonómica para tal fin, que se produciu nos últimos anos, é un indicador claro a ese respecto.

Aínda así, a UDC ten a obriga legal e o compromiso moral de continuar a traballar en prol do incremento da presenza do galego, proclamado estatutariamente como a súa lingua propia, en todos os ámbitos da vida universitaria. E debe facelo con espírito autocrítico e con vontade firme, dentro do marco legal fixado polo Estatuto de Autonomía, pola Lei de normalización lingüística e polo Plan xeral de normalización da lingua galega, mais tamén ao abeiro dos propios Estatutos da institución, do Regulamento de usos da lingua galega de que esta democraticamente se dotou, do seu PNL aprobado en 2006 sen ningún voto en contra e doutras disposicións emanadas dos órganos lexítimos de goberno. Sendo isto así, ninguén estará amparado pola lei nin pola razón para se opor a un proceso normalizador recollido no noso marco legal de convivencia, que a todas e todos obriga, e nomeadamente ás institucións públicas.

Sabemos, no entanto, que sempre houbo, hai e vai haber voces que se opoñan a calquera paso que se dea en prol do galego e no desenvolvemento daquel marco legal. Loxicamente, tales voces deberán ser respectadas, mais non poden servir de escusa para frearmos o proceso de normalización. Todas as decisións adoitan ter por regra xeral algunhas voces en contra, mais estas non deben impedir a súa posta en práctica. De ser así, nada se podería facer nin nada podería mudar. Con certeza, son desexábeis e necesarios amplos consensos arredor da normalización, mais non se debe agardar sempre pola unanimidade, pois isto suporía na práctica renunciarmos a avanzar no proceso.

É vontade das persoas encargadas de organizarmos as xornadas que estas sirvan de punto de encontro e reflexión para facermos o balance destes 25 anos de forma conxunta, escoitando moitas opinións que nos axuden a tirar conclusións proveitosas. Opinións de membros da comunidade universitaria da UDC pertencentes a todos os sectores –PAS, PDI e alumnado–, mais opinións tamén doutras persoas pertencentes ao Sistema Universitario Galego que teñen algunha experiencia de interese ao respecto e inclusive de persoas doutras universidades de fóra de Galiza con lingua propia diferente do español que teñen responsabilidades en política lingüística. Esta ansia por escoitarmos moitas voces é o que xustifica a programación de varias mesas redondas e talvez o número máis alto de persoas intervinientes como relatores e relatoras a respecto das anteriores edicións das Xornadas.

Por tanto, a nosa vontade foi dármolles voz ao maior número de persoas e colectivos do ámbito universitario interesados en participaren neste foro de debate. Mais, como loxicamente non foi posíbel contarmos con todo o mundo para a elaboración do programa, será agora, no desenvolvemento das diferentes conferencias e mesas redondas, onde todas aquelas persoas que así o desexaren poderán achegar as súas ideas e suxestións. Desde o SNL animámolas a que así o fagan, pois o obxectivo é precisamente sometermos a un debate repousado, serio e rigoroso todo o proceso de normalización lingüística levado a cabo até o momento, incluído, claro está, o traballo desenvolvido polo propio Servizo, sempre na procura de mellorarmos a eficacia do noso labor e de conseguirmos avanzar decididamente na normalización da lingua galega.

Finalmente, quero agradecer o apoio do persoal colaborador, de todas as persoas que aceptaron participar como relatores e relatoras e de todas e todos os asistentes. Agradezo especialmente a participación de Xabier Etxaniz, vicerreitor da UPV/EHU, que fixo grandes esforzos para poder estar hoxe aquí connosco. E tamén a de Conxa Planas, directora dos Serveis Lingüísticos da Universitat de Barcelona. De certo que o que nos vaian dicir aquí ha ser de moito interese para nós, á vista dos grandes progresos conseguidos na normalización do éuscaro e do catalán nas súas respectivas universidades. Claro está que isto non é alleo ás elevadas partidas orzamentarias que os seus gobernos dedican á normalización lingüística tamén no ámbito universitario. Nin tampouco aos recursos humanos dos seus servizos de normalización lingüística, que practicamente multiplican por dez os existentes nas universidades do Sistema Universitario Galego.

Quero agradecer tamén de modo especial o apoio constante da Secretaría Xeral da UDC, de que depende o SNL, á organización e posta en andamento destas xornadas. Agardo que o esforzo pague a pena, que todas e todos –persoas asistentes, relatoras e relatores– fiquen satisfeitas co desenvolvemento das Xornadas e que os resultados sexan proveitosos para a consecución dos obxectivos que nos convocan.

Obrigado pola atención. No SNL ficamos ao seu dispor para todo canto precisaren nestes días.

A presenza da lingua galega na actividade científica

ALBA NOGUEIRA

Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

No exame do uso da lingua na actividade investigadora cómpre diferenciar o ámbito da actividade de difusión científica en círculos académicos da actividade de divulgación científica ao conxunto da sociedade xa que as accións para realizar son diferentes en cada un deles¹. Este traballo achega os resultados dun estudo realizado a petición da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística conformada pola Xunta de Galicia e as tres universidades públicas galegas publicado con anterioridade.

En relación co uso das distintas linguas na actividade investigadora é preciso ter en conta distintos factores. En primeiro termo, e de xeito central, que os vínculos científicos dentro da comunidade científica se establecen fundamentalmente a través da presentación dos resultados de investigación en publicacións científicas. En segundo lugar, que un elemento que incide na forma de programar a actividade investigadora é a carreira profesional. Isto é, a necesidade de acompañar a realización da actividade docente e investigadora coas esixencias necesarias para ir cumprindo os obxectivos fixados en materia de acreditación do profesorado universitario e, indirectamente, de consecución de complementos salariais ligados á actividade docente e investigadora.

¹ Para un exame máis detallado con propostas de mellora sistematizadas véxase o estudo, substancialmente coincidente con este, Nogueira López, A. (2013): *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica*. Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. (ISBN 978-84-8158-631-2).

A avaliación da actividade investigadora, tanto para efectos de promoción profesional como retributivos, nace inicialmente no Estado español como un procedemento ligado á percepción dun complemento de produtividade para o profesorado funcionario, mais progresivamente vai gañando terreo ao se converter ese complemento retributivo nun requisito para formar parte na maior parte das instancias decisorias na vida académica (comisións de prazas, tribunais de premios, probas académicas...) e, agora tamén, para a o acceso ás distintas categorías de profesorado (acreditacións).

A importancia tanto da docencia como da divulgación científica para a difusión do coñecemento científico e da terminoloxía a sectores máis amplos da poboación tamén é chave para a normalización do uso do galego en todo tipo de rexistros e, nomeadamente, naqueles que teñen unha valoración social de prestixio.

1. O uso do galego na difusión da investigación

A regulación da actividade académica como condicionante dos usos lingüísticos

O art. 1 da Lei orgánica de universidades establece que son funcións da Universidade a investigación, a docencia e o estudo ao servizo da sociedade. Unha sociedade entendida, sen dúbida, como a contorna inmediata da Universidade e á que a natureza de servizo público da educación superior obriga a prestar non só formación, senón tamén resultados da investigación. O esforzo cada vez maior que realizan as universidades en transferencia de coñecemento ten como destinatario primeiro tamén o tecido social e produtivo próximo.

Porén, estas obrigas de servizo público das universidades poden quedar preteridas por unha concepción da ciencia que esquece os seus efectos na mellora do coñecemento da súa contorna inmediata. Hoxe en día a globalización está presente no ámbito das institucións de educación superior, a investigación e o sistema de publicacións científicas e a convivencia entre o estudo dos problemas universais e as necesidades de avance do coñecemento máis próximas debería acadar un equilibrio a través das políticas científicas.

Neste sentido probabelmente nas ciencias experimentais é máis complicado apreciar unha disociación entre investigación global/local, pero nas ciencias sociais e humanas pode ser máis evidente a clara diferenza entre a investigación aplicada-local e a investigación con repercusión global.

A cuestión lingüística ten tamén conexión con estas circunstancias, xa que o tipo de investigación que se realiza –dentro das coordenadas enunciadas anteriormente– ten moito que ver coa elección lingüística do persoal investigador. Unha opción por unha investigación menos ligada á contorna inmediata tende a ir acompañada do uso de linguas «internacionais» (nomeadamente o inglés) ao buscar unha difusión nunha comunidade científica máis distante e difusa; a investigación ao servizo do contorno máis inmediato con máis probabilidade fará unha escolla polas linguas propias.

Nesta liña de reflexión debemos achegarnos aos criterios con base en que se realiza a avaliación da actividade investigadora tanto para os efectos de acceso ás diversas categorías de PDI (acreditacións) como de avaliación de méritos con efectos retributivos. Cada vez máis, estes criterios fórmulanse sen conexión coa función social e de servizo público da Universidade. Así, constátase como os criterios utilizados tradicionalmente canto indicadores de bos resultados académicos nas áreas de coñecemento de ciencias experimentais progresivamente se consolidaron e estenderon a outras áreas de coñecemento (publicación en revistas que figuren nalgún dos «citation index» de matriz anglosaxoa, obtención de patentes, impacto internacional dos traballos etc.). Non se discute aquí o valor complementario que poidan ter estes criterios para medir os resultados da investigación en distintas áreas de coñecemento, mais si a súa aplicación exclúinte doutros indicadores que poidan recoñecer con semellante fidelidade a calidade da investigación realizada e, sobre todo, valorar con máis exactitude a contribución á sociedade da investigación feita cunha metodoloxía e cuns resultados igualmente rigorosos mais cun alcance local-rexional no seu obxecto de investigación. Todo iso sen entrarmos nas críticas sobre a formulación esencialmente cuantitativa e non cualitativa deses indicadores e/ou prácticas pouco compatíbeis cunha concepción da ciencia aberta e cooperativa².

Nesta dinámica, mesmo o castelán xoga en desvantaxe fronte á preponderancia absoluta do inglés. Se se bota unha ollada ás revistas incluídas nos «Citation Index», tanto de ciencias experimentais como de ciencias sociais, poderase comprobar que apenas é posíbel atopar nesas listaxes revistas noutras linguas que non sexa o inglés. Estas listaxes –ás que os criterios de avaliación da investigación se remiten– levan a que revistas «locais» con investigación claramente local de base anglosaxoa sexan os parámetros da actividade científica que permiten discriminar como investigación non válida aquela que se fai aquí sobre temas tamén locais, pero non anglosaxóns ou en linguas propias.

² Nos últimos tempos coñeceuse, por exemplo, que a UE esixirá o acceso libre a producións científicas financiadas con fondos europeos.

En definitiva, a investigación local norteamericana circula como se fose universal, mais o proceso inverso é penalizado en termos de avaliación da actividade investigadora. Este traballo quere afondar nos criterios utilizados para a concesión dese recoñecemento da actividade investigadora e valorar se se respectan os dereitos lingüísticos das persoas solicitantes. A competencia estatal sobre o profesorado funcionario e, por tanto, sobre a fixación de criterios e concesión destes complementos favorece que non se considere de ningún xeito a lingua en que se investiga. A aparente neutralidade desde o punto de vista lingüístico dos criterios que rexen a avaliación investigadora poden, non obstante, agochar supostos de desigualdade lingüística. Para iso é preciso facer un estudo tanto dos datos numéricos dos resultados das avaliacións como dos criterios aplicados e ver en que medida estes contribúen ou desincentivan o uso das linguas propias distintas do castelán na actividade investigadora. Esta cuestión, ao noso xuízo, está enmarcada nunha máis ampla que é a da produción científica como un elemento de fortalecemento ou de enfeblecemento do sistema cultural e social propio.

A acreditación do profesorado para o acceso ás categorías de PDI

Para o acceso ao sistema universitario, xa for a través dunha relación contractual, xa for adquirindo a condición de funcionario, requírese unha avaliación previa dos perfís das persoas solicitantes. Os criterios elixidos determinan o perfil de profesor que se busca para o sistema universitario e condicionan a futura docencia que recibirá o alumnado. A carreira académica, o *cursus honorum*, está en boa medida condicionada polos criterios de acreditación establecidos que encamiñan a construción dos *curricula* dos investigadores que contará cos *item* que son valorados nestas avaliacións.

a. A acreditación do PDI funcionario

O Programa de acreditación para o acceso aos corpos docentes universitarios avalía o perfil dos/as solicitantes para o acceso aos corpos de funcionarios docentes universitarios. Os requisitos para a acreditación veñen recollidos no Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro cuxo artigo 12 recolle que para acceder á categoría de profesor ou profesora titular de universidade, resulta necesario, ademais do requisito ordinario de posuír o título de doutor, unha valoración dos méritos «de carácter académico, profesional, docente e investigador e de xestión académica e científica, que se valorarán de acordo cos criterios que figuran no anexo». O artigo 13 engade que con carácter xeral «os profesores ou profesoras titulares de universidade poderán optar á acreditación para catedrático ou catedrática de universidade, mediante a presentación dunha solicitude á cal xuntarán a xustificación dos méritos que aduzan de carácter académico, profesional, docente e investigador e de xestión académica e científica, que se valorarán de acordo cos criterios que figuran no anexo».

Se acudimos ao devandito anexo que recolle os distintos criterios de avaliación que se van ter en conta, obsérvase que fai referencia a criterios tales como a calidade e a difusión da actividade investigadora, o número de proxectos, a mobilidade do profesorado etc. Non existe unha referencia ao uso dos idiomas cooficiais como criterio de avaliación, nin sequera a través dos apartados de «Outros méritos» docentes, de innovación docente ou investigadores.

b. A acreditación do PDI laboral

A avaliación para acreditar o PDI laboral pode solicitarse alternativamente ante a Axencia Nacional de Avaliación e Acreditación (ANECA), a axencia estatal, e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a axencia galega. No marco do Programa estatal de avaliación do profesorado para a contratación avalíanse as actividades docentes e investigadoras, e a formación académica das persoas solicitantes para o acceso ás figuras de profesor universitario contratado. Para estes efectos resulta necesario ter en conta a Resolución do 18 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Universidades (BOE do 4 de marzo), pola que se modifican determinados aspectos do procedemento de presentación de solicitudes e os criterios de avaliación establecidos nas resolucións do 17 de outubro de 2002 e do 24 de xuño de 2003. Á súa vez, o Real decreto 989/2008, do 13 de xuño, establece os criterios de avaliación para a figura de profesor colaborador e a Resolución do 7 de outubro de 2008 da Dirección Xeral de Universidades determina o procedemento para a presentación de solicitudes.

Os criterios xerais de avaliación que se deben de reunir para obter a avaliación positiva, encóntranse no Anexo IV da devandita resolución do 18 de febreiro de 2005. Unha parte dos criterios de avaliación son comúns para todas as áreas de coñecemento e para as diferentes figuras contractuais; outra parte dos criterios son específicos para grupos concretos de áreas de coñecemento e veñen reflectidos no documento da ANECA titulado *Principios y orientaciones para la aplicación de los criterios de evaluación*. En todo caso, tales criterios de avaliación limitan a determinación da calidade da actividade investigadora á amplitude da difusión obtida establecida con referencia unicamente en sistemas de indexación internacional.

Véxase, a modo de exemplo, o campo de humanidades:

Se valoran preferentemente los artículos publicados en revistas de carácter internacional, cuya inclusión en las siguientes bases de datos se considera como una referencia de calidad: por ejemplo, FRANCIS, International Bibliography of the Social Sciences, Arts and Humanities Citation Index, Social Science Citation Index, Bibliography of

the History of Arts (RLG), Historical Abstracts, International Medieval Bibliography, Index Islamicus, RILMS Abstracts of Music Literature, Philosopher's Index, Répertoire Bibliographique, International Bibliography of Periodical Literature in Humanities and Social Sciences (IBZ), Bibliographie Linguistique/Linguistic Bibliography (BL), Library and Information Science Abstracts.

En este campo también se utiliza como referencia de calidad para las publicaciones españolas la base de datos DICE: Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas. Esta base de datos puede consultarse a través de la página web <http://dice.cindoc.csic.es/>.

No caso de revistas non incluídas nestas bases de datos, considéranse como indicios de calidade: «a existencia de avaliación externa por pares; dispor dun comité científico de nivel internacional; que publiquen unha porcentaxe elevada de artigos cuxos autores non manteñan vinculación directa coa revista a través do consello de redacción ou da institución editora; a súa periodicidade e unha antigüidade superior a tres anos; que conteñan exclusivamente traballos de investigación; que apareza salientada nos repertorios e boletíns bibliográficos máis vinculados á súa especialidade; que publique traballos en máis dunha lingua».

Entre os demais criterios, comúns ou específicos, non se encontran referencias ao uso do idioma cooficial, nin na docencia nin na investigación, como un criterio para ter en conta no procedemento de acreditación.

Polo que respecta á axencia de avaliación galega, a ACSUG, conforme co artigo 9 do Acordo da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) do 9 de novembro de 2010, polo que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia, valoráranse «os méritos individuais alegados polos solicitantes en función da calidade científica, académica e profesional daqueles, e tendo en conta os rangos do baremo establecido non anexo II». O mencionado anexo non menciona expresamente como avaliábel o uso do galego, senón que existe unicamente a posibilidade de introduci-lo a través dos apartados «Outros méritos de investigación» e «Outros méritos docentes» sen que se explicita a posibilidade de valoralo na avaliación.

2. Os complementos retributivos e a valoración de méritos lingüísticos

Os complementos salariais son complementos retributivos adicionais e individuais do profesorado, cuxo obxectivo consiste en fomentar a calidade do sistema universitario. Mellorando o perfil do profesorado e aumentando os criterios esixidos, mellórase a calidade do sistema como un conxunto.

a. Os complementos autonómicos

Comezando polo sistema galego de retribucións adicionais do profesorado, que vén regulado polo Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais, e modificado polo Decreto 326/2009, do 11 de xuño, o órgano autonómico encargado de valorar os criterios e os méritos de valoración é a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA). A CGIACA é un órgano superior de avaliación da ACSUG que realiza as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación que teña atribuídas a axencia galega. As devanditas funcións realízaas seguindo o protocolo de avaliación establecido pola Orde do 16 de abril de 2004 e modificado pola Orde do 11 de abril de 2006.

Este decreto establece catro tipos de complementos: o complemento de recoñecemento do labor docente, o complemento de recoñecemento do labor investigador, o complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e o complemento de recoñecemento polos cargos de xestión.

A Orde de 16 de abril de 2004 considera no seu artigo 2 o complemento de recoñecemento ao labor docente. No referente aos criterios e méritos de valoración, que é o que aquí nos interesa, refírese a tres criterios: a formación académica, a experiencia e a mobilidade. Por formación académica e complementaria enténdese aquela que «proporciona a titulación ou titulacións universitarias dos que sexa posuidor o profesor universitario. Valorarase, se é o caso, a obtención de máis dunha titulación universitaria». Enténdese por experiencia docente «o conxunto de actividades desenvolvidas polo solicitante durante a súa carreira profesional no campo da docencia» e finalmente establécese que a mobilidade é o «desenvolvemento de actividades de ámbito universitario realizadas fóra do centro de traballo no campo da docencia». Da mencionada orde resulta que non se valoran méritos relacionados co uso do galego na docencia para os efectos deste complemento retributivo adicional.

Exactamente o mesmo sucede co complemento de recoñecemento ao labor investigador. Para a súa valoración a Orde do 16 de abril de 2004 establece que se valorará a experiencia investigadora e a mobilidade, entendendo por experiencia investigadora «o conxunto de actividades desenvolvidas polo solicitante durante a súa carreira profesional no campo da investigación» e por mobilidade «o desenvolvemento ou participación en investigacións realizadas fóra do centro de traballo». Unha vez máis non se ten en conta o uso da nosa lingua.

Cambian as cousas no complemento recoñecemento á excelencia curricular, pois ao acudir á Orde do 16 de outubro de 2006 pola que se pública o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e os procedementos para solicitar a valoración previa e a asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión, no seu artigo 5º faise unha distinción entre dúas modalidades de valoración: a básica e a adicional.

A valoración básica refírese aos quinquenios docentes e aos sexenios de investigación recoñecidos; a valoración adicional refírese na docencia a «méritos relativos á formación, innovación e xestión docente, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e a docencia impartida, de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA». Na investigación e transferencia de coñecemento valorarase «a experiencia investigadora, a mobilidade, a transferencia e a divulgación de coñecemento, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA».

Se acudimos á guía do solicitante, que desenvolve os criterios e méritos aprobados para a correspondente convocatoria pola CGIACA, e publicados como anexo nela, vemos que si existen referencias ao uso do galego na docencia. Tomando como referencia a convocatoria de 2012, observamos no anexo a motivación para a aprobación destes criterios lingüísticos:

Tendo como base o Estatuto de Autonomía de Galicia, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e os Estatutos das Universidades, e considerando o interese que para ou Sistema Universitario de Galicia ten a realización das actividades encamiñadas á potenciación do uso do galego nos distintos campos, incorpóranse apartados específicos que permiten valorar estas actividades. Para estes efectos, cando algún dos seis méritos achegados se inclúa nesta categoría, a valoración destes méritos efectuarase cos mesmos indicios de calidade intrínseca do mérito e a mesma puntuación, non polo feito exclusivo da utilización da lingua galega.

Neste sentido vemos que para a convocatoria de 2012 se valoraron como méritos relacionados co galego na docencia, en primeiro lugar, a participación en comisións de normalización lingüística e, en segundo lugar, actividades que fomenten o uso do galego na docencia universitaria. Dentro deste segundo grupo, poderanse incluír calquera dos méritos recoñecidos, sempre que se efectuaren en lingua galega ou tiveren como finalidade a potenciación dos seus usos na docencia. Inclúense entre outros méritos a «elaboración de materiais para a docencia en lingua galega, a elaboración de traballos terminolóxicos en que figure a lingua galega, a dirección e participación en cursos non regulados en lingua galega, asistencia a cursos de formación para a aplicación da lingua galega non ámbito universitario etc». Ás achegas na área de Filoloxía Galega están excluídas destas valoracións, xa que forman parte do normal desenvolvemento da actividade docente desta área.

Os méritos relacionados co galego na investigación refírense unicamente a actividades dos tipos anteriores que se efectúen na lingua galega ou que fomentan o uso do galego na investigación. Teranse en conta «a organización de eventos científicos en lingua galega, a realización de teses doutorais e outros traballos de investigación en galego etc. Excluíranse destas valoracións ás achegas na área de Filoloxía Galega que forman parte do normal desenvolvemento da actividade investigadora desta área».

No ámbito da actividade de transferencia e divulgación de coñecemento os méritos relacionados co galego refírense, así mesmo, a actividades que fomentan o uso do galego na transferencia e divulgación do coñecemento. Teranse en conta a realización de «acordos editoriais en galego, acordos con empresas para implantar ou realizar actividades en lingua galega, a divulgación do coñecemento na lingua galega etc.». Estarán, unha vez mais, excluídas destas valoracións ás achegas na área de Filoloxía Galega que forman parte do normal desenvolvemento da súa actividade.

Na Resolución do 5 de febreiro de 2014 (DOG do 23 de abril) pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular determínase, nos seus anexos 1 e 2, a puntuación máxima posíbel para estes apartados. Así, o punto 8 do anexo 1 establece para as actividades que fomenten o uso do galego na docencia universitaria que: «Tendo en conta que neste punto se poderán presentar méritos de diferentes tipos (correspondentes a calquera dous puntos anteriores), o valor máximo será o que corresponda ao tipo de mérito alegado». O punto 1.6 do anexo 2 recolle as actividades que fomenten o uso do galego na investigación e o punto 2.10 as actividades que fomentan o uso do galego na transferencia e divulgación do coñecemento establecendo o mesmo mecanismo que no caso anterior. É dicir, a súa

valoración farase de acordo cos indicios de calidade e non polo uso exclusivo do uso da lingua galega.

No que respecta ao cuarto complemento, o complemento de recoñecemento polos cargos de xestión, cuxa contía vén establecida pola Orde de 22 de outubro de 2007 e cuxo protocolo de avaliación elaborado vén recollido na Orde de 16 de outubro de 2006, funciona establecendo unha retribución segundo o cargo de xestión desempeñado. Pola súa propia natureza exclúe a valoración do galego para a súa determinación.

b. Os complementos retributivos de fixación estatal

A Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (ANECA) leva a cabo a avaliación da actividade investigadora do profesorado universitario e do persoal das escalas científicas do CSIC, ás cales lles pode recoñecer un complemento de produtividade. A avaliación dos sexenios lévase a cabo anualmente e, para obter o complemento de produtividade, o persoal investigador someterá a avaliación os traballos científicos realizados durante un período non inferior a seis anos. É a Orde CIN/2657/2008, do 18 de setembro, a que regula o procedemento administrativo para a avaliación da actividade investigadora do persoal investigador en formación.

Como se sinalaba na Resolución do 25 de outubro de 2005, é importante determinar as condicións formais que debe reunir un medio de difusión, para que poida esperarse un impacto aceptábel das publicacións realizadas a través del. Nos distintos ámbitos existen índices de recoñecido prestixio e aparecer nun deles é suficiente garantía de calidade. Máis complicado resulta determinar cando existe unha garantía de calidade nun medio de difusión que non aparece en índices internacionais. Nestes casos existe a posibilidade para as autoras e autores de lle comunicaren á comisión avaliadora as citas e os recoñecementos independentes que tiveron ata ese momento as súas respectivas publicacións.

Para a convocatoria do ano 2012, a Resolución do 29 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, fixa o procedemento e o prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora. Os criterios de avaliación encóntranse no artigo 7 da Resolución da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, do 5 de decembro de 1994 que establece o seguinte:

1. En la evaluación se observarán los siguientes principios generales:

a) Se valorará la contribución al progreso del conocimiento, la innovación y la creatividad de las aportaciones...

b) Se primarán los trabajos formalmente científicos o innovadores frente a los meramente descriptivos...

4. En el análisis de cada aportación presentada en el currículum vitae abreviado se tendrán también en cuenta los «indicios de calidad.. que alegue el solicitante, que podrán consistir en:

Relevancia científica del medio de difusión en el que se haya publicado cada aportación. En las disciplinas en las que existan criterios internacionales de calidad de las publicaciones, éstos serán referencia inexcusable.

Referencias que otros autores realicen, en trabajos publicados, a la obra del solicitante que sean indicativas de la importancia de la aportación o de su impacto en el área.

Apreciación, expresada sucintamente, del propio interesado sobre la contribución de su obra al progreso del conocimiento, así como del interés y creatividad de la aportación.

Datos sobre la explotación de patentes o modelos de utilidad.

Reseñas en revistas especializadas.

Estes criterios xerais complementáanse cos criterios específicos establecidos, para cada un dos campos de avaliación, na Resolución do 19 de novembro de 2012³, da Presidencia da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora. Na práctica totalidade dos campos ligados ás ciencias os criterios son iguais con referencia exclusiva ao Science Citation Index (SCI):

Se valorarán preferentemente las aportaciones que sean artículos en revistas de reconocida valía, aceptándose como tales las que ocupen posiciones relevantes en los listados por ámbitos científicos en el Subject Category Listing del Journal Citation Reports (Science Citation Index) del Web of Knowledge (WoK). Las revistas electrónicas se considerarán cuando aparezcan en los listados del WoK.

Tan só se aprecian diferenzas nalgúns campos de avaliación. Así, no de ciencias da natureza en que se engade unha mención:

Para las áreas en que ninguno de los ámbitos del Science Citation Index se adecuara de forma precisa, el Comité Asesor podrá elaborar un listado ad hoc según el índice de impacto de las revistas de la citada base de datos.

³ A resolución máis recente do 26 de novembro de 2014 (BOE do 1 de decembro) apenas introduce modificacións.

No de enxeñaría e arquitectura:

Se tendrán en cuenta también los artículos publicados en revistas recogidas en bases de datos internacionales de Ingeniería (como, por ejemplo, International Development Abstracts, International Civil Engineering Abstracts, Environmental Abstracts, Applied Mechanic Reviews).

Tamén, respectivamente, nos de ciencias sociais, políticas, do comportamento e da educación, de ciencias económicas e empresariais e no de filosofía, filoloxía e lingüística:

Podrán considerarse también los artículos publicados en revistas que ocupan posiciones relevantes en los listados de SCOPUS, en revistas listadas en otras bases de datos nacionales o internacionales (por ejemplo, ERIH, INRECS, DICE-CINDOC, etc.), o aquellas revistas acreditadas por la FECYT, siempre que, a juicio del comité asesor, cuenten con una calidad científica similar a las incluidas en los índices mencionados y que satisfagan los criterios que se especifican en el apéndice I de esta resolución.

O campo de historia e expresión artística tamén inclúe singularidades:

En la valoración de los artículos se atenderá al medio de difusión empleado, aceptándose como indicio de calidad la publicación en revistas de reconocida valía. La inclusión de las revistas en bases de datos internacionales se considerará como una referencia de calidad (por ejemplo, Francis, International Bibliography of the Social Sciences (IBSS), Journal Citation Reports (Arts and Humanities Citation Index), Journal Citation Reports (Social Science Citation Index), Bibliography of the History of Arts (RLG), Historical Abstracts, International Medieval Bibliography, RILMS Abstracts of Music Literature, etc.). En todo caso, los artículos deberán estar publicados en revistas que cumplan los criterios que se especifican en el apéndice I de esta resolución. Podrán considerarse también los artículos publicados en revistas listadas en SCOPUS, en otras bases de datos nacionales o internacionales (por ejemplo, ERIH, INRECS, DICE-CINDOC, etc.), o aquellas revistas acreditadas por la FECYT, siempre que, a juicio del comité asesor, cuenten con una calidad científica similar a las incluidas en los índices mencionados y que satisfagan los criterios que se especifican en el citado apéndice I. Las revistas electrónicas estarán sujetas a los mismos criterios que las demás.

Mais son os do campo dereito e xurisprudencia os que se apartan en maior medida da referencia a indexacións internacionais valorando a calidade dos traballos por criterios de prestixio das publicacións, pero sen circunscribilas ao ámbito ou repercusión internacional:

En la valoración de los trabajos se atenderá al medio de difusión empleado, aceptándose como indicio de calidad la publicación en revistas y editoriales de reconocido prestigio.

Los libros y capítulos de libros se considerarán según su calidad avalada por las citas, si las hubiera, y su inclusión en bibliografías independientes del autor y de su entorno. Deberán reflejar claramente que son fruto de la investigación o de la reflexión documentada.

Se valorará como indicio de calidad la publicación en revistas españolas o extranjeras reconocidas, que preferentemente deberán cumplir los criterios que se especifican en el apéndice I de esta resolución. Las revistas electrónicas estarán sujetas a los mismos criterios que las demás.


Se valorará como indicio de calidad la traducción de la propia obra a otros idiomas de relevancia para la comunidad científica internacional y las reseñas en revistas científicas especializadas.

A lóxica propia das ciencias experimentais e exactas, e os criterios de avaliación nacidos neste ámbito estendéronse de forma xeneralizada a outros ámbitos do coñecemento aparecendo só de xeito complementario algúns outros indicadores alternativos polo que cómpre analizar os efectos que estes sistemas internacionais de indexación teñen sobre as decisións tanto dos investigadores como dos responsábeis institucionais.

3. A indexación internacional como parámetro das avaliacións da investigación: problemas para a ciencia feita en linguas distintas do inglés. A dobre penalización para as linguas minorizadas

A valoración dos sexenios de investigación por ser o ámbito en que a avaliación da investigación comezou a facerse con anterioridade permite dispor dalgúns datos (ex.: os propios informes que publica a Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora ou CENAI cun certo atraso) sobre os resultados por áreas de coñecemento e, tamén, estudos sobre o impacto dos criterios. Dificulta enormemente a avaliación de actividades de investigación en publicacións que non formen parte dos índices internacionais bibliométricos de natureza practicamente exclusiva anglosaxoa.

Porcentaxe de profesores que non solicitaron ningunha avaliación (NP) e que obtiveron seis, cinco, catro, tres, dous, un ou ningún sexenio, por Supercampos.



Se collemos os resultados das avaliacións da CENAI poderemos apreciar que existen diferenzas considerábeis entre os distintos campos de coñecemento no grao de éxito/fracaso nos sexenios⁴.

Os supercampus 1 e 2 (química, matemáticas e física/bioloxía celular e molecular, ciencias biomédicas e ciencias da natureza), os máis ligados ás ciencias experimentais, teñen un número significativamente menor de profesorado que non se presentou nunca á avaliación da actividade investigadora que o que se presentou e non conseguiu ningún éxito, e especialmente a partir do segundo sexenio ten unhas taxas de éxito que case dobran as dos outros tres supercampus.

Pola contra, os supercampus 3, 4 e 5 (enxeñaría e arquitectura/ciencias económicas e empresariais, dereito, xeografía/ciencias sociais, historia, filosofía, filoloxía e lingüística) presentan unha dinámica oposta: maior número de non presentados, de fracaso e non obtención de ningún sexenio e moito menor taxa de éxito, sinaladamente, a partir do segundo sexenio en diante. Son estas tamén as áreas onde a falta de representatividade dos sistemas de indexación internacional fai que aparezan algunhas pequenas matizacións que se complementan con outros sistemas de avaliación da calidade. Son

⁴ O Informe sobre el resultado de las evaluaciones de la CENAI. La situación en 2009 publicado polo Ministerio en que se recollen os datos indica a distribución por áreas e universidades.

áreas tamén de ciencias sociais e humanidades en que a investigación científica está máis ligada ao contorno inmediato e en que, por tanto, as distorsións da avaliación que intente encaixalas nuns criterios de base anglosaxoa, non só lingüisticamente senón tamén polas materias obxecto de estudo, pode producir uns maiores nesgos.

Os estudos advirten sobre as diferenzas que provoca a aplicación uniforme de criterios concibidos para as ciencias experimentais e exactas a outras áreas. Son habituais entre os expertos en análise bibliométrica da ciencia estudos en que sinalan estes problemas:

The evaluation procedure established by the CNEAI appears to have been most suitable for research in Exact and Experimental Sciences, in which high success rates are obtained, that is, around 90% of the evaluations were positive in 1999. However, the evaluation process seems to be less adequate for researchers in Economics and Social Sciences, in which the positively-evaluated applications are around 60%. The local nature of research in these areas and the lack of international contacts are some of the reasons suggested for the low success rate. Moreover, the lack of cognitive consensus that frequently exists in these disciplines might make the peer review process more complex, more subjective, and less reliable. Finally, scientists from other locally-oriented disciplines, such as geology, also consider that the evaluation criteria set by the CNEAI are not adequate for them, since they give priority to internationally- oriented topics and underestimate the relevance of others, just because of their local interest⁵.

O uso destes indicadores non está en absoluto desvinculado da cuestión lingüística. En apenas cincuenta anos o SCI provocou un cambio no rexistro lingüístico das revistas moi fondo. Barraclough sinalou que entre os anos 1965 e 1988 a presenza do inglés pasou dun 50% ao 64% na química, do 75% ao 85% en bioloxía e do 55% ao 82% nas matemáticas⁶.

Estudos bibliométricos sobre a incidencia da lingua nos resultados da valoración das publicacións mostran que mesmo sistemas científicos fortes (caso do de Alemaña ou Francia) que manteñen un número de publicacións significativas nas súas propias

⁵ Bordons, M.^a e Gómez, I. (2004): «Towards a single language in science? A Spanish view» en *Serials*, 17(2): 189-195. Véxase: <<http://www.adawis.de/admin/upload/navigation/data/English%20as%20a%20single%20language%20of%20Science%20-%20A%20Spanish%20view.pdf>>. Sobre a inadaptación dos criterios de avaliación véxase tamén: Rey-Rocha, J., Martín-Sempere, M.J. e López Vera, F. (1999): «¿Es adecuado el sistema de evaluación de la actividad investigadora para su aplicación a las ciencias de la tierra y otros campos afines?», *Estudios geológicos*, 55 (3-4): 107-206.

⁶ Barraclough, F. (2009): «La 'lingua franca' de la ciencia. El predominio de l'anglès en les publicacions científiques» en *Mètode*, 62: 27-31.

linguas, vense penalizados polos mecanismos de indexación internacional de raíz anglosaxoa e que a exclusión destes índices para a valoración da súa actividade científica fai converxer os resultados. Por ese motivo apúntase a necesidade de ter en conta os problemas de infrarrepresentación lingüística nos índices internacionais comunmente aceptados e, tamén, a presenza neses mesmos índices de revistas polo simple feito de ser de fala inglesa de natureza eminentemente local⁷.

O impacto das decisións de política científica en relación co uso monolítico dos criterios internacionais de indexación para darlle visibilidade internacional á actividade científica tamén ten incidencia na supervivencia dun sistema propio de publicacións que poida dar soporte á investigación de carácter máis local, polo que se avoga pola existencia de criterios de avaliación propios:

However, it can make survival of national journals difficult. National journals play an important role in the more local topics and they provide support and structure to the national science systems. Criteria followed in research evaluation should consider both national and international publications⁸.

O uso dos índices internacionais ten efectos sobre os sistemas de publicacións científicas ao derivarse nunha concentración nun grupo reducido de editoriais o control de toda a actividade de difusión científica cos perigos que iso ten para o intercambio científico. Ramil Rego apunta que no *Global Ranking 2009* da industria editorial apenas teñen peso as editoriais non anglosaxoas e sinala que: «As editoriais das revistas científicas non vinculadas ás grandes compañías editoriais internacionais non aparecen indexadas no *Global Ranking of the Publishing Industry*. O poder editorial, no ámbito científico e tecnolóxico, está nas mans dunhas poucas empresas multinacionais, que relegaron as editoriais vinculadas ás universidades, aos centros de investigación e ás asociacións científicas a un papel secundario, senón marxinal»⁹. Os perigos que iso presenta teñen

⁷ Thed N. Van Leeuwen, Henk F. Moed, Robert J. W. Tijssen, Martijn S. Visser, Anthony F. J. Van Raan (2001): «Language biases in the coverage of the Science Citation Index and its consequences for international comparisons of national research performance» en *Scientometrics*, 51, n.º 1: 335-346 (<<http://www.cwtsnl/TvR/documents/AvR-Language-Scientometrics.pdf>>):

In addition, the influence on the impact scores of publications by English and US scientists in journals with a supposed strong national orientation should be investigated as well, and probably left out of impact analyses as well.

⁸ Bordons, M.^a e Gómez, I. (2004) *op. cit.*

⁹ Ramil Rego, P. (2012): «As publicacións científicas periódicas ante a globalización e o plurilingüismo» en Díaz-Fierros Viqueira, F. e Mariño Alfonso, F. (eds.): *Escribir de ciencia en galego*, (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega): 56.

levado á Comisión Europea a lanzar varias iniciativas en favor da ciencia aberta e recentemente anunciou que o próximo programa marco Horizon 2020 incluírá como un principio xeral a obriga de acceso aberto das publicacións realizadas con financiamento comunitario¹⁰.

Os efectos que a configuración das políticas científicas teñen sobre o uso das linguas prodúcense tamén no caso de gobernos en que se realizan manifestacións expresas da lingua na que se fai ciencia non supoñer un factor de discriminación da investigación (ex.: *Welsh Language Mainstreaming Strategy*). Autores como Gwynedd Parry sinalan problemas semellantes de visibilización no ámbito da ciencia pola presión dos sistemas de avaliación de que dependen as retribucións e a estabilidade profesional do persoal investigador. Concretamente, este autor indica que as prioridades orzamentarias (máis ligadas ás áreas científicas), a selección dos avaliadores externos (non de fala gaélica), así como a existencia de sistemas de avaliación da investigación xerais británicos son condicionantes moi fortes tanto para as universidades —que ven en perigo as súas clasificacións—, como para o persoal investigador a título individual, e resultan disuasivos do uso da lingua minoritaria na actividade científica¹¹.

A diverxencia no enfoque das publicacións e no alcance das investigacións entre áreas de coñecemento tamén se sinala como un elemento que provoca unhas diferenzas lingüísticas relevantes á hora de escoller o ámbito de publicación e, conectado con iso, a lingua da difusión. Concretamente as áreas de ciencias experimentais, por un lado, e as ciencias sociais e humanidades, polo outro, serían representativas de ambos os padróns: unha actividade investigadora con menor conexión local (investigación matemática, física...) e unha actividade investigadora en que os factores culturais, lingüísticos, sociais inmediatos encontran respostas na ciencia¹².

¹⁰ <<http://fivu.dk/en/research-and-innovation/cooperation-between-research-and-innovation/open-science/the-eu-commission2019s-focus-on-open-science>>

¹¹ Gwynedd Parry, R. (2012): «Bilingual legal scholarship in Wales» en Arzoz, X. (ed.), *Bilingual higher education in the legal context. Group rights, state policies and globalisation* (Leiden-Boston: Martinus Nijhoff Pub.): 238 e ss.

¹² *Ibidem*, páx.: 190:

The use of English makes international dissemination of knowledge easier, but does it mean that all journals need to be written in English to adjust themselves to the international character of science? The answer to the former question is probably not. The well-known study of Frame and Carpenter suggests that the internationality of science varies according to the areas: English may be a requirement in some disciplines and topics, but not in others. Internationality of science may be described with regard to the scope of the research: does the research concern a local community or is it of international interest? The highest international character is that of the basic research conducted in scientific fields. This research focuses on basic aspects of knowledge which are

A distorsión que producen os sistemas de indexación científica especialmente en certas áreas de coñecemento e as implicacións lingüísticas que isto ten, mesmo en países cun tecido científico maduro e forte (caso de Alemaña ou Francia), deben facer reflexionar non xa só sobre a investigación feita en castelán –os estudos sinalados apuntan nos últimos vinte anos a un aumento constante do uso do inglés– senón de forma moi singular para as linguas oficiais distintas do castelán. Se o peso do inglés é abafante e tende a medrar debido a que as decisións de política científica en relación coas avaliacións (acreditacións, sexenios) só de forma moi residual se apartan do SCI ou o *Journal Citation Reports* (JCR) como parámetros de indexación, a dificultade de someter a avaliación traballos científicos realizados en galego, catalán ou éuscaro revélase dobremente complexo. Poderíamos denominar este proceso como a minorización dentro da minorización.

Estudos da UNESCO recentes apuntan tamén estas disparidades entre áreas de coñecemento, sen esquecer a distorsión que provoca en indicadores e en clasificacións de raíz anglosaxoa a normal tendencia a citar traballos de autores do contorno científico próximo provocando unha hiperrepresentación da ciencia deses países:

Bibliometric practices also disproportionately reward research that is published in English-language, international, peer-reviewed journals. Although English is the lingua franca of business and the academy, it can be an inhibitor. English-language articles and countries, which publish the largest number of English-language journals, tend to benefit the most. It also disadvantages the social sciences and humanities, which often consider issues of national relevance and publish in the national language but can equally affect the sciences (e.g. environmental or agricultural science, for similar reasons)¹³.

of clear international concern. This is the case in research on the human genome, oncogenesis or particle physics. Biologists or physicists working on basic aspects of nature share the same knowledge, scientific interests and concerns all over the world. At the other end of the spectrum we find the social sciences and, especially, the humanities. Thus, the research conducted in arts and humanities is generally more locally-oriented than that in medicine or mathematics, since cultural, linguistic and historical factors play an important role in the former. In relation to clinical medicine and technical research, they are in an intermediate position, since they are usually considered as especially interesting for local communities, although this could be changing with the increasing globalization that affects all aspects of life.

¹³ Hazelkorn, E. (2013): «World-class universities or world-class systems? Rankings and higher education policy choices» en Marope, P. T. M.; Wells, P.J.; e Hazelkorn, E. (eds): *Rankings and Accountability in Higher Education: Uses and Misuses*, Ellen Hazelkorn, (París: Unesco): 82. Citando outros autores afirmase:

Disparity across disciplines and world regions is further reflected in citation practices. Authors are most likely to reference other authors whom they know or who are from their own country. Given an intrinsic tendency to reference national colleagues or English-language publications, the reputational or halo factor means that certain authors are more likely to be quoted than others.

Cómpre adoptar accións conxuntas das universidades das comunidades autónomas con lingua propia ante a ANECA e a CNEAI co fin de que na formación do persoal avaliador, na fixación de criterios e na propia avaliación se introduzan criterios de corrección que non disuadan ou penalicen a presentación de traballos de investigación realizados nestas linguas ou que aborden problemáticas ligadas a contornos máis locais. Tamén, nesta liña resulta necesario que as axencias de avaliación autonómicas introduzan criterios correctores que permitan a valoración cualitativa de traballos que, pola súa lingua ou temática, presentan calidade mais non entran no ámbito das publicacións internacionais que forman parte dos citados índices precisamente por esas circunstancias. Resulta contradictorio coas misións que a LOU establece para a universidade unha formulación da avaliación científica que penaliza/exclúe os traballos de investigación que proporcionan retornos directos á sociedade que sustenta esa universidade.

4. O uso do galego noutras actividades de investigación

a. O idioma das teses de doutoramento

A tese de doutoramento supón o cume dun traballo de iniciación á investigación e marca simbolicamente a capacidade investigadora. A presenza do galego na elaboración das teses de doutoramento pode ser indicativa do vigor da lingua. Malia a cada vez máis forte presenza do inglés neste ámbito é preciso apreciar en que medida o galego, sobre todo en relación co castelán, é usado para a realización de teses de doutoramento ou non.

A Universidade de Santiago de Compostela recolle datos sobre a presenza do uso do galego nas teses que indican que no ano 2012 se defenderon na USC un total de 298 teses de doutoramento. «A maioría delas (224) foron redactadas nun só idioma, principalmente o castelán (163), seguido do inglés (23) o galego (19) e o portugués (16), mentres que outras 74 foron redactadas en dúas linguas; neste caso, de novo o castelán segue campando como idioma preferente, mentres que como secundario destaca o inglés»¹⁴.

Altbach (2006) claims that non-English language research is published and cited less often because researchers from US universities tend to cite colleagues they know. It is also easier, says Altbach (2012: 29; also Jones, 2009), 'for native English speakers to get access to the top journals and publishers and to join the informal networks that establish the pecking order in most scientific disciplines'. This may occur because of the significance of their work or because of informal networks.

Neste mesmo volume en termos críticos polo escoramento lingüístico das clasificacións académicas *vid.* Imanol Ordorika e Marion Lloyd: «A decade of international university rankings: a critical perspective from Latin America»: 221.

¹⁴ <http://ocartafol.usc.es/cartafol/contidos/novas/novas_0147.html>

O SNL da USC co exame en perspectiva dos datos desde 1990 ata 2012 aprecia: «a redución do espazo que ocupa o castelán nas teses, a consolidación do uso do galego nunha modesta porcentaxe e o avance importante do inglés». Porén «acoutando a perspectiva aos últimos catro anos e xa en porcentaxes con respecto ao total de teses lidas, obsérvase que o meirande número de teses lidas o pasado ano se relaciona de xeito directo cun descenso da diversidade lingüística, a prol do castelán».

Non é fácil adoptar medidas para impulsar un maior uso do galego na elaboración de teses de doutoramento fronte ao pulo do inglés, especialmente en determinados ámbitos de coñecemento. Non obstante, o desequilibrio que existe con respecto ao castelán mostra a necesidade de medidas de acción neste campo. Un exame dos datos da presenza do catalán nas teses indica que nun contexto científico semellante podería incrementarse significativamente o uso do galego situándoo cando menos en niveis equiparábeis ao do castelán.

A existencia de axudas para a realización de teses en galego pode ser unha fórmula de apoio nestes momentos iniciais tendo en conta que, como sinala o SNL da USC, despois se aprecia unha elevada fidelidade á lingua das persoas que usaron o galego na súa tese de doutoramento. Non obstante, o limitado alcance das existentes –só para gastos ligados á edición dos exemplares da tese– non parece suficiente para un traballo que require un esforzo de tan longo prazo. En Euskadi, por exemplo, existe unha liña autonómica de bolsas predoutorais con esta finalidade que poderían servir de pauta de mellora neste ámbito.

Conclusións

- A presenza do galego na actividade investigadora é moi reducido.
- O escoramento progresivo dos sistemas de avaliación científica cara a indicadores internacionais (significativamente o SCI e JCR) cunha base anglosaxoa incide de forma moi relevante nas decisións de política académica e na planificación individual da carreira académica do profesorado.
- Os estudos existentes revelan que mesmo en sistemas científicos fortes e maduros o peso deses criterios de indexación resta visibilidade á produción científica de calidade nas linguas propias (ex.: francés, alemán).
- O uso dos índices internacionais ten efectos sobre os sistemas de publicacións científicas o que deriva nunha concentración nun grupo reducido de editoriais

o control de toda a actividade de difusión científica cos perigos que iso ten para o intercambio científico. Os riscos que diso se derivan teñen levado á UE a programar a esixencia da publicación en aberto dos resultados científicos obtidos en actividades financiadas con fondos comunitarios para o programa marco Horizon 2020.

- As decisións de planificación da carreira académica do profesorado vense condicionadas pola aplicación deses criterios.
- Os estudos indican que as publicacións que utilizan linguas distintas das dominantes –esencialmente o inglés nas áreas científico-técnicas e tamén o castelán nas de ciencias sociais e humanidades– teñen dificultades para ser valoradas nos seus sistemas académicos.
- A percepción do profesorado participante na enquisa realizada nas tres universidades galegas é coincidente con estes estudos e maioritariamente considera que ten efectos negativos sobre a súa promoción profesional e retribucións o uso do galego na investigación.
- A escasa presenza do galego prodúcese en todos os planos da actividade investigadora e en todos os momentos da carreira académica (TFM, teses, publicacións, divulgación, transferencia de coñecemento)
- É preciso abordar coas autoridades educativas doutras comunidades autónomas con linguas propias o establecemento de pautas de avaliación nos organismos estatais competentes (ANECA, CNEAI) que non penalicen o uso das linguas propias e a introdución de criterios cualitativos de avaliación das publicacións que non se limiten á referencia aos indicadores internacionais.
- A formación dos avaliadores en relación co uso das linguas propias, tendo en conta que estamos en sistemas de *peer-review*, é fundamental para limitar os nesgos nas avaliacións.
- Nun momento de fortes recortes salariais a introdución de incentivos retributivos polo uso da lingua pode ser un estímulo eficaz para acompañar plans de normalización da lingua nas universidades públicas.
- A existencia dun apoio económico da Xunta de Galicia a un grupo seleccionado de publicacións que usen o galego (en solitario ou xunto a outras linguas) e que cumpran os criterios de calidade estándar, especialmente nas áreas de

ciencias sociais e humanidades en que as temáticas de publicación poden ter unha maior conexión coa sociedade próxima, pode servir para matizar eses problemas que se constatan nos sistemas de avaliación. A experiencia catalá é significativa nese sentido.

- O apoio á realización de teses en galego mediante unha política de bolsas de doutoramento tamén é unha fórmula da que nos momentos iniciais da carreira académica se impulse o uso do galego na investigación como se fai en Euskadi.
- Constatando as dificultades existentes para corrixir esa baixa presenza polas características propias da actividade científica –publicacións internacionais co inglés como lingua dominante, configuración estatal da carreira profesional, avaliacións rexidas por criterios uniformes e de carácter cuantitativo–, existen ámbitos en que se pode reforzar o uso do galego para o saber científico.
- A docencia é a primeira vía de difusión do coñecemento científico e en Galicia non se fixo unha planificación e avaliación da necesidade de incrementar a reducida presenza do galego nas aulas universitarias. Os modelos catalán e vasco ofrecen solucións diversas, pero en ambos os casos mostran que a planificación lingüística apoiada con recursos públicos autonómicos produce resultados.
- A divulgación do coñecemento científico na sociedade, especialmente dirixido a escolares, é unha das vías máis directas de socialización da actividade investigadora e de asociar o galego a rexistros de prestixio. Cómpre, por tanto, incrementar significativamente o apoio ás actividades de divulgación científica realizadas polas universidades e outros entes e organismos. Nunha sociedade en que o uso das tecnoloxías da comunicación é determinante, a divulgación científica en galego debería formar parte da programación dos medios públicos.
- O mundo empresarial é dos ámbitos nos que a presenza do galego é menor polo que a transferencia de coñecemento que se realiza polos grupos de investigación á sociedade (empresas, administracións...) pode servir para galeguizalo. Tanto as universidades como a Xunta de Galicia debe facer cumprir as súas normas de uso do galego na contratación e na prestación de servizos. As redes de emprendemento dependentes ou nas que participan tanto a Xunta de Galicia como as universidades (caso da Fundación Emprego-Universidade Galega [Feuga], as oficinas de transferencia de resultados...) teñen que modificar os seus usos lingüísticos para contribuír a que a transferencia da investigación se realice en galego.

25 anos de normalización lingüística na Universidade da Coruña: balance e perspectivas

CARLOS ALBERTO AMOEDO SOUTO
Secretario xeral da Universidade da Coruña

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO
Director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

I. Introducción

2014 é o ano da celebración do vixésimo quinto aniversario da nosa universidade: unha institución de ensino superior que, como poder público que é, está legalmente obrigada a garantir o uso normal da lingua propia do país na prestación do servizo público que ten atribuído por lei, quer no ámbito docente e investigador, quer no ámbito administrativo interno.

Os organizadores destas xornadas consideramos que o aniversario dos 25 anos era bo momento para facermos un balance desa obriga institucional, de que fomos directa ou indirectamente responsábeis nos últimos dez anos (2004-2014). Durante este tempo, tivemos ocasión de contribuírmos para a construción das ferramentas actualmente existentes de normalización do galego na nosa Universidade: análise sociolingüística realizada no ano 2004, regulamento de uso da lingua galega de xullo do 2004, dotación de persoal especializado (RPT de 2005), impulso das xornadas anuais sobre Lingua e Usos, promoción do *Plano de normalización lingüística* da Universidade da Coruña (2006), constitución das comisións de normalización lingüística dos centros, campañas de dinamización, axudas etc.

Porén, a pesar dos esforzos realizados e dos indubidábeis logros conseguidos, a situación neste 2014 dista moito de ser satisfactoria. A realidade non consegue satisfacer o noso desexo –tamén obriga legal– de plena normalización da nosa lingua no ámbito univer-

sitario. Convén dicírmolo publicamente, como xa temos feito¹. Na nosa universidade, o galego é lingua habitual nos planos institucional e administrativo, mais permanecemos en grande medida ancorados nun uso residual do galego na docencia (eis a fatídica cifra de 10% en que nos situamos) e na investigación, do mesmo xeito que as outras dúas universidades galegas. Un uso *anormal*, que carece de correspondencia co nivel de uso do galego fóra dos muros universitarios: teito de pedra da nosa lingua que é testemuño da desigualdade real e efectiva das persoas galegofalantes universitarias, en contra do discurso xurídico formal que inspira as normas vigorantes.

O tempo xoga na nosa contra. Como mostran todos os inquéritos oficiais publicados –en especial, o publicado a comezos de decembro polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do galego–, o recuamento no uso do galego agrávase ano tras ano pola forte inercia dos procesos de substitución lingüística característicos da nosa sociedade. Procesos que nos últimos anos se agudizaron pola conxunción de factores políticos (eis as artificiais polémicas político-electoralis arredor da «imposición» do galego no ámbito do ensino obrigatorio²), económicos (a baixada dramática de orzamento público para a normalización lingüística, o recorte nas retribucións do profesorado universitario con parello aumento da carga de traballo), e académicos (incorporación a unha globalización do ensino e a investigación universitarias que adoita expresarse en inglés). Ante esta tripla ameaza, cómpre non só dispor dunha correcta diagnose, mais tamén dunha estratexia de adaptación a estes novos escenarios que sexa capaz de combinar realismo e ambición transformadora. Tal é o propósito do noso presente contributo.

Para tal efecto, procederemos en primeiro lugar á descrición da evolución das ferramentas de intervención proxectadas sobre a lingua na nosa universidade. En segundo lugar, repasaremos os resultados acadados por esas ferramentas. Por último, e á vista das conclusións sentadas nas seccións anteriores, procederemos a formular algunhas propostas para conseguirmos unha máis eficaz normalización do galego na universidade.

¹ Véxase: <<http://www.elidealgallego.com/articulo/coruna/uso-gallego-clases-universidad-decae-y-reduce-8-materias/20140517015104188963.html>>

² A polarización política fabricada arredor da normalización do galego, en especial a partir da campaña electoral das eleccións autonómicas de 2009, ten o seu principal testemuño no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Norma que fai catro anos, aliás, cunha severa corrección polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e sen que se teña feito a avaliación anual dos resultados que ela mesma programaba (disposición adicional quinta). Neste clima político de tensiónamento do electorado arredor da lingua galega, mesmo as medidas de estímulo positivo feitas arredor do galego para a normalización da lingua son estigmatizadas como «imposición del gallego» por un discurso cultural neoliberal que reclama a disolución das identidades minoritarias nas lóxicas políticas do populismo e nas lóxicas económicas do mercado.

II. Evolución das ferramentas de intervención sobre a lingua no ámbito universitario

O campo da política lingüística pode describirse como un triángulo delimitado por tres vértices: o campo normativo (a estrutura e contido das determinacións substantivas sobre as linguas), o campo estrutural-administrativo (medios persoais e materiais dirixidos a cumprir as determinacións substantivas) e o gasto público envolvido (recursos económicos dirixidos ao cumprimento das determinacións substantivas).



Segundo este esquema, a política lingüística universitaria en Galicia podería resumirse nas seguintes teses:

- A política normativa propia das universidades, a pesar de estar amparada na autonomía constitucionalmente protexida (art. 27.10 da CE), aparece condicionada por un denso espazo legal central e autonómico que configura os seus límites e posibilidades. Nese espazo articúlanse polo menos tres grandes títulos competenciais: o lingüístico, o universitario e o relativo á función pública (*Cfr.* Vernet 1999: 320).
- As políticas estruturais e de gasto público dependen en boa medida dun financiamento autonómico tradicionalmente escaso, canalizado a través de convenios anuais de colaboración que subvencionan actividades concretas en función das disponibilidades orzamentarias de cada exercicio. Os escasos recursos orzamentarios, unidos a un contexto socialmente desfavorábel, fan que as políticas de fomento do dereito a usar o galego na docencia e na investigación teñan un rendemento decrecente.

A seguir, concretaremos as anteriores teses na experiencia da Universidade da Coruña.

II.1. O campo normativo

Como obxecto de regulación xurídica, a lingua é un fenómeno altamente complexo pola concorrencia de *tres dimensións ontolóxicas*:

- Nun *plano subxectivo-individual*, a lingua é vehículo individual de expresión, de tal modo que o seu uso se vincula a un dereito fundamental clásico, o de liberdade de expresión, conectado co dereito fundamental á igualdade, na súa faceta de non discriminación por razón de lingua.
- Nun *plano obxectivo-institucional*, a lingua é obxecto de recoñecementos variados por parte dos poderes públicos, que van desde a tolerancia até a oficialidade, cuxa definición xurídica nos fornece o Tribunal Constitucional: «Es oficial una lengua, independientemente de su realidad y peso como fenómeno social, cuando es reconocida por los poderes públicos como medio normal de comunicación en y entre ellos y en su relación con los sujetos privados, con plena validez y efectos jurídicos» (STC 82/1986).
- En terceiro lugar, nun *plano histórico-social*, a lingua é un ben cultural transindividual; un patrimonio cultural (inmaterial) cuxa conservación e recuperación a Constitución considera de interese público (art. 3.3 en conexión co artigo 46).

Se ben a comprensión destes tres planos pode adoptar moi diversas formas en función dos factores políticos e históricos presentes en cada sociedade, hai trinta e cinco anos que a Constitución española de 1978 –ou a elite dirixente posfranquista que estaba detrás dela– fixou os marcos do debate xurídico ao establecer no seu artigo 3 unha determinada prelación das perspectivas ontolóxicas anteriormente mencionadas:

- No plano subxectivo-individual recoñécese o uso das linguas cooficiais como dereito individual, mais no ámbito obxectivo-institucional, após remitir a normas posteriores (os estatutos de autonomía) a determinación e efectos do recoñecemento das linguas cooficiais, outorgouse unha plusvalía asimétrica ao castelán, ao se recoñecer como lingua española oficial do Estado e *única lingua oficial que deben coñecer todos os cidadáns*. Complementariamente a isto, o Estado reservouse o título competencial exclusivo sobre «Regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia». (art. 149.1.30º da CE).

No entanto, o terceiro alicerce constitucional da comprensión das linguas –as linguas como bens culturais– ficou esvaecido como unha norma programática escasamente vinculante (*cfr.* Amoedo Souto 2010).

En definitiva, a pesar de tolerar o recoñecemento das culturas minoritarias, a Constitución de 1978 deixou os procesos de recuperación ou normalización das linguas minorizadas sen apoios xurídicos expresos, remitindo a leis posteriores a concreción do seu alcance, en especial no ámbito educativo. O Estado central pasaba a asumir unha sorte de neutralidade liberal: garantindo apenas formalmente a liberdade de opción lingüística da persoa falante, permitíase continuar a substancia dos procesos de homoxeneización cultural –o *nation building* español– herdados do pasado (*cfr.* Amoedo Souto 2014).

O Estatuto de autonomía de Galicia de 1981 –norma cualificada non só pola súa forma de lei orgánica, como tamén por formar parte *ratione materiae* do denominado bloque da constitucionalidade– foi alén o previsto na Constitución, ao incorporar no seu artigo 5 un complexo cadro normativo de referencia para a lingua galega que continúa aínda en vigor:

- *Cooficialidade do galego e do castelán.*
- *Recoñecemento do dereito de uso e coñecemento de ambas as linguas por parte de todos.*
- *Recoñecemento da condición do galego como lingua propia do país*, aspecto vinculado ao terceiro alicerce constitucional sinalado, e que lle acrecenta un complemento xurídico á súa utilización e protección, como acabará recoñecendo o Tribunal Constitucional (STC 337/1994).
- *Prohibición de discriminación por razón da lingua*, con atribución dunha posición de garante aos poderes públicos verbo desa igualdade no uso de ambas as linguas cooficiais, mais recoñecendo ao propio tempo –e isto é esencial– a *obriga de os poderes públicos «potenciaren» a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, debendo dispor os medios axeitados para facilitar o seu coñecemento*. Esta obriga de actuación, como dicimos, esencial para a fundamentación xurídica da normalización lingüística, debe interpretarse como concreción estatutaria da cláusula do Estado social recoñecida no artigo 9.2 da CE, mediante a cal se habilita a acción positiva dos poderes públicos –mesmo, no seu caso, mediante a discriminación positiva– para conseguir a igualdade material real e efectiva non só das persoas, mais

dos grupos en que se integran, para alén da igualdade formal que presupón a cooficialidade³.

Asentando neste fundamental artigo, xa na primeira lexislatura estatutaria se aprobou a que aínda hoxe, trinta e un anos despois, continúa a ser a lei en vigor neste ámbito: a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Dela interesa agora subliñar algúns aspectos para os nosos efectos.

O primeiro é que a súa lúcida aposta por recoñecer unha obriga específica de coñecemento do galego (art. 1.2) foi anulada pola sentenza do Tribunal Constitucional n.º 84/1986 cuns argumentos máis que discutíbeis, que establecían unha sorte de «reserva de constitución» para a imposición de deberes persoais á cidadanía –neste caso, de coñecemento das linguas cooficiais–, e negaban a existencia dun trato discriminatorio cara a esas linguas oficiais polo feito de se establecer na propia Constitución un deber cualificado de coñecemento a favor do castelán⁴. Esta argumentación foi clave para constrinxir as políticas de normalización lingüística, por dicilo nas palabras de José Antonio Estévez Araújo (2013: 13), dentro da *gramática dos dereitos individuais*, desactivando en boa medida a *gramática dos deberes individuais e institucionais* neste ámbito.

O segundo aspecto é que a Lei dedicaba o seu título III a recoller as regras aplicábeis ao conxunto do ensino, mais só contén dous artigos (o 15 e o 17) para fixar as determinacións específicas no ámbito universitario⁵. Nese artigo 15, o lexislador recoñecía a

³ Sobre a igualdade material como fundamento constitucional da normalización lingüística, remitímonos ao estudo de Villares Naveira (2011: 14 ss.).

⁴ A STC 84/1986, do 26 de xuño, anulou do artigo 1.2 («Todos os galegos teñen o deber de o coñecer e o dereito de o usar») o inciso «o deber de o coñecer». Ese mesmo día o Tribunal publicou as sentenzas 82 e 83/1986, relativas respectivamente á lei de normalización do éuscaro do ano 1982 e á lei de normalización lingüística de Cataluña de 1983.

⁵ No artigo 15 establécese que:

- «1. Os profesores e os alumnos no nivel universitario teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia.
2. O Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para faceren normal o uso do galego no ensino universitario.
3. As autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas a fin de que a lingua non constitúa obstáculo para facer efectivo o dereito que teñen os alumnos e alumnas a recibir coñecementos».

Igualmente, no artigo 17 dise que:

- «1. Nas Escolas Universitarias e demais centros de Formación do Profesorado será obrigatorio o estudo da lingua galega. Os alumnos e alumnas destes centros deberán adquirir a capacitación necesaria para facer efectivos os dereitos que se amparan na presente Lei.
2. As autoridades educativas promoverán o coñecemento do galego por parte dos profesores dos niveis non incluídos na alínea anterior, co fin de garantir a progresiva normalización do uso da lingua galega no ensino».

profesorado e alumnado universitarios (non ao persoal de administración e servizos) «o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia» (o que imos denominar *sistema de opcionalidade lingüística académica absoluta*)⁶, e atribúa simultaneamente ao Goberno galego e ás autoridades universitarias a obriga de arbitraren as medidas oportunas para faceren normal o uso do galego no ámbito universitario.

O artigo 15.3 da Lei 3/1983 recoñecía, por último, unha premisa necesaria para que funcione este sistema de opcionalidade lingüística académica absoluta, onde tanto o profesorado como o alumnado poden escoller ao seu libre albedrío a lingua da súa preferencia, sen vinculación mutua ningunha: que as autoridades educativas (non universitarias) adopten as medidas oportunas co fin de que a lingua non constitúa atranco para facer efectivo o dereito que teñen os alumnos e alumnas a recibiren coñecementos. Dito doutro xeito, o artigo 15.3 obriga a que as autoridades educativas garantan, por un lado, que o profesorado é igualmente competente en cada lingua cooficial; e, polo outro, correlativamente, obriga a que os/as estudantes que cheguen á universidade, após cursaren os seus estudos obrigatorios, sexan bilingües, isto é, competentes en ambas as linguas cooficiais. Só mediante a garantía desta dupla competencia pode funcionar un sistema en que o profesorado universitario pode escoller falar nas aulas e escribir os seus materiais docentes en galego (ou en castelán), mesmo con maioría de alumnado castelanfalante (ou galegofalante) que opte por usar o castelán (ou o galego) na súa relación co profesorado.

Por último, convén subliñar que estas determinacións legais específicas para o uso do galego que recoñece a Lei 3/1983 no ámbito universitario non poden entenderse isoladamente, polo menos nun duplo sentido.

- Deben interpretarse sistematicamente en confronto co previsto nas alíneas segunda e terceira do artigo 13 da propia Lei 3/1983, que constitúen disposicións comúns a todo o sistema educativo, público ou privado. Así, en primeiro lugar, «as autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino». Obriga de promoción do uso progresivo que, ao noso xuízo, acrecenta un plus á obriga especificamente universitaria de facer normal o uso do galego. En segundo lugar, «os alumnos no poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, de non ser que con carácter excepcional as ne-

⁶ A nosa lei reproducía así, case literalmente, o artigo 15 da Lei catalá 7/1983, do 18 de abril, de normalización lingüística.

cesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes». O que habilita legalmente a constitución de grupos docentes en galego tamén no ámbito universitario, sempre que se motive en razóns pedagóxicas, aquí amparadas na autonomía universitaria, e con carácter voluntario tanto para o profesorado como para o alumnado.

- As determinacións da Lei 3/1983 deben interpretarse tamén sistematicamente en relación co conxunto de normas legais que, no exercicio doutros títulos competenciais, proxectan determinacións sobre a prestación do servizo público universitario.

Neste último sentido, é imprescindíbel describir a peculiar anatomía do bloque normativo do ensino universitario neste punto, así como a súa evolución nos últimos vinte e cinco anos.

A normativa estatal universitaria (tanto a Lei de reforma universitaria de 1983 como a Lei de organización universitaria de 2001) non entrou a regular directamente o problema lingüístico, nin estableceu opcións por modelos lingüísticos determinados, a diferenza das leis reguladoras doutros niveis educativos.

Quizais por recoñecer as competencias que neste punto lles asistían ás comunidades autónomas con lingua propia⁷, quizais por deixar tal regulación ao exercicio da autonomía universitaria mediante a potestade normativa propia (estatutos universitarios)⁸,

⁷ Cfr: art. 11 da Lei vasca 3/2004, do 25 de febreiro, do sistema universitario vasco e arts. 164-173 dos Estatutos da UPV/EHU, aprobados polo Decreto 322/2003, do 23 de decembro (BOPV n.º 6, do 12 de xaneiro do 2004). Para Cataluña, *vid.* art. 6 da Lei 1/2003, do 19 de febreiro, de universidades de Catalunya e 22 da Lei 1/1998, do 7 de xaneiro, de política lingüística. Para Valencia, *vid.* o artigo 4 da Lei 4/2007, do 9 de febreiro, de coordinación do sistema universitario valenciano. Para Navarra, *vid.* artigos 19 e seguintes da Lei foral 18/1986, do 15 de decembro, do vascuence. Finalmente, para as Illas Baleares, *vid.* artigo 25 da Lei 3/1986, do 29 de abril, de normalización lingüística das Illas Baleares.

⁸ Por esta mesma política de «abstención», cando o Reino de España ratificou a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias no ano 2001 (BOE n.º 222, do 15 de setembro do 2001), optou por escoller o menor nivel de compromiso (o terceiro) dos tres que ofrecía a Carta no ámbito do ensino superior (art. 8.1.e). Eses niveis de compromiso eran: (1) un ensino universitario e outras formas de ensino superior nas linguas rexionais ou minoritarias; (2) prever o estudo desas linguas como materias do ensino universitario e superior; (3) se, por mor do papel do Estado con respecto aos centros de ensino superior, as alíneas 1) e 2) non puidesen aplicarse, fomentar e/ou autorizar o establecemento dun ensino universitario ou outras formas de ensino superior nas linguas rexionais ou minoritarias, ou de medios que permitan estudar esas linguas na universidade ou noutros centros de ensino superior. Sobre o artigo 8 da Carta, remitímonos a Nogueira López (2012).

o certo é que as normas estatais sobre universidades asumiron durante os vinte e cinco primeiros anos de andamento constitucional unha sorte de *neutralidade lingüística*.

Após a Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, houbo que agardar á Lei 11/1989, de ordenación do sistema universitario de Galicia, para que se promulgase a primeira regulación legal do noso sistema universitario propio.

Nel, a «promoción do galego, lingua propia de Galicia, como idioma vehicular no ensino superior, a investigación científica e a creatividade cultural e artística» configúrase como un obxectivo ou finalidade a que o sistema debe atender especialmente (art. 2), precepto de rango legal posterior á Lei 3/1983 que obriga a que esta se interprete á súa luz. Deixouse, no entanto, nas mans das universidades que naquela altura se creaban o desafío de desenvolveren, nun ou noutro sentido, estes preceptos e a súa interpretación.

Tres anos despois, os primeiros Estatutos da Universidade da Coruña (setembro de 1992) asumían ese reto ao lle dedicaren o seu artigo 8 ao galego, recoñecendo ambas as linguas, o galego e castelán, como cooficiais, sen que poida facerse discriminación por razón de uso de calquera delas. Alén diso, recoñece a lingua galega como lingua propia, «que será o seu vehículo normal de expresión», preferencia decisiva para a armazón xurídica das políticas de normalización do galego tanto do ámbito administrativo como académico. Por último, sinala que «contribuír á normalización da lingua propia de Galicia é un obxectivo fundamental da Universidade da Coruña. Para iso, será labor da Universidade o estudio da realidade lingüística no seu seo e a elaboración de programas de normalización dirixidos a potenciar o seu pleno uso en tódolos ámbitos da actividade universitaria». Este precepto aprobouse sen grandes discusións no seo do Claustro constituínte, o cal revela un consenso alto neste nivel normativo.

Dese consenso é expresivo o feito de que, doce anos máis tarde, ao se modificaren os Estatutos da UDC, a redacción do que pasou a ser o artigo 5, mesmo con alteracións, mantén as determinacións xurídicas esenciais dos Estatutos de 1992. Aínda hoxe, os vixentes estatutos da UDC manteñen a redacción dada ao artigo 5 en maio do 2004:

1. Na Universidade da Coruña serán linguas oficiais as recoñecidas no Estatuto de autonomía de Galicia, sen que se poida facer discriminación por razóns de uso de calquera delas.

2. A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentará o seu uso en todas as súas actividades⁹.

Pouco despois da modificación dos Estatutos do 2004, na súa sesión do 22 de xullo dese mesmo ano o Consello de Goberno aprobou (por 29 votos a favor, 1 en contra e 3 abstencións) o Regulamento de usos da lingua galega.

Neste regulamento, aínda vigorante, contéñense determinacións detalladas sobre o uso do galego na actividade administrativa interna da xestión universitaria (documentación administrativa), ben como no uso oral, publicacións, sinalética, publicidade externa etc. En coherencia coa opcionalidade lingüística limitada existente no ámbito do PAS, onde prevalecen os deberes que lles corresponden como persoal ao servizo dunha Administración pública, inclúense regras específicas para a comprobación do dominio do galego na provisión dos postos de traballo do PAS, ben mediante o certificado Celga ou mediante exercicios específicos¹⁰. Atribúese ademais a responsabilidade de cumprir o artigo 5 dos Estatutos ao Servizo de Normalización Lingüística. No entanto, deixáronse sen adoptar medidas específicas verbo do uso do galego por parte do PDI, tanto na docencia como na investigación¹¹.

⁹ Na modificación realizada nos Estatutos durante o ano 2007 para incorporar as modificacións producidas na LOU pola LOMLOU, non se tocou este artigo 5, a pesar de que o artigo 6.2 introducira novidades sobre o tratamento das linguas cooficiais.

¹⁰ No punto 7 do Regulamento establécese que:

«1. Os órganos de goberno da universidade tomarán as medidas necesarias para que en cada unidade administrativa ou de servizos, o persoal que estiver relacionado co público, tanto oralmente como por escrito, teña os coñecementos de galego necesarios para garantir o dereito dos membros da comunidade universitaria a escoller en lingua de relación coa administración.

2. Os órganos de goberno da Universidade da Coruña establecerán o nivel de coñecemento da lingua galega axeitado e exixible para cada posto de traballo na universidade.

3. En todas as bases que regulen as convocatorias para a provisión de postos de traballo da universidade, de réxime administrativo ou laboral, e os concursos de méritos destinados á promoción interna, establecerase a acreditación dun determinado nivel de lingua galega, de acordo co apartado anterior».

Así, hoxe recóllense nas bases de convocatoria para a cobertura de postos do PAS que, como requisito, os solicitantes han de «(c) Estar en posesión do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. No caso de non posuílo, con carácter previo á realización dos exercicios da fase de oposición, deberán acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a realización dunha proba en que se comprobará que posúen un nivel adecuado de comprensión e expresión oral e escrita da lingua galega. Cualificarase de apto/a ou non apto/a». *Vid.* Resolución do 23 de abril de 2013 pola que se convocan probas selectivas para o ingreso na escala de técnicos de xestión da Universidade da Coruña polo sistema de promoción interna, DOG do 7 de maio do 2013.

¹¹ Na versión orixinaria do Regulamento, sometida a intenso debate no Consello de Goberno do 23 de xuño, a rúbrica do punto 7 era «Persoal», e non só «Persoal de administración e servizos». Precisamente o debate xirou arredor da «imposición» do galego ao profesorado, polo que, para evitar a controversia, as medidas do punto 7 pasaron a aplicarse só ao PAS na versión finalmente aprobada.

Nesta mesma altura, o *Plan xeral de normalización da lingua galega*, aprobado polo Parlamento de Galicia en setembro do 2004, ocupouse de diagnosticar os puntos fortes e fracos da normalización lingüística no ámbito universitario (PXNLG: 85-86):

Puntos fortes	Puntos fracos
Lexislación favorable para a lingua galega nas tres universidades (nos estatutos respectivos).	A normalización lingüística nunca foi considerado un obxectivo prioritario ou estratéxico das universidades.
A situación das universidades galegas é potencialmente favorable para a lingua e a súa normalización, dado que a maioría do profesorado e alumnado é orixinario de Galicia. O alumnado chega á universidade cun coñecemento do galego cada vez máis alto.	O ensino superior foi desde sempre un espazo moi castelanizado e moi refractario á presenza normal da lingua galega
O galego é a lingua institucional das universidades galegas. A administración universitaria realízase en galego, así como a gran maioría dos servizos.	A presenza do galego na docencia universitaria segue sendo moi inferior á docencia en castelán. A investigación realízase principalmente en castelán ou en inglés. Existen áreas de coñecemento cunha moi escasa implantación do galego (áreas tecnolóxicas ou científicas, por exemplo).
Na USC aprobouse e púxose en marcha un plan de normalización lingüística no ano 2002. Na Uvigo está en marcha a elaboración dun plan de política lingüística.	UDV e UDC non aprobaron aínda plans de normalización lingüística
Existe infraestrutura para a xestión normalizadora (servizos de normalización lingüística). O servizo lingüístico da USC constitúe un referente de organización e de xestión normalizadora a nivel galego.	Precariedade dos servizos lingüísticos da UDV e da UDC, sobre todo a nivel de recursos humanos.
Hai recursos económicos para a extensión da lingua galega nas universidades, tanto propios de cada universidade, como procedentes dos convenios coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Faltan recursos humanos propios para levar a cabo os diferentes programas de asesoramento, formación e dinamización. Non hai coordinación entre a política lingüística das tres universidades. A formación universitaria dos futuros docentes nos distintos niveis de ensino non os capacita suficientemente para desenvolveren o seu labor en galego e para seren axentes normalizadores.

Ante esta diagnose, sinalouse como obxectivo específico do Plan «Promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia e investigación coma no que se refire ás relacións extraacadémicas» (PXNLG: 107), para o que propuxo as seguintes medidas:

- 2.1.41. Crear unha comisión estable, coa participación da Xunta de Galicia e das universidades galegas, que se encargue de propoñer e coordinar a política lingüística universitaria en Galicia.
- 2.1.42. Incrementar a edición e difusión de bibliografía en galego nas diferentes áreas de coñecemento, especialmente no caso das materias dos primeiros cursos universitarios.
- 2.1.43. Promover a edición de vocabularios, glosarios e dicionarios nas áreas de coñecemento nas que persisten carencias significativas.
- 2.1.44. Promover a edición de libros científicos en galego, tanto edicións orixinais coma traducións doutros idiomas.
- 2.1.45. Insistir, desde os servizos lingüísticos das universidades, na oferta de cursos de formación en lingua galega, con especial atención ás necesidades lingüísticas das distintas áreas de coñecemento e ás necesidades do alumnado e profesorado foráneo.
- 2.1.46. Establecer, de acordo coas universidades, o voluntariado lingüístico universitario.

Na secuencia deste plan xeral, o Consello de Goberno da UDC aprobou na súa sesión do 14 de decembro do 2006, e sen ningún voto en contra¹², o seu propio plan de normalización lingüística.

Os seus obxectivos fundamentais son, entre outros, aumentar a sensibilidade da comunidade universitaria sobre o uso do galego, garantir a posibilidade de os membros da comunidade universitaria se expresaren en galego, oralmente e por escrito, velar polo cumprimento das leis e das normativas de que nos dotamos no referente á normalización e propiciar que o galego sexa a lingua habitual de comunicación, de expresión e de traballo, mediante a aprobación de medidas concretas: impulso do desenvolvemento da investigación en lingua galega, o fomento entre o alumnado do valor da diversidade lingüística, do multilingüismo e do aprecio pola lingua galega, a potenciación das novas tecnoloxías como vehículo normalizador e de formación, e a elaboración e difusión de materiais e recursos para o ensino en lingua galega. O 15 de maio de 2007, por

¹² Para a elaboración do PNL baixo un espírito de consenso foi decisiva a constitución de comisións de normalización nas escolas e facultades, coa intención de recoller directamente as propostas dos centros, de iniciaren unha colaboración e propiciaren a fluidez da comunicación entre a comunidade universitaria e o Servizo de Normalización Lingüística.

acordo do Consello de Goberno constituíuse a Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística, para continuar a traballar na consecución do obxectivos propostos no plan.

Entre tanto, na primeira lexislatura do goberno Zapatero, as Cortes Xerais aprobaron unha importante reforma da LOU, mediante a LOMLOU ou re-LOU (Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril). A LOMLOU abandonou a neutralidade lingüística, ao dar unha nova redacción ao actual artigo 6.2 da LOU: «Os poderes públicos e as universidades, a través dos seus estatutos, establecerán mecanismos para que nos procesos de acollida dos diferentes membros da comunidade universitaria se favoreza o coñecemento suficiente das linguas cooficiais».

Esta determinación lingüística, certamente exixente no rango normativo requirido para o seu desenvolvemento –pois reserva aos Estatutos a previsión de tales mecanismos– aplícase tanto a estudantes, como a PAS e profesorado, sendo ademais nestes dous últimos casos concordante coa explícita atribución de autonomía universitaria para «[a] selección, formación e promoción do persoal docente e investigador e de administración e servizos, así como a determinación das condicións en que han de desenvolver as súas actividades» (art. 2. *e*) da LOU). O que habilita as universidades para exercer a súa autonomía tamén a respecto da regulación das condicións lingüísticas en que se deban desenvolver as actividades do persoal ao seu servizo.

Neste mesmo sentido, mais no ámbito das normas básicas da función pública, tanto a Lei 30/1984 –nótese, posterior á lei galega 3/1983, de normalización lingüística– como o vixente Estatuto básico do empregado público de 2007 establecen como norma básica que «as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección de empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas comunidades autónomas que gocen de dúas linguas oficiais» (art. 56.2 do EBEP). Este mandato, que abrangue tamén as universidades públicas, remite á normativa das comunidades autónomas (e tamén ás propias normas estatutarias das universidades) a posibilidade de considerar a acreditación do coñecemento das linguas cooficiais ben como mérito, ben como requisito de acceso ao emprego público universitario¹³.

¹³ «Tanto o Parlamento de Galicia en exercicio das competencias autonómicas en materia de lingua, como as propias universidades en uso da súa autonomía universitaria e da posibilidade de establecer os requisitos cos que selecciona ao seu persoal, poderían introducir esixencias de capacitación lingüística que, progresivamente, permitan aos usuarios do servizo público universitario facer valer os seus dereitos lingüísticos» (Ferreira Fernández / Nogueira López / Tato Plaza / Villares Naveira 2005: 120).

Cabe lembrar neste sentido que no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, polo que se aprobou o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, obrigábase a facer polo menos en galego unha proba das oposicións de acceso á función pública galega¹⁴, obriga que foi rapidamente desactivada ao chegar o Partido Popular ao goberno autonómico (Lei 2/2009, do 23 de xuño). Mantense, con todo, a posibilidade de utilizar a autonomía universitaria como título competencial apto para introducir específicas obrigas de coñecemento do galego nos procesos de provisión do persoal do PAS e do profesorado, precisamente como mecanismo de garantía do exercicio dos dereitos das persoas galegofalantes a seren atendidas no idioma da súa preferencia.

No ámbito estatal, convén lembrar que, se ben a STC 31/2010, do 28 de xuño, anulou o recoñecemento da condición do catalán como lingua «preferente» das administracións públicas catalás (artigo 6.1 da Lei orgánica 6/2006)¹⁵, o Tribunal Constitucional interpretou conforme á constitución o deber de coñecemento do catalán que prevé o art. 6.2 do Estatuto de autonomía de Cataluña pola súa remisión ao ámbito educativo¹⁶, abrindo así novas perspectivas á actuación normalizadora neste ámbito.

¹⁴ «...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas entidades locais de Galicia, terase que demostrar o coñecemento da lingua galega. Para estes efectos, as bases das convocatorias establecerán que unha ou máis das probas do proceso selectivo se deberán realizar exclusivamente en lingua galega, e iso sen prexuízo doutras probas adicionais, que se puidesen prever, para aqueles postos de traballo que requiran un especial coñecemento da lingua galega» (*Vid.* Nogueira López 2011).

¹⁵ «El art. 6.1 EAC, además de «la lengua de uso normal», declara que el catalán como lengua propia de Cataluña es también la lengua de uso «preferente» de las Administraciones Públicas y de los medios de comunicación públicos de Cataluña. A diferencia de la noción de «normalidad», el concepto de «preferencia», por su propio tenor, trasciende la mera descripción de una realidad lingüística e implica la primacía de una lengua sobre otra en el territorio de la Comunidad Autónoma, imponiendo, en definitiva, la prescripción de un uso prioritario de una de ellas, en este caso, del catalán sobre el castellano, en perjuicio del equilibrio inexcusable entre dos lenguas igualmente oficiales y que en ningún caso pueden tener un trato privilegiado. La definición del catalán como lengua propia de Cataluña no puede justificar la imposición estatutaria del uso preferente de aquella lengua, en detrimento del castellano, también lengua oficial en la Comunidad Autónoma, por las Administraciones Públicas y los medios de comunicación públicos de Cataluña, sin perjuicio, claro está, de la procedencia de que el legislador pueda adoptar, en su caso, las adecuadas y proporcionadas medidas de política lingüística tendentes a corregir, de existir, situaciones históricas de desequilibrio de una de las lenguas oficiales respecto de la otra, subsanando así la posición secundaria o de postergación que alguna de ellas pudiera tener. No admitiendo, por tanto, el inciso «y preferente» del art. 6.1 EAC una interpretación conforme con la Constitución, ha de ser declarado inconstitucional y nulo». *Cf.*: STC 31/2010, fdo. xdo. 14.

¹⁶ O artigo 6.2 di: «Todas las personas tienen derecho a utilizar las dos lenguas oficiales y los ciudadanos de Cataluña el derecho y el deber de conocerlas. Los poderes públicos de Cataluña deben establecer las medidas necesarias para facilitar el ejercicio de estos derechos y el cumplimiento de este deber». Para o Tribunal Constitucional, a interpretación conforme á Constitución é: «El art. 6.2 EAC sería inconstitucional y nulo en su pretensión de imponer un deber de conocimiento del catalán equivalente en su sentido al que se

Ese era o contexto normativo en vigor cando se promulga a actual Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, cuxo artigo 2 f), reconece como fins do SUG «A promoción do galego, lingua oficial e propia de Galicia, e a súa coexistencia co castelán, tamén lingua oficial, e, se for o caso, con outras linguas de interese para a docencia e a investigación».

Nótese, pois, que segundo a vixente Lei 6/2013 a obriga de promoción lingüística, por así dicilo, do SUG só ten como obxecto o galego, sen prexuízo da súa «coexistencia» co castelán e outras linguas que poidan ser de utilidade docente ou investigadora. Neste punto cómpre lembrar que, con posterioridade á Lei 6/2013, a denominada «lei Paz Andrade» (Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, DOG n.º 68 do 8 de abril) estableceu no seu artigo 1: «Os poderes públicos galegos promoverán o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa e polo carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal». Obriga que tamén recae sobre as universidades¹⁷.

desprende del deber constitucional de conocimiento del castellano. Ello no obstante, el precepto admite con naturalidad una interpretación distinta y conforme con la Constitución, toda vez que, dirigiendo el precepto un mandato a los poderes públicos de Cataluña para que adopten «las medidas necesarias para facilitar ... el cumplimiento de este deber», es evidente que sólo puede tratarse de un deber «individualizado y exigible» de conocimiento del catalán, es decir, de un deber de naturaleza distinta al que tiene por objeto al castellano de acuerdo con el art. 3.1 CE (STC 82/1986, FJ 2). No hay aquí, por tanto, contrapunto alguno a la facultad del poder público de la Generalitat de utilizar exclusivamente la lengua catalana en sus relaciones con los ciudadanos, que sería improcedente, sino que se trata, aquí sí, no de un deber generalizado para todos los ciudadanos de Cataluña, sino de la imposición de un deber individual y de obligado cumplimiento que tiene su lugar específico y propio en el ámbito de la educación, según resulta del art. 35.2 EAC, y en el de las relaciones de sujeción especial que vinculan a la Administración catalana con sus funcionarios, obligados a dar satisfacción al derecho de opción lingüística reconocido en el art. 33.1 EAC. Si el concreto régimen jurídico de ese deber individualizado y exigible es o no conforme con la Constitución habrá de verse en el momento de examinar la constitucionalidad de dichos preceptos, también objeto del presente recurso. Importa aquí únicamente, sin embargo, que, concebido como un deber de naturaleza distinta al que sólo cabe predicar del castellano, esto es, como un deber que no es jurídicamente exigible con carácter generalizado, el deber de conocimiento del catalán tiene un objeto propio que lo justifica como mandato y que permite interpretarlo conforme a la Constitución».

¹⁷ O artigo 2 desta lei fai recaer sobre o goberno galego a obriga de incorporar «progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia».

Igualmente, o artigo 89 da Lei 6/2013 dedícase especificamente á «lingua» nos seguintes termos:

1. O galego e o castelán son as linguas oficiais das universidades de Galicia. O uso das linguas oficiais nas actividades universitarias rexeráse pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e polo que dispoñan as normas propias das universidades
2. O galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua de uso normal nas actividades das universidades.
3. A Xunta de Galicia e as universidades, no ámbito das súas competencias, estimularán o coñecemento e o uso do galego en todos os aspectos da actividade universitaria e fomentarán a súa aprendizaxe entre todos os membros da comunidade universitaria.
4. O uso do galego na actividade docente e investigadora poderá terse en conta para os efectos de recoñecemento de méritos individualizados do labor docente e investigador.

Voltando agora á nosa universidade, no seu plan estratéxico 2014-2020, e dentro das liñas de actuación no obxectivo estratéxico 1 (impulso do cambio social), incorpórase a de «contribuír á normalización da lingua galega»:

A responsabilidade da UDC co cultivo, protección e transmisión dos valores culturais de Galicia implica o deber de avanzar na aplicación das medidas normalizadoras recollidas no plan de normalización lingüística da UDC. En particular, a UDC promove o incremento do uso de galego na docencia, a consolidación do galego como lingua da divulgación da actividade científica na sociedade e a mellora do prestixio do galego na vida interna da comunidade universitaria. A UDC fomenta a vinculación da lingua galega aos valores de modernidade e excelencia, como marca de identificación e de proxección exterior da institución.

Como indicadores da normalización, sinálase o obxectivo de aumentar o número de materias impartidas en galego no período 2014-2020.

Para concluírmos esta sección, apuntamos catro conclusións relevantes:

- O cadro normativo regulador da normalización lingüística do galego no ámbito universitario é complexo, non só por se relacionar con títulos competenciais estatais e autonómicos, mais tamén por ter evoluído ao longo dos últimos 25 anos, o que deixa marxe para desenvolver un amplo labor

de interpretación e adaptación sistemáticas a distintas opcións de política lingüística universitaria.

- As universidades dispoñen dunha específica habilitación para exercer a súa autonomía no ámbito da normalización da lingua. Esta non é absoluta, mais é real, e tradúcese tanto nos estatutos como nos regulamentos internos que se aprobaren no seu desenvolvemento (*cfr.* Arzoz Santisteban 2009: 1160-1164).
- O feito de que a nosa lei 6/2013 teña incluído con éxito e pacificamente que «o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua de uso normal nas actividades das universidades» pon de manifesto que o problema de fondo da normalización lingüística –a atención institucional preferente cara ao galego– non é xurídico, mais político: depende da súa visibilidade na dialéctica política partidaria, causante dun alto custo de oportunidade política.
- Por todos os factores anteriores, no ámbito galego as tres universidades confluíron nun *sistema de opcionalidade lingüística relativa para o PAS*, e un *sistema de opcionalidade lingüística académica absoluta no ámbito docente e investigador*, onde a utilización do galego é puramente voluntaria para o profesorado e o estudantado, apenas apoiada por pequenos incentivos. Se o primeiro sistema permitiu avances normalizadores claros no uso administrativo da lingua, o segundo, no entanto, pode ser identificado como un dos grandes responsábeis da escasa normalización do galego na docencia e na investigación universitarias.

II. 2. As estruturas burocráticas

Nesta epígrafe, convén salientarmos desde o comezo a debilidade das estruturas organizativas dispoñíbeis para canalizar as misións e funcións normalizadoras atribuídas polas normas anteriores. Este trazo de debilidade proxéctase quer sobre os niveis directivos, quer sobre os niveis propiamente administrativos.

– Nivel directivo

Non existe unha vicerreitoría específica para a normalización do galego. A competencia sobre este ámbito foi máis difusa, incluíndose durante a maior parte dos anos no ámbito

da Vicerreitoría de Extensión Universitaria ou Cultura¹⁸, até que, co ánimo de lle dar un enfoque transversal á política de normalización, se situou baixo a órbita da Secretaría Xeral no ano 2006, situación en que permanece, e da que depende funcionalmente na actualidade o Servizo de Normalización Lingüística (SNL).

– Nivel administrativo

O SNL da Universidade da Coruña é, na realidade, un servizo «apócrifo»: polos seus escasos efectivos, non está integrado por unha xefatura de servizo, da que colguen seccións e negociados. O seu embrión –contratación dunha persoa técnica de normalización– conseguiuase grazas a un convenio marco de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña asinado o 15 de maio de 1991, que tivo como consecuencia o financiamento da contratación desa persoa especialista ao 50% por ambas as partes, tal e como tamén aconteceu na Universidade de Vigo.

As misións deste denominado «Gabinete de Promoción e Uso da Lingua Galega» consistían en potenciar e fomentar o uso da lingua galega entre a comunidade universitaria; isto é, impulsar a dinamización lingüística, que vira arredor da concienciación da comunidade universitaria sobre a situación da lingua galega e a procura de novos espazos e ámbitos de uso para ela. Neste sentido, todas as actividades que desenvolve o SNL teñen como finalidade última contribuíren para o aumento do uso da lingua entre as persoas que fan parte da comunidade universitaria. No entanto, o nivel de competencia nunha lingua é fundamental á hora de a empregar; por tanto, alén de deseñar esas accións, o gabinete promoveu a formación a través de cursos de lingua, xornadas, encontros, reunións e outras accións de estudo sobre a problemática da normalización do galego no ámbito universitario. Outra das accións que desenvolveu consistiu na edición e publicación de materiais e a elaboración de vocabularios, ben directamente ben coordinando equipos que se encargaron dese labor. Por último, o labor que absorbeu maioritariamente o tempo do gabinete desde os primeiros meses de funcionamento a finais do ano 1991 foi o asesoramento lingüístico; estas tarefas de corrección e tradución realizábanse sobre papel, xa que os computadores aínda escaseaban naquel momento.

¹⁸ No momento da súa creación (1991), o SNL pasou a depender da Vicerreitoría de Extensión Universitaria, cuxo máximo responsábel era José Ramón Soraluze Blond. As súas dependencias estaban situadas no sexto andar da sede da Reitoría na rúa Xoana de Vega. Partillaba espazo coa Vicerreitoría de Investigación, a Secretaría Xeral, o Gabinete de Prensa e a Sección de Asuntos Xerais, de que dependían o Negociado do Terceiro Ciclo e o Rexistro Xeral. Uns meses despois, o gabinete de normalización deslocalárase a outro edificio do Cantón Grande, até a mudanza definitiva á sede da Maestranza, en setembro de 1994, onde permanece na actualidade.

A contratación da persoa encargada do citado gabinete denominado non se produciu até novembro de 1991, de modo que propiamente o SNL aínda non pasa dos 23 anos de existencia. Na RPT de 2005 incorporouse o posto de técnico superior en normalización lingüística (no que se integrou a técnica de normalización), e dúas persoas técnicas de grao medio en normalización lingüística. Este cadro de tres persoas mantense a día de hoxe¹⁹.

Por último, dada a febleza destas estruturas administrativas, desde 2004 optouse por nomear profesorado de Filoloxía Galega (Goretti Sanmartín e Xosé Ramón Freixeiro) como «directora/director» do SNL (PDI que conta cunha exención docente e un complemento económico equivalente a director/a de departamento), coa misión de enlazar operativamente o órgano directivo (Vicerreitoría ou Secretaría Xeral) e o nivel técnico, reforzando as liñas de programación e orientación do esforzo normalizador.

– Nivel territorial (centros): as comisións de normalización lingüística

Elemento esencial da política de normalización lingüística foi a descentralización da dinamización a través de comisións constituídas voluntariamente nos centros a partir do ano 2006. A creación das primeiras comisións de normalización nese ano produciuse nas facultades de Dereito, Ciencias, Informática, Ciencias da Educación, Económicas e Empresariais (hoxe Economía e Empresa), Filoloxía, Ciencias da Saúde e Escola Técnica Superior de Arquitectura.

Ao ano seguinte, constitúense comisións na Facultade de Socioloxía e na Escola Politécnica Superior, ás que posteriormente seguirían a de Socioloxía e a da Escola Universitaria Politécnica (por proximidade xeográfica nun caso e de área de coñecemento

¹⁹ Hoxe por hoxe, o noso SNL non é homologábel aos existentes nas universidades do Estado que teñen unha lingua propia diferente do castelán. A modo de exemplo, fronte ás tres persoas do noso servizo, a Universitat de Barcelona contaba con 30 no ano 2008 (Matas 2009: 115); un número de traballadores/as non inferior posúen as universidades de Valencia e de Alacante, por exemplo, a pesar de a lingua propia ter unha presenza similar ou inferior á que ten o galego nas nosas universidades. Sen persoal especializado que apoie e facilite o uso da lingua propia mediante a formación, o asesoramento e a dinamización, será moi difícil conseguir resultados positivos. Neste sentido, é oportuno lembrarmos o que nos dixó hai seis anos o daquela vicerreitor de Política Lingüística da UB: «Esta é unha actividade de 30 persoas estables, máis unhas 30 persoas colaboradoras case permanentes dentro dos Servizos Lingüísticos. Insisto, é sumamente importante que a Universidade lle dea prioridade a este servizo se é que realmente non só quere aplicar a normativa en materia de política lingüística. Se se quere tentar que o catalán, neste caso, sexa unha lingua de prestixio, cómpre facilitar as cousas, que é o que conseguimos cos Servizos Lingüísticos da Universidade de Barcelona» (Matas 2009: 117).

no outro adoitan compartir recursos e organizar actividades conxuntamente). Ao longo destes anos constituíronse novas comisións nas facultades de Fisioterapia, Ciencias do Traballo, Enfermaría e Podoloxía, Humanidades e Documentación e Ciencias do Deporte e a Educación Física. A EU de Turismo tamén conta con esta comisión e acaba de se constituír a da EU de Relacións Laborais, tamén centro adscrito. Unhas son máis activas do que outras á hora de realizaren actividades, mais non debemos obviar que dos vinte e catro centros (propios e adscritos) hai varios en que nunca se constituíu esta comisión: ETS de Enxeñaría de Camións, Canais e Portos, EU de Arquitectura Técnica, ETS de Náutica e Máquinas, EU de Deseño Industrial e a EU de Enfermaría.

Desde o ano 2007, o Servizo de Normalización Lingüística realiza anualmente unha convocatoria de axudas ás comisións dos centros para realizaren actividades destinadas a fomentar o uso do galego tanto na actividade docente como na investigadora²⁰.


²⁰ Desde ese ano até o momento estas son algunhas das accións que realizaron:

- A Comisión de Normalización da Facultade de Ciencias da Educación realizou cinco edicións das Xornadas sobre a Normalización da Lingua e a Cultura no Ámbito da Educación.
 - A Comisión de Dereito, alén de realizar varias xornadas sobre o ámbito xurídico galego e unhas Xornadas sobre a Pluralidade Lingüística e a Diversidade Cultural, convocou en 2014 a V edición do Premio Lois Tobío de Investigación Xurídica en Lingua Galega.
 - A Comisión de Normalización das facultades de Socioloxía e Ciencias da Comunicación vai pola IV edición do Ciclo de Cine Documental e as II Xornadas de Audiovisual Galego. Esta comisión, así mesmo, convocou a III edición do Concurso de Curtametraxes con premios á categoría de guión e de realización e varias edicións dun Premio ao Mellor Traballo de Investigación Sociolóxica e tamén ao Mellor Traballo de Fin de Grao.
 - A Comisión da Facultade de Ciencias do Traballo está a rematar a edición do IV *Anuario da Facultade* e xa comezou os traballos do quinto.
 - A Comisión de Economía e Empresa editou o V número da revista *Espazo FEE* e convoca anualmente uns premios de microrrelatos para os estudantes da Facultade.
 - As comisións da Escola Politécnica Superior e a Escola Universitaria Politécnica convocaron tres edicións dun concurso de Traballos Académicos en Lingua Galega e un Concurso de Vídeos sobre a Enxeñaría.
 - A Comisión de Filoloxía convocou en 2014 a V edición do Premio de Tradución ao Galego de Textos Científico-Técnicos.
 - A Comisión da Escola Universitaria de Turismo realizou este ano as III Xornadas Viaxeiros e Viaxes e o IV Premio ao Relato Turístico por Galicia.
 - Na ETS de Arquitectura, a comisión de normalización organizou as xornadas O Galego Fala de Arquitectura e a comisión da Facultade de Ciencias, un ciclo titulado Ciencia e Galego.
- As citadas son as actividades máis salientábeis ou que manteñen certa continuidade; alén destas poderíanse citar outras puntuais como a campaña *Gústame o galego*, que parou nos anos 2012 e 2013 nas facultades de Enfermaría e Podoloxía, Filoloxía e Economía e Empresa, ben como na propia Reitoría.

III. O gasto público en normalización

O SNL comezou funcionando fundamentalmente co financiamento recollido no convenio coa Dirección Xeral de Política Lingüística de 1991 (50% da Xunta, e 50% de fondos propios para aboar a nómina da técnica de normalización), primeiro, e despois coas achegas ou subvencións anuais de actividades conveniadas coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A UDC foi achegando fondos propios ao financiamento do persoal e das actividades do SNL, consolidando así un gasto estábel que, a pesar da súa escaseza, permite unha planificación sostida dos esforzos. Igualmente, durante o período de 2005 a 2010 a UDC asinou convenios coa Deputación da Coruña (por importes que oscilaron entre os 39 000 e os 30 000 €) para colaboración en tarefas de normalización lingüística. Nos últimos anos, as partidas económicas da Xunta diminuíron de forma espectacular, de modo que se a dispoñibilidade económica do SNL se aproximou aos 100 000 euros en 2007, hoxe a achega da SXPL anda polos 14 000 euros.



A UDC, polo seu lado, mantén relativamente estábeis os fondos propios destinados ás actividades do SNL, a pesar das severas restricións orzamentarias sufridas noutras partidas.

2014	2013	2012	2011	2010	2009	2008	2007	2006
35.400	41.400	50.000	50.000	60.000	60.000	30.000	27.000	

Crédito inicial actividades SNL (fondos propios en €)

IV. Evolución do uso do galego na UDC

A primeira análise sociolingüística da UDC foi realizada no curso 2003-2004 baixo a dirección do profesor Antón Álvarez Sousa e publicouse no ano 2005. Carecemos por tanto de datos para o período 1989-2004, aínda que temos como referencia os recollidos no exhaustivo *Mapa sociolingüístico de Galicia*, elaborado no ano 1992 e no ano 2004 pola Real Academia Galega.

A metodoloxía de traballo foi a realización de entrevistas nos tres colectivos da institución: estudantes, profesorado e PAS. Con relación á docencia, constatouse que só un 9% do profesorado declara impartir as súas aulas normalmente en lingua galega (só en galego 6,6% e maioritariamente nesta lingua 2.4%), fronte ao 87,4% que declara usar habitualmente o castelán (67,4% só castelán e 20% maioritariamente castelán).

Canto á investigación, só un 2,3% do profesorado declara empregar o galego nos seus traballos científicos e un 9,9% o galego e o castelán, de modo que un 12,2% do profesorado empregaría o galego na investigación, ben de modo exclusivo, ben en alternancia co castelán.

Estes datos reflicten unha baixa presenza do galego na docencia e na investigación. Reproducimos a continuación a táboa 4 das conclusións deste estudo (Álvarez Sousa 2005: 282).

Emprego maioritario do galego dos membros da UDC (2004)			
% membros da UDC que empregan o galego –falado ou escrito– maioritariamente	Colectivo		
	ALUMNADO	PAS	PDI
Falado	21,36	20,42	13,25
Escrito	9,60	31,22	7,17

Ante estes datos, o Plano de normalización lingüística (PNL) da Universidade da Coruña do 2006, marcou como un dos seus obxectivos o incremento do «uso da lingua galega como un dos idiomas instrumentais da docencia» e o aumento do «emprego da lingua

galega nas tarefas de investigación e de divulgación dos coñecementos científicos». Pretendíase, así, chegar, como mínimo, a un terzo de créditos troncais e obrigatorios «para seren impartidos en idioma galego, tanto en cada departamento como en cada titulación no seu conxunto» (PNL 46).

Mais, transcorridos uns dez anos desde a realización do estudo referido, cal é a situación actual do galego na docencia e na investigación? Chegouse a ese 33% de docencia en galego indicado no PNL?

Após o estudo de Álvarez Sousa (2005), non voltamos ter outra análise ampla e rigorosa sobre a situación lingüística da universidade, entre outras razóns pola falta de fontes de financiamento derivada da caída espectacular das partidas orzamentarias do SNL. Con todo, para nos facermos unha idea podemos achegar algúns datos recompilados ou elaborados neste servizo, ben como outros recollidos directamente das unidades administrativas correspondentes.

Canto ao uso das linguas na redacción das **guías docentes**, o SNL elaborou en decembro de 2013 un *Informe sobre a lingua de redacción das guías docentes e a lingua de impartición das aulas na Universidade da Coruña. Curso 2013-2014* que analiza 38 graos impartidos na UDC (prescinde dos tres de contido lingüístico-literario) e que fornece os seguintes datos: o 63,7% das guías docentes están español; en galego, o 25,8%; bilingües español-galego, 6,5%; e outras combinacións ou sen datos 4% (español-galego-inglés 0,3%, español-inglés 0,9%, galego-inglés 0,4%, inglés 0,3% e sen datos 2,1%).

Canto aos datos relativos á lingua en que se declara impartir a docencia nas guías docentes, este mesmo informe dá os seguintes no curso 2013-2014 para o conxunto deses 38 graos analizados: 40,8% das materias en español, 8% en galego, 24,2% en español e galego, 7,4% en galego, español e inglés, 3,4% en español e inglés, 1,2% en inglés, 0,3% en galego e inglés, 1,1% noutras combinacións, e 14% de materias en que non se declara a lingua de impartición da docencia. Tamén se dan datos por graos e se constatan grandes diferenzas entre uns e outros; por exemplo, os graos máis galeguizados serían Galego e Portugués, Educación Infantil, Educación Social, Educación Primaria, e Información e Documentación, en canto os máis castelanizados serían Enxeñaría Eléctrica, Economía, Terapia Ocupacional, Enxeñaría Electrónica Industrial, CC. Empresariais, e Enxeñaría de Obras Públicas.

Con todo, estes son datos declarados e non comprobados, de modo que se deben tomar con moitas cautelas. As guías docentes, certamente, non ofrecen datos de moita fiabi-

lidade, cando menos de momento, no relativo ao uso das linguas e tampouco temos as claves para podermos interpretar acaidamente ese 24% de materias impartidas nas dúas linguas oficiais (cal é a dominante, en que contextos se usan unha e outra etc.), mais seguramente esteamos aínda bastante lonxe dese terzo de docencia en galego marcado como obxectivo²¹.

Estes datos coinciden basicamente cos facilitados neste mesmo curso pola Vicerreitoría de Calidade, Títulos e Novas Tecnoloxías, que compara o uso das linguas oficiais nas guías docentes do curso 2013-2014 e do 2014-2015. No curso pasado habería 562 guías en galego (25%) e 1345 en español (68%), ficando un 7% para bilingües galego-español e outras linguas. Neste curso 2014-2015 estarían 1078 en galego e 1551 en español, entendendo que moitas están nas dúas linguas pois a suma total é de 1862; delas estarían só en español 42%, só en galego 17% e en ambas as linguas (e noutras linguas) 41%. Estes resultados prodúcense despois de se teren dado instrucións relativas á obriga de facer as guías docentes nas dúas linguas oficiais. Neste informe tamén se dan os datos por centros.


Os datos da lingua de docencia declarada nas guías docentes dos graos para o curso 2014-2015, facilitados pola Vicerreitoría de Calidade, Títulos e Novas Tecnoloxías, son os seguintes: só galego 257 (14%), só castelán 787 (41%), galego e castelán 537 (28%), non consta 313 (17%).

Véxanse as seguintes gráficas facilitadas pola Vicerreitoría (curso 2014-2015):


	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS	FRANCÉS	PORTUGUÉS
Número de guías en cada idioma	1080	1554	276	19	21
Número de guías que non contemplan ese idioma	817	343	1621	1878	1876
Número total de guías de todos os graos	1897	1897	1897	1897	1897
Porcentaxe por idioma	56,93%	81,92%	14,55%	1,00%	1,11%

²¹ Como elemento de comparación dentro do sistema universitario galego a Universidade de Santiago de Compostela imparte en galego un 23% das horas de docencia, fronte a un 74% en español, segundo datos elaborados polo Servizo de Normalización Lingüística desa universidade correspondentes ao presente curso e recollidos na súa revista dixital *O Cartafol*. De acordo coa mesma fonte, a porcentaxe de docencia en galego oscila entre o 17% do curso 2003-2004 e o 28,75% do curso 2010-2011. Véxase tamén Jiménez Aleixandre (2013: 66).


Idioma de reacción da guía docente (%)



Idioma de impartición




Idioma de reacción da guía docente (%)




Máis cautelas debemos ter aínda cos **datos fornecidos polo POD**, onde consta a lingua en que se imparte cada materia. Moitas veces este dato é preenchido polo persoal administrativo dos departamentos sen ter constancia expresa da lingua que usa cada profesor/a e outras veces faise de forma rotineira e descoidada, aínda que para este curso desde a Vicerreitoría de Profesorado se advertiu da necesidade de facelo con rigor. No curso pasado, 2013-2014, das 4361 materias impartidas no POD consta que 3482 (79,84%) foron impartidas en español, 650 en galego (14,90%), 196 en inglés (4,49%), 17 en francés (0,39%) e 16 en portugués (0,36%).

Para este curso 2014-2015 os datos da lingua en que se declara impartir a docencia no POD, facilitados pola Vicerreitoría de Calidade, Títulos e Novas Tecnoloxías, son os seguintes, en primeiro lugar por docentes nas diversas titulacións: no Grao só castelán 1801, só galego 291 e varios idiomas 203; no Mestrado só castelán 1165, só galego 175 e varios idiomas 58; fóra do EEES só castelán 631, só galego 64 e varios idiomas 27. En segundo lugar, estes son os datos por materias nas diversas titulacións: no Grao só castelán 1228, só galego 239, varios idiomas 383; no Mestrado só castelán 708, só galego 127 e varios idiomas 495; fóra do EEES só castelán 727, só galego 80 e varios idiomas 166.


Idioma no POD segundo o tipo de titulación (2014-2015)



Idioma das materias no POD segundo o tipo de titulación (2014-2015)



O cómputo global xuntando as tres titulacións (Grao, Mestrado e fôra do EEES) é o seguinte por docentes: só castelán 1349 (74%), só galego 160 (9%) e varios idiomas 304 (17%). Por materias: só castelán 2648 (65%), só galego 424 (10%) e varios idiomas 1046 (25%).



Como dato complementar, tamén podemos achegar os da redución da carga docente para o profesorado que se incorpora á docencia en galego por vez primeira. Esta medida comezou no curso 2008/09 con moita polémica e sen moito éxito (reducíanse 10 horas durante 2 anos)²². A partir do 2012/13 a redución pasou a 25 horas durante 3 anos, incorporando tamén o inglés a esta política. Pois ben, estes foron os resultados:

²² Como mostra das reticencias do profesorado, véxase a noticia publicada en *La Voz de Galicia* <http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2008/06/28/0003_6943251.htm>

- No curso 2012-2013 foron 12 as persoas que se acolleron a esta posibilidade en galego.
- 25 no curso 2013-2014
- 28 no 2014-2015.
- En inglés, das 12 persoas de 2013-2014 pasouse ás 92 do curso 2014-2015.

Canto á presenza do galego na investigación, é coñecido o sobranceo cada vez maior do inglés nas publicacións científicas, sobre todo en determinados ámbitos da ciencia, e as dificultades existentes para facer e difundir a investigación en lingua galega. Neste sentido, a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística acaba de publicar un estudo da profesora Alba Nogueira López (2013) onde se poñen de manifesto os nesgos contra a publicación científica en galego e se propoñen medidas para a súa superación.

Se neste estudo se constata que son poucas as teses que se presentan en galego no SUG (Nogueira López 2013: 29-30), na nosa universidade os datos tampouco son positivos. Segundo información facilitada no seu momento pola unidade de Terceiro Ciclo no período 1990-2007 léronse 482 teses na UDC, das cales 431 foron escritas en español, 28 en galego, 20 en inglés e 3 portugués, representando por tanto as feitas en galego o 5.8% do total. Nese espazo temporal de 18 anos leríanse 26,7 teses por ano de media e, segundo datos facilitados tamén ao SNL pola mesma unidade, no curso 2003-2004 léronse en galego cinco teses, no curso 2004-2005 unha, no 2005-2006 catro (unha da Área de Filoloxía Galega e Portuguesa), no 2006-2007 unha (desta mesma área de coñecemento) e no curso 2007-2008 tamén unha (da mesma área).

Por outro lado, no verán de 2013 a Vicerreitoría de Investigación facilitoulle ao SNL unha listaxe de 209 teses lidas na UDC en datas sen concretar, das cales 183 (87.5%) teñen o título en español, 15 en inglés (7.1%) e 8 en galego (3.8%), alén de 3 en portugués; das que están en galego, 3 corresponden á Área de Filoloxía Galega e Portuguesa e 5 a outras áreas.

A porcentaxe de entre 4% e 6% de teses que se len en galego na UDC representa a metade ou menos das que se len na USC (véxanse os datos en ocartafol.usc.es). Por outro lado, o escaso apoio institucional á promoción da investigación en galego contrasta co forte impulso que a Generalitat de Cataluña dá á investigación en catalán e á realización de teses de doutoramento nesa lingua, cuxo número se equipara coas feitas en castelán (Nogueira 2013: 34-35).

A modo de conclusión, no relativo á situación actual do galego na docencia da UDC, os datos manexados para a docencia só en galego van desde o 6,6% que figuraba no estudo de Álvarez Sousa (2005) até arredor do 14% que nos dan os datos das guías docentes deste curso e entre o 9% e o 10% do POD actual, o que pode significar que nestes anos se gañasen uns poucos puntos porcentuais, aínda que os estudos non son comparábeis. Mais poden indicarnos que nesa faixa que vai do 9% de docencia en galego (6,6% só galego + 2,4 maioritariamente en galego en Álvarez Sousa) ao 14% se debe mover o uso real do galego dentro das aulas. Ese 8% de materias que se declara impartir en lingua galega nas guías docentes no curso 2013-2014 e o 14% do curso 2014-2015 poden constituír o ‘chan’ que posúe a docencia en galego, xa que non tería sentido que o profesorado marcasse esta lingua como a de impartición da docencia se realmente non fose así, sobre todo tendo en conta que a información das guías vai dirixida basicamente ao alumnado e que este pode reclamar se non se cumprir.

Como logo as guías docentes recollen entre un 24,2% (curso 2013-2014) e un 28% (curso 2014-2015) de materias que se declara impartir nas dúas linguas, galego e castelán, coñecéndonos os hábitos de comportamento lingüístico que se adoitan dar na sociedade galega en conxunto e tamén entre o persoal docente, non semella moi estraño considerarmos que o castelán ocupará en moitos casos a parte central expositiva, en canto o galego máis ben se empregará para temas marxinais e para a parte interactiva, mesmo ás veces só para exemplos, anécdotas ou brincadeiras; por esta vía especulativa poderíase aventurar dous terzos do tempo das aulas en castelán e un terzo en galego, o que, sumado a aquel chan do 8%, nos situaría no contorno do 15% de docencia galego, dez puntos porcentuais por debaixo do que acostuma acontecer na USC, onde a docencia en galego flutúa entre o 20% e o 27% segundo os datos que anualmente nos fornece o seu SNL na revista dixital *O Cartafol*.

En fin, tanto a docencia como a investigación en lingua galega na UDC están nun nivel moi baixo e teñen unha ampla marxe de mellora, polo que cómpre repensarmos as posíbeis liñas de traballo a seguir.

V.- Balance e perspectivas de futuro

Após este repaso, a primeira conclusión que se pode tirar é que a normalización lingüística da UDC, e das universidades galegas en xeral, avanzou de xeito desigual no seo da comunidade universitaria.

A pesar de ter sido satisfactoria no ámbito da galeguización da actividade administrativa interna, en especial do persoal de administración e servizos, os seus resultados no

ámbito académico son insatisfactorios: sendo indubidábel o avance cualitativo no uso do galego (que é percibido de xeito normal), porén non se produciu un avance cuantitativo significativo. Nas aulas, o idioma preferentemente utilizado polo profesorado continúa a ser o castelán, sen que se atinxise o terzo de docencia en galego que se sinalaba no Plano de normalización lingüística da UDC do 2006. Alén disto, avanza o inglés como lingua vehicular do ensino e, nomeadamente, da investigación. Cómpre, pois, reforzar o compromiso institucional da UDC co incremento do uso do galego na docencia e na investigación (Freixeiro 2009), pois son moitas as razóns que o avalan (García Negro 2009).

As causas relevantes da baixa utilización do galego constitúen tamén os aspectos en que cómpre buscar novas focaxes de traballo.

En primeiro lugar, a normalización do galego no ámbito universitario non se pode contemplar de forma isolada, á marxe do conxunto da sociedade. Nomeadamente, resulta esencial un ensino básico e medio con forte presenza do galego, que cumpra a función de garantir a plena competencia oral e escrita do alumnado ao finalizar ese ciclo formativo, ao mesmo tempo que consolida o hábito de estudar e aprender en galego. Mais tamén ten moita importancia a saúde do idioma no resto dos ámbitos sociais, o seu prestixio e a imaxe que del se proxecta desde o poder institucional.

Moi particularmente, a política lingüística desenvolvida pola Xunta de Galicia para o ámbito universitario debe mudar radicalmente: do modelo fragmentado e «liberal» dos últimos vinte e cinco anos, consistente en subvencionar accións puntuais con recursos minguantes, debería pasarse a un modelo integral, capaz de fixar obxectivos lingüísticos e ferramentas comúns ás tres universidades; un modelo que impulsase o ámbito universitario galego como campo esencial do proceso normalizador da nosa lingua propia. De aí tamén a necesidade de coordinar as políticas lingüísticas das tres universidades e de potenciar a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, idea en que veu insistindo a profesora Sanmartín Rei (2007).

A alta implantación do galego alcanzada no ámbito administrativo interno contrasta coa escasa implantación no ámbito docente e investigador. Causa esencial disto é o modelo lingüístico das universidades do SUG. Á diferenza do que acontece no ensino primario e medio, onde se planifica, con maior ou menor acerto, o uso das linguas por parte do Goberno galego e do Parlamento, no ámbito do ensino superior proclamouse hai trinta anos a opcionalidade lingüística académica absoluta. Non hai itinerarios lingüísticos docentes e, ao mesmo tempo, os concursos de selección do persoal docente contemplan o coñecemento do galego como mérito, mais non como requisito. Nin hai

prazas docentes con perfil lingüístico nin está previsto a obriga de impartir aulas en galego. O uso desta lingua continúa a ser un «dereito», un empeño persoal non exento de certo «romantismo», que vai alén do máis en declinio²³.

Trinta anos despois, os resultados deste modelo evidencian os seus límites: non permiten ir alén no proceso de asentamento do galego como lingua vehicular do ensino e da investigación. Cómpre buscar alternativas, pois a lingua docente dos profesores e profesoras, como servidores públicos que son, pode someterse a avaliación no acceso, a concretas obrigas de uso (materias troncais, itinerarios completos) e a correlativos estímulos. É o momento de tentar unha combinatoria distinta destes aspectos, á vista dos escasos resultados ofrecidos polo «fomento» do uso do galego entre o profesorado. Como nos dicía hai uns anos neste mesmo foro Alfons Esteve (2009: 128), director do Servizo de Política Lingüística da Universidade de Valencia, «ou se asumen medidas valentes de política lingüística, en especial respecto ao persoal, ou será difícil conseguir unha normalidade lingüística». Resulta sintomático que desde o 2004 a Universitat de Barcelona exixa como requisito de acceso a todo o profesorado a acreditación do coñecemento das linguas castelá e catalá (Matas 209: 108) e non por iso deixa de ser a universidade de todo o Estado español con máis profesorado estranxeiro.

Debe estudarse a serio a creación de perfís lingüísticos do persoal docente e a súa integración en itinerarios²⁴, acompañándoos de novos incentivos ou complementos económicos ao profesorado que recompensen a dedicación no ámbito docente, e tamén no investigador. A propia habilitación legal que fai o artigo 89.4 da Lei 6/2013 así o permitiría. Xustamente neste momento está a comezar a negociación do novo Plan de financiamento do SUG para o período 2016-2020, e en tal sentido xa lle fixemos propostas á Xunta de Galicia para que se repense a consideración de indicadores de

²³ É sintomático que haxa aínda hoxe seis centros que non constituíron unha CNL que lle permite, como mínimo, dispor de 1500 ou 2000 euros para actividades vinculadas á normalización do galego. Que o alumnado non estea a ser, polo xeral, un axente importante da dinamización lingüística nos centros, como o foi noutroza, é tamén un sintoma preocupante que nos debe alertar sobre as grandes dificultades por que pasa o proceso de normalización, como tamén o é que continúen a ser referentes no uso do galego algúns profesores e profesoras que xa o eran hai 25 anos e que hoxe camiñan cara a unha próxima xubilación, sen se albiscaren moitas substitucións.

²⁴ A UDC, en concreto, non debe dilatar por máis tempo a ampliación da docencia en galego para conseguir ese 33% establecido no punto 3.2.c do seu PNL (2007 46), que di: «Establecemento dun mínimo de créditos troncais e obrigatorios, cando menos un terzo, para seren impartidos en idioma galego, tanto en cada departamento como en cada titulación no seu conxunto». Como primeiro paso habería que procurar que cando unha materia se dividise en dous grupos, un deles se impartise en galego. Deberase tender, pois, non só a medidas de promoción, mais tamén de acción.

calidade vinculados ao uso da lingua galega, que permitan achegar recursos en función da consecución de obxectivos normalizadores da actividade administrativa, da docencia e da investigación.

Cómpre tamén tentarmos conseguir realmente a apertura da Administración xeral do Estado ao plurilingüismo e ás culturas minoritarias con lingua propia, cousa que no ámbito universitario é especialmente importante pola repercusión no recoñecemento de sexenios, na acreditación do profesorado e na tradución de documentos e certificados académicos en galego²⁵.

Talvez sexa tamén a hora de irmos pensando en mudarmos a expresión «normalización lingüística» por «política lingüística», como fixeron a Universidade de Barcelona ou a de Valencia, por exemplo, pois iso presupón unha actuación transversal do máis alto nivel, que debería ir desde a implicación directa do reitor ou reitora e do equipo de goberno –mellor cunha vicerreitoría específica, como no caso vasco (Mees 2009)– á do Consello Social, a Xerencia e todos os demais órganos directivos. O SNL pasaría así a se denominar Servizo de Política Lingüística, inserido nunha vicerreitoría de PL e dirixido por un técnico ou técnica do seu cadro de persoal, que necesariamente debería ampliarse significativamente, asumindo tamén servizos relativos a outras linguas presentes na UDC (como nomeadamente o inglés), aínda que sempre coa revitalización da lingua galega como eixo principal. Tal servizo deberá manter unha relación horizontal cos outros servizos universitarios e terá como un dos seus obxectivos a procura da calidade lingüística de toda a documentación xerada na UDC.

Por último, non podemos desaproveitar as oportunidades abertas pola Lei 1/2014 verbo do mundo lusófono, co obxectivo de tentarmos prestixiar no ámbito académico o uso do galego.

Referencias bibliográficas

Álvarez Sousa, Antón (dir.) (2005): *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC).

²⁵ A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística celebrada o 2 de decembro do 2014 aprobou propoñerle á Administración xeral do Estado diversas mudanzas no proxecto de Real decreto polo que se modifica o Real decreto regulador da acreditación nacional do PDI, para que se valore o uso das linguas cooficiais no procedemento de acreditación. Igualmente, impulsouse unha proposta para que a avaliación dos tramos de investigación por parte da CNEAI sexa respectuosa cos contributos en linguas cooficiais e cos sistemas locais de coñecemento.

Amoedo Souto, Carlos Alberto (2010): «A comprensión xurídica da lingua galega como ben cultural», en Villares Naveira, Luís (coord.): *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo*: 73-128 (Santiago de Compostela: Laiovento).

Amoedo Souto, Carlos Alberto (2014): «El derecho de acceso a la cultura en España: diagnóstico y propuestas de estrategia jurídica», *Revista Vasca de Administración Pública* nº 99-100: 295-327.

Arzoz Santisteban, Xabier (2009): «Universidad y pluralismo lingüístico», en Julio Vicente González García (dir.): *Comentarios a la Ley Orgánica de Universidades*: 1125-1192 (Madrid: Thomson Reuters-Civitas).

Estévez Araújo, José Antonio (ed.) (2013): *El libro de los deberes. Las debilidades e insuficiencias de la estrategia de los derechos* (Madrid: Trotta).

Ferreira Fernández, Antonio Xavier / Nogueira López, Alba / Tato Plaza, Anxo / Villares Naveira, Luís (2005): *Estatuto xurídico da lingua galega* (Vigo: Xerais).

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009): «As linguas da docencia na Universidade da Coruña e o compromiso coa normalización do galego», en Mosquera Carregal, Xesús / Pino Ramos, Sara (eds.): 77-93.

García Negro, María Pilar (2009): «Razóns para o uso do galego na docencia universitaria e na investigación», en Mosquera Carregal, Xesús / Pino Ramos, Sara (eds.): 95-104.

Jiménez Aleixandre, Marilar (2013): «Un coñecemento sen límites. A escola pública galega, proxecto inacabado», *Grial* 200: 60-67.

Matas Dalmases, Jordi (2009): «A promoción do catalán no sistema universitario de Cataluña», en Mosquera Carregal, Xesús / Pino Ramos, Sara (eds.): 105-118.

Mees, Ludger (2009): «A política lingüística na Universidade do País Vasco. Logros e retos», en Mosquera Carregal, Xesús / Pino Ramos, Sara (eds.): 57-68.

Mosquera Carregal, Xesús / Pino Ramos, Sara (eds.) (2009): *Lingua e Docencia Universitaria. V Xornadas sobre Lingua e Usos* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC).

Nogueira López, Alba (2006): «Avaliación da actividade investigadora e dereitos lingüísticos», en Servizo de Normalización Lingüística da UDC (ed.): *Lingua e investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos*: 65-77.

Nogueira López, Alba (2011): «O réxime de acceso, provisión e mobilidade na lexislación autonómica de emprego público», *Dereito: Revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, n.º extra 1: 231-274.

Nogueira López, Alba (2012): «Article 8.1. Education», en Alba Nogueira López (coord.): *Shaping language rights: commentary on the European Charter for Regional or Minority Languages in light of the Committee of Experts' evaluation*, Council Of Europe Publishing: 248-288.

Nogueira López, Alba (2013): *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica* (Vigo: Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística).

PNL = *Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña*, 2007 (A Coruña: SNL da UDC)

PXNLG = *Plan xeral de normalización da lingua galega*, 2005 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

Sanmartín Rei, Goretti (2007): «A lingua nos diferentes niveis educativos. O ensino universitario», en Méndez, Iván / Sánchez, Amelia (eds.): *Lingua e Idade. III Xornadas sobre Lingua e Usos*: 61-66 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística/Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña).

Servizo de Normalización Lingüística da UDC (ed.) (2006): *Lingua e Investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da UDC).

Vernet i Llobet, Jaume (1999): «La enseñanza universitaria en la Ley de Política Lingüística», en *Estudios jurídicos sobre la ley de política lingüística*: 313-363 (Madrid: Institut d'Estudis Autònoms-Marcial Pons).

Villares Naveira, Luís (2011): «Estudo sobre a legalidade do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario. Unha perspectiva constitucional», en Villares Naveira, Luís (coord.): *Estudios xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo*: 9-56 (Santiago de Compostela: Laiovento).

Situación da política lingüística da Universidade do País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea

XABIER ETXANIZ

Vicerreitor da Universidade do País Vasco

O artigo primeiro dos Estatutos da Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea declara o seguinte:

Su actividad se dirigirá a satisfacer las necesidades de la sociedad vasca así como las derivadas de su historia y de sus transformaciones socioeconómicas, políticas y culturales, difundiendo en ella los conocimientos de la cultura y la ciencia universal, prestando atención principal a la cultura y a la lengua vasca.

Para máis adiante, no artigo 4 indicar que:

El euskera, como lengua propia del Pueblo Vasco, y el castellano son las lenguas oficiales de la UPV/EHU.

Como consecuencia disto a UPV/EHU debe prestar particular atención á lingua e cultura vascas, así como adoptar «las medidas oportunas, para la normalización del uso del euskera en la enseñanza universitaria, en la investigación científica y en la actividad administrativa y de servicios».

Neste sentido desde os seus comezos na década dos 80 ata hoxe en día, e sexa quen for o equipo reitoral, a UPV/EHU leva desenvolvido unha política lingüística co fin de garantir o uso das dúas linguas oficiais; así, e tal e como o indican os nosos estatutos, existe unha vicerreitoría de éuscaro que se encarga de promover, velar e facer cumprir as normas que nos impuxemos, nomeadamente as recollidas nos distintos plans de éuscaro que se aprobaron, con ampla maioría, no Consello de Goberno. Igualmente

todos os centros universitarios contan coa súa respectiva comisión de éuscaro, ao igual que os tres campus e a Comisión de Éuscaro da propia universidade.

En decembro de 2013 aprobouse o Plan director do éuscaro que está en vigor na actualidade, o primeiro adecuado ao espazo europeo de educación superior, e en cuxa introdución se indica que:

Todavía nos enfrentamos a importantes retos para lograr que toda la ciudadanía se sienta cómoda en su día a día tanto en euskara como en castellano. (...) para que el euskara pueda avanzar en la universidad es indispensable el compromiso no solo de sus representantes, sino también de todos los miembros de la UPV/EHU.

Para entendermos cal é a situación do éuscaro na UPV/EHU e a súa evolución, é imprescindible coñecer como mudou a sociedade vasca. Así, mentres no ano 1981 o 63,97% da poboación era castelanfalante, 30 anos máis tarde esa porcentaxe descendeu ata un 37,20%, tal e como se pode apreciar na seguinte táboa.

**Evolución da poboación de dous ou máis anos da comunidade autónoma de Euskadi
por nivel global de éuscaro (%)**

	1981	1986	1991	1996	2001	2006	2011
Euscaldúns	21,56	24,58	26,28	30,88	32,31	37,39	37,24
Case euscaldúns	14,47	17,42	19,84	19,72	23,12	22,14	25,55
Castelanfalantes	63,97	57,99	53,88	49,40	44,57	40,46	37,20
Total de persoas de dous e máis anos	2.076.448	2.089.995	2.068.927	2.062.525	2.033.247	2.072.541	2.119.586

Fonte: EUSTAT. Censo de Poboación e Vivenda 2001-2011 e Estatística de Poboación e Vivenda 1996-2006 www.eustat.es


Esta evolución foi moito maior no ámbito do **alumnado** universitario. Se temos en conta o número de persoas que realizou a proba de selectividade integramente en éuscaro, podemos apreciar que mentres no curso 1995/96 era un 27,20% das persoas presentadas, no curso 2013/14 esa porcentaxe subiu ata un 64,26%.

Estudiantes de selectividade

Curso	Total	Éuscaro	(%)
1995/1996	17.209	4.681	27,20 %
1996/1997	16.598	4.785	28,83 %
1997/1998	15.715	4.842	30,81 %
1998/1999	15.657	5.108	32,62 %
1999/2000	13.539	4.797	35,43 %
2000/2001	12.235	4.650	38,01 %
2001/2002	11.234	5.070	45,13 %
2002/2003	10.500	4.868	46,36 %
2003/2004	10.365	4.951	47,77 %
2004/2005	9.772	4.893	50,07 %
2005/2006	9.359	4.717	50,40 %
2006/2007	9.313	4.826	51,82 %
2007/2008	8.976	4.888	54,46 %
2008/2009	8.635	4.744	54,94 %
2009/2010	9.057	5.208	57,50 %
2010/2011	9.335	5.674	60,78 %
2011/2012	8.243	5.117	62,08 %
2012/2013	8.173	5.122	62,67 %
2013/2014	8.578	5.512	64,26 %

Como se pode apreciar é un incremento constante. Ora ben, esta porcentaxe non coincide coa de matriculacións en éuscaro na UPV/EHU entre outras razóns porque parte do alumnado vai estudar a outras universidades, hai alumnado doutras comunidades que vén á nosa universidade e porque sempre hai unha porcentaxe de persoas que aínda que realizara os seus estudos anteriormente en éuscaro non o fai así na universidade.

Alumnado de novo ingreso matriculado en éuscaro (%)



Así, por exemplo, no curso 2012/13 o 57% do alumnado cursou os seus estudos de bacharelato en éuscaro, o 62,67% realizou a proba de selectividade na devandita lingua, mais a porcentaxe de persoas que se matriculou para cursar os seus estudos universitarios en éuscaro superou lixeiramente o 48%.

Esta evolución que se deu entre o alumnado tamén se produciu entre o **profesorado** da UPV/EHU. A táboa seguinte reflicte o incremento de profesorado bilingüe (castelán-éuscaro) por área de coñecemento.

PDI en nómina a dedicación completa por campos científicos e perfil lingüístico (2006-2013)

Campo científico	Total 2006/2013	Bilingües 2006/2013	Bilingües (%) 2006/2013
Ciencias experimentais	462 / 506	145 / 212	31,39 / 41,89
Ensinanzas técnicas	795 / 865	225 / 385	28,30 / 44,50
Ciencias da saúde	221 / 295	52 / 113	23,53 / 38,30
Ciencias sociais e xurídicas	1037 / 1118	461 / 632	44,46 / 56,52
Humanidades	430 / 444	157 / 201	36,51 / 45,27
Total	2945 / 3228	1040 / 1542	35,31 / 47,76

Nela podemos observar que entre 2006 e 2013 a porcentaxe de profesorado bilingüe aumentou dun 35,3% a un 47,76 na actualidade.

Este incremento tamén se produciu entre o profesorado doutor con dedicación completa, pois se en 2006 tan só o 28% era bilingüe, en 2013 xa o era o 40%. Isto débese a dous factores: as novas incorporacións que se realizaron nos últimos anos foron case todas de profesorado bilingüe e porque o devandito profesorado é máis novo en idade e aínda se atopa en formación (existe un 25% do profesorado bilingüe que aínda non leu a súa tese de doutoramento fronte a un 20% do profesorado monolingüe).

Tocante á **oferta docente** que se realiza na UPV/EHU esta tamén evolucionou. Así, hoxe en día temos que o total de créditos para impartir é de 22 324 créditos. Deles 19 928,5 impártense en castelán (89,27%), en éuscaro 18 061 (80,90%) e noutros idiomas 1601 (7,17%). É dicir, a oferta en éuscaro supera o 82% do que se podería impartir na dita lingua, posto que tanto en éuscaro como en castelán o tope da oferta nunca é do 100% debido á oferta noutras linguas non oficiais.

Créditos todas as materias		
Castelán	19928,5	89,27%
Éuscaro	18061	80,90%
Ouros idiomas	1601	7,17%
TOTAL créditos en plans de estudos	22324	

Estes créditos quedan repartidos da seguinte maneira en función do tipo de materia:


Créditos por tipo de materia									
	Básica de rama		Básica doutras ramas		Obrigatoria		Optativa		Totais
Castelán	4586	97,68%	619,5	97,18%	10145,5	95,95%	4578	71,32%	19929
Éuscaro	4518	96,23%	607,5	95,29%	9312,5	88,07%	3623	56,45%	18061
Outros idiomas	540	11,50%	96	15,06%	803	7,59%	162	2,52%	1601
TOTAL de créditos en plans de estudos	4695		637,5		10573,5		6418		22324

Tal e como se observa nesta última táboa, o maior desequilibrio entre linguas prodúcese na optatividade e practicamente estamos por riba do 90% na oferta de éuscaro nas materias básicas e obrigatorias. Sexa como for, a meirande disparidade dáse na oferta de posgrao, onde os créditos en éuscaro roldan o 10% do total dos ofertados.

Con respecto ao **persoal de administración e servizos**, o índice de obrigatorio cumprimento é do 48,46%; é dicir, case a metade do persoal debe acreditar o coñecemento de éuscaro existente na súa praza (todas as prazas teñen un nivel mínimo de coñecemento). Ora ben, a realidade da CAV non coincide coa das persoas que acoden diariamente á universidade, a porcentaxe de persoas bilingües é moito maior na universidade e por iso cremos que as nosas esixencias deben ser superiores á da CAV.

Actualmente hai 1848 persoas a traballaren como PAS na UPV/EHU e están distribuídas do seguinte xeito en función dos grupos por titulación e acreditacións lingüísticas:

Persoas acreditadas



1. Doutoramento, licenciatura, enxeñaría, arquitectura: 305 de 401 persoas (o 76,05%)
2. Diplomatura, enxeñaría técnica: 111 de 147 persoas (o 75,51%)
3. Bacharelato superior, FP II: 450 de 636 persoas (o 70,75%)
4. Graduado escolar, FP I: 284 de 423 persoas (o 67,13%)
5. Certificado escolar: 170 de 241 persoas (o 70,53%).

Isto non supón que estas acreditacións correspondan coas que deberían ter os postos de traballo, senón que pode que haxa persoas ás que se lles esixa un nivel maior que o que posúen, mais a gráfica anterior serve para facérmonos unha idea da situación xeral do persoal de administración e servizos.



Por último con respecto ao **material docente** publicado en éuscaro, a UPV/EHU como única universidade pública da comunidade autónoma vasca debe responder ás necesidades docentes e á normalización lingüística publicando manuais internacionais de prestixio ou materiais docentes en éuscaro. Este é un labor que se non o realizase a universidade non podería levarse a cabo en moitos dos seus casos. Por poñer un exemplo recente, na primavera de 2014 publicouse en éuscaro o atlas de anatomía humana editado en castelán por Marbán. Trátase dunha obra de 726 páxinas, a toda cor, que

inclúe un apéndice cos termos en éuscaro, castelán, inglés e latín. O custo para non ter perdas por exemplar nunha editorial comercial superaría os 300 euros; o control de calidade e o prezo popular só o pode asegurar unha institución pública.

Por outra banda, o 43% das publicacións que realiza o servizo editorial da UPV/EHU son en éuscaro e desde o Servizo de Éuscaro impúlsase a corrección e publicación de apuntamentos docentes en lingua vasca (unhas 30 publicacións anuais), necesidade apurada polos novos plans de estudo.

Outro dos elementos esenciais para o desenvolvemento lingüístico corresponde á formación do **PAS**. Nestes momentos máis do 60% do persoal de administración e servizos ten data de preceptividade nos seus postos de traballo; isto é, deben dominar o nivel de éuscaro que ten a súa praza (na CAV todas as prazas da administración teñen algún nivel lingüístico). Os obxectivos formulados están vinculados coa relación que manteñen tales traballadores con outras persoas (alumnado, profesorado etc.) e para os levar a cabo hai proposta toda unha serie de medidas que van desde as liberacións para aprender a lingua ata cursos de dúas ou tres horas diarias, cursos específicos nos seus postos de traballo ou creación de materiais de apoio.

O 19 de decembro de 2013 foi aprobado pola xunta de goberno o novo **Plan director de éuscaro** da UPV/EHU, o instrumento principal que marca a política e as medidas en materia de normalización lingüística na universidade.

Este plan ten catro obxectivos xerais, que definen, en certo modo, a política da Universidade:

1. Asegurar a igualdade de elección lingüística na comunidade universitaria, tanto nunha como na outra lingua oficial.
2. Que o éuscaro sexa lingua de cultura da comunidade universitaria e a universidade faga a súa achega á normalización no ámbito que lle é propio: titulacións, docencia e investigación.
3. Fortalecer e cohesionar a comunidade de universitarios/as euscaldúns.
4. Que a UPV/EHU continúe a ser unha institución pioneira no desenvolvemento e a normalización do éuscaro. Así como adquirir o compromiso de impulsar e fortalecer a investigación en éuscaro.

E entre os obxectivos máis concretos podemos salientar:

- Establecer datas de preceptividade do 65 ao 70% dos postos do PAS.
- Ofrecer en éuscaro todos os créditos troncais e obrigatorios dos graos e dos posgraos con directrices profesionais, sempre que a demanda sexa suficiente.
- Incrementar como mínimo ao 52% o número de persoas bilingües no cadro do PDI.
- Fomentar as teses en éuscaro e impulsar a difusión da investigación.
- Utilizar o éuscaro nas comunicacións internas e externas da universidade.

Somos conscientes da dificultade dalgúns dos obxectivos, ás veces por problemas estruturais (estamos a crear a ciencia en éuscaro en moitos ámbitos; non hai estudos anteriores), legais (normativas que impiden a contratación de persoal, taxas de reposición etc.) ou económicos. Problemas que se acentúan na oferta de posgrao ou á hora de prestixiar as publicacións científicas en éuscaro.

Tamén somos conscientes das dificultades persoais que supón impartir materias con escaseza de materiais, léxico non formalizado... e, normalmente, con grupos numerosos de alumnos. Por todo iso, desde distintas instancias prémíase tal labor. Así, na valoración que se realiza para os complementos retributivos autonómicos ou na planificación da actividade docente tense en conta e prémíase o labor realizado en éuscaro.

Mais, para alén da implicación necesaria de cada persoa co fin de levar adiante todos estes proxectos, cómpre a implicación de todos e cada un dos distintos estamentos, centros, departamentos e servizos da Universidade (incluídos os servizos externos, como cafeterías ou reprografías, que tamén deben cumprir coa nosa normativa). A UPV/EHU conta cunha vicerreitoría de éuscaro (que na actualidade tamén se encarga da docencia en inglés, así como do Servizo Editorial) e dentro deste atópase o Servizo de Éuscaro (responsable da calidade das distintas publicacións, coordinar e supervisar a tradución de manuais, publicación de materiais docentes etc., ben como de ofrecer a través dos seus tradutores e intérpretes un servizo bilingüe á comunidade universitaria).

A nivel de Universidade existe unha comisión de éuscaro, composta por persoal de administración e servizos, profesorado e alumnado, e presidida polo vicerreitor de Éuscaro, que é o máximo órgano en materia lingüística. Ademais, en todos os campus, xunto cos centros, existe cadansúa comisión, ao igual que as comisións de normalización lingüística da Universidade da Coruña. Nestes intres propúxoselle a cada comisión de

centro que analice a situación e necesidades existentes para poderen realizar micropláns a nivel de centro, intercentros ou a nivel de campus, alén de achegaren ideas ou actuacións para toda a comunidade universitaria.

Independentemente do labor que realizan outras institucións da universidade, como a Cátedra Mikel Laboa para o impulso do folclore vasco ou o Instituto de Éuscaro cuxa principal achega se centra en traballos de lexicografía e publicacións de diversos dicionarios –un deles literario–, corresponde a cada centro e departamento, mais principalmente á Vicerreitoría de Éuscaro, financiar e levar a cabo distintas propostas. Así, á parte do financiamento ordinario con que conta a mencionada vicerreitoría, dentro do plan universitario acordado co Goberno vasco existen partidas concretas para a realización de teses de doutoramento en éuscaro (neste momento hai algo máis dunha vintena de persoas contratadas para tal fin), publicacións de materiais, ferramentas informáticas, cursos de formación para o persoal universitario etc.; ademais, do acordo existente co Instituto Vasco para a Administración Pública, encargado, entre outras cuestións, da euscaldunización do persoal de administración e servizos.

De todos os xeitos, non podemos obviar que existe toda unha serie de problemas, alén da dificultade que ten a comprensión do éuscaro para aquelas persoas que non o coñecen, aos que deberemos tentar procurar unha solución entre todos, como son a oferta docente en posgraos, onde, xunto coa oferta en castelán e éuscaro tamén hai que ter presente a oferta en inglés. Por outra banda, é importante aumentar e dar a coñecer os avances en materiais docentes, publicacións de manuais etc. que se están a realizar, posto que esta é unha das razóns polas que algúns dos nosos alumnos deciden estudar noutros idiomas. Trátase dun labor en que, como indicamos anteriormente, non debemos aspirar a obter réditos económicos, senón como un investimento de país e a longo prazo.

Igualmente debemos mellorar as condicións e os currículos dos novos profesores bilingües; persoas que teñen unha gran cantidade de carga docente con grupos bastante numerosos e que, amais diso, na meirande parte dos casos deben desenvolver a súa carreira universitaria.

Mais, sen dúbida, o maior reto con que nos atopamos actualmente é aumentar o uso do éuscaro con normalidade na universidade, que pase de ser unha lingua de coñecemento a unha lingua de uso en moitos ámbitos. Nesta angueira é importante o labor de todas aquelas persoas que critican, comentan, quéixanse... pola situación lingüística, persoas que a través de diversos instrumentos (*Elebide* do Goberno vasco ou o *Euskal Hiztunentzako Bulegoa* da UPV/EHU, entre outros) canalizan as súas propostas para que continuemos mellorando e avanzando.

O obxectivo final sería que calquera persoa que acuda á Universidade do País Vasco se sinta cómoda e a gusto en calquera das dúas linguas oficiais da nosa comunidade, sen imposicións, con liberdade.

Os límites da política lingüística*

ESPERANZA ACÍN VILLA

Profesora da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña

Estamos a celebrar as XI Xornadas sobre Lingua e Usos, ás que este ano se lles deu unha relevancia especial dentro dos actos conmemorativos dos 25 anos da Universidade da Coruña. É por iso que quero manifestar a miña especial satisfacción por participar activamente desta celebración e o meu agradecemento ás persoas que me convidaron a formar parte desta mesa redonda, especialmente ao meu compañeiro, o profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato.

E como dunha mesa redonda se trata, que ademais leva por título «A política lingüística da UDC a debate», a miña intervención inicial vai ser breve, á espera de que se estableza realmente un debate tras as intervencións dos meus compañeiros e poder falar de novo.

Así pois, vou expor unha serie de reflexións persoais ao redor das medidas que se levan a cabo na Universidade en cuestións lingüísticas, non sen antes proporcionar algúns datos contextualizadores: non son galega, procedo dunha comunidade autónoma monolingüe castelá, son profesora titular de Lingua Española, e o meu lugar de traballo é Facultade de Filoloxía, á que pertenzo desde 1991.

* Texto orixinalmente escrito en castelán e traducido polo editor co consentimento da autora.

A UDC, fiel ao compromiso recollido nos seus estatutos de promover e favorecer o uso da lingua galega¹ desenvolveu unha política lingüística dirixida a lograr a normalización da lingua galega na institución, que se traduciu nunha serie de medidas orientadas a incentivar o uso do galego.

A principal medida sen dúbida foi o Plan de normalización lingüística da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 14 de decembro de 2006, ao abeiro do cal se levan desenvolvido todas as accións en prol desa normalización lingüística, que van desde a concesión de premios ou axudas para teses, traballos de fin de mestrado ou de grao que se escriban en galego, ata reducións de carga lectiva para os docentes que impartan clase nesa lingua, pasando por múltiples iniciativas concretas que incentivan o uso da lingua galega. (véxase, como exemplo concreto as «Medidas do PNL para o curso 2007-08», publicadas en <<http://www.udc.gal/snl/documentospdf/medidas.pdf>>, medidas que abranguen todos os ámbitos universitarios practicamente).

Un ano antes da aprobación deste plan, o profesor Álvarez Sousa, que nos acompaña nesta mesa redonda, publicou un estudo sociolingüístico da UDC, que se tomou como punto de partida para a elaboración do mencionado plan de normalización.

Pasaron case dez anos desde aquela e descoñezo se se fixeron estudos similares con posterioridade para medir o uso da lingua galega logo da aprobación do plan de normalización e comprobar a súa eficacia. O que si é evidente, e neste sentido hai que afirmar que a política lingüística da universidade vai na liña pretendida en canto á normalización, é que o galego se usa na universidade. Toda a documentación está en galego, a páxina web, por defecto, informa en galego. Ata as guías docentes, van «por imperativo legal» nesta lingua. A Universidade, por tanto, móstrase en galego. Coido que se pode afirmar que a UDC cumpre co seu compromiso de incentivar, fomentar e favorecer o uso da lingua galega, o cal é en suma o obxectivo do Plan de normalización lingüística².

¹ Artigo 5

1.- Na Universidade da Coruña serán linguas oficiais as recoñecidas no Estatuto de autonomía de Galicia, sen que se poida facer discriminación por razóns de uso de calquera delas.

2.- A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentará o seu uso en todas as súas actividades. Dispoñible en <http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/xeral/estatutos_vr.pdf>

² Na enumeración dos obxectivos do PNL os verbos utilizados son *propiciar*, *promover*, *difundir*, *impulsar*, *implicar*, verbos todos eles relacionados coa invitación, nunca coa imposición (<http://www.udc.gal/snl/plano_texto.html>)

Imaxino que os meus interlocutores, e unha boa parte do público, me responderán que o alcanzado é insuficiente; que o desexable sería que houbese máis docencia en galego, máis publicacións e que se oíse máis esta lingua en todas as dependencias universitarias. Fronte a este desexo, hai unha serie de feitos que ben poderían ser eses límites da política lingüística, frase que empreguei como título á contribución que estou a expor. Enumerarei algúns deses trazos que caracterizan a nosa realidade lingüística e que, penso, hai que ter en conta para explicar esa realidade:

- A UDC está situada na Coruña, cidade castelanfalante e a universidade non é nin debe ser allea ao seu contorno. A isto hai que engadir que a institución acolle moitas persoas que non son galegas, tanto docentes como alumnado.
- Coma na cidade, na universidade a lingua non constitúe motivo de conflito, convivimos pacificamente galegofalantes e castelanfalantes, participamos en conversas bilingües sen ningún problema, respectamos que o outro fale a outra lingua. Poderíase dicir que só xorde conflito cando somos obxecto dalgunha «imposición». A modo de exemplo, lembrarei o malestar xerado entre o profesorado o curso pasado cando se nos indicou a obrigatoriedade de escribir as guías docentes nas dúas linguas. No noso descargo sinalarei que a protesta non era polas linguas, senón polo traballo extra que supuña, xa que ata daquela o xeral é que estivesen escritas nunha soa.
- Do mesmo modo que non é razón de conflito, a lingua tampouco é un tema estratéxico para a maioría da poboación universitaria: os estudantes preocupáanse principalmente por estudar e sacar as mellores notas posibles; o profesorado está pendente de impartir as aulas o mellor que pode e tentar dispor de tempo para incrementar o seu currículo investigador; e imaxino que o persoal de administración e servizos tratará de desempeñar o seu traballo o mellor posible.
- E xa que mencionei a investigación, apuntarei que nese campo se se quere dar certo alcance ás publicacións, as linguas prioritarias, salvo para un reducido número de áreas humanísticas, son o español e, sobre todo, o inglés, polo que agardar que aumenten as publicacións en lingua galega é cando menos romántico, e non están os tempos para romanticismos.
- Outro aspecto que non querría deixar de mencionar é que en Galicia, en xeral, e tamén na universidade, hai unha tendencia a identificar lingua e ideoloxía, de maneira que falar galego clasifica a quen o fai nun grupo determinado, nacionalista e de esquerdas. Esta identificación repercute negativamente sobre

a propia lingua galega, e constitúe un obstáculo para aqueles que o falarían e non o fan porque non se identifican con ese grupo e non desexan que se lles identifique.

- Para rematar, o que se pode entender como unha relación de inconvenientes, quero deixar constancia, a pesar do dito, de que a miña percepción é que as persoas que non falan ou non falamos galego na universidade non é por mala fe, nin por actitude de rexeitamento; coido que cadaquén emprega a lingua en que se sente máis cómodo, a que lle é máis fácil e a que lle resulta máis eficaz nos diferentes ámbitos, e esta lingua adoita ser a lingua materna.

Como conclusión: a UDC está «suficientemente normalizada», o galego é a súa lingua oficial e así se mostra. A través da súa política lingüística pon todos os medios para promover, difundir, incentivar o uso da lingua galega. Máis alá disto, cada persoa é libre para utilizar a lingua que queira, galego ou español, para se expresar, para escribir, para dar clase. E esta liberdade está apoiada pola Constitución española³ e polo propio Estatuto de autonomía de Galicia⁴.

E é o momento en que a política lingüística debe orientarse tamén cara á lingua inglesa, se queremos que a nosa universidade se internacionalice realmente, e neste punto xusto é recoñecer que nos últimos anos xa se están a levar a cabo iniciativas interesantes neste sentido.

³ Artigo 3

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.

2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.

Dispoñible en: <<http://www.tribunalconstitucional.es/es/constitucion/Paginas/ConstitucionGallego.aspx>>

⁴ Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.

2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán a utilización do galego en todas os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Coñecemento e uso do galego na Universidade da Coruña. A influencia da globalización

ANTÓN ÁLVAREZ SOUSA

Catedrático de Socioloxía da Universidade da Coruña

Resumo

O obxectivo desta investigación é analizar o coñecemento e uso do galego na UDC polos distintos colectivos (PDI, estudantes e PAS). Partimos da teoría de sistemas e das linguas minorizadas e consideramos que o galego é unha lingua maioritaria –se a consideramos desde o coñecemento– pero minorizada se a consideramos desde o emprego debido á situación de diglosia. No caso da Universidade, aínda que se están seguindo procesos de planificación para que sexa coñecida e empregada cada vez por máis persoas, o caso é que debido ao proceso de colonización lingüística no pasado e ao proceso de globalización na actualidade, o galego aínda que é coñecido por un amplo número de persoas, só é empregado por unha pequena porcentaxe. En determinados usos como é a produción científica, debido ao proceso de meritización en que está envolta a universidade, no futuro o seu emprego será practicamente nulo. O proceso de globalización fai que varias linguas, entre elas o galego, estean en risco de extinción para determinadas funcións da lingua. Empregamos metodoloxías cuantitativas (enquisa ao profesorado, alumnado e PAS; relación de profesores que a empregan segundo consta no POD) e cualitativas (entrevistas en profundidade a membros do PDI). Os resultados confirman as hipóteses de partida, sendo empregada por unha pequena porcentaxe, ademais apenas é empregada como lingua de produción científica. Os membros da universidade e os resultados dos programas de homoxeneización científica demostran que a pesar de que a universidade pode contribuír a cambiar a situación, a súa capacidade é pequena dentro do sistema de poder existente na actualidade. Os membros da UDC consideran que é imprescindible a política lingüística que está levando a cabo a institución para manter a situación existente e melloralala significativamente na impartición da docencia, pero ven imposible que se empregue no futuro como lingua de produción científica; nesta función espérase un decrecemento total.

Palabras chave

Teoría de sistemas; linguas minorizadas; diglosia; globalización; sociedade do risco; galego.

1. Introducción-obxectivos

Nesta investigación partiremos das distintas funcións que se lle poden atribuír á lingua galega para irmos analizando como se comportan os distintos colectivos (alumnado, persoal docente e investigador –PDI–, persoal de administración e servizos –PAS–) da Universidade da Coruña (UDC) ante cada unha das funcións. Ademais, dentro de cada colectivo é necesario diferenciar as diversas condicións sociais de existencia¹ das persoas que integran cada un deles e que condicionan o seu *habitus* e, por tanto, o seu estilo de vida, a imaxe de si mesmas e a lingua que empregan.

Todo isto hai que enmarcalo dentro do contexto galego, a Universidade da Coruña está situada nas cidades da Coruña e Ferrol e o idioma que se fala na universidade non pode estar á marxe do contexto social de que esta institución forma parte activa. Desde a teoría de sistemas temos que dicir que, ao mesmo tempo que a universidade está influenciada por ese contexto, tamén está a influenciar nel. Trátase de analizar en que medida a súa capacidade de influencia pode cambiar a situación global da lingua ou ben a súa incidencia é pouco significativa.

Coa chegada da democracia e o desenvolvemento das leis que se derivan do seu recoñecemento como unha comunidade autónoma e unha nacionalidade histórica, o galego pasa a ser lingua oficial en Galicia. Os centros de ensino teñen a obriga de se preocuparen por este tema e promocionaren o emprego do galego nas súas actividades académicas, administrativas e culturais, e a intervención na sociedade para que esta lingua sexa empregada e camiñe cara a un proceso de normalización lingüística axeitado. Os obxectivos que nos marcamos nesta investigación son os seguintes:

- En que grao os membros da UDC entenden galego, se o saben falar, se o saben ler e escribir.
- Non obstante, unha cousa é coñecelo e outra distinta é empregalo nas diversas funcións da comunicación.

¹ Cfr: Bourdieu, P. (1991): *La distinction. Criterio y bases sociales del gusto* (Madrid: Taurus).

- Porén, sabemos que ademais das diferenzas que se poidan dar entre as persoas como integrantes dun colectivo (ou se se comparan varios –alumnado, PAS, PDI–), no tocante ao coñecemento, ao uso e ás actitudes lingüísticas existen tamén diferenzas entre elas, que veñen motivadas polas súas condicións sociais de existencia.
- Que pensan os membros do PDI sobre o futuro do galego na UDC como lingua para o ensino e para produción científica.
- En que medida está influíndo o Servizo de Normalización Lingüística no coñecemento e uso do galego e que importancia lle dan os profesores que imparten docencia en galego.

2. Marco teórico

2.1. Cambio social e consumo lingüístico

O coñecemento dunha lingua, o uso e as actitudes ante ela non poden considerarse como un sistema independente, senón que forman parte da estrutura da sociedade e, por tanto, os cambios na estrutura da sociedade están a lle afectar á lingua. O problema da diglosia² nas linguas e o caso do galego é un problema que está amplamente recoñecido.

O galego era unha lingua falada sobre todo no ámbito rural, da que existía un baixo coñecemento da escritura. Os grandes cambios acontecidos na sociedade galega desde a década dos sesenta do século XX están condicionando a lingua de xeito importante. Estes cambios podémolos relacionar cos seguintes aspectos:

- O paso da sociedade tradicional –rural– á sociedade moderna –urbana– e á posmoderna –rururbanización da sociedade–.
- O proceso de autonomía que trouxo consigo a formación dun goberno propio e a consideración da lingua como elemento unificador da comunidade autó-

² Marfany, J. L. (2008): *Llengua, nació i diglosia* (Barcelona: L'avenç); Figueroa, A. (1988): *Diglosia e texto* (Vigo: Xerais); Herrero Valerio, M. (1997): *A centralização do ceneito «diglosia» na intervenção discursiva sobre a lingua na Galiza. Apontamentos para uma sistematização* (Valencia: Centro de Estudios sobre Comunicación Interlingüística e Intercultural).

noma, que tiña neste elemento o compoñente fundamental da súa identidade. Relacionado con este tema está o proceso de normalización lingüística.

- O proceso de globalización e a función de morte das linguas que está recollido en distintos informes da UNESCO.

Na década dos sesenta, cando se iniciou o cambio social en Galicia, o rural significaba o atrasado, o pobre, o negativo, aquilo do que había que fuxir. O galego estaba asociado co rural e, por tanto, a lingua tamén experimentou un certo rexeitamento.

Porén, nos anos noventa comeza a se dar un novo proceso que está relacionado co paso da sociedade moderna á sociedade posmoderna: o campo e os seus atributos comezan a ser valorados de xeito positivo fronte á cidade, e dáse un retorno romántico aos valores tradicionais agora vivenciados doutro xeito. Ao mesmo tempo que se dá un proceso de sustentabilidade no eido do medio ambiente, tamén se dá un proceso de conservación das culturas e as linguas, unha volta á «autenticidade». O galego pasa a ser valorado como algo positivo que hai que conservar. Isto entronca coa situación de implantación da autonomía e co proceso de normalización lingüística que se estaba dando en Galicia.

O paso da Galicia tradicional á Galicia moderna e posmoderna non só está asociado coa concentración da poboación nas grandes cidades galegas, senón tamén co cambio de ocupación; dunha poboación que se dedicaba fundamentalmente ao sector agrícola, pasouse a unha poboación que a principios do século XXI se dedica fundamentalmente ao sector dos servizos.

Ora ben, o posmoderno tamén está asociado ao proceso de globalización, segundo o cal son as estruturas dominantes do sistema as que acaban por uniformizar o mundo, entre eles está o proceso de globalización lingüística que está levando a que una gran parte das linguas do mundo entren en proceso de desaparición. Entre elas o galego está chamado a ser unha desas linguas. A globalización entraña así un gran risco³ que afecta á cultura, á comunicación e ás linguas. Neste sentido, a UNESCO, ao analizar os datos das linguas no mundo considera que hai linguas vulnerables, en perigo, en perigo grave, en perigo crítico e extintas. Os datos da UDC poden darnos luz sobre a situación do galego nesta clasificación.

³ Beck, U. (2006): *La sociedad del riesgo* (Madrid: Siglo XXI).

2.2. *Funcións da lingua*

Co fin de concretarmos as distintas funcións, retomamos a teoría de Sánchez Carrión que, desde unha postura sociolingüística, diferencia varias funcións da lingua que resultan analiticamente acaídas para estudarmos o uso dunha lingua como é o caso do galego. As funcións que diferencia son as seguintes⁴:

- Función de identidade: fai referencia ao interior do individuo, en canto que a lingua lle serve como canle de articulación do seu pensamento.
- Función familiar: a lingua serve para comunicarse na familia e é, por tanto, unha función afectiva moi importante para a estabilidade da persoa. Cada vez é menor o número de persoas que aprende a falar en galego no seo da familia e, por tanto, é menos empregado o galego como lingua familiar. Como familiar tamén imos incluír aquí a parella e as amizades.
- Función local: refírese á lingua que falamos no noso contorno máis inmediato, un contorno que conforman os/as veciños/as onde desenvolvemos a vida cotiá.
- Función laboral: supón a lingua que se emprega no mundo do traballo. Ás veces pode confundirse coa institucional no caso de membros da comunidade universitaria, mais temos que diferenciar a lingua que se emprega cando se fala cos/as compañeiros/as do traballo da que se emprega para comunicarse coa institución universitaria.
- Función institucional: é a que se emprega para a comunicación entre o individuo e os diferentes estamentos institucionais da sociedade: económicos, relixiosos, policiais, educativos etc. –Administración en xeral–.
- A función científico-cultural é aquela que serve para os membros dunha comunidade se formaren e formaren mensaxes estético-culturais, así como conceptos científicos das distintas disciplinas do saber.
- Función internacional: dáse cando as persoas dunha lingua aprenden outra distinta para se comunicaren con persoas desoutra lingua ou ben dunha terceira lingua, distinta, e que a aprenden para poderen comunicarse en diversos

⁴ Cfr. Sánchez Carrión, J. M. (1987): *Un futuro para nuestro pasado* (edic. do autor), Estella (Navarra).

contextos. Como exemplo temos o inglés que na actualidade os/as galegos/as aprenden para se comunicaren con persoas de fala inglesa, con persoas de fala distinta da inglesa pero ás que lles serve como unha lingua en que se entenden mutuamente. Esta función está reservada a un pequeno número de linguas.

Como non podemos separar a lingua da sociedade, as distintas funcións que desempeña unha lingua están influenciadas pola situación que ocupa esa sociedade dentro da distribución da riqueza e do poder no mundo. Máis que dunha cuestión fundamentalmente lingüística de desenvolvemento dunha lingua en termos esencialistas-ontolóxicos, trátase dunha cuestión social que ten a súa orixe na xénese da estrutura desa sociedade.

2.3. *Condicións sociais de existencia e comportamento lingüístico*

Non todos os grupos sociais teñen a mesma probabilidade de coñecer, falaren, ler ou escribiren en galego nin de amosaren a mesma vontade ante a formación e a aprendizaxe do galego. Asemade, cómpre termos en conta que algúns poden preferir esta lingua en determinados contextos e outros noutros contextos diferentes. De aí que sexa necesario analizarmos as diferenzas no comportamento lingüístico das persoas como posuidoras dun status, en canto que pertencen a un grupo social que os está a condicionar. Teñamos en conta que o feito de ter un determinado status de partida leva a preferir unha lingua ou outra, e mesmo a ter preferencia por unha lingua nun determinado contexto onde a persoa desempeña un papel concreto e a preferir outra noutro contexto onde desempeña un rol diferente.

Analizar o comportamento lingüístico pasa por ter en conta os distintos grupos sociais e as súas diferenzas, que se basean na idade, no sexo, no hábitat, na herdanza familiar –condicións sociais de existencia dos pais como son a profesión e os estudos–, ideoloxía etc., aspectos todos eles dos que, se falamos en terminoloxía de Linton, podemos dicir que compoñen o *status social* xeral da persoa. Bourdieu⁵ fálanos da *clase e do habitus*, Blau⁶ da *estrutura social*.

⁵ Bourdieu, P. (2012): *La distinción: criterio y bases sociales del gusto* (Madrid: Taurus).

⁶ Blau, P. (ed.) (1975): *Aporoaches to the study of social structure* (Nova York: Free Press).

2.4. *Hipóteses*

Das teorías existentes poden derivarse as seguintes hipóteses:

- O galego é unha lingua minorizada que fai que se ben é coñecida por un amplo número dos distintos membros dos colectivos da UDC, só é empregada por unha reducida porcentaxe.
- Os colectivos que máis a empregan son os que proceden das zonas rurais de Galicia ou os que proceden de zonas urbanas pero teñen unha elevada conciencia política de Galicia como diferente de España.
- Nas traxectorias de vida podemos ver que o galego se encadra dentro das linguas que a UNESCO denomina en perigo grave: a medida que vai pasando dunhas xeracións a outras, vaise perdendo o uso, sendo xa pouco empregada polos mozos.
- A universidade pode actuar para mellorar a situación de forma limitada, facendo que se incremente a porcentaxe de profesores que imparte docencia en galego, pero pouco pode facer por incrementar o galego como lingua de comunicación da produción científica.

3. **Metodoloxía**

A metodoloxía empregada está baseada en técnicas cuantitativas e cualitativas, as cuantitativas están baseadas nunha enquisa feita aos distintos colectivos da UDC (PDI, estudantes, PAS) e nos datos de recuento do emprego do galego segundo as guías docentes dos profesores. A metodoloxía cualitativa consiste en historias de vida-entrevistas en profundidade feitas a dez profesores da UDC dos campus de Ferrol e da Coruña.

A mostra do alumnado consistiu en 2011 entrevistas, o PDI en 553 e o PAS en 432 entrevistas.

Táboa 1: Tamaño da mostra

			Sector		
			Alumnado	PDI	PAS
Sexo	Muller	Reconto	1161	183	271
		%	57,7	33,1	62,7
	Home	Reconto	850	370	161
		%	42,3	66,9	37,3
Total		Reconto	2011	553	432
		%	100	100	100

Fixéronse entrevistas cualitativas a 10 profesores en que se lles preguntaba pola historia de vida enfocada ao coñecemento e uso do galego na familia tendente a reflexionar sobre a situación do galego segundo as categorías da UNESCO. Logo preguntouse polo elemento desencadeante para impartir clases en galego, polo coñecemento da política lingüística da UDC e pola publicación científica en galego. Dous profesores son do campus de Ferrol, dous de Oza, dous da Zapateira e 4 do campus de Elviña.

4. Resultados da análise cuantitativa

4.1. Coñecemento do galego

Para analizarmos o coñecemento do galego centrarémonos en catro parámetros básicos: entendela, sabelo falar, sabelo ler e sabelo escribir. De cada un deles analizamos en que medida se coñece moi ben, ben, regular ou mal. Comezamos dando conta da suma das categorías ‘moi ben’ + ‘ben’ e consideramos que esas persoas teñen coñecementos do galego.

Táboa 2: Comprensión do galego dos membros da UDC

% que entende, sabe falar, sabe ler e sabe escribir en galego ('moi ben' + 'ben')	Colectivos		
	Alumnado	PAS	PDI
Entende	95,97	95,38	92,43
Sabe falar	79,71	68,82	58,84
Sabe ler	92,84	92,15	85,14
Sabe escribir	82,99	70,60	47,11

No cadro anterior pódese apreciar a estrutura que está a tomar a lingua galega na actualidade, de tal xeito que a porcentaxe dos distintos colectivos que o saben falar é inferior xa á dos que o saben ler, no caso do alumnado –que é quen vai marcar a pauta do futuro– e no caso do PAS é mesmo inferior á das persoas que o saben escribir.

Se diferenciamos a socialización en galego como lingua materna e a socialización en galego como lingua aprendida, resulta unha gran diferenza entre o galego que se coñece en xeral en Galicia e o galego dos/as universitarios/as: o galego na poboación en xeral é froito dunha aprendizaxe como lingua materna, e o galego que se coñece na universidade consiste nunha lingua aprendida despois dun primeiro proceso de socialización. Isto reflíctese no seguinte cadro que expón a orde do coñecemento do galego en Galicia en comparación cos membros da Universidade da Coruña.

Esquema 1: Orde que ocupan os distintos tipos de coñecemento do galego segundo o colectivo universitario

	Orde			
	1.º	2.º	3.º	4.º
Galicia (datos do Censo do ano 2001)	Entende	Sabe falar	Sabe ler	Sabe escribir
Alumnado da UDC	Entende	Sabe ler	Sabe escribir	Sabe falar
PDI da UDC	Entende	Sabe ler	Sabe falar	Sabe escribir
PAS da UDC	Entende	Sabe ler	Sabe escribir	Sabe falar

Unha lingua materna primeiro sábese falar, despois ler e despois escribir. Unha lingua que é aprendida con posterioridade na academia e non de xeito vivo primeiro sábese ler, despois escribir, e falala resulta o máis difícil.

4.2. Idioma falado ou escrito maioritariamente


Análise descritiva

Ademais de considerar o emprego do galego en ambientes específicos, é interesante ter coñecemento do uso daquelas persoas que falan ou escriben maioritariamente en galego, así como das razóns que aducen para facelo.

Táboa 3: Emprego maioritario do galego dos membros da UDC

% membros da UDC que empregan o galego –falado ou escrito– maioritariamente	Colectivos		
	Alumnado	PAS	PDI
Falado	21,36	20,42	13,25
Escrito	9,60	31,22	7,17

Estas porcentaxes que saíron da enquisa son bastante similares ás que se poden extraer da análise do POD do idioma en que se imparte a docencia para o ano 2014. Un 13% dos docentes imparte a materia só en galego, e un 13% dos membros do PDI dinos que emprega o galego maioritariamente.

Gráfico 1: Idioma en que se imparte a docencia na UDC

O alumnado é o colectivo que máis fala o galego maioritariamente, seguido polos membros do PAS e do PDI. Porén, as persoas que máis o empregan no ámbito da escritura son os membros do PAS, a moita distancia do alumnado e do PDI. Isto vén motivado, sen dúbida, pola obriga que existe para este colectivo de redactar os documentos administrativos en galego. Aínda así, a porcentaxe é moi baixa e non chega a acadar, no caso do PAS, a razón de 1/3.

O *costume e a comodidade* son as razóns máis xeneralizadas que se indican para falar o galego ou o castelán. No caso da escritura acada valores máis altos a razón de considerar que é a súa lingua propia.

Táboa 4: Razóns polas que *fala* maioritariamente en galego

	Alumnado	PDI	PAS
Por costume, por comodidade	90,65	83,82	81,61
Por ser a miña lingua propia	88,7	84,7	86,0
Por posuír un deficiente dominio do castelán falado	11,82	0,00	1,16

Táboa 5: Razóns polas que *usa* maioritariamente o galego na *escrita*

	Alumnado	PDI	PAS
Por costume, por comodidade	81,96	66,67	54,48
Por ser a miña lingua propia	86,84	88,89	57,89
Por posuír un deficiente dominio do castelán escrito	7,0	0,0	1,5

Con respecto á relación entre fala e escrita, nos tres colectivos –alumnado, PDI e PAS– soamente unha porcentaxe inferior ao 50% das persoas que empregan o galego na fala o mantén na escrita. No caso do alumnado, do 21,3% que o emprega na fala, soamente un 8,5% o segue a manter na escrita. No caso do PDI, dun 20,5% soamente o mantén un 13,8%; o 17,9% restante, ata chegar ao 31,7%, que o emprega na escrita, procede de xente que fala en castelán pero escribe en galego. É dicir, temos unha porcentaxe superior de PAS que fala castelán e escribe en galego que de PAS que fala en galego e escribe en galego.

Táboa 6: Cruzamento do emprego na fala e na escritura polo alumnado

Alumnado		Emprega maioritariamente na escrita			
		Galego	Castelán	NS/NC	Total
Emprega maioritariamente na fala	Galego	8,5%	12,5%	,3%	21,3%
	Castelán	1,0%	76,4%	,3%	77,7%
	NS/NC	,2%	,6%	,3%	1,0%
Total		9,6%	89,6%	,8%	100,0%

Táboa 7: Cruzamento do emprego na fala e na escritura polo PAS

PAS		Emprega maioritariamente na escrita			
		Galego	Castelán	NS/NC	Total
Emprega maioritariamente na fala	Galego	13,8%	6,4%	,2%	20,5%
	Castelán	17,9%	58,3%	1,9%	78,1%
	NS/NC		,5%	1,0%	1,4%
Total		31,7%	65,2%	3,1%	100,0%

Táboa 8: Cruzamento do emprego na fala e na escritura polo PDI

PDI		Emprega maioritariamente na escrita			
		Galego	Castelán	NS/NC	Total
Emprega maioritariamente na fala	Galego	6,5%	6,5%	,4%	13,5%
	Castelán	,8%	84,0%	,4%	85,2%
	NS/NC		1,2%	,2%	1,3%
Total		7,3%	91,7%	1,0%	100,0%

Fala maioritariamente galego segundo as condicións sociais de existencia

Fixemos unha análise de regresión loxística múltipla en que analizamos a situación preferente ante a fala e a escrita do alumnado da UDC. Recodificamos as seguintes variables para incluír na análise:

Recodificación de variables:

- Lingua que emprega maioritariamente na fala:
 - 0=Castelán
 - 1=Galego
- Lingua que emprega maioritariamente na escrita:
 - 0=Castelán
 - 1=Galego
- Sexo:
 - 0=Muller
 - 1=Home
- Idade:
 - Na fala incluimos todos os anos (que van dos 17 ata os 70)
 - Na escrita escollemos dos 17 aos 26 anos
- Lugar de nacemento:
 - 0=Cidade de Galicia, vila de Galicia, resto de España, fóra de España
 - 1=Aldea de Galicia

- Estudos do pai:
 - 1=Primarios incompletos
 - 2=Graduado escolar, EXB, bacharelato elemental
 - 3=BUP, bacharelato superior...
 - 4=Universitarios
- Sector de actividade onde desenvolven a súa profesión os seus pais:
 - 0=Construción, industria, servizos
 - 1=Agricultura, gandería e pesca
- Concepción que ten de Galicia:
 - 1=Rexión
 - 2=Autonomía
 - 3=Paíso
 - 4=Nación
 - 5=Estado
- Que se considera fundamentalmente?:
 - 1=Só galego/ao
 - 2=Máis galego/a que español/a
 - 3=Igual de galego/a que de español/a
 - 4=Máis español/a que galego/a
 - 5=Só español/a

A táboa 12 ofrece unha proba do axuste global. O khi-cadrado permite comprobar que ao introducir as variables independentes se consegue un incremento significativo do axuste global, cunha significación = 0,000.

Táboa 9: Probas ómnibus sobre os coeficientes do modelo

		Khi-cadrado	Gl.	Sig.
Paso 1	Paso	369,410	7	,000
	Bloque	369,410	7	,000
	Modelo	369,410	7	,000

A táboa 13 permite observar a significación de cada unha das variables independentes para explicar a dependente (Sig.>0,05). Segundo esta táboa, a variable idade non é significativa para explicar a porcentaxe de alumnado que fala galego. Tampouco é moi significativa a concepción que ten de Galicia. As outras variables inflúen do seguinte xeito:

- Sexo: é máis probable que falen galego os homes que as mulleres. Como o valor da comparación da razón é 1, podemos dicir que a vantaxe de falar en galego entre os homes é de 1,5 veces a das mulleres.
- Lugar de nacemento: é máis probable que o fale quen naceu nunha aldea de Galicia que as persoas que naceron noutros sitios. A vantaxe dunha persoa nacida nunha aldea de Galicia en comparación coas que naceron noutros lugares é de máis de seis veces.
- Estudos do pai: inflúe negativamente, de tal xeito que a medida que se incrementan os estudos do pai é menos probable que fale en galego o fillo ou a filla. Como a comparación é 1, pódese dicir que por cada grao de escolarización que aumenta se consegue unha redución proporcional da vantaxe de falar galego de $1-0,649=0,351$. Isto significa que cada grao adicional de escolarización se reduce á vantaxe da abstención nun 35,1%.
- Sector de actividade do pai: é máis probable que o falen os/as fillos/as de persoas que son agricultoras, gandeiras, mariñeiras en máis do duplo que os/as que se dedican aos outros sectores.
- Consideración persoal: é máis probable que o falen as persoas que se consideran galegos/as, e vai deixando de falarse segundo se consideran españolas nunha moi importante proporción.

Táboa 10: Variables na ecuación

		B	E.T.	Wald	gl	Sig.	Exp(B)
Paso 1(a)	Sexo	,418	,139	9,079	1	,003	1,519
	Idade	-,022	,021	1,064	1	,302	,978
	Lugar de nacemento	1,874	,163	131,526	1	,000	6,516
	Estudos do pai	-,433	,077	31,302	1	,000	,649
	Sector de actividade	,773	,214	13,052	1	,000	2,167
	Concepto de Galicia	,157	,084	3,542	1	,060	1,170
	Consideración de galego/a	-,703	,091	59,722	1	,000	,495
	Constante	1,487	,644	5,330	1	,021	4,425

a Variable(s) introducida(s) no paso 1: SEXO, IDADE, LUGAR NAC., ESTUD. PAI, SECT. ACTIVID., CONCEP. GAL., CONSIDER. GAL.

Escribe maioritariamente en galego (segundo as condicións sociais de existencia)

A táboa 14 ofrece unha proba do axuste global. O khi-cadrado permite comprobar que, ao introducir as variables independentes, se consegue un incremento significativo do axuste global, cunha significación = 0,000.

Táboa 11: probas ómnibus sobre os coeficientes do modelo

		Khi-cadrado	Gl.	Sig.
Paso 1	Paso	181,559	7	,000
	Bloque	181,559	7	,000
	Modelo	181,559	7	,000

A táboa 15 permite ver a significación de cada unha das variables independentes para explicar a dependente (Sig. >0,05). Segundo esta táboa, a variable sector de actividade do pai non é significativa para explicar a porcentaxe de alumnado que escribe maioritariamente en galego. Os estudos do pai tamén están no límite, aínda que se pode considerar que seguen a ser significativos. As outras variables inflúen do seguinte xeito:

- Sexo: é máis probable que escriban en galego os homes que as mulleres, nunha razón de 1,6 a 1.
- Idade: a medida que incrementamos a idade redúcese a probabilidade de escribir en galego.
- Lugar de nacemento: as persoas que naceron en aldeas de Galicia escriben en galego en maior medida que as outras nunha razón de case 3 a 1.
- As que consideran que Galicia é un Estado ou unha nación teñen máis probabilidades de escribir en galego que as que a consideran unha rexión ou autonomía.
- As que se consideran só galegas teñen máis probabilidades de escribir en galego que as que se consideran españolas.

Táboa 12: Variables na ecuación

		B	E.T.	Wald	gl	Sig.	Exp(B)
Paso 1(a)	Sexo	,439	,183	5,753	1	,016	1,551
	Idade	-,152	,037	16,760	1	,000	,859
	Lugar de nacemento	1,089	,206	28,017	1	,000	2,973
	Estudos do pai	-,200	,102	3,845	1	,050	,819
	Sector de actividade	-,058	,292	,039	1	,843	,944
	Concepto de Galicia	,330	,100	10,778	1	,001	1,391
	Consideración de galego/a	-,865	,121	51,155	1	,000	,421
	Constante	2,479	,971	6,514	1	,011	11,932

(a) Variable(s) introducida(s) no paso 1: SEXO, IDADE, LUGAR NAC., ESTUD. PAI, SECT. ACTIVID., CONCEP.GAL., CONSIDER. GAL.

Se comparamos as persoas que falan galego coas que escriben maioritariamente en galego, vemos que existen unhas variables que inflúen nos dous casos, e outras só inflúen nun deles. O sentido positivo ou negativo en que inflúen é o mesmo nas variables que coinciden, mais varía a forza. Vexamos:

Táboa 13: Comparación das variables que inflúen en falar e escribir maioritariamente en galego

	Falar	Escribir
Sexo	1,519	1,551
Idade		0,859
Lugar de nacemento	6,516	2,973
Estudos do pai	0,649	(0,819)
Sector de actividade	2,167	
Concepción de Galicia		1,391
Consideración de identidade	0,495	0,421

A variable que ten máis peso para explicar en que fala e escribe o alumnado é o lugar de nacemento, mais ten máis forza para explicar a fala. O sexo tamén está presente nos dous casos por unha razón semellante. A consideración de identidade tamén está presente neses dous casos.

4.3. Sobre a produción científica en galego e as estruturas de poder

De acordo: a cultura dominante non está marcada polo que fai a cultura dominada, mentres que a cultura dos dominados está asediada, pola súa parte, ata nos intres de tregua, polo que os dominantes fan aos dominados⁷.

A orde dominante, onde se establecen as credenciais para que unha persoa poida situarse nun ou noutro nivel académico, non se marca desde Galicia, senón que a marcan as estruturas de poder da universidade española, onde se decide sobre a concesión de méritos –sexenios– baseadas nas editoriais en que se publican os libros e os artigos, e aducen cuestións de cientificidade con base en parámetros como comités de selección-decisión. O mesmo artigo, se se publica nunha revista galega, supón menos créditos que se se publica noutra española, e nunha española menos que se se publica nunha de EE. UU. Isto leva a un sometemento dos intelectuais ás estruturas de reprodución do poder do sistema-mundo, e a lingua galega queda relegada a un segundo plano.

Así, cando lles preguntamos aos membros galegos do PDI sobre a publicación en galego, resulta que un 29,8% dos membros do PDI da UDC publicarían máis en galego se fosen mellor valorados os traballos realizados nesta lingua.

Táboa 14: Redacción dos traballos en galego

		A non redacción en galego dos traballos científicos débese a que os puntúan pouco para os sexenios?				
Se valorasen máis estes traballos en galego, publicaría máis nesta lingua?		Si	Indifer.	Non	NS/NC	Total
	Si	12,4%	4,4%	10,0%	3,0%	29,8%
	Indiferente	5,0%	7,0%	14,8%	3,7%	30,6%
	Non	3,3%	2,2%	19,8%	2,0%	27,4%
	NS/NC	,6%	,7%	3,0%	8,0%	12,2%
Total		21,3%	14,4%	47,6%	16,7%	100,0%

⁷ Grignon, C. e Passeron, J.-C. (1992): *Lo culto y lo popular* (Madrid: Ediciones de la Piqueta): 72.

5. Resultado das entrevistas en profundidade a profesorado da UDC

Dos 10 profesores consultados, elixidos entre os que imparten docencia en galego, 9 deles naceran en zonas rurais de Galicia e 1 naceu na Coruña. En todos os casos a lingua dos pais era o galego e tiveron como lingua materna o galego. Oito deses profesores teñen fillos, dos cales só dous lles falan galego na familia. Dous deses profesores teñen netos e os seus fillos falan cos netos en castelán; preocupándolles, como desexo, que os netos falen en inglés.

Respecto ao motivo de impartiren a docencia en galego, seis deles lévana impartindo desde sempre, considerando que é o natural, que nas universidades galegas debe impartirse docencia en galego. Os outros catro imparten a docencia en galego motivados polos programas de normalización lingüística da UDC. Tres dixeron claramente que empezaran para reducir horas de docencia e logo xa seguiron impartindo en galego. Cando se lles pregunta polo inglés todos eles indicaron a súa inqueda respecto a este tema.

Respecto á publicación en galego, seis profesores publicaron algún libro ou artigo científico en galego, os outros catro nunca publicaron en galego. Dos que publicaron en galego manifestan que o fixeron no pasado, pero que agora mesmo están preocupados por publicar en revistas científicas de impacto e por iso publican en castelán e mesmo nalgún caso publicou en inglés. Oito non cren que publiquen en galego no futuro. Un deles manifestou o seu interese en que cando se xubile e xa non teña que aterse aos criterios do sistema universitario, se dedicará a escribir e publicar en galego libremente. Outro indicounos a necesidade de que o galego se una co portugués para que as editoriais poidan ter forza e os temas sexan de interese para unha comunidade de persoas ampla, mesmo con outros países onde falan portugués.

Despois de proporcionarlles os datos dos distintos colectivos da UDC que ten coñecementos do galego (saben falar, ler e escribir) e a porcentaxe dos que na práctica o falan, len en galego ou escriben, preguntámoslles sobre dito desaxuste. As explicacións centráronse fundamentalmente na mala imaxe que consideran que ten o galego por dúas razóns, unha delas é que segue sendo considerada una lingua dos grupos sociais incultos e outra que falada por determinados colectivos da Universidade pode ser considerada unha lingua de grupos sociais que nalgún caso dixeron «antisistema» e noutro de colectivos non conformistas. Ambas as razóns son mal vistas por unha maioría. Outros recalcaron que o costume foi reservando o galego para outros usos e a conciencia colectiva asignoulle á Universidade o castelán, e que moitos seguen coa rutina sen cuestionarse.

Ao preguntar sobre o Servizo de Normalización Lingüística, en xeral consideran que é importante, pois aínda que non acabe «convertendo» a moitas persoas —é o concepto que empregou un dos enquisados— polo menos serve para que non morra totalmente o galego e se siga incrementando, aínda que sexa moderadamente, o número de membros dos distintos colectivos que o empregan.

6. Conclusións

A porcentaxe de alumado, PAS e PDI da Universidade da Coruña que entende, sabe falar e sabe ler en galego é moi elevada, porén a porcentaxe dos que o falan ou o escriben é moi baixa. Isto vénnos dicir que o motivo do non usar o galego na UDC non vén dado tanto por razóns de coñecemento —aínda que si o sexa para unha determinada porcentaxe—, como a que se debe, segundo os resultados dos entrevistados en profundidade a razóns de prestixio, políticas, de funcionalidade ou de falta de reflexión.

Tamén é importante sinalar a opinión dos entrevistados en profundidade sobre a función do Servizo de Normalización Lingüística que ha de servir para mellorar o prestixio da lingua e para facer reflexionar aquelas persoas que se deixan levar pola conciencia colectiva, para que reflexionen e impartan docencia en galego. Moitos dos que imparten docencia en galego foron motivados polas políticas do Servizo de Normalización Lingüística, sendo o mellor exemplo da súa funcionalidade e importancia. Porén, ven imposible cambiar o sistema para que a produción científica se faga en galego, pois o sistema de avaliación vai cara ao inglés.

Respecto ao coñecemento do galego nos distintos colectivos universitarios e o feito de que xa sexa superior a porcentaxe dos que o saben ler ou escribir á dos que o saben falar temos que destacar a visión de Claude Hagège⁸ sobre as causas da morte das linguas. Este autor define unha lingua morta como aquela que «perdeu os seus falantes», que «perdeu, por así dicilo, o uso da palabra». Pode seguirse a estudar a súa gramática e o seu vocabulario, mais a xente deixa de empregala para comunicarse acotío. Este é o caso do que está a acontecer co galego: nunca se estudou tanto, mais nunca se falou tan pouco.

O proceso de globalización e os sistemas de avaliación da produción científica están pondo en grave risco de desaparición o galego como idioma de comunicación científica

⁸ Cfr: Hagège, C. (2001): *No a la muerte de las lenguas* (Barcelona: Paidós).

ao buscar o profesorado fundamentalmente publicar para acreditarse ou acadar sexenios de investigación. Algúns apuntan a necesidade e posibilidade de se unir ao portugués, pero cando lles preguntamos a outros por esa posibilidade vena complicada por varios motivos e consideran que non se vai producir.

O diagnóstico do galego na UDC está claro, outra cousa é que decisións tomar se se quere implantar unha política máis ou menos efectiva, a que prazo en combinación con que ámbito, pois non tería sentido unha política illada da que se siga no contexto de Galicia. Existen distintas propostas en canto ás medidas que tomar, e en canto a fonte de onde parten, pero se se queren decisións efectivas, terían que ser tomadas a niveis máis elevados ca o propio de Galicia⁹ cuestionándose en que lingua debe falar o poder científico¹⁰ e sobre as consecuencias que poden ter existen diferentes debates¹¹. En todo caso, a Universidade representa o poder, polo menos o poder cultural; é o púlpito desde o que se emiten os discursos acreditados que teñen unha repercusión ben distinta da doutros escenarios como nos explica Bourdieu, polo que se se quere dar un cambio estrutural, os escenarios de poder e a lingua en que se emiten os discursos acreditados e científicos terían que ser os primeiros en cambiar.

⁹ Consello de Europa (2001): *From Theory to Practice-The European Charter for Regional or Minority Languages*.

¹⁰ Bourdieu, P. (1982): *Ce que parler veut dire: L'économie des échanges linguistiques* (Parí: Fayard); Bourdieu, P. (1984). *Homo academicus* (París: Munit).

¹¹ Wananga, T. P. (2014): «Contesting public monolingualism and diglossia: rethinking political theory and language policy for a multilingual world» en *Language Policy*, 13(4): 371-393.

Aprender en galego na UDC. O plano formal fronte ao real

ERNESTO VÁZQUEZ-REY FARTO

Estudante da Facultade de Dereito

Confeso que cando o director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade me convidou a participar destas xornadas non sabía moi ben como expoñer a miña visión de parte sen enredar demasiado os argumentos.

A perspectiva dun amplo sector dentro do estudantado a respecto do uso na universidade da lingua galega está vinculada ao idioma que emprega o profesorado, con quen se mimetiza, de tal xeito que se o profesorado non utiliza o galego como lingua vehicular, este cae en desuso en beneficio do castelán. É habitual, tamén, que os materiais didácticos (manuais, apuntamentos etc.) non se faciliten en galego, tendo que empregar os materiais facilitados nos centros, ou polo propio profesorado, que habitualmente están en castelán. Igualmente acontece cos enunciados dos exames ou probas escritas, que tan só nunha porcentaxe moi pequena se poñen á nosa disposición en lingua galega.

Este é un resumo, sucinto pero certo, da realidade da meirande parte do estudantado na Universidade da Coruña, referenciado na diagnose do *Plano de normalización lingüística* da UDC, que sitúa o emprego da lingua galega –en exclusiva ou como idioma maioritario– na docencia nun 10%; mais esta visión parte dunha desigualdade formal. A Constitución española, no seu artigo 3 establece que:

1. O castelán é a lingua oficial do estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.
2. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.

3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Pola contra, o Estatuto de autonomía de Galiza, no seu artigo 5 di:

1. A lingua propia de Galiza é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galiza e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Aquí é onde se atopa a anomalía: no dereito e no deber. Temos dereito a aprender e a usar o galego, mais temos a obriga de aprender o castelán, usémolo ou non. A desprotección constitucional e estatutaria da lingua galega é a que nos leva a termos estudantes na universidade galega sen competencias lingüísticas plenas no noso idioma. E isto trae causa política na covardía de non respectar, potenciar e, finalmente, normalizar a situación do galego en Galiza: lingua estranxeira na súa propia casa.

A realidade é que para acadar un bilingüismo na práctica, cómpre que a lingua máis débil socialmente teña unha maior presenza no ensino, porque o castelán xa o reforza o estudantado a través de múltiples ámbitos. Así, para adquirirmos competencias en castelán abonda con que se ensine esa lingua, dominante e prestixiada, como materia no ensino primario e secundario. Isto non é da miña colleita (xa quixera!), senón que viñeron dicírnolo expertos do Consello de Europa nun comisionado que visitou o Estado español en setembro de 2007, incidindo en que Catalunya, Euskadi e Galiza deben aplicar a «inmersión total» no ensino e superar, así, o modelo bilingüe que impera nos tres territorios. Advertiron, ademais, que a poboación castelanfalante parece non ser suficientemente consciente da realidade lingüística do país.

A este respecto quero facer referencia a unha mostraxe do informe elaborado polo Observatorio da Cultura Galega, ao que volverei de contado, onde enquisadas 1201 persoas sobre se «o ideal sería unha situación en que os cidadáns fosen capaces de expresarse con igual competencia en galego e castelán, e logo, falasen a lingua da súa preferencia» case o 95% da poboación galega está de acordo (entre os matices *De acordo*, *Bastante de acordo* e *Totalmente de acordo*) en que empregaría a lingua da súa preferencia na hipotética situación de que fosen capaces de expresárense ao mesmo nivel de competencia en galego ou castelán. É unha hipótese, porén e tristemente, non é o caso.

Con criterio técnico, segundo o devandito informe *A(s) lingua(s) a debate. Inquérito sobre opinións, actitudes e expectativas da sociedade galega*, elaborado polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega, o 37,4% das persoas enquisadas estaba totalmente de acordo con que os galegos e galegas deberiamos saber falar e escribir en galego; porcentaxe que chega a un 87,3% se contamos os diferentes matices (*De acordo, Bastante de acordo e Totalmente de acordo*). Así mesmo, as persoas galegofalantes de entre 18 e 29 anos son as que amosan unha actitude máis positiva cara á lingua; o contrario do que sucede cos castelanfalantes.

Estas cifras, traídas á UDC, segundo a *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña*, publicada polo Servizo de Normalización Lingüística da UDC baixo a coordinación do profesor Álvarez Sousa, vén dar un saldo máis positivo que o anterior, arredor dun 90% de estudantes que saben falar galego –no conxunto das distintas variábeis positivas–; porcentaxe que máis ou menos se mantén na lectura en galego e que baixa ao 82,99% na escrita.

Se isto se compara con datos de hai vinte anos –exactamente de 1994– apréciase unha mellora substancial no estudantado que sabe escribir moi ben en galego (33,81% fronte ao 14,00% de 1994); e tamén é substancial o descenso da cantidade de estudantes que escriben mal en galego (10,70% en 1994 fronte ao 5,42% no 2003).

O Consello de Goberno desta casa aprobou no ano 2006 o *Plano de normalización lingüística* da Universidade da Coruña como texto referencial sobre o cal avanzar na sensibilización do uso do galego na comunidade universitaria coruñesa e ferrolá, marcando cinco obxectivos específicos para o estudantado, que seguen aínda a ser un horizonte que cómpre acadar para o noso sector:

- a) Incrementar o uso da lingua galega como un dos idiomas instrumentais no proceso de ensino-aprendizaxe.
- b) Consolidar a competencia lingüística en galego do estudantado e favorecer o seu coñecemento por parte daquel que procede doutras áreas lingüísticas.
- c) Promover o emprego da lingua galega nos traballos de investigación, nos traballos de curso e nos exames.
- d) Favorecer o uso da lingua galega por parte do estudantado.
- e) Promover a interacción lingüística en galego como norma habitual.

Niso estamos, mais aínda conscientes de todo o que xoga en contra collo para min a frase coa que concluíu o grande Luís Iglesia Besteiro nestas mesmas xornadas hai uns anos: «Hai que facer polo presente se, no futuro, queremos ter un pasado de que nos sentirmos orgullosos».

Da comisión de normalización ao espazo público: o muíño da lingua

CAMILO BLANCO PAMPÍN

Alumno de doutoramento en Arquitectura

Antes de comezar gustárame agradecer ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña por me invitar a participar nesta mesa redonda, en que procurarei expoñer o funcionamento das comisións dende o punto de vista do alumnado .

As comisións de normalización lingüística (CNL) son ferramentas moi valiosas que serven de vínculo entre o Servizo de Normalización Lingüística e o alumnado. A proximidade cos estudantes de cada centro e o coñecemento de primeira man da situación do galego neste permite que as mensaxes e iniciativas que se queiran levar a cabo poidan estar personalizadas segundo as características de cada escola. Como alumno experimentei en primeira persoa o traballo en conxunto entre comisión e Servizo para a realización dunha actividade un tanto singular por tratarse dunha intervención no espazo público do campus. A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias elixiu unha das actividades propostas na campaña «O galego no espazo público», presentada ao VII Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras. A partir de aí comezou unha estreita colaboración coa citada CNL e co persoal do Servizo para conseguir completar o proceso que vai desde a idea ata a súa materialización e lograr, finalmente, poñer a xirar o «muíño da lingua».

A actividade proposta ten o espazo público como ámbito de traballo. O obxectivo é impulsar o galego



nos vestíbulos das facultades, nos centros de estudo, nas prazas e rúas dos campus... recuperar lingüisticamente eses espazos comúns de reunión e intercambio dos mozos e mozas. Ligar os conceptos *espazo público* e *galego* para que o simple feito de pasear por un dos nosos campus estea a convidarnos a recibir e/ou crear nova información.

Na xeración de internet, onde semella que todo acontece a través do teléfono ou do ordenador, o espazo público queda nun estraño baleiro, nunha terra de ningures que o galego ten a oportunidade de recuperar mediante actuacións dinamizadoras que ofrecen aos mozos algo que se está a perder: o contacto directo, intercambio de opinións e gustos non só con xente do outro lado do mundo. Sería moi interesante que o propio espazo público da universidade nos ofrezca esa posibilidade de experimentar novas canles de comunicación.

Desde os primeiros bosquejos traballouse no deseño dunha peza de mobiliario urbano, coa finalidade de transmitir información entre persoas. A instalación, en clara alusión a un muíño movido por auga (neste caso a lingua galega), moverase coa participación de cada individuo. En sucesivas reunións coa CNL foise pasando da idea a realidade. Así, tivéronse en conta aspectos como a durabilidade ou seguranza para mellorar o deseño. Un dos puntos de partida da campaña era, traballando co orzamento anual do que dispón unha comisión para a realización de actividades, que esta iniciativa a prol do galego non fose efémera, senón que perdurase no tempo mediante unha construción no espazo físico do campus. Houbo que afinar moito no deseño e emprego de materiais para axustarse ao orzamento, sendo unha instalación modesta pero na que se quixeron coidar tódolos detalles. Ata a propia rotulación foi obxecto de reflexión e acordo co Servizo.

Para a localización elixiuse un lugar na praza da Zapateira, entre as tres facultades, a carón da parada do bus, nun lugar de tránsito entres os distintos servizos do campus, mais tamén un lugar de espera. Comentouse co propio arquitecto da praza, Henrique Seoane, profesor da Escola de Arquitectura, para asegurarse de que o obxecto non interfería no correcto funcionamento do espazo. Unha vez acordada e definida a actividade entre a Comisión, o SNL e o Servizo de Arquitectura e Urbanismo da UDC, elaborouse un informe explicativo que define a actividade con todos os pasos que cómpre seguir para a súa instalación, que se entregou no concello. Realizados os trámites administrativos, comezou a fase de construción. Como xa se dixo o orzamento era moi axustado, polo cal non houbo moita posibilidade de ensaio ou fabricación de prototipos, máis alá do traballo con debuxos e maquetas. A estanquidade das caixas foi a principal preocupación, así como obter un cómodo sistema de apertura e peche destas.

Deste xeito chega por fin o día de instalalo. O sistema de fixación resólvese mediante un aparafusado do muíño ao solo, de xeito que cando se considere oportuno pódese retirar e colocar noutra localización con relativa facilidade. O muíño está formado por oito caixas unidas por dúas circunferencias transparentes. A súa finalidade é albergar papeis escritos polos propios universitarios, co contido que queiran, de modo que ao deixaren o seu, recollen outro que alguén depositou previamente. Ábrese, así, unha nova canle de comunicación, non dirixida, entre dúas persoas que non se coñecen, senón que se xoga co factor sorpresa, onde nunca sabes que é o que vas atopar. A idea é que, ao igual que unha mensaxe nunha botella, a xente deixe mensaxes, obxectos, libros de intercambios, discos etc, e recolla outros. Creamos que é importante coidar as redes locais. Todos os estudantes teñen moito en común, mais moitas veces non falan por vergoña. Creamos que o muíño pode ser ese detonante que propicie o primeiro contacto. Xógase co estímulo de atopar algo descoñecido, a sorpresa, o aleatorio, que invita a que a xente adquira o hábito de empregalo como medio de compartir calquera pensamento ou inquietude, sendo o galego o motor desa novidade no campus. As caixas están numeradas de xeito que se posibilita o seguimento a través das redes sociais. Aínda que a actividade reclama a utilización e recuperación do espazo público, non é oposta ás novas tecnoloxías e, por suposto, está aberta a que se empregue con creatividade.



Como xa se mencionou, buscábase unha campaña que perdurase no tempo meses ou incluso anos despois da súa instalación. Para isto era necesario deseñar algo no que os propios estudantes fosen os que dotan de contidos a actividade, ademais de que o mesmo Servizo ou CNL poidan ir deixando información ou material de interese cando consideraren oportuno. A inauguración do muíño espertou o interese por parte dos medios de comunicación. Aínda que isto non é a finalidade da actividade, si que pode actuar a modo de indicador da novidade que supoñía. Como campaña búscase notoriedade e visibilidade, mentres que como actividade búscase prestar un novo servizo aos estudantes.

Aínda que acaba de cumprir dous anos desde a súa instalación, o muíño segue a disposición da comunidade universitaria e está aberto a que se empregue por calquera persoa ou colectivo de xeito creativo para comunicarse.

Falando desde a experiencia desta iniciativa, podo dicir que as comisións son organismos accesíbeis para os estudantes, que non teñen reparo en levar a cabo novos proxectos, aínda que iso supoña lidar coas complicacións propias de calquera novidade ou experimento. Penso que se deberían de potenciar e facer máis visíbeis estas comisións nos centros, e implicar os alumnos en actividades que reforcen a presenza do galego nos campus. Ocorreseme que ao igual que hai bolsas de formación complementaria en medio ambiente, bibliotecas, aulas net etc. puidese haber algunha para que alumnos comprometidos coa lingua poidan facer de enlace coas comisións, por exemplo recompilando e transmitíndolles posíbeis proxectos para realizar, actuaren como axentes dinamizadores de actividades en funcionamento e estaren en contacto coas asociacións para dar a coñecer as actividades que propón o Servizo e tamén recoller as que elas poidan suxerir.

Finalmente, cabe dicir que con motivo do primeiro aniversario do muíño o Servizo realizou unhas postais para poñer a disposición da comunidade universitaria nos vestíbulos das facultades. E, por suposto, cando pasedes polo campus da Zapateira estades convidados/as a participar creativamente neste proxecto.

Educación universitaria. Pensamento crítico e o dereito a falar e a que nos falen en galego

ANA IGLESIAS GALDO

Facultade de Ciencias da Educación

No marco da celebración dos 25 anos da UDC, desde o SNL, pídeseme unha reflexión sobre as accións desenvolvidas pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da Educación¹. Durante a organización e sistematización da información, para elaborar o texto solicitado, especialmente no proceso de escritura –a todas luces ineficaz, se poñemos en relación o tempo dedicado co resultado final–, descubrín dous efectos non por inesperados, menos gratificantes. Por unha banda, ao poñer en contacto nun mesmo documento as propostas concretas desenvolvidas ao longo destes escasos sete anos, e que ata ese momento permaneceran organizadas en diferentes cartafolios por curso académico, vin saltar a chispa de compromiso e rigurosidade, de vontade dun grupo de persoas na necesidade de reafirmar a normalización do galego, de aumentar a súa presenza na Facultade.

O segundo dos efectos, toca máis se cabe o persoal, pois ao participar do traballo desenvolvido pola comisión, fun tomando maior conciencia respecto da ausencia do verdadeiro compromiso político a prol da lingua propia, por parte do actual goberno galego; descubrín o frecuente incumprimento da lexislación vixente na normalización da lingua e mesmo, en ocasións, fun testemuña de certas actitudes de desprezo cara a

¹ Esta é una reflexión persoal que, partindo do traballo realizado, narra en primeira persoa o que eu interpreto como compromiso colectivo. As valoracións recollidas son da miña autoría, isto é, son a única responsable do texto. Espero non defraudar ao resto da Comisión pola visión dada e, de ser o caso, me desculpen. Aproveito para agradecer o traballo de todas as persoas que, dos distintos sectores, formaron parte desta comisión ao longo destes anos. Na actualidade: Neves Arza Arza, Inma Doval Ana Iglesias Galdo, Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez, Iria Sobrino, Laura Cruz López.

ela, por parte daquelas persoas que teñen a obriga de mimala, de coidala, de defendela. Esta experiencia fixo que fora adoptando una actitude máis radical neste asunto. Mais isto non era nin é o motivo desta reflexión. Vallan, pois, as miñas desculpas por este pequena disgregación.

Asumín a presidencia da CNL no 2009, a petición do daquela decano, Narciso de Gabriel, función que sigo asumindo na actualidade, agora como decana. No 2007, presidíndoa a profesora Mariló Candedo, organizáranse as «I Xornadas sobre a Normalización da Lingua e a Cultura no Ámbito da Educación». Cando estabamos planificando as accións para o 2009 acordamos seguir traballando no proceso de normalización, pois resultaba obvio que o uso do galego non era prioritario en ningunha institución social. Acabábase de estrear o actual goberno autonómico, e a súa política lingüística en relación coas linguas oficiais nacía atravesada por barullo e mesmo confusión sobre asuntos que xa parecían estar resoltos. Neste contexto –moi similar ao actual–, defenderían o plurilingüismo como concepto máxico para xuntar responsabilidade política (potenciar o uso da lingua) e liberdade individual (que cadaquén fалase no idioma que quixera, o cal se traducía tamén como dereito a non falar en galego, e mesmo a pedir non escoitar falar galego).

Presenciabamos atónitos a recuperación de ideas que, lonxe de seren novas, encheron sempre os debates lingüísticos, pero que pensabamos xa estaban superadas, como explica a profesora García Negro²: «A necesidade de consenso, as vantaxes do plurilingüismo, a negación do conflito lingüístico; a necesidade de que a lingua galega non se politice, a afirmación de que o galego é aínda a lingua maioritaria (!) na Galiza; a precisión de que o galego non debe ser patrimonio do nacionalismo; a confianza cega nas estatísticas.» (2010: 162). Durante estes recentemente estreados sete anos as e os membros da CNL seguimos indignándonos cando oímos que hoxe o galego é a lingua prioritaria e compartimos o anoxo nos mesmos termos que a brillante profesora: «Proclamar que hoxe o galego é ‘maioritario’ ou ‘hexemónico’ ou é unha broma de mal gusto ou un lamentábel engano. Maioritario, onde?: nos usos primarios, nas palabras que leva o vento, en todo o repertorio de utilizacións marcadas pola distribución diglósica. Maioritario, en que institucións? Nos medios de comunicación, na Igrexa, na Xustiza, no ensino, na Universidade, na rotulación comercial, na correspondencia oficial, nas escrituras notariais, nos estadios de fútbol, nas esquelas funerarias, nas lápidas dos cemiterios, nas emisións radiais ou televisivas...? Onde?» (2010: 176).

² M.^a Pilar García Negro: «En que consiste a normalización dunha lingua?» en Gorette Sanmartín Rei (coord.) (2010), *Lingua e futuro* (Ames, Laiovento): 161-194.

Estas son, penso, algunhas das razón e emocións que constitúen o marco en que se move esta comisión que presido. Pensar que na actualidade o galego e o castelán conviven pacificamente, que polo tanto cadaquén pode usar libremente o que prefira, e que non é necesario coidar ningunha especialmente, produce certas resistencias a querer abordar esta temática, e moito máis a considerala un asunto educativo prioritario. Fronte á mentira de que galego e castelán están en igualdade e, xa que logo, cadaquén pode e debe usar o que prefira, pretendemos dar conta da gravidade da situación en que se atopaba e atopa a lingua propia da Galiza.

A primeira xuntanza anual da CNL acostuma ser na primeira semana de febreiro, esperanzada pola apertura dun novo orzamento e, por tanto, para pensar nun primeiro borrador que, a modo de proposta, presentaremos ao SNL, pois o/a director/a e o secretario xeral adoitan acompañarnos nesta primeira xuntanza. Unha vez que explican a proposta para este ano, valoramos as accións do pasado ano e intercambiamos opinión verbo da situación actual e dos retos que, entendemos, quedarán pendentes, debido aos drásticos recortes que está a sufrir a universidade, tamén en política lingüística, os membros da Comisión continuamos a reunión traballando nos puntos previstos na orde do día da convocatoria.

Asumindo a responsabilidade que nos outorga a Facultade, especialmente nesta primeira xuntanza, aínda que non exclusivamente, nos asalta o desánimo, e os interrogantes atropélanse: é serio crer que podemos contribuír á normalización social e pública da lingua? Sen unha política que a sosteña, sen orzamentos, con escasa dispoñibilidade, con escasos recursos, tempo... non quixeramos, a traballar só para cumprir coa normativa, e moito menos a contribuír a baleirala de contido, a deixala reducida a unha acción de decoro, superflua, a modo de máscara pero que non consegue ir ás raíces do problema, que son, non o esquecemos, políticas. As dúbidas, mesmo o desacougo, acostuma mesturarse con novas propostas que se agalopan, pois o que non podemos permitirmos é non facer nada. Buscando sempre ampliar o número de persoas, como requisito para xerar unha vontade común que lle colla cariño á lingua, que opte por falar, e sen rebaixar nin un ápice o rigor, imos pensando en diversos formatos, horarios, estratexias temáticas que SI aspiren a incrementar a normalidade para a nosa lingua.

Eu non son en absoluto experta nesta temática, pero comparto cos membros da CNL interese formativo, afecto incondicional, compromiso colectivo e responsabilidade persoal para seguirmos avanzando na recuperación social da lingua propia e, especialmente, no ámbito educativo. Sendo conscientes das contribucións do sistema educativo

á normalización da lingua³: promover de forma significativa a competencia lingüística en galego –especialmente a escrita–, favorecer actitudes positivas cara ao noso idioma, e seguramente impedir que o proceso de substitución lingüística avanzara de forma máis avanzada» (Gabriel, 2010: 125), pero tamén das dificultades para facela atractiva para novos falantes e para que se fale normalmente en todos os ámbitos, como comen-tábamos anteriormente.

En todo caso, se ben é certo que nas aulas e, especialmente nos espazos informais, escoitamos como o alumnado usa cada vez menos o galego como vehículo de comunicación, tamén comprobamos que cando o profesorado imparte a docencia nesta lingua, a maioría do alumnado incorpóraa sen problema na súa oratoria, aínda que xeralmente, quede cinguido o uso a esa relación concreta. Isto é, apenas hai rexeitamento a usar o galego, parece máis un asunto de comodidade, mesmo de «rendibilidade», o que, por outro lado, dado o contexto actual é perfectamente comprensible.

Esta CNL coincide na idea de que, na súa maioría, alumnado, profesorado e profesionais da administración e servizos da Facultade, teñen competencias lingüísticas suficientes para se comunicaren en galego, mais maioritariamente non o fan e o seu uso descende dramaticamente cando se lles fala en castelán ou en espazos informais.

Afondando nas razóns que nos levan a falar nunha lingua determinada, coincido co profesor De Gabriel, ao destacar tres motivos fundamentais: por inercia, por utilidade e por vontade; e tamén respecto aos motivos en que acostuma descansar a elección do castelán: «Os rapaces e rapazas do século XXI, especialmente no medio urbano, instálanse no castelán con naturalidade. Fano porque o contexto no que se desenvolven os conduce nesa dirección (...) Os mais dos castelán falantes sono por circunstancias socioculturais e non en virtude de perversidade, e que necesitarían un esforzo notable para cambiar de idioma». (De Gabriel, 2010: 117-120).

Apelando ás finalidades da educación superior e apoiándonos na meta de contribuír a crear unha comunidade crítica, planificamos as propostas anuais buscando temáticas e persoas que aseguren o debate, provoquen interrogantes e desafíen intelectualmente. En definitiva, que acheguen razón e/ou emocións para tomar maior conciencia que este asunto lles compete como cidadáns responsables.

³ Narciso de Gabriel Fernández (2010): «TERRA NOSA!.COM. A ideoloxía da imposición e a imposición da ideoloxía», en Goretti Sanmartín Rei (coord.): *Lingua e futuro* (Ames, Laiovento): 111-132.

Buscamos que pensen criticamente sobre a natureza das súas crenzas e sobre a maneira en que esas influen nas decisión cotiás, en relación co uso dunha lingua ou doutra, que descubran algúns dos efectos inxustos de non falar galego por comodidade, por inercia, por contexto de procedencia, por resultar máis fluído, por necesitar menos esforzo. Razóns do tipo: «no lo hablo pero no quiero que desaparezca» ou «no tengo ningún problema si tengo que hablar en gallego» sexan asuntos para someter a un escrutinio crítico, que os/as axude a exploraren a irracionalidade da súa práctica en relación coa lingua. Para que isto sexa posible, a proposta global de contidos pretende asegurarlles marcos interpretativos que os/as axuden a descubrir a dominación e as asimetrías sociais en relación coas linguas. Así, unha vez que sabemos que coñecen o papel das políticas educativas na normalización da lingua, esperamos que teñan argumentos para decidiren se este é un asunto privado ou político, e actúen en consecuencia practicando unha cidadanía crítica.

De forma máis esquemática, **as funcións da CNL**, veñen recollidas no Regulamento⁴ da Facultade, a saber:

- a) Aumentar a sensibilidade da Facultade sobre o uso do galego.
- b) Promover actividades formativas orientadas ao coñecemento oral e escrito do idioma galego.
- c) Propiciar que o galego sexa a lingua habitual de comunicación, de expresión e de traballo da Facultade.
- d) Velar polo cumprimento da normativa existente en materia de normalización lingüística.
- e) Ser a interlocutora na Facultade do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade.

Ao longo destes sete anos fomos concretando estas funcións no sentido explicado, centrándonos especialmente na finalidade de **contribuír a ampliar o pensamento crítico** no que ten a ver coa grave situación sociolingüística do galego:

⁴ Regulamento aprobado por asentimento en Xunta de Facultade o 8 de maio de 2006, e modificado por asentimento en Xunta de Facultade do 26 de outubro de 2006; aprobado en Consello de Goberno, na súa reunión do 14 de decembro de 2006.

- Estimulando a análise e a reflexión sobre das implicacións da invisibilización da lingua galega nos diferentes ámbitos socioeducativos.
- Afondando na situación sociolingüística e na evolución legal do galego na educación.
- Coñecendo experiencias educadoras innovadoras en lingua galega e valorar o seu papel no proceso de normalización da lingua galega.
- Potenciando o emprego da lingua galega entre a comunidade universitaria.
- Promovendo unha visión de utilidade e de modernidade da lingua galega.

A nivel interno, buscamos chegar a toda a Facultade, garantindo que coñeza o traballo desenvolvido pola Comisión, para o que fomos poñendo en marcha as seguintes accións:

- Activamos un panel informativo reservado á CNL na entrada da Facultade, onde puntualmente se recollen as propostas da Comisión, así como información que esta considere de interese para os obxectivos, intentando a renovación periódica de información.
- Creamos un espazo da CNL tamén nas redes sociais, singularmente a través do Facebook.
- Comezamos a elaborar unha base de datos e páxinas web de «Contactos interesantes na dinamización e promoción da lingua».
- Solicitamos cada curso ao Servizo de Normalización lingüística (SNL) dípticos informativos sobre das prestacións que ofrece o SNL e difundímolos pola Facultade.
- Temos solicitado ao SNL cursos de formación para o profesorado da Facultade que estivese interesado.
- Reunímonos, cando menos, unha vez cada dous meses, acordando de antemán garantir a asistencia da maior parte das persoas que constitúen a Comisión e de non poder, achegar propostas mediante correo electrónico para participar nela.

Para garantir a maior participación posible nas propostas da CNL, fomos xerando **as seguintes estratexias**:

- Vinculamos as actividades propostas pola CNL ao programa e actividades contempladas nas guías docentes de materias concretas para garantir así a súa utilidade e tratar de rendibilizar o esforzo humano e económico que comportan a súa realización.
- Buscamos formatos alternativos ás xornadas anuais que, contribuíndo a unha maior dinamización da lingua na nosa Facultade, non requirisen a presenza continuada do alumnado nun horario determinado, como é o caso das xornadas, e tamén que tivesen a maior presenza posible, mesmo no tempo. Optamos por formatos centrados nun dos días da semana e en semanas distintas para interromper o menos posible a asistencia ás aulas das diferentes materias.
- Diversificamos os formatos: relatorios, mesas redondas, obradoiros, debates, conversas, cinema, poesía, música...
- Buscamos a implicación do persoal de administración e servizos, especialmente na colaboración para incrementar o uso da lingua galega nas diversos canles de comunicación utilizadas: administración, biblioteca, departamentos, conserxaría, cafetaría...

Pasamos agora a recoller as accións concretas realizadas pola CNL no período 2007-2015, que oxalá, poidan ser entendidas como un botón de mostra da vontade común da Facultade de Ciencias da Educación por contribuír a crear pensamento crítico sobre da situación da lingua.

Relatorios

- *As chaves legais na normalización lingüística do ensino* por Alba Nogueira
- *En galego por que non? Desmontando prexuízos* por Manuel Núñez Singala
- *Achegándonos a Lois Pereiro*, conversa entre María do Cebreiro e Manuel Rivas
- *A hidronimia galega* por Dino Pacio Lindín
- *Ler para vivir* por Manuel Bragado, presentado por Xurxo Souto
- *A memoria do rural. 50 anos de Memorias dun neno labrego* por Xosé Neira Vilas
- *Lois Pereiro segundo* Marcos Calveiro
- *Políticas lingüísticas e culturais na Europa do século XXI* por Ana Miranda
- *A lingua e o rural* por X. L. Rivas Cruz
- *Festigal: Experiencias innovadoras na reivindicación da lingua e a cultura galega* por Xabier Macías Virgós, xerente da Fundación Galiza Sempre

Debates e conversas

Debatemos? sobre do plurilingüismo

- Anxo M. Lorenzo Suárez, secretario xeral de Política Lingüística
- Goretti Sanmartín, directora do SNL e profesora da UDC
- Antón Costa Rico, profesor da USC, membro de Nova Escola Galega

A normalización lingüística na educación

- Valentina Formoso, profesora, especialista en normalización lingüística
- Xabier Camba, profesor, dinamizador lingüístico.
- Sechu Sende, profesor, escritor, activista en defensa da lingua galega

Cuestionando o decreto desde o ensino:

- *Nova Escola Galega*. M.^a Dolores Candedo; *Equipos de Normalización Lingüística*, Valentina Formoso; *Real Academia Galega?* Coordina: Mercedes Queixas

Os medios de comunicación: en galego?

- *Vieiros*, Ramón Vilar; *Chuza*, Berto Yáñez; *A Nosa Terra*, Afonso Eiré; e *RTVG*, Luz Méndez

Conversan... Manuel Rivas e Miguelanxo Prado

Conversan... Xulio López Valcárcel e Inma López Silva

Mesas redondas

- *Tecendo palabras cunha lingua minorizada*: Editorial Kalandraka. Isabel García Couso (Redactora de Vieiros); Uxío Novoneira (responsable de comunicación de Rei Zentolo) e *Branca Novoneira* (bailarina e coreógrafa).
- *A dinamización da lingua en contextos socioeducativos* Andaina, Raiola, Preescolar na casa.
- *Modelo Burela*. Bernardo Penabade.
- *Neofalantes... para empezar*. Belén Regueiro e Jurjo Martínez Regueiro.
- *Medrar en Galego*. Coordinadora de Mestras de Educación Infantil.
- *Como podemos dinamizar a lingua nunha biblioteca*. Biblioteca Anxel Casal.
- *«Pensando nas Toponimias*:
 - Luísa Diéguez González, profesora de Lingua e Literatura Galegas no IES Puga Ramón
 - Xulia Marqués Valea, investigadora da toponimia e a etimoloxía galegas
 - Ana Filgueiras Rei, arqueóloga-antropóloga, investigadora do legado cultural tradicional galego
- *A memoria como fermento*: tres libros.
 - *Historia visual dunha entidade deportiva de base* de Héctor Pose
 - *Retrato dunha xeración* de Manuel Pérez Rúa
 - *A cidade sen roupa ao sol* de Marga do Val

- *Xestionando a lectura pública*

- Catuxa Seoane da Rede de bibliotecas do Concello da Coruña
- Marcos Lorenzo. *Ceo de lecturas. Xunta de Galicia.*
- Cristina Novoa. *Clubs de lectura nas bibliotecas escolares.*
- Albino Alonso + David Pérez da Biblioteca do Concello do Porriño

Lendo e dinamizando desde os concellos: propostas e experiencias

- Nuria Seoane do Concello da Coruña
- Beatriz Bascoi do Concello de Ferrol
- Nel Vidal do Concello de Carballo

Mesa de neofalantes: Entrar no galego... tamén a través da lectura

- Belén Regueira, xornalista
- David Pobra, escritor
- Eva Moreda, escritora

Iniciativas empresariais ao redor do libro

- Iria Sobrino de Asteleiro Editora
- Begoña Varela de Librería Nova Colón.
- David Pernas de Compañía trinke-Trinke
- Antón Lado de 2.0 Editora

Obradoiros e contacontos

Buscamos formatos de narración oral co fin de favorecer un clima de coidado, de mimo... Contouse coa presenza de Anxo Moure, Paula Carballeira, Celso Fernández Sanmartín, Dolores Tembrás (poesía) e Raquel Queizás.

Recitais poéticos

- *Dos poemas aos videopoemas* por Yolanda Castaño
- Recital poético contra a violencia de xénero con Estíbaliz Espinosa e Ana Romani. Ao piano Vera Pavlova.

Proxeccións audiovisuais

- *Linguas cruzadas*, e presentación da súa unidade didáctica por parte de Ana Iglesias e María Yáñez.
- *Memorias da lingua* d'As Candongas do Quirombo.
- *Lingua, cámara, acción!* www.linguagalega.TV

Exposicións
• «Topónimos castelanizados: unha experiencia innovadora no Instituto Puga Ramón» • «Peixeiras da creatividade», mostra de cadernos e libros de artista • «Espazo Atril aberto», oportunidade para que no espazo lúdico da biblioteca, calquera poida presentar os seus textos creativos no soporte e forma que estimar.
Outros
• A lingua galega na música, con Tino Baz e María Xosé Silvar (Sés) • Presentación do libro 55 mentiras sobre a lingua galega, por parte de Xabier Docampo • Espectáculos teatrais (<i>A saúde da lingua</i> do grupo Manicómicos; Lucía Aldao e María Lado; Chévere) • Colaboración co blogue da biblioteca da facultade Nébeda. Club de lectura e encontros literarios (http://nebedaclubelectura.wordpress.com)

A participación das CNL, no contexto da celebración dos 25 anos da UDC, diríase mesmo que a súa existencia, constitúe un indicador claro da situación anómala da lingua propia da Galicia, tamén na institución universitaria; son unha consecuencia da carencia de políticas reais en defensa da lingua propia; evidencian a imposibilidade de vivir en galego, poderíamos dicir que queren facer unha derradeira chamada de atención: a lingua propia da Galiza aínda vive!

Que as facultades no seu conxunto sintan afecto polo galego, teñan vontade de falalo, de escribilo, de lelo, é a mellor garantía para que se fale tamén nos xulgados, nos mercados, nos xornais, nos centros de saúde, nas universidades, de maneira que a liberdade individual non asfixie o dereito dos galegos e galegas a protexeren a súa lingua propia. Velaí o importante papel da educación universitaria na promoción da lingua, na construción do que a profesora Pilar García Negro nomea como *lealdade consciente*.

Nestes tempos adversos para o pensamento, para a crítica, para todo o que se aloxe do utilitarismo máis inmediato, é importante lembrar que a educación superior debe encamiñarse a crear unha comunidade crítica e tamén, como ben destaca Nussbaum⁵ que «os nosos campus están formados por cidadáns, e isto significa que debemos preguntarnos como debe ser un bo cidadán de hoxe e que debe saber» (2005: 27). A nosa proposta é contribuír, na medida en que poidamos, á educación para a cidadanía global,

⁵ Martha C. Nussbaum, (2008): *El cultivo de la humanidad. Una defensa clásica de la reforma en la educación liberal*, (Barcelona: Paidós).

entendida nos termos escollidos por Madeleine Arnot⁶: «alentar ós futuros cidadáns globais a que aprendan a ‘indignarse’: a cidadanía global é alguén que ‘sabe como funciona o mundo, indignase ante a inxustiza e está, ao mesmo tempo, disposta e capacitada para actuar, para enfrontarse a este desafío global» (Oxfam, 1997, citado por Arnot, 2009).

⁶ Madeleine Arnot (2009): *Coeducando para una ciudadanía en igualdad* (Madrid: Morata).

A participación do persoal de administración e servizos nas comisións de normalización lingüística dos centros

MARÍA J. PROL CONDE

Xefa do Negociado de Asuntos Académicos da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña

A partir da experiencia acumulada nas comisións de normalización lingüística (CNL) de varios centros da UDC, intento facer unha reflexión sobre a participación do persoal de administración e servizos (PAS) nestas comisións: por que é importante a súa implicación na promoción e normalización lingüística nos centros máis aló do compromiso individual, que pode chegar como colectivo, por que non participa máis nas comisións e que incentivos necesitaría.

Pertenzo ao colectivo do persoal de administración e servizos da Facultade de Economía e Empresa onde desenvolvo tarefas de xestión académica como xefa do Negociado de Asuntos Académicos; traballo desde o ano 1993 na UDC e formo parte das CNL desde o ano 2007. Participei na CNL da Facultade de Socioloxía, na CNL da extinta Escola Universitaria de Estudos Empresariais e actualmente son membro da CNL da Facultade de Economía e Empresa. Foi o meu compromiso individual, formativo e profesional co galego o que me achegou ás CNL e as actividades promovidas por estas. Este perfil comprometido co uso e a promoción do galego non é frecuente no PAS da UDC, pero tampouco é un requisito para participar activamente nas CNL.


Ao longo destes anos foron moitas as actividades que se desenvolveron nestas comisións: xornadas, conferencias, obras de teatro, murais con lemas promovendo o uso do galego, premios literarios, científicos, dotación de dicionarios e outro material de consulta, un posadoiro ou *photo call*, e mesmo a edición dunha revista (*Espazo FEE*), un lugar de encontro e expresión de alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos. Como PAS, preocúpame que nas actividades organizadas polas comisións participen os tres colectivos e procuro a participación dos compañeiros e compañeiras PAS do

meu centro, tanto nas CNL como nas súas actividades, a través dun labor informativo e da promoción das actividades.

O perfil do PAS da UDC respecto da lingua galega

O persoal de administración e servizos forma parte da comunidade universitaria xunto co persoal docente e investigador e co alumnado. A partir da análise sociolingüística que fixo o profesor Álvarez Sousa no ano 2005 sobre a situación lingüística na UDC, intentei facer un perfil dos membros do PAS da UDC respecto da lingua galega:

1. Coñecemento do galego: Despois do alumnado, o do PAS é o sector que mellor entende, sabe ler, escribir e falar en galego. No ano 2005 este colectivo xa tiña un alto coñecemento da lingua.




Coñecemento do galego no sector do PAS da UDC¹

2. Aprendizaxe do galego: a maioría do PAS aprendeu a ler e falar en castelán, pero é o colectivo que máis cursos oficiais de galego realizou (lémbrese que os cursos puntúan para a promoción profesional, o galego é necesario para acceder á Administración pública e, claro está, para redactar documentos administrativos).
3. Función laboral: este colectivo fala galego sobre todo entre o propio PAS e cando o alumnado pregunta en galego o 73,8% contesta en galego; só un 6,9% contesta en galego se lle falan castelán.

¹ *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña*, Antón Álvarez Sousa (2005).

4. Función institucional: este colectivo dobra a porcentaxe de alumnado que emprega o galego para comunicarse coa Administración.
5. Emprega o galego na escrita: o PAS emprega maioritariamente o galego na escrita (31,22%) fronte ao 7,17% do persoal docente e investigador e o 9,16% do alumnado, mais non o fai por comodidade ou por costume.
6. Emprega o galego na fala: emprega maioritariamente o castelán na fala, igual que os outros sectores. Só o 20,42% do PAS emprega o galego, por detrás do alumnado (21,36%) e por diante do PDI (13,25%).

PAS da UDC que entende, sabe ler, sabe escribir e sabe falar en galego



Emprego do galego escrito e falado dos tres colectivos da UDC²

7. Manífestase a favor de expresarse habitualmente en galego, e afirma que o galego é o idioma propio de Galicia.
8. Considera moi importante a súa formación lingüística en galego e pensa que se debe fomentar o seu uso nos centros.
9. Opina que o galego debe valorarse na promoción laboral.
10. Case a metade do colectivo afirma que ten material lingüístico suficiente para empregar no traballo. É o colectivo que máis utiliza o SNL aínda que moitos descoñecían as súas funcións.

² *Ibidem.*

11. É o colectivo que máis a favor está en destinar recursos á normalización do galego, a que se oferten cursos de galego e a asistir a eles

Destes datos extraídos da análise sociolingüística do profesor Álvarez Sousa, deduzo que o PAS é un colectivo con capacidades e actitudes moi positivas coa normalización e coa lingua; mais, aínda que non teño datos obxectivos, a experiencia faime apreciar que apenas se involucra na normalización lingüística dos centros nin nas actividades promovidas polas comisións.

Por que é importante a implicación deste colectivo máis aló do compromiso individual?

Aínda que o colectivo do PAS é máis pequeno que o do PDI e o do alumnado, é importante asegurar a súa presenza nas CNL e que este colectivo se involucre e participe tanto nas CNL como nas actividades que desde elas se promoven; só deste xeito non se verá excluído delas.

Procurar a participación dos tres colectivos debe ser o primeiro paso para a normalización. Así como procurar que as actividades se estendan a toda a comunidade universitaria. Por exemplo o Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras estendeuse, desde a súa segunda edición, aos tres colectivos.

O colectivo do persoal de administración e servizos é un colectivo diferente, con intereses e expectativas distintas, e esta diferenza pode achegar ás CNL, ademais de pluralidade, diversidade. É importante que o PAS que forma parte das CNL traslade e dea a coñecer entre o seu colectivo como traballan as CNL, que tipo de actividades desenvolven e sobre todo procurar a súa participación.

Que pode achegar o PAS como colectivo? Como pode contribuír á normalización no centro?

O PAS pode achegar esa actitude positiva para coa lingua que se deduce do estudo do profesor Álvarez Sousa. Tamén pode achegar o nivel de coñecemento lingüístico, a formación e reciclaxe continuas, ben como a capacidade organizativa e técnica.

Alén diso, o PAS que traballa desde os centros pode actuar no proceso de normalización como un axente normalizador importante polo contacto directo e habitual co alumnado e co profesorado.

Ten o PAS dificultades para participar nas CNL? Por que non participa máis?

Non existen dificultades para participar nas CNL. Se a participación nas comisións e nas actividades promovidas por estas é baixa débese, probablemente, ao descoñecemento da propia comisión, das súas funcións e da utilidade das CNL. En segundo lugar, a unha actitude de apatía e de escepticismo xeneralizados entre o colectivo que percibe como máis importantes outros problemas, caso da perda de poder adquisitivo, a desconsideración do labor que realiza ou a falta de expectativas na promoción profesional.

Que incentivos necesitaría?

O alumnado recibe axudas para escribir o traballo de fin de grao ou mestrado (os TFG e TFM) ou a tese de doutoramento en lingua galega, mentres que o PDI conta con incentivos para impartir a docencia das materias en galego ou en inglés.

Respecto ao PAS, os coñecementos e as titulacións de lingua galega contabilízanse para a promoción profesional; a maioría do colectivo realizou os cursos de linguaxe administrativa de nivel medio e superior polo que o mérito queda desvirtuado e máis aínda cando no último concurso de méritos desta universidade (Resolución reitoral do 2/1/2014) puntuou do mesmo xeito (5 puntos) o curso de linguaxe administrativa de nivel superior que o Celga 5. Á parte disto, non conta con ningún incentivo nin recoñecemento laboral ou profesional pola participación nas CNL.

A falta de estímulos provoca entre o PAS indiferenza e falta de ilusión a respecto da lingua e do proceso normalizador. Recoñecer o seu labor é a mellor maneira de procurar a súa implicación como colectivo. Polo demais, todos os membros dunha CNL necesitarían formación, por exemplo, en comunicación social, en innovación, en novas estratexias para afrontar os prexuízos contra o galego, en técnicas de dinamización etc.

Penso que é preciso recuperarmos a ilusión de todos os colectivos.

A experiencia da Comisión de Normalización Lingüística da Escola Politécnica Superior. En que territorio traballamos? Que temos feito? Que resultados temos conseguido? Que debemos facer no futuro?

RAMÓN YÁÑEZ BRAGE

Profesor Honorario da Universidade da Coruña

Ferrolterra foi historicamente un espazo sociolingüístico pouco favorable ao idioma galego. No século XVIII, cando non era máis que unha pequena vila de pescadores, foi convertida en moi pouco tempo na base naval máis importante do reino de España e nunha das cidades máis poboadas de Galiza por decisión dos reis borbóns Carlos III e Fernando VI. Creouse, partindo practicamente da nada, unha grande e moderna urbe que foi poboadada con mariños, militares, enxeñeiros e obreiros especializados. Xentes procedentes de fóra de Galiza, maiormente nos perfís de maior cualificación técnica e nos traballadores máis especializados.

A lingua materna de todos estes traballadores e técnicos era o castelán. Ademais, o cliente único dos estaleiros era a Armada española, e todas as decisións sobre as construcións procedían do goberno de Madrid, polo que as ordes e toda a información técnica e orzamentaria xerada producíase en castelán. Ferrol foi conformado por esta vía nun enclave maiormente castelanfalante inserido nunha rexión, a ártabra, que lle proporcionou man de obra de baixa cualificación galegofalante. Se cadra en ningún outro lugar de Galiza como en Ferrolterra se fixo máis patente a confrontación entre o castelán como lingua de poder, cultura prestixio e modernidade e o galego obreiro, labrego e mariñeiro, propio das contornas rurais en que residían a maioría dos traballadores, como digo, de baixa cualificación. A sorte estaba botada, o resultado do confronto estaba cantado. Falar castelán era socialmente útil. Para ascender en cualificación e na escala laboral e social era imprescindible, no so falalo, senón mesmo escribilo con corrección. O galego ficaba só como lingua para falar na familia e na aldea. Nos

lugares e nas casas dos que residían nas contornas e mantiñan en pé como actividade simbiótica moitas das explotacións agrícolas que, xunto as casas propiamente labregas, fornecían de alimentos á poboación urbana. Dentro das murallas do arsenal o galego non era utilizado na cadea de mando. A nosa lingua só conseguiu resistir como lingua de comunicación entre os traballadores menos cualificados, e mesmo neste ámbito foi perdendo prestixio e decaendo o seu uso co paso do tempo.

No século xx a diglosia foi agravándose. Despois da derrota dos barcos de madeira da Armada española fronte as modernas escuadras de buques de aceiro norteamericanos en Santiago de Cuba e Cabite, as autoridades militares españolas decidiron modernizar a flota de guerra. Como España non contaba con tecnoloxía propia para a construción de buques de aceiro e propulsión a vapor decidiuse sacar a concurso internacional a explotación dos arsenais militares. O concurso foi gañado por un consorcio franco-británico que creou un esquema organizativo totalmente novo en que practicamente todas as funcións de responsabilidade foron encomendadas a técnicos británicos. O desembarco dos numerosos técnicos e das súas familias creou en Ferrol un espazo lingüístico especial cunha lingua estranxeira de prestixio, o inglés, coñecido e falado por unha gran parte dos traballadores cualificados da construtora, por mor da elaboración nesa lingua de boa parte da documentación técnica das novas unidades; conservouse o castelán como lingua oficial do Estado e das súas instalacións militares para a comunicación entre o estamento militar, a dirección e os traballadores da empresa; e o galego pasou a sufrir no ámbito interno da construtora, e mesmo en toda a cidade, unha dupla discriminación. Ferrol converteuse nun espazo sociolingüístico onde a nosa lingua tiña cada vez menos espazo e cada vez menos prestixio.


A creación de Astano nos anos corenta reproduciu, e mesmo amplificou, a diverxencia entre o castelán como lingua de poder e prestixio e o galego como lingua sen valor económico e social, como lingua desvalorizada do pobo traballador. Eu mesmo, cando traballaba en Astano como enxeñeiro nos anos setenta, teño vivido experiencias desagradábeis por utilizar a nosa lingua pra dirixirme a outros traballadores da empresa. Este retrato sociolingüístico pode definir tamén o Ferrol dos anos noventa do pasado século, cando se creou a Escola Politécnica Superior (EPS) cun cadro directivo e de profesorado docente e investigador procedente, na súa inmensa maioría, de fóra de Galiza. A historia volvía repetirse. A creación dunha estrutura educativa con grande impacto social, vital e modernizadora para a cidade como a EPS facíase, outra volta, con base en poboación foránea descoñecedora da lingua galega.

Aínda que a EPS se creou no ano 1993 non foi ata os primeiros anos do século XXI, a partir do nomeamento como reitor de José M.^a Barja e de cadros directivos da Escola

integrados maioritariamente por decanos e vicedecanos galegos, cando decidimos enfrontar o problema de normalizar e prestixiar o uso da nosa lingua entre os estudantes. Consideramos naquela altura que a situación de partida viña ben reflectida no Mapa Sociolingüístico de Galicia elaborado pola Real Academia Galega en 2004 e intentamos, despois de avaliar a situación á que nos enfrontabamos, definir unha estratexia de defensa da lingua.

Nun breve resumo, a situación que o MSG-2004 amosaba para a cidade de Ferrol e o nivel de estudos universitario superior era a seguinte e aparece recollida graficamente na figura 1: claro predominio do castelán como lingua inicial na poboación das sete grandes cidades de Galicia, especialmente en Ferrol e Vigo. En todas elas os continxentes maioritarios corresponde ás categorías ‘Só castelán’ e, a seguir, ‘Máis castelán’, se ben con diferenzas dunhas a outras. Con todo, existe unha ampla tipoloxía de perfís, produto das diferentes porcentaxes de cada unha das cinco opcións de resposta, o que constata a complexidade sociolingüística do medio urbano galego (Fernández, 1993, 2004; Seminario de Sociolingüística, 2003). Así, Ferrol resulta a cidade máis castelanizada canto aos usos iniciais, pois preto do 70% da poboación con idades comprendidas entre os 15 e os 54 anos aprendeu a falar só en castelán. Sumando as opcións ‘Só castelán’ e ‘Máis castelán’ obsérvase que a proporción de persoas que adquiriron de maneira única ou preferente o castelán ascende ao 84,5%. Séguenlle Vigo co 80,9%, A Coruña co 77,4% e Pontevedra co 73,2%.


Lingua inicial nas sete grandes cidades de Galicia (MSG-2004)



Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I. *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. RAG

A poboación obxectivo á que nos dirixiamos era aquela con nivel de estudos universitarios, residente maiormente en Ferrolterra (Ferrol, Eume e Ortegal) e nas Mariñas coruñesas. Esta poboación tiña segundo o MSG-2004 unha lingua inicial maioritaria nos grupos lingüísticos ‘Máis castelán’ e ‘Só castelán’ que en conxunto acadaban un 73,3%, moi superior ao que representaban os grupos ‘Só galego’ e ‘Máis galego’ que sumaban en conxunto só un 24.4%

Lingua inicial segundo o nivel educativo: estudos universitarios (MSG-2004)



Mapa Sociolingüístico de Galicia. 2004. Rel Academia Galega.

O labor presentaba, ademais, un problema engadido importante. O número de profesores galegofalantes na EPS era moi pequeno, menor do 5%, e entre a maioría dos profesores foráneos e mesmo galegos de orixe, pero castelanfalantes, a disposición a colaboraren nun programa para prestixiar e normalizar a nosa lingua era, por dicilo suavemente, moi cativa, cando non de franco rexeitamento.

Malia as nosas escasas forzas puxémonos mans á obra e coa axuda financeira e institucional do Servizo de Normalización Lingüística da UDC definimos as liñas básicas de actuación. A tarefa normalizadora do galego na EPS tería como eixo de actuación a normalización, o prestixio da lingua para reforzar a posición lingüística dos alumnos que a tiñan de seu, e a ampliación da base galegofalante entre o noso alumnado. As accións en que este plan se concretou foron as seguintes:

- a) Un seminario que levou por título xenérico *Vivir en galego* que consistiu nun ciclo de conferencias impartidas por profesionais e políticos galegofalantes de recoñecido prestixio como:
 - Xavier Alcalá Navarro, escritor, enxeñeiro de telecomunicacións, director, naquela altura, de Programas Internacionais de I+D+i da Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

- Camilo Nogueira Román, enxeñeiro industrial e licenciado en Ciencias Económicas, ex-parlamentario do BNG no Parlamento europeo.
 - Xosé Manuel Beiras Torrado, catedrático de Estrutura Económica da Universidade de Santiago de Compostela, ex-voceiro do BNG no Parlamento de Galicia.
 - Xosé Luis Barreiro Rivas, catedrático do Departamento de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago de Compostela, ex-vicepresidente da Xunta de Galicia.
 - Xoán López Facal, enxeñeiro industrial e licenciado en Ciencias Económicas, ex-director financeiro de SODIGA, ex-parlamentario por EG do Parlamento de Galicia.
- b) Un ciclo de conferencias que baixo o título «Uso profesional da lingua galega na empresa» cuxos obxectivos foron reflexionar sobre a evolución da presenza da lingua galega no ámbito empresarial, a problemática e as vantaxes do seu uso do galego. Os relatores foron:
- Enrique Sáez Ponte, ex-director do Banco Pastor e presidente da Fundación Juana de Vega.
 - Marcelino Fernández Mallo, responsable naquel momento da Área de Banca Electrónica de Caixa Galicia.
 - Brais Fernández Prieto, enxeñeiro naval e oceánico e traballador da Capitanía Marítima de Burela, quen por exercer a súa función profesional en lingua galega foi expedientado e separado do servizo activo ata que gañou no Tribunal Supremo o dereito a realizar os seus informes técnicos na nosa lingua.

Participamos tamén durante dous exercicios na campaña promovida pola Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística e pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago e o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña *En galego tamén se fai ciencia*. Na EPS impartiron conferencias boa parte dos protagonistas desta campaña: Xabier Alcalá, Beatriz de Carlos, Ángel Carracedo, Domingo Docampo, Edita de Lorenzo, Marcos Mariño, Jorge Mira e Elena Vázquez-Cendón.

A afluencia da comunidade estudantil foi en xeral escasa, malia térmolo posto en coñecemento do alumnado e da delegación de alumnos da escola, publicar as actividades na páxina web, dalo a coñecer por medio da prensa local e imprimir carteis e pegalos nos taboleiros de anuncios e en todas as aulas. A afluencia de profesores foi tamén moi escasa, apenas os membros do equipo directivo da EPS e os da comisión de normalización.

Constatado o escaso impacto que esta liña de traballo acadou sobre o alumnado decidimos emendar o rumbo e solicitar do Servizo de Normalización Lingüística o financiamento dunha acción para fomentar entre o alumnado da EPS o uso do galego, que tiña por obxectivo a organización dun concurso con premio único de 900 euros ao mellor traballo de deseño e elaboración de memoria técnica, integramente en galego, dun aparello industrial, e un traballo semellante para o deseño e memoria construtiva dun barco ou un aparello naval dotado tamén cun premio único de 900 euros. Esta liña de traballo requiría dunha implicación decidida do profesorado, lembremos maioritariamente castelanfalante, que non fomos quen de conseguir, polo que non se presentou ningún traballo e ambos os concursos foron declarados desertos.

No ano 2011 mudamos novamente o rumbo e decidimos impulsar xunto coa Comisión de Normalización Lingüística da Escola Politécnica Universitaria o I Concurso de Traballos Académicos en Lingua Galega dotado con premios por valor de 1250 euros. Os resultados foron mellores. Presentáronse catro traballos e concedéronse dous premios. Os membros do xurados consideraron a boa calidade científica e suficiente a lingüística dos traballos. Ademais, o xurado do VIII Premio Luísa Villalta ás mellores iniciativas normalizadoras no ámbito das tres universidades galegas concedeu o primeiro premio ao traballo que levaba por título *O galego constrúe. Constrúe o galego*, na modalidade de Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega, do que foi autor Luís Suárez López, alumno de Enxeñaría Naval e Oceánica da Escola Politécnica Superior de Ferrol.

Na edición de 2012 volveron presentarse catro traballos ao mencionado concurso e concedéronse dous premios. Na edición de 2013 só se presentou un traballo, mais por incumprir as bases os premios declaráronse desertos.

En setembro de 2013 xubileime e dei por rematado tamén o meu labor á fronte da Comisión de Normalización Lingüística da EPS.

Veño de coñecer a través da publicidade colocada nos taboleiros da Escola Politécnica Superior que para este ano 2014 hai convocado un concurso de elaboración dun vídeo

en galego sobre traballos de carácter técnico realizados polos alumnos. Paréceme unha boa idea. É máis doado que facer un proxecto ou un traballo académico redactado e igual de útil cara ao obxectivo de dinamización.

Conclusiones

A miña valoración persoal sobre o esquema institucional de apoio á lingua na Universidade da Coruña é moi positivo, tanto desde o punto de vista orzamentario, como desde a dedicación e profesionalidade das persoas que dirixiron o Servizo de Normalización e das mulleres e homes que conforman os equipos normalizadores da Reitoría e do campus de Ferrol.

A miña valoración persoal do nivel de cumprimento dos obxectivos é dupla. Por unha banda, os resultados foron pobres en moitas das actividades acometidas e curtos, mesmo nas actividades que acadaron certa continuidade, e pola outra, coido que seguen a ser imprescindibles esforzos orzamentarios e persoais como os realizados pra mantermos un nivel mínimo de presenza e prestixio da nosa lingua no ámbito tecnolóxico e empresarial, especialmente nun espazo tan deteriorado desde un punto de vista sociolingüístico como o de Ferrolterra.

A política lingüística na Universidade de Vigo. Balance de 25 anos

PAULO CABRAL PEDREIRA

Director da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

FRANCISCO XAVIER MARTÍNEZ COBAS

Comisionado de Plans Estratéxicos da Universidade de Vigo

Limiar

Os diferentes estatutos da Universidade de Vigo foron recollendo, na redacción dos respectivos títulos preliminares, a vinculación á realidade histórica, social e económica de Galicia. Á hora de analizarmos a política de normalización lingüística desenvolta nos últimos vinte e cinco anos, cómpre enmarcala nesa mesma realidade, pois só así poderemos entender ou cuestionarmos o camiño seguido, así como os que quedaron de lado.

Imos rastrexar a pegada da política entendida como a actividade orientada e impulsada desde os órganos de goberno da propia universidade para estender os usos do idioma, non como o conxunto de tarefas levadas a cabo dende o servizo que se crea para tal fin. Deste xeito estaremos en disposición de valorar que grao de interese tivo en cada momento conseguir a normalización da lingua galega.

Antecedentes

A década dos anos oitenta do século xx foi a do desenvolvemento de novas estruturas democráticas que permitían imaxinar unha nova era con mellores perspectivas para o galego. A aprobación do Estatuto de autonomía e o artellamento da administración autonómica supuxeron un gran paso cualitativo: a lingua galega é proclamada como a propia de Galicia e adquire a categoría de idioma oficial, xunto ao castelán.

En 1983 apróbase a Lei de normalización lingüística para desenvolver o disposto no Estatuto de autonomía respecto da lingua e iniciar un proceso de extensión do seu uso en ámbitos en que fora relegada ou excluída. Porén, aí estaba tamén a realidade como ineludible factor para ter en conta como contrapeso da ilusión. Esta lei naceu coa pexa dun recurso de inconstitucionalidade presentado polo presidente da Real Academia Galega (nese momento delegado do goberno central en Galicia) contra o deber de coñecer ambas as linguas oficiais.

Nese proceso de produción normativa e impulso normalizador, en 1987, unha orde da Consellería de Educación do goberno de Xerardo Fernández Albor que facultaba unha serie de materias para utilizar o galego como lingua vehicular no ensino non universitario, tamén foi recorrida como inconstitucional: a diferenza doutros ámbitos, parece que as disposicións legais que afectan o desenvolvemento da nosa lingua se redactan en papel pexado.

Cando en 1989 o goberno tripartito presidido por Fernando González Laxe decide reestruturar o sistema universitario galego e crear dúas novas universidades públicas a partir da segregación da Universidade de Santiago de Compostela, proclama na Lei de ordenación do sistema universitario de Galicia que un dos obxectivos e finalidades propios do SUG que especialmente se terá en conta é «a promoción do galego, lingua propia de Galicia como idioma vehicular no ensino superior, na investigación científica e na creatividade artística e cultural».

Esta lei, vixente deica 2013, incidía nun aspecto fundamental para promover o galego: ser idioma vehicular tamén na docencia universitaria. Porén, a Lei de normalización lingüística de 1983 precisaba respecto do ensino superior, no seu artigo 15, que o profesorado e o alumnado no ámbito universitario «teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia». Mais tamén que «o Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario».

Na Universidade incorpóranse nesta década os cambios lexislativos de rango superior que se foron sucedendo. En 1985, coa reforma dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, asúmese por vez primeira na institución que «a lingua galega debe ser de uso oficial». Para facilitalo, en 1988 constitúese o Servizo de Normalización Lingüística da única universidade que existía en Galicia. Esta era a situación de partida cando se comezan a segregar as novas universidades.

Período constituínte da Universidade de Vigo (1989-2004)

Entre setembro de 1989, cando Luís Espada Recarey toma posesión do cargo de reitor da Universidade de Vigo, e finais de 1993, coa publicación no DOG dos Estatutos da Universidade, comeza a erguerse a nova institución sobre os alicerces que formaran parte dos campus periféricos do sur da universidade compostelá.

Coincide este momento co inicio, en 1990, da xeira de gobernos de Manuel Fraga Iribarne na Xunta de Galicia que han prolongarse ata 2005. Será o período en que o proceso de substitución da lingua galega polo castelán vai ser xustificado coa teoría do bilingüismo harmónico.

A Xunta de Galicia crea en 1990 a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística coa finalidade de coordinar e impulsar, en materia de lingua, as actuacións das distintas consellerías. En relación coas universidades, respectando a autonomía universitaria, esta comisión entendía que era preciso prestar apoio ás iniciativas que xurdisen nas institucións de ensino superior. Para iso cumpría facilitar a creación de servizos de normalización, ben pola propia iniciativa e financiamento da universidade, ben por acordos de colaboración coa Xunta de Galicia.

Vimos como a Universidade de Santiago de Compostela optara por dotarse dun propio servizo anos atrás. A Universidade de Vigo, mergullada no batifondo de botar a andar a súa propia administración, ordenar a actividade académica, facerse cargo das instalacións e dos servizos, e arranxar os diferentes conflitos que ían xurdindo, escolle a segunda opción e crea un SNL a través dun convenio de colaboración coa Consellería de Educación, a proposta do xerente desta etapa, Antón Vidal Andión.

Deste xeito, un funcionario da Xunta de Galicia pasa a desempeñar as tarefas de técnico de normalización lingüística en comisión de servizo. O seu custo asúmeo a Consellería de Educación e as actividades que se leven a cabo van ser financiadas ao cincuenta por cento entre a Xunta e a Universidade. Segundo o convenio de colaboración asinado en maio de 1991, as funcións do servizo pasan a ser a organización de cursos de lingua galega, congresos e reunións de carácter científico e a publicación de materiais para o ensino, aprendizaxe e divulgación da lingua e literatura galegas. Non se menciona a promoción do galego como lingua vehicular no ensino superior, que era un dos obxectivos e finalidades propios do SUG que especialmente se debía ter en conta, polo que se pode entender que é unha cuestión que non depende deste novo servizo, ou ben ha derivar dalgunha das accións anteriores ou da súa combinación.

O SNL da Universidade de Vigo mantivo o mesmo esquema de funcionamento e a adscrición orgánica na Secretaría Xeral da institución académica entre 1991 e 2001. Xosé María Pin Millares, responsable do servizo nestes dez anos, foi a persoa encargada de crear, organizar e impulsar o SNL da Universidade de Vigo. Malia a dispersión dos campus, centros e dependencias, da heteroxeneidade dos colectivos a quen dirixía o seu traballo, así como a escaseza de recursos, despregou unha ampla actividade formativa para toda a comunidade universitaria, realizou campañas de dinamización e ocupouse da tradución e corrección de documentos da administración e de materiais para publicar e a docencia. Con todo, xa en 1995 advertía de que o papel fundamental do servizo non debía cingirse maioritariamente ao eido da corrección dos textos, senón ás tarefas de dinamización.

No que respecta propiamente ao deseño da política lingüística, podemos considerar como único impulso de tipo lexislativo durante estes dez anos o que reflicten os Estatutos da Universidade de Vigo aprobados en 1993, aínda na etapa constituínte do reitor Luís Espada. O artigo 4 sinala:

1. O galego é a lingua da Universidade de Vigo.
2. Ademais da lingua propia de Galicia, o castelán é lingua de uso nesta institución universitaria, tal como recoñecen o Estatuto de Galicia e a Constitución española.
3. Todos os membros da comunidade universitaria teñen dereito a se expresaren, oralmente e por escrito, na lingua da súa preferencia.
4. A Universidade de Vigo desenvolverá un labor de fomento da lingua galega en todos os eidos da súa competencia.
5. Para este efecto a Universidade de Vigo utilizará o galego nas súas relacións coa cidadanía galega, coas entidades territoriais e locais galegas, así como cos seus organismos dependentes. Así mesmo, o galego usarase oralmente e por escrito en todos os procesos xudiciais relacionados coa comunidade universitaria ademais de nos textos legais, contratos, informes e comunicacións que xurdan do funcionamento cotián da universidade.
6. A fin de facer efectivo o punto 4, promoverase a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Universidade de Vigo, arbitrando as medidas necesarias para facer normal a utilización do galego en todos os ámbitos da vida universitaria.
7. Para dar cumprimento aos puntos 4, 5 e 6, posibilitando a súa posta en práctica, crearase un servizo de normalización lingüística –organismo encargado de apoio e execución se é o caso– do explicitado nos epígrafes anteriores.

8. A Universidade de Vigo fomentará o coñecemento e o estudo da lingua galega noutras universidades.

Destinaba o capítulo IX ao Servizo de Normalización Lingüística:

Artigo 256

Para a progresiva consecución da normalización lingüística na docencia, investigación e servizos universitarios, a universidade realizará a necesaria planificación e disporá dos medios precisos creando o Servizo de Normalización Lingüística. O director dese servizo deberá ter a titulación necesaria; será nomeado polo reitor logo de concurso público, seguindo o procedemento legalmente establecido. O director presidirá unha xunta técnica que o auxiliará nas súas funcións e terá a composición que se especificará no regulamento de réxime interno.

Artigo 257

As funcións deste servizo serán:

- a) Organizar e impartirlles cursos de lingua galega aos membros da comunidade universitaria.
- b) Informar e asesorar permanentemente a todos os órganos da universidade no referente ao uso do galego.
- c) Propoñer as actuacións que considere máis axeitadas para o proceso de normalización do galego na universidade.
- d) Traducir ao galego os documentos e escritos oficiais que a comisión do servizo considere necesario.
- e) Canalizar as relacións con entidades extrauniversitarias relacionadas coa lingua galega.

Universidade de Vigo. Política de normalización lingüística

Logo de seren aprobados estes estatutos remata o período constituínte da universidade coa convocatoria de eleccións a reitor. En 1994 resulta elixido José Antonio Rodríguez Vázquez e, durante os catro anos que transcorren ata 1998, o SNL continúa sen variacións, tanto na dotación de persoal como na relación a través do convenio coa Xunta. No primeiro curso deste mandato impulsouse un estudo sociolingüístico da comunidade universitaria para coñecer a situación da lingua na institución. Os resultados publicáronse en 1997 e, no seu limiar, advírtesenos de que a análise sociolingüística

é unha tarefa totalmente imprescindible para deseñar un proxecto de normalización lingüística, un coñecemento necesario para planificar.

En 1995, o responsable do servizo anunciou que lle ía presentar ao equipo de goberno a proposta de elaboración dun regulamento de uso da lingua galega. Nesa altura, consideraba que «non existe unha resistencia activa e belixerante fronte ao uso do galego, pero tampouco un compromiso serio galeguizador; tense, en xeral, como algo ornamental e litúrxico».

Co acceso de Domingo Docampo Amoedo en 1998 á reitoría, vanse producir moi paseniñamente cambios que levan a modificar o convenio de colaboración coa Xunta no ano 2000 e a non prorrogar a comisión de servizo do ata entón responsable do SNL. En 2001 créase a Área de Normalización Lingüística e noméase como director o profesor Anxo Lorenzo Suárez, quen vai contar coa asistencia de persoal contratado con bolsas de colaboración e tamén do programa Labora (contratos en prácticas subvencionados pola Xunta de Galicia). A ANL pasa a dispor de orzamento propio e mantén as achegas do convenio de colaboración da Consellería de Educación para as actividades normalizadoras.

Como resumo dos dez primeiros anos quedámonos con que a Universidade de Vigo recolleu nos Estatutos de 1993 unhas liñas que deberían desenvolver a política lingüística respecto do galego. Ademais de incluír o que a lexislación autonómica viña marcando para o seu ámbito dependente, tamén menciona a necesidade da planificación e a creación dun servizo que sería parte importante nesta tarefa. Faltaban daquela varias tarefas: este labor de planificación, a consolidación do servizo con persoal estable, elaborar un regulamento de uso interno do galego e dar máis peso á dinamización contra a función simplemente tradutora e correctora de documentos.

Os aspectos positivos foron elaborar a enquisa sociolingüística, que permitiu coñecer con certo detalle a situación do galego na comunidade universitaria; formar o persoal para un mellor uso da lingua; incrementar a sensibilidade da comunidade universitaria respecto do galego; e comezar coa galeguización da administración etc.

En 2002, no comezo do segundo mandato de Domingo Docampo Amoedo, a ANL deixa de depender funcionalmente da Secretaría Xeral da universidade para integrarse na estrutura da recentemente creada Vicerreitoría de Relacións Institucionais. Entre as primeiras iniciativas atopamos o intento de creación de comisións de normalización lingüística nalgúns centros. Logo de enviar oito cartas con propostas a outras tantas escolas e facultades, recíbese só a resposta positiva de dúas, unha que xa estaba

funcionando (Fac. de Filoloxía e Tradución) e outra (Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais) de vida efémera.

En 2003 apróbanse uns novos estatutos da universidade para adaptárense á LOU. A diferenza dos de dez anos atrás redúcese ao artigo 4:

1. O galego é a lingua propia da Universidade de Vigo e, polo tanto, é a lingua de uso normal nas súas actividades. O galego, como lingua propia, é a lingua oficial da universidade, como tamén o é o castelán, oficial en todo o Estado.
2. A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que contribúan ao uso pleno da lingua galega en todas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos.

E unha mención no artigo 13:

Son funcións dos centros: f) A aplicación das directrices da Universidade de Vigo sobre a normalización lingüística.

Nestes segundos catro anos de lexislatura é cando comeza propiamente a deseñarse unha política lingüística na Universidade de Vigo. Para iso, créase unha comisión dependente do Consello de Goberno co obxectivo de elaborar un plan de política lingüística. Consúltase cos diferentes sectores da comunidade universitaria, realízase unha análise sociolingüística e do seu diagnóstico establécense unha serie de obxectivos xerais, específicos e de medidas para acadalos.

Mentres nas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña se aproban senllos plans de normalización lingüística, na de Vigo o plan non se denomina de *normalización*, senón de *política lingüística*. Ademais dunha parte dedicada propiamente á normalización, engádese outra que incide no fomento do plurilingüismo procurando a converxencia co espazo europeo de educación superior. Créase o Centro de Linguas para apoiar a incorporación de máis idiomas na docencia e na vida universitaria, facendo fincapé en que iso implicaría unha maior extensión de usos do galego.

Xa nesa altura, Anxo Lorenzo Suárez aclara que «o Plan de política lingüística non debe confundirse cun plan de normalización, pois ten en conta o castelán e as terceiras linguas, establecendo actuacións e normativas en todos os eidos». Malia constituír un texto de propostas, non un regulamento, o plan inclúe actuacións concretas como o apoio á docencia en galego, incentivado economicamente.

Nas actividades da ANL é o momento da extensión do «servizo en liña», a formación en liña nos cursos de galego, o asesoramento etc. Comezan os cursos de cultura e lingua para o estudantado de programas de intercambio, a proxección exterior da universidade a través da Cátedra Illa Couto e da achega ao galego estremeiro coa Escola Permanente Fermín Penzol. Amplíase a colección de material de terminoloxías especializadas, coláborase na organización do Simposio Internacional sobre Bilingüismo etc.

Unha vez aprobado o plan en decembro de 2004, en 2005 comézase a implantar a docencia en inglés en dous centros. Cando en 2006 Anxo Lorenzo deixa a ANL aconsella cambios na súa estrutura: «Creo que no canto de normalización habería de transformarse nunha area de política lingüística, pois, en definitiva, o que fai é implementar o Plan de política lingüística, non está centrado só no ámbito do galego. Emporiso, é só un tema de nomenclatura, arestora, a área ten unha relación estreita co Centro de Linguas, a Oficina de Relacións Internacionais...»

Por fin, a Universidade contaba cun plan que marcaba as pautas para ampliar a extensión de usos do galego. Participaran na súa elaboración representantes de todos os sectores da comunidade e de variada procedencia política. Un dous seus obxectivos sinalados era facilitar a oferta do 50 % das materias en galego no ano 2010. Este tempo de grande actividade carece de algo que xa advertira Manuel Núñez Singala tempo atrás: a planificación lingüística é importante, pero depende da dotación económica e do persoal para levala adiante. A ANL continuaba con persoal eventual e non se afrontara a consolidación de prazas na relación de postos de traballo.

Foron anos de cambio e distinta sensibilidade. En 2005 a Xunta de Galicia pasa a ser dirixida polo goberno bipartito presidido por Emilio Pérez Touriño. Elabórase e apróbase o Plan xeral de normalización da lingua galega de maneira unánime polo Parlamento de Galicia; posteriormente ve a luz o Decreto 124/2007, que regulaba o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Semellaba que a normalización do idioma propio de Galicia comezaba a ter unha aplicación práctica, pero tamén se empeza a percibir a hostilidade dun sector político-económico que, coa falacia da imposición lingüística, comeza a oporse á promoción do galego cunha campaña que acabará tendo graves consecuencias na revitalización de prexuízos e alimentando unha falsa controversia sobre a delirante idea da desaparición do castelán de Galicia.

Nesta etapa, Alberto Gago Rodríguez comeza en 2006 o seu período como reitor e o profesor Xosé Henrique Costas convértese en director da ANL, que continúa dependendo funcionalmente da Vicerreitoría de Relacións Institucionais, con Iván Area Carracedo de vicerreitor. Séguense a desenvolver diferentes programas do Plan

de política lingüística, fundamentalmente o de plurilingüismo na docencia, polo que se incentivaba economicamente o profesorado e os departamentos na elaboración de material para incrementar a docencia en galego e noutros idiomas. A universidade e a entón Dirección Xeral de Política Lingüística aumentan considerablemente as achegas económicas que son destinadas a apoiar estes programas¹.

É o momento de campañas tan rechamantes como a de «Busco amante galego falante» e a de «Chámate con xeito» para recuperar a onomástica (esta última foi duramente criticada por sectores contrarios ao galego dende medios de difusión estatal). Continúase coa produción de material normalizador, convócanse os cursos de verán de lingua galega, organízanse xornadas nas áreas de galego estremeiro; editase a colección Olga de lingua exterior, a colección de toponimia co Concello de Vigo; desenvólvese a campaña en favor do decreto de 2007...

Aínda que poida parecer pouco importante, en comparación con outras actividades máis rechamantes, cómpre resaltar a creación na RPT dunha praza de técnica/o superior en normalización lingüística, ocupada por unha traballadora en calidade de interina. Por fin inaugúrase unha etapa na ANL en que o persoal vai ocupar prazas para desempeñar as tarefas con tempo e coa previsión de que, superado un proceso de concurso-oposición, se realice de xeito indefinido. Contrátase outra persoa máis, pero cun contrato eventual. Así mesmo, para cumprir un dos obxectivos do Plan xeral de normalización lingüística, créase a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, órgano que liga as tres universidades públicas e o goberno autonómico no impulso e na coordinación do proceso de normalización lingüística no ámbito universitario.

En 2010 actualízanse os Estatutos da universidade de Vigo. A redacción con todo o que ten que ver co galego é moi parecida aos de 2003:

Artigo 4:

1. O galego é a lingua propia da Universidade de Vigo.
2. A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que garantan o uso pleno da lingua galega en todas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos.

¹ Para afondar máis neste período pódese consultar o relatorio de Iván Area e Xosé Henrique Costas nas V Xornadas sobre Lingua e Usos do ano 2008 (páxinas 33-44). Libro de actas: <http://www.udc.gal/snl/documentospdf/Libro_Lingua_e_Docencia_Universitaria.pdf>

3. A Universidade de Vigo establecerá mecanismos formativos para que, nos procesos de acollida dos diferentes membros da comunidade universitaria, se favoreza o coñecemento suficiente da lingua galega.
4. Nos procesos de selección de persoal, valorarase positivamente o coñecemento da lingua galega e do resto das linguas oficiais da Unión Europea.

Pero cunha novidade na disposición adicional cuarta

Para a progresiva consecución da normalización lingüística na docencia, na investigación e servizos universitarios, a universidade realizará a necesaria planificación e disporá dos medios precisos para crear, nun prazo máximo de seis meses desde o día seguinte ao da publicación destes estatutos no *Diario Oficial de Galicia*, o Servizo de Normalización Lingüística. O director deste servizo deberá ter a titulación necesaria e será nomeado polo reitor.

As funcións deste servizo serán:

1. Organizar e impartirlles cursos de lingua galega aos membros da comunidade universitaria.
2. Informar e asesorar permanentemente todos os órganos da universidade no referente ao uso do galego.
3. Propoñer as actuacións que considere máis axeitadas para o proceso de normalización da lingua galega na universidade.
4. Corrixir, por instancia do órgano competente, os documentos e escritos oficiais.
5. Canalizar as relacións con entidades extrauniversitarias relacionadas coa lingua galega.
6. Potenciar as relacións e os intercambios con estados e territorios de lingua portuguesa, á vista da proxección internacional do galego.

A partir de 2009, o cambio político e a crise económica van provocar cambios drásticos na normalización. A anulación do Decreto 124/2007 e as reducións continuas nos orzamentos do goberno autonómico das partidas dedicadas á lingua supoñen desandar anos de esforzo pola recuperación da nosa lingua na educación.

Coa chegada de Salustiano Mato á reitoría, o director da ANL, X. H. Costas pasa a ser vicerreitor de Extensión universitaria. Noméase un PAS da universidade director da

ANL, con dependencia directa da reitoría e coa tarefa de deseñar o Servizo de Normalización Lingüística, determinar o número de prazas e proceder á convocatoria de oposicións para cubrilas con persoal fixo. No informe que se elaborou recomendábase a inclusión na RPT de dúas novas prazas de persoal técnico en normalización lingüística, co que o servizo pasaría a ter tres. Unha das técnicas sería a responsable do servizo. Cos recortes orzamentarios e as novas disposicións que afectan as relacións laborais na universidade, denunciábase o convenio colectivo e parálizase a negociación da nova RPT e da oferta pública de emprego.

As achegas da Secretaría Xeral de Política Lingüística recórtanse en algo máis de dous terzos en tres anos, e o orzamento da ANL tamén sofre unha redución. Isto obriga a axustar o gasto facendo un esforzo en manter as actividades de formación e nas actividades dinamizadoras que parten da propia comunidade universitaria.

Así e todo, por disposición da reitoría, a xerencia da universidade negociou co comité de empresa a incorporación de varias prazas na RPT. Neste momento a ANL conta con dúas prazas de persoal técnico superior en normalización lingüística, cubertas con técnicos con contrato de interinidade en agarda da convocatoria de oposicións para seren persoal fixo da universidade.

Xa en 2014, as eleccións á reitoría da Universidade de Vigo supuxeron o comezo dun segundo mandato para o actual reitor, Salustiano Mato. No seu programa electoral está o compromiso de presentación dun regulamento de usos do galego, que será sometido a aprobación neste curso académico 2014-2015. Con el completárase o tratamento normativo².

Conclusión

No ano 2007, nas III Xornadas de Lingua e Usos que se organizaron nesta universidade, a profesora Goretti Sanmartín afirmaba que «o esforzo desenvolvido desde algúns sectores da comunidade universitaria, e nomeadamente desde os seus servizos de normalización lingüística que, entre outros moitos labores, conseguiron que a universidade se dotase de documentos base con deseños de actuación a curto e medio prazo, non deron o resultado agardado por varios factores, entre os que non é alleo o feito

² O Regulamento do uso da lingua galega na Universidade de Vigo aprobouse no Consello de Goberno do 2 de marzo de 2015.

de que nunca a normalización lingüística foi considerada un obxectivo prioritario ou estratéxico das universidades».

Hai vinte e cinco anos, cando a Universidade de Vigo comezou a súa andaina como nova institución de educación superior, a inmensa maioría do profesorado e do persoal de administración e servizos que exercía o seu labor académico e administrativo non recibira formación académica en galego no ensino obrigatorio nin no secundario. Ende ben, xa por coherencia e normalidade, xa por lóxica adaptación á «lingua propia» (...) «lingua de uso normal», as porcentaxes de uso da nosa lingua (aínda que con grandes variacións segundo o ámbito e o campus) eran un bo punto de partida para conseguir, cun traballo ben planificado e desenvolto, un incremento na cantidade e na extensión do seu uso.

Trinta anos despois de aprobarse a Lei de normalización lingüística, das campañas de dinamización, de se converter en lingua vehicular no ensino obrigatorio e na secundaria, de aumentar a cantidade de recursos didácticos, formativos, de consulta, de elaborárense plans de normalización, podiamos entender que as persoas que entran a traballar ou a estudar na universidade debían ter mellor disposición e menos problemas ou resistencias para usar con normalidade o galego na institución. Algo grave ten que estar pasando na cerna do país para que a normalización da lingua semelle máis o traballo de Penélope que un proceso de clara progresión positiva.

Con todo, hai aspectos valiosos que debemos salientar. Consideramos que un dos factores máis positivos destes anos foi a identificación da lingua galega coa ciencia e a cultura. O compromiso dos reitores e de parte da comunidade universitaria fai que a sociedade identifique a lingua co saber, modificando a posición sociolingüística do noso idioma. Na medida na que o compromiso é real, e non só nominal ante os medios de comunicación, o resto dos axentes sociais está a percibir un uso culto efectivo, como é o caso.

Tamén o esforzo normativo e normalizador dou o seu resultado, sendo o galego a lingua de uso común de expresión da propia universidade coma tal: a documentación, comunicacións, a linguaxe administrativa, empréganse de modo preferente na xestión universitaria.

Por último, o esforzo formativo ten facilitado a achega ao galego dos non falantes, co que ten de positivo para a integración, así como mellorado a calidade do uso de falantes, en particular na escrita.

Hoxe en día vivimos un novo reto. Co obxectivo da internacionalización estamos a promover un maior uso do inglés na docencia, na transferencia de resultados da investigación, pero tamén nos servizos (información, sinalética, congresos...). O punto de partida do galego é moi inferior ao castelán e precisa do apoio claro e incondicional das institucións, pero cómpre que a comunidade universitaria sexa consciente da relevancia dunha actitude máis comprometida.

A universidade ten a importante función de estender o uso do noso idioma en ámbitos de prestixio como a docencia universitaria e a investigación científica. O obxectivo está lonxe de ser acadado e non parece fácil a súa consecución pois entran no xogo factores que escapan ao noso dominio. Dificilmente se vai gañar algo que se empeza por perder no ensino infantil.

De todos os xeitos, o fomento da reflexión, o debate e o espírito crítico como o que se potencia en xornadas coma estas que organiza a Universidade da Coruña, permítenos albergar a esperanza de que non todo está perdido, senón que todo está por gañar.

Panorámica e reflexións sobre a política lingüística na Universidade de Santiago de Compostela

MANUEL NÚÑEZ SINGALA

Director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela

0. Introducción

O obxectivo desta intervención é compartir unha visión xeral e algunhas reflexións sobre política lingüística universitaria, en concreto sobre as políticas levadas a cabo na Universidade de Santiago de Compostela coa esperanza de que poidan servir para proporcionar claves sobre a cuestión da lingua galega nesta institución, e por extensión, sobre a lingua galega no ámbito da universidade.

Farei, para iso, un breve percorrido histórico e procurarei deitar unha ollada máis minuciosa a aqueles momentos, accións ou procedementos que considero máis significativos.

1. A política lingüística invisible

A política lingüística existe sempre dado que os comportamentos lingüísticos son inherentes aos seres humanos.

Unha universidade con máis de 500 anos de historia conta, xa que logo, con máis de 500 anos de política lingüística ou, se se quere, de comportamentos lingüísticos. Chamémoslle, aínda que non sexa con moita propiedade, «política lingüística invisible» a este enorme período que vai dende a fundación da minerva compostelá no ano 1495 ata a aprobación dos seus primeiros Estatutos, no ano 1985, cando o galego obtén por primeira vez o carácter de lingua oficial nesta institución. É un período extenso, de 490 anos e que supón o 94% da súa historia.

Pois ben, durante ese tempo as dúas únicas linguas con presenza institucional na Universidade foron o latín e mais o castelán, e iso malia que a USC estaba inserida nun contexto practicamente monolingüe en galego. As razóns deste comportamento son ben coñecidas e non é este o momento nin o lugar para afondar nelas, pero o feito de que as cousas fosen dese xeito durante tantos anos proporcionou un substrato e unhas inercias moi poderosas que aínda hoxe non puideron ser vencidas.

Quedémonos co dato importante de que durante o 94% da súa historia a institución universitaria viviu sempre de costas á lingua galega, agás algunhas honrosas e moi minoritarias excepcións das que falaremos axiña.

2. A política lingüística visible

2.1 Accións previas

Conveñamos en que a política lingüística visible, dirixida e ata certo punto planificada comeza no ano 1984 e vai ata a actualidade, dado que nese ano se crea un gabinete co obxectivo de pular pola normalización da lingua galega nesa institución. Non esquezamos que ese período ocupa só o 6% da historia da Universidade de Santiago de Compostela. Vexamos que é o que se fixo e cales son os resultados obtidos.

Cómpre dicir que antes de 1984, de xeito illado e carente de planificación, xa se levaran a cabo algunhas iniciativas encamiñadas a visibilizar e dignificar a lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela. Moi brevemente cómpre destacar:

- (A partir de 1950) As Festas Minervais, concursos literarios impulsados pola USC nas que se premiaba, entre outros, poesía e narrativa na nosa lingua. De feito os manuais de literatura falan da Xeración das Festas Minervais á que se adscriben nomes tan coñecidos como Uxío Novoneyra, Avilés de Taramancos, Manuel María, Bernardino Graña, Salvador García Bodaño, Xohana Torres ou Méndez Ferrín, entre outros.
- (A comezos dos anos 60) A introdución da materia de lingua e literatura galego-portuguesa como alternativa ao latín medieval para os estudantes de Historia da Facultade de Filosofía e Letras.
- (Curso 1965-66) Clases de lingua e literatura galegas en Filoloxía Románica, como materia optativa.

- (1971) Creación do Instituto da Lingua Galega, co seu nome orixinariamente en castelán, e sen dotación humana nin económica, que foi suplida co voluntarismo de bolseiros e profesores do Departamento de Filoloxía Románica.
- (Mediados dos 70) Creación da subsección de Filoloxía Galego-portuguesa, na sección de Filoloxía Hispánica.
- (1979) Creación dos *Premios Galicia* para sumarse á conmemoración do Día das Letras Galegas, instituído dezaseis anos antes.

2.2 O «Servicio de Traducción»

No ano 1984, un ano antes de que os primeiros Estatutos da USC lle desen ao galego carácter oficial por primeira vez na historia desta institución, o equipo de goberno crea un gabinete con sede na Reitoría ao que se lle encomendan accións destinadas a pular pola extensión do uso da lingua.

Cómpre dicir que estes comezos da política lingüística foron moi modestos e moi tímidos, tamén que o primeiro reitor que os impulsou nin sequera era galego, mais o labor desenvolvido foi de suma importancia.

Así, os estudantes do curso académico 1984-85, entre os que eu me contaba, descubrimos abraiados que ese ano o sobre de matrícula estaba só en galego, algo que a moitos nos causou un gozoso estupor. E que en galego, e só nesa lingua, comezaba a xurdir toda a documentación que emanaba da institución universitaria, especialmente dos seus servizos centrais. Cambiáronselles os rótulos ás facultades, aos departamentos, ás papeletas de notas, aos edificios e instalacións da Universidade, un dos últimos foi o Pavillón Universitario, que ao ser de gran tamaño tiña unhas letras enormes e para o que foi preciso colocar un guindastre.

Nese ano 1984 creouse, dicía, un gabinete que levou durante catro anos o nome sintomático de «Servicio de Traducción», pero que desenvolveu un labor que foi moito máis aló do que o seu nome puidese suxerir.

Case todos os servizos de normalización das universidades se estruturan en, polo menos, tres áreas: asesoramento lingüístico (ou sexa, corrección e tradución de textos) formación (organización de cursos) e dinamización (accións destinadas á extensión do uso da lingua). E nalgúns casos outras áreas adicionais ou incrustadas nestas, como terminoloxía ou documentación.


Estas tres áreas adoitan aparecer de modo cronolóxico, segundo evolucionan os servizos. A parte relativa ao asesoramento lingüístico foi a base dese «Servicio de Traducción», pero tamén levou a cabo un enorme traballo no relativo á formación dun persoal que, se ben en moitos casos era galegofalante, case nunca fora alfabetizado nesta lingua.

Repasando as accións levadas a cabo nos primeiros catro anos de existencia para redactar estas liñas, sorpréndeme a cantidade de iniciativas que se puxeron en marcha daquela, sobre todo se temos en conta que ese «Servicio de Traducción» non era en absoluto un servizo universitario tal e como o entendemos agora, senón un simple gabinete no que traballabamos tres ou catro bolseiros durante só tres horas diarias.

Tamén son da opinión de que eses cambios que aínda hoxe me asombran foron posibles grazas a que o contexto era moi favorable. En efecto, a década dos oitenta, sobre todo na súa primeira metade, foi un tempo de apertura, de novidades, de expectativa. A ditadura remata no ano 1975, e nos dez anos seguintes apróbase a Constitución española (1978), o Estatuto de autonomía (1981), publicanse as *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* (1982), promúlgase a Lei de normalización lingüística (1983) e a TVG comeza a emitir en 1985. Lembro que nesa época, na que falar galego «estaba de moda» a pesar da súa ausencia, para dicilo cunha expresión popular naqueles días, o sentimento xeral cara á lingua era moi diferente a este receo fomentado dende o poder que nos atenaza no presente. Algúns, coa inxenuidade da xuventude e o ambiente que se respiraba daquela, dábamos por feito que a plena normalización da nosa lingua sería un feito nun prazo non moi longo.


Cal era a situación da lingua na universidade? É difícil dicilo. Antes de 1984 a presenza na administración era nula. E na docencia imaxino que só testemuñal, non creo que superior ao 5%. Non esquezamos que naquela época a Universidade de Santiago de Compostela era a única de Galicia, con sete campus (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

As linguas na universidade a comezos dos anos oitenta



Cal era a situación da lingua na sociedade? O galego era a lingua habitual da inmensa maioría da poboación. Se cadra nunha porcentaxe próxima ao 85%.

As linguas na sociedade a comezos dos anos oitenta



Sempre pensei que foron uns anos que se desaproveitaron en moi grande medida para avanzar na normalización da lingua. É verdade que se fixeron grandes cousas, pero son da opinión de que aquela década ofreceu unhas potencialidades que se deixaron pasar sen explotalas como se debera. Desde a perspectiva que me outorga a idade observo eses dez anos (1975-1985) como unha ventá de oportunidades que en moi gran medida se desbaldiron. E dóeme especialmente a cantidade de forzas gastadas no estéril debate sobre a normativa, cando o verdadeiramente importante era afianzar e progresar na extensión do uso.

2.3 O Servizo de Normalización Lingüística e o Programa de Normalización Lingüística


No ano 1988 a USC crea o «Servizo de Normalización Lingüística» dotándoo dunha praza de técnico en normalización. É un dos primeiros servizos deste tipo en Galicia. Unha unidade por primeira vez cunha existencia oficial e un lugar no organigrama dos servizos universitarios, dotado dun modestísimo orzamento e cunha misión que fixaban os estatutos da propia institución no seu artigo 8:

8.1 Na Universidade de Santiago de Compostela a lingua galega debe ser de uso oficial. Tamén é oficial a castelá, como lingua oficial do Estado.

8.2 A Universidade de Santiago de Compostela debe promover o estudo e mais a utilización da lingua galega como expresión cultural relevante do entorno social no que se asenta, sen que en ningún caso caiba facer discriminación por razón de lingua, tendo en conta o dereito de todos os membros da comunidade universitaria a se expresaren ne calquera das linguas ás que se refire o parágrafo anterior.


Nese mesmo ano o Consello da Cultura publica o primeiro estudo sociolingüístico sobre a situación da lingua na universidade: *O galego na universidade*, da autoría de Modesto A. Rodríguez Neira e M.^a Sol López Martínez.

Cal era a situación da lingua na universidade? Trátase dunha cuestión que non se pode resumir en poucas palabras (o citado estudo conta con varios centos de páxinas), pero para ilustralo fixarémonos nun único indicador, sendo conscientes de que non recolle en absoluto toda a complexidade da cuestión: o uso da lingua galega na docencia universitaria. Segundo o citado estudo a distribución das dúas linguas oficiais na docencia era a seguinte: o galego limitábase a un 16% do total, e o castelán ao 84% restante.



Cal era a situación da lingua na sociedade? A grandes trazos podemos afirmar que era a inversa á da universidade, o galego seguía sendo a lingua habitual da poboación de Galicia, nunha porcentaxe próxima ao 80%. Ao castelán correspondíalle o 20% restante.

As linguas na sociedade no ano 1988



No ano 1989 promúlgase a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, e con ela a Universidade de Santiago de Compostela segrégase dando lugar ao actual sistema universitario galego con tres polos, as universidades de Santiago, da Coruña e de Vigo.

Ao ano seguinte, en 1990, accede ao cargo de reitor Ramón Villares, o que supón a chegada ao goberno da universidade do primeiro equipo de tendencia nacionalista e con el o primeiro intento de planificación lingüística propiamente dito.

De finais dese mesmo ano 1990 é unha resolución reitoral na que se dispón a obrigatoriedade de que toda a documentación emanada da Universidade debe estar redactada integramente en galego.

Pouco despois elabórase e difúndese o primeiro plan de normalización lingüística, titulado *Programa de Normalización Lingüística*, que se apoia nos datos do estudo precedente e que é o primeiro intento serio de establecer unhas liñas mestras de actuación planificada.

Algunhas das reflexións recollidas nese documento seguen, por desgraza, vixentes hoxe en día:

...se se quere avanzar cara a unha meta tan ambiciosa coma a normalización lingüística da Universidade, os medios cos que se contou ata a actualidade son claramente insuficientes. É precisa unha vontade política decidida, que sexa quen de converter en condicións favorables e medios útiles no camiño da normalización do noso idioma o que hoxe son pouco máis ca unha nebulosa conciencia lingüística e unha manchea de voluntariosos esforzos individuais.

O *Programa* é moi breve, menos de trinta páxinas nun formato cativo, e propón accións ambiciosas en dous eidos: docencia e administración.

Non foi executado na súa totalidade e moitas das iniciativas alí apuntadas requiriron anos para ir materializándose, pero o seu valor como primeira actuación planificada sobre a lingua na universidade é indubidable, sobre todo se temos en conta que estamos a falar do ano 1990.

Grazas a iso lévase a cabo a primeira campaña de propaganda a favor da lingua na Universidade, «En galego o que ti queiras», editase o primeiro vocabulario específico, diversifícase a oferta formativa...

Nesa época fíxose tamén algo realmente importante, dotar de persoal humano un Servizo que se apoiaba nun único funcionario e nun número variable pero reducido de bolseiros. Incorporáronse xa que logo dous técnicos máis, abriuse unha oficina no campus de Lugo e, uns anos despois, conseguíuse a incorporación dun cuarto técnico e establecéronse as catro áreas funcionais (asesoramento, formación, dinamización e terminoloxía) que vertebran o traballo do Servizo ata a actualidade.

Por último, o 22 de decembro de 1993 a Xunta de Goberno aproba o Regulamento de uso do galego na Universidade de Santiago de Compostela, aínda en vigor e que supón un impulso importante para asentar o emprego da lingua.


2.4 O Plan de Normalización Lingüística

No ano 1995 con motivo da celebración do V centenario da USC e dentro das accións enmarcadas no proxecto *Gallaecia Fulget* o equipo de goberno decide impulsar a elaboración dun segundo estudo sociolingüístico sobre a Universidade. O anterior estaba obsoleto polo tempo transcorrido e porque a USC daquela altura non tiña nada que ver coa de seis anos atrás.

O estudo, do que son coautor, levou por título *O idioma na USC*, e ofreceu un amplo diagnóstico sobre o coñecemento, os usos e as actitudes da comunidade universitaria verbo da lingua.


Cal era a situación da lingua na Universidade? Segundo o estudo citado, o uso na docencia situábase nun 17,7 %, correspondendo ao castelán o 82,3 % restante.

As linguas na USC a mediados dos 90



Cal era a situación na sociedade? Segundo o *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, en 1992 o galego era a lingua habitual do 68,6% da poboación, e o castelán do 31,4% restante.

As linguas na sociedade a mediados dos 90



Insisto en que o indicador escollido para a universidade é probablemente o máis desfavorable (o uso do galego na docencia), pero teimo en telo en conta xa que me parece un marcador fundamental da saúde da lingua na institución universitaria.

Para matizar estes datos cómpre dicir que a distribución do galego como lingua habitual nos membros da comunidade universitaria era a seguinte.

- O 30,8% do estudantado declaraba ter o galego como lingua habitual
- O 21,9% do profesorado declaraba ter o galego como lingua habitual
- O 54,6% do PAS declaraba ter o galego como lingua habitual

E, ademais, non debemos deixar de lado o feito de que nesa época a administración da universidade funcionaba de xeito compacto só en lingua galega e que era xa quen de facelo de maneira autónoma, sen apenas intervención do Servizo que, consciente diso, ocorría de xeito case total, senón en mellorar a calidade da lingua usada.

En 1997 apróbanse uns novos Estatutos na USC nos que a lingua galega gaña o cualificativo de «propia» fronte á declaración dos anteriores nos que rezaba «debe ser de uso oficial».

Art. 3.

1. A lingua galega é a lingua propia e oficial da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén é oficial a lingua castelá como lingua oficial do Estado.
2. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá, no marco das súas competencias, accións que contribúan á normalización e ó desenvolvemento da lingua galega.

A finais da década dos noventa e baseándose no citado estudo sociolingüístico, a Universidade elabora un *Plan de Normalización Lingüística* ambicioso, ben estruturado e que aproba de xeito practicamente unánime o Claustro desta institución o 16 de outubro do ano 2002.

Dado que non existe ningún plan posterior e que este non foi aínda executado na súa totalidade, é o documento que hoxe en día serve de guía para a política lingüística da institución.

O Plan fixa uns obxectivos xerais:

Garantir o cumprimento da lei en materia de normalización lingüística, nomeadamente o establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei de normalización lingüística, nos Estatutos da Universidade e no Regulamento de Uso do Galego.

Propiciar que o galego sexa lingua normal de comunicación, expresión e traballo da comunidade universitaria.

E despois, para cada un dos cinco ámbitos aos que se dirixe:

- Comunidade universitaria
- Estudantado
- Persoal docente e investigador
- Persoal de Administración e Servizos
- Proxección universitaria

Establece uns obxectivos principais, uns obxectivos específicos e unhas medidas.

O 22 de setembro de 2004 o Parlamento de Galicia aproba por unanimidade o *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*, (PXNLG), un fito na historia da planificación lingüística de Galicia que recolle tamén medidas destinadas a pular pola extensión do uso da lingua galega no sistema universitario.

A medida estrela, a creación dunha «comisión estable, con participación da Xunta de Galicia e das universidades galegas, que se encargue de propoñer e coordinar a política lingüística universitaria en Galicia» non se executa ata cinco anos despois, en maio de 2009, e non por iniciativa da Xunta (que só se adhire máis tarde) senón por convenio das tres universidades grazas ao impulso decidido da Universidade da Coruña.

En todo caso e dende o meu punto de vista, a importancia do PXNLG non estaba tanto no impulso á normalización universitaria como nas medidas orientadas a galeguizar o ensino preuniversitario, que si poderían supoñer, de executarse tal e como estaba previsto no plan, un cambio cualitativo no colectivo máis numeroso da universidade: o do estudantado. Por desgraza no ano 2009 o goberno actual racha co consenso e incumpre de xeito flagrante o PXNLG sumíndonos neste período no que agora nos atopamos, esta —espero— *Curta Noite de Pedra* na que se usa o PXNLG non para facer o que indica, senón para o contrario.

En 2003 apróbanse uns novos Estatutos, nos que a posición da lingua segue mellorando:

Artigo 3

1. A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela.
2. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá, no marco das súas competencias, accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega.

Repárese en que desaparece a mención á oficialidade e tamén á lingua castelá. O galego, e só esa lingua, é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela.

Estes Estatutos introducen unha novidade: no seu título quinto, titulado «Dos servizos», mencionan as funcións e cometidos de tres servizos universitarios: A Biblioteca e o Arquivo Universitario, o Servizo de Residencias e o Servizo de Normalización Lingüística, ao que se lle dedica todo o capítulo terceiro:

CAPÍTULO 3 DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Artigo 154

1. O Servizo de Normalización Lingüística ten o cometido de dotar de soporte técnico ao proceso de extensión do uso da lingua galega na Universidade, no marco da política lingüística que se defina nos plans de actuación aprobados polo Claustro.
2. Son funcións deste servizo:
 - a) Colaborar coa Comisión de Normalización Lingüística do Claustro e cos órganos de goberno, propoñendo actuacións dentro das liñas estratéxicas de política lingüística da Universidade.
 - b) Executar as medidas de política lingüística que lle encomenden a Comisión de Normalización do Claustro e os órganos de goberno, en materia de asesoramento lingüístico e terminolóxico, dinamización e formación.
 - c) Coordinar e apoiar o traballo das comisións de normalización lingüística dos centros.

Tanto o artigo 3, no que se fixaba o status legal da lingua na USC como este capítulo terceiro referido ao SNL mantéñense sen variacións nos Estatutos en vigor na actualidade, que datan deste mesmo ano 2014.


E iso é un feito importante, dado que unha eventual desaparición ou desmantelamento do Servizo (algo que polo de agora non parece probable) esixirían unha modificación estatutaria.

Por último, no pasado claustro celebrado neste mesmo mes de novembro de 2014, o equipo de goberno comprometeuse, a instancias dos claustrais, a elaborar un novo plan de normalización lingüística que actualice e reformule o do ano 2002, que ten xa doce anos de antigüidade.

Fagámonos de novo as dúas preguntas que nos levamos formulando de maneira reiterativa ao longo desta pequena panorámica:


Cal é a situación actual da lingua na universidade? Botarei man, unha vez máis, dos datos referidos á docencia. Carecemos dun estudo sociolingüístico actualizado, pero os POD (plans de organización docente) ofrecen información fiable ao respecto. Os datos presentados son unha media dos últimos cinco anos. O galego emprégase no 25,83% das clases e o castelán no 70,87%. O 3,3% que falta correspóndese co uso do inglés, o portugués e outras linguas.

As linguas na USC na actualidade



Cal é a situación actual da lingua na sociedade? Se temos en conta os datos de 2004 do Mapa Sociolingüístico de Galicia ou os máis recentes do Instituto Galego de Estatística deste mesmo ano, o galego é xa só lingua habitual de algo menos do 50% da poboación.

As linguas na sociedade na actualidade




E ata aquí a panorámica. Vexamos agora, a modo de conclusión, algunhas reflexións.

3. Conclusións e reflexións

1. Non se pode pretender que o uso do galego se incremente nas universidades se non ocorre algo similar na sociedade. Porque a universidade non é un ente desligado do contorno social no que se asenta. Creo que verbo desta cuestión pode resultar reveladora a gráfica seguinte, que presenta de modo conxunto todas as mostradas ao longo deste traballo, isto é, a evolución paralela da lingua na universidade e na sociedade:

Evolución da lingua na sociedade e na universidade



(En gris, castelán. En negro, galego)

2. Paréceme fundamental o período preuniversitario dado que todo parece indicar que a opción lingüística dos estudantes adoita tomarse e afianzarse neses anos cruciais.
3. A política lingüística na Universidade de Santiago de Compostela non foi nunca todo o decidida que sería desexable.
4. Con todo, aínda que a política lingüística das universidades fose máis decidida os resultados non serán perceptibles se non se incrementan de maneira considerable os recursos humanos e económicos destinados a este fin. Dous datos para a reflexión:
 - a) En canto a recursos humanos cómpre salientar que o persoal que traballa nos servizos de normalización lingüística das tres universidades de Galicia (e non me refiro xa só á de Santiago, senón tamén á da Coruña e Vigo) non suma máis de dúas terceiras partes do persoal que compón o Servizo de Éuscaro da Universidade do País Vasco; e menos da metade do persoal que traballa, por exemplo, nos Serveis Lingüísticos da Universidade de Barcelona.
 - b) En canto a recursos económicos é necesario destacar que o montante que Xunta pon a dispor das tres universidades (de novo non falo só da de Santiago de Compostela) cos convenios que se asinan anualmente para levar a cabo accións destinadas á promoción do uso da lingua supoñen unha porcentaxe inferior ao 1% do seu orzamento. A axuda da Secretaría Xeral de Política Lingüística ao conxunto das universidades galegas no 2014 é similar á que, no ano 2008, destinaba a unha soa. Por outra parte, os orzamentos propios destinados ao sostemento das accións do SNL da USC tamén descenderon de xeito acusado nestes últimos anos.
5. As universidades, e a sociedade galega en xeral, deberían reflexionar sobre o futuro do idioma e se realmente lles interesa a súa supervivencia deseñar medidas e achegar recursos que contribúan de modo efectivo a mudar a situación.

Isto funciona? Catro críticas heterodoxas á normalización lingüística para dinamizar o uso do galego

JOSÉ FELIPE FERNÁNDEZ LÓPEZ

Técnico do Arquivo Universitario da Universidade da Coruña

Vou comezar por narrar un episodio que me aconteceu ha uns oito anos. O caso é que tiña de resolver uns asuntos burocráticos nun concello. Tratábase dun concello que, naquela altura, levaba sendo gobernado polo Bloque Nacionalista Galego (BNG) desde as eleccións municipais de 1979, había máis de 25 anos. Convén indicar que este concello foi dos primeiros en establecer un servizo de normalización lingüística e, de aí, que desenvolvese unha importante acción nesta materia. Pois ben, como contaba, naquela mañá entrei na casa do concello e dirixínome ao negociado administrativo correspondente, onde expuxen o asunto que alí me levaba á funcionaria que nel estaba. Inmediatamente, a funcionaria tentou solucionar o asunto que eu lle acababa de presentar. Estivemos dialogando durante uns minutos, en canto ela procuraba informacións no computador e nos papeis. Como había determinado aspecto do asunto que non dependía dela, díxome que era mellor que falase cunha compañeira. Conducíume amabelmente até a mesa da compañeira e esta segunda funcionaria tamén me atendeu de inmediato. Os tres conversamos bastante tempo. Finalmente, soluciónnei o asunto que alí me levaba.

Este sucedido ten interese para o tema que hoxe nos trae aquí (a normalización lingüística) polos idiomas en que se desenvolveu: as dúas funcionarias falaron durante todo o tempo en castelán; eu, cidadán, falei durante todo o tempo en galego. Quere isto dicir que nin no momento (época do goberno bipartito) nin no lugar máis propicio (un concello moi comprometido co galego), o proceso de normalización lingüística chegou a mudar o que, posibelmente sexa a cerna do asunto: o principio polo que quen fala en castelán non ten nunca por que mudar de lingua, mesmo que sexa el ou ela quen está a prestar un servizo e quen recibe as súas palabras sexa un cidadán, un usuario ou un cliente; a norma social pola que unha cidadá ou un cidadán, sexa onde for, non

ten dereito a ser atendido en galego. Penso que esta forma de actuar pode ser definida como *bilingüismo unidireccional* ou, se se preferir, *monolingüismo activo en castelán*.

Feitos como o narrado son a norma (ou case) na Galiza urbana de hoxe en día. Nunha tenda de roupa, nun hospital, nun hotel, nunha administración, nun bar etc. é común que aconteza. Nos últimos decenios, o bilingüismo unidireccional non fixo máis que aumentar, pois non é mais que a concreción situacional do incremento de monolingües en castelán que as estatísticas nos mostran. Evidentemente, na Universidade da Coruña, cun plan de normalización lingüística aprobado vai facer agora oito anos, e dirixida nos últimos 11 por gobernos que sempre se declararon comprometidos coa normalización lingüística, tamén pasa, aínda que, probabelmente, menos que noutros ámbitos urbanos.

Isto funciona?

Despois do visto, xorde inevitabelmente a pregunta: isto funciona? Isto da normalización lingüística funciona? A resposta a esta pregunta debe ser medida e ter en conta a situación de onde vimos.

A redución do galego a simple lingua popular desde finais do século xv, o limitado rexurdimento do galego como lingua literaria e para outros usos formais desde mediados do século xix, os corenta anos de franquismo etcétera non son feitos doados de superar. Dito doutra forma, se situamos o ano cero do proceso de normalización en 1975, ano da morte de Franco, encontrámonos cunha situación diglósica (reservándose para o castelán a inmensa maioría dos usos cultos), na cal o galego era claramente maioritario entre o conxunto da poboación, mais o castelán xa o substituíra en apreciábeis partes da sociedade. Alén diso, a lingua padecía non poucas deturpacións. Reverter esta situación non tería sido fácil fose cal fose a política lingüística que se implementase.

Así pois, o feito de se tornar o galego cooficial a partir da transición política, que conseguise certa presenza no sistema educativo; que recuperase as funcións de lingua burocrática; que aparecese unha televisión en galego; que no discurso público desaparecesen boa parte dos prexuízos; e, o mais importante, que exista unha parte da sociedade (minoritaria mais non insignificante) constituída por falantes conscientes do valor da súa lingua etc., son logros que, en 1975, a boa parte da sociedade galega, parecerían simplemente imposíbeis e que en ningún caso deben ser desprezados.

Porén, a normalización lingüística non logrou o seu principal obxectivo: parar e até reverter o proceso de substitución lingüística. A transmisión interxeracional da lingua

nas familias está maioritariamente rota. Na mellor das hipóteses, a normalización lingüística fixo que o proceso de substitución lingüística decorrese por camiños inesperados.

A seguir vou desenvolver catro críticas, entendo que heterodoxas, a como discorreu a normalización lingüística e as visións e posturas dos grupos máis comprometidos coa lingua. Tentarei en cada unha delas apuntar un modelo alternativo de por onde penso que deberan ir as cousas no futuro, sinalando concrecións para o caso da Universidade da Coruña. Eu son dos que pensan que, a pesar de todo, o asunto que aquí nos ocupa aínda ten solución.

Primeira crítica: hai un problema de discurso

Nas sociedades democráticas (e esta é evidentemente unha sociedade democrática) só poden triunfar, nos asuntos onde hai discusión social e política, aquelas posicións que dispoñan dun discurso axeitado. Neste sentido, non hai cousa máis práctica que unha boa teoría. Evidentemente, un discurso óptimo non é unha condición suficiente, mais si é unha condición necesaria.

Simplificando un pouco as cousas, actualmente en Galiza podemos diferenciar tres tipos de posicións e discursos sobre a política lingüística:

- A) A dos defensores da actual política lingüística da Xunta.
- B) A dos críticos da actual política lingüística da Xunta por entenderen que esta é excesivamente favorábel ao galego.
- C) A dos críticos da actual política lingüística da Xunta por entenderen que esta é pouco favorábel ao galego.

Revisemos seguidamente estes discursos.

- A) Os defensores da actual política lingüística consideran que unha vez que o galego ten o *status* de lingua cooficial, ten unha presenza (teórica) do 50 por cento no sistema educativo non universitario etcétera, o papel dos responsábeis políticos e das administracións públicas está realizado. Evidentemente, concordan coa idea de todo ser perfectíbel e, por tanto, non descartan de entrada algunhas medidas suplementares. No entanto, no esencial a situación actual, que eles cualifican como

de *bilingüismo harmónico*, ou termos semellantes, sería correcta. Os eixos do seu discurso podémolos sintetizar como:

- 1.º) O galego é un elemento básico da identidade galega.
- 2.º) Igualdade legal das dúas linguas oficiais. Non considera, en xeral, conveniente medidas complementares ou de discriminación positiva a favor do galego.
- 3.º) Liberdade individual para escoller a lingua que se desexa usar.
- 4.º) Desde o ano 2009 fan referencia ao plurilingüismo.

Na miña opinión, este discurso é hoxe en día claramente hexemónico en Galiza, política e socialmente. Sustento esta afirmación, entre outras razóns, nas conclusións do estudo *A(s) lingua(s) a debate* publicado polo Consello da Cultura Galega en 2012¹. Por exemplo, a pregunta: *O galego debe ser a lingua habitual e predominante no ensino?* obtivo 58,2% de desacordo e 33,2% de acordo. A pregunta: *O castelán debe ser a lingua habitual e predominante no ensino?* obtivo 53,7% de desacordo e 38,3% de acordo. O apoio social a este tipo de ideas, paréceme a min, abrangue sectores que non están na área electoral do Partido Popular (PP), ao tempo que, convén indicar, posibelmente non todas as bases sociais do PP concordan con el, quer por exceso, quer por defecto.

Este discurso contén unha falsa verdade e unha contradición evidente. A falsa verdade é dar a entender que a cooficialidade actual significa igualdade, polo menos legal, entre galego e castelán². A contradición consiste en que non se pode proclamar a importancia do galego como elemento básico da identidade galega, considerar que a política de normalización é correcta e, ao mesmo tempo, aceptar como normal o proceso de substitución lingüística que todos os estudos manifestan³.

- B) O discurso hexemónico é atacado a partir de posicións que consideran excesivo o apoio do poder político ao galego, representado basicamente por Galicia Bilingüe. Os eixos do seu discurso podémolos resumir como segue:

¹ O mesmo podía concluírse da lectura do libro Iglesias Álvarez, Ana (2002): *Falar galego: «no veo por qué»: aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*, (Vigo, Xerais).

² A desigualdade legal das dúas linguas vén determinada pola obriga constitucional de coñecer o castelán e a inexistencia de tal deber legal para co galego.

³ Véxase por exemplo os recentes datos do Instituto Galego de Estatística sobre o coñecemento e uso do galego, elaborados a partir dos datos do *Censo de Población y Viviendas do INE*.

- 1.º) O galego non é un elemento básico da identidade galega.
- 2.º) Igualdade legal das dúas linguas. Recusan calquera medida compensatoria en prol do galego.
- 3.º) Liberdade individual para escoller a lingua que se desexa usar. Esta liberdade debe afectar á elección da lingua no sistema educativo non universitario.
- 4.º) Fan fincapé na idea da utilidade das linguas. Estabelecen claramente unha xerarquía de utilidade das linguas: inglés, castelán, galego.

Aínda que elementos deste discurso posibelmente conecten con partes significativas da poboación galega, neste momento teñen un apoio limitado. No estudo antes referido, só 4,1% opinou que *As medidas ao respecto do galego do actual goberno da Xunta eran Demasiadas ou un tanto excesivas*.

C) No outro lado, temos o discurso a favor doutra política lingüística máis comprometida co galego. Este discurso xira arredor de elementos como:

- 1.º) O galego é un elemento básico da identidade galega. É necesaria unha política lingüística que garanta a súa sobrevivencia.
- 2.º) Igualdade legal das dúas linguas, mais son necesarias medidas políticas compensatorias ou de discriminación positiva a favor do galego. Entre estas medidas salienta un sistema educativo non universitario moi galeguizado, chegando, en casos, a reclamar abertamente un modelo de inmersión lingüística.
- 3.º) Liberdade individual para escoller a lingua que se desexa usar. Porén, en xeral, até tempos recentes, non se teimou moito na cuestión dos dereitos individuais, fosen estes dos galegofalantes, fosen dos castelanfalantes.
- 4.º) En xeral, sempre se falou pouco do plurilingüismo.

Na miña opinión, este discurso pode funcionar naquelas sociedades onde previamente exista unha ideoloxía identitaria moi forte. No caso galego, dificilmente. Como xa sinalamos, no estudo *A(s) lingua(s) a debate*, á pregunta *O galego debe ser a lingua habitual e predominante no ensino?* 58,2% mostrouse en desacordo e apenas 33,2% manifestou o seu acordo.

De feito, cando o Partido Popular, durante o goberno bipartito, rachou o consenso político (que non consenso social) alcanzado previamente coa aprobación do Plan xeral de normalización da lingua galega, os defensores da política lingüística do *bipartito* pretenderon gañar o debate público sinalando que este era innecesario, que o PP era irresponsábel por crear un conflito inexistente no tema das linguas e non querendo entrar nas cuestións de fondo que estaban en causa. Non gañaron o debate.

Entendo que é necesario un novo discurso que debера xirar derredor de:

- 1.º) Hai que pór o foco nos dereitos lingüísticos individuais das persoas, nomeadamente dos galegofalantes. Máis que falar de medidas compensatorias en prol do galego, hai que falar de medidas de igualdade. Non convén usar nunca o termo *discriminación positiva*. Debe salientarse que a norma social do *bilingüismo unidireccional* non é admisíbel nunha sociedade non discriminatoria. A cuestión é conseguir que as persoas sexan realmente tratadas con igual respecto, independentemente da lingua en que se expresaren. Hai que tornar a defensa da lingua, antes de máis nada, nunha defensa dos dereitos civís.
- 2.º) O galego é un elemento básico da identidade galega. Ora ben, as identidades mobilizan as sociedades na medida en que fan parte dun imaxinario futuro desexábel, na medida en que axudan a gañar o futuro. Por tanto, o galego como símbolo de identidade debe servir non tanto por indicar de onde vimos, mais ben por apuntar para un *lugar* a onde queremos ir. En calquera caso, a defensa da identidade nin debe ser o único, nin, posibelmente, o principal elemento de xustificación da política lingüística.
- 3.º) Debe ser subliñada a idea da utilidade das linguas, mais establecendo un novo esquema non xerárquico. Débese ter un discurso plurilingüista, establecendo como obxectivo explícito do sistema educativo que os nenos e nenas de hoxe en día, cando chegaren a adultos, sexan capaces de usar: galego, portugués (ou galego-portugués), castelán e inglés.
- 4.º) Liberdade individual para escoller a lingua que se desexa usar. No entanto, cando se está na posición de funcionario, dependente etc. a norma social debe ser a de atender o cidadán, usuario ou cliente na lingua deste.
- 5.º) Unha vez establecido o principio de que o sistema educativo debe asegurar o coñecemento das linguas oficiais, os pais e mais, no ensino primario e

secundario, e as/os propia/os estudantes no ensino universitario, deben poder escoller o maior ou menor peso na educación do galego e do castelán.

Nos apartados que seguen desenvolverei algunha destas ideas.

No tocante á aplicación deste discurso no ámbito universitario, penso que é tan necesario como en calquera outro. Non é conveniente perder de vista que en materia de política lingüística (como en calquera outro asunto que afecte á vida diaria das persoas) é sempre fundamental convencer a cidadanía con argumentos poderosos, pois non chega coa simple toma de decisións burocráticas.

Antes de acabar co tema do discurso, quixera salientar unha cousa: calquera discurso perde toda credibilidade se quen o pronuncia non é publicamente consecuente co seu comportamento. As persoas que fan parte do goberno da UDC deberían facer exame de consciencia e interrogarse se cumpren cousas tan básicas como a medida 3.1 a) do Plano de normalización da propia universidade: «faceren uso do galego no desempeño da súa función representativa».

Segunda crítica: non se fixo fincapé sobre o tema da utilidade da(s) lingua(s)

A función primaria dunha lingua é a comunicación entre as persoas. Entendo que non é posíbel alicerzar correctamente unha política lingüística sen entrar na cuestión da utilidade das linguas. Deixemos para outra alínea o tema da dimensión e utilidade do galego como lingua internacional grazas á súa relación co portugués. Centrarémonos agora no asunto de: é hoxe en día o galego útil en Galiza? A contestación a esta pregunta ten de ser matizada.

Nun plano puramente lingüístico o galego é evidentemente útil. O galego serve para comunicar calquera tipo de mensaxe. Ninguén minimamente sensato discute hoxe que se poida, por exemplo, ensinar matemáticas en galego. Por outro lado, en galego comunícase, aínda hoxe, unha grande parte da poboación galega, por tanto, se medísemos a utilidade en función da porcentaxe de falantes no noso territorio, o galego seguiría tendo a consideración de lingua moi útil.

Se o galego é percibido socialmente como unha lingua non útil, ou mellor aínda, non necesaria, isto non procede de razóns lingüísticas nin do número dos seus falantes en Galiza. Procede dos prexuízos e dos usos sociais que estes levan aparelados. Prexuízos e usos sociais que foron creados en orixe nun contexto histórico altamente discriminatorio,

e que hoxe o actual marco legal e a acción cidadá non logran superar coherentemente. Deteñámonos unha miguíña en tres ámbitos en que se manifestan moi patentemente o non uso do galego por simples prexuízos, e os usos que estes levan asociados:

- 1.º) Nos usos escritos do sector público, especialmente os que dependen do Estado, existe aínda unha infinidade de zonas onde é imposíbel ou moi difícil realizar os trámites en galego. Por pór só un exemplo: non se pode solicitar cita, en lingua galega, para obter e renovar o DNI.
- 2.º) No mundo comercial, cun moi baixo nivel de publicidade, páxinas web etc. en galego. Se isto é así non é, en moitos casos, porque o número de destinatarios non xustifique o investimento económico. É porque as empresas, na medida en que non llelo reclamemos, incrementan o nivel de beneficios ao non gastaren nada na tradución para o galego. Dito doutro xeito, a oferta real é moi inferior á procura potencial. Un exemplo evidente disto é que unha importante empresa de mobiliario de orixe sueca, con presenza na cidade que nos acolle, ten páxina web en éuscaro e catalán, mais non en galego.
- 3.º) Na relación cidadán-funcionario no sector público ou na relación cliente-dependente no sector comercial, cando o cidadán ou cliente non é atendido na lingua en que está a falar. Isto, máis que coa utilidade da lingua, ten bastante máis que ver cuns usos e costumes pouco respectuosos para coas persoas, sexan estes actos realizados consciente ou inconscientemente.

Curiosamente, no estudo *A(s) lingua(s) a debate* todas as preguntas que fan referencia á conveniencia de usar o galego en situacións como as sinaladas teñen un fortísimo apoio. Por exemplo, as afirmacións: *Se alguén che fala galego, o correcto é responder en galego* e *O funcionariado que preste servizos en Galicia debería empregar coa cidadanía a lingua en que esta se dirixa á Administración correspondente* contan co apoio de 89,4% e 88,4% dos entrevistados.

Na mesma liña, case todo o mundo concorda coa idea de quen tiver a capacidade de entender, falar, ler e escribir as dúas linguas oficiais está mellor formado que quen non posúa algunha destas capacidades. No devandito estudo as afirmacións que tratan sobre a conveniencia de coñecer por igual as dúas linguas oficiais superan 90% de acordo. Non obstante, este ideal social escacha de vez cando o confrontamos cos usos diarios. En Galiza ter a capacidade de falar e escribir en galego e exercela, en moitas situacións non é unha vantaxe e pode chegar a ser un inconveniente. A conservación dos prexuízos e a práctica social do *bilingüismo unidireccional* son a base de todo isto.

En resumo, a utilidade ou non utilidade do galego, ou mellor aínda, a necesidade ou non necesidade do galego, non vén dada por feitos propios da lingua nin polo número dos seus falantes, está motivada pola superación ou non dun conxunto de prexuízos e usos sociais discriminatorios, que están lonxe do ideal social. A normalización lingüística nin é nin debe ser outra cousa que a superación deses prexuízos, usos e costumes sociais. A normalización lingüística é superar aquilo de: *Falar galego? No veo por qué*.

Como se logra a superación deses prexuízos e usos, como se fai para que a normalización avance, como se consegue que non se poña en causa a utilidade do galego?. Sinalarei dúas ideas sobre isto:

- 1.º) Como indiquei ao principio deste relatorio, un bo discurso é unha condición necesaria, mais non suficiente. Ningún problema social (o machismo, a fraude fiscal etcétera) se supera coa simple creación de consciencia social. *Co pedagogismo* non chega. Son necesarias medidas concretas, claramente expostas ao conxunto da cidadanía, que poidan ser executadas e avaliadas.
- 2.º) No ámbito do sector público non debera ser difícil establecer estas medidas. No ámbito do sector privado, só hai un camiño: organizar a oferta e a procura de servizos en galego.

Que facer na Universidade da Coruña a respecto do aquí falado? Tornar real o aprobado case por unanimidade no seu plan de normalización. Estou certo de que o interese pola promoción do galego nesta institución é maior do que na maioría das institucións do país. Non obstante, penso que non faltó á verdade se afirmo que boa parte dos obxectivos marcados no Plano non se alcanzaron, e boa parte dos mecanismos nel previstos non se implantaron na práctica. Citarei apenas tres exemplos:

- 1.º) A alínea *c*) do punto 3.1 Medidas (n)a comunidade universitaria di: «Obriga de ter recollida e actualizada información lingüística relativa á UDC, con avaliación e seguimento da presenza do galego na docencia, na investigación e na xestión». Existe esa información? Onde figura esta información publicamente?
- 2.º) A alínea *c*) do punto 3.2. Medidas (n)o persoal docente e investigador di: «Establecemento dun mínimo de créditos troncais e obrigatorios, cando menos un terzo, para seren impartidos en idioma galego, tanto en cada departamento como en cada titulación no seu conxunto». Foi establecido isto realmente?, un terzo da docencia é realmente en galego? Segundo o

dito en anteriores intervencións nestas xornadas, continua ao redor de 10%, como hai dez anos.

- 3.º) A alínea *i*) do punto 3.4 Medidas (n)º persoal de administración e servizos di: «Establecer nos informes da avaliación e no plano estratéxico da Universidade, índices de medición da calidade en función da atención e uso do galego». Foi isto realmente feito?

Terceira crítica: denúncianse as carencias da política de normalización mais non se constrúen alternativas concretas a elas

Eu moro nun concello nos arredores da Coruña. Alí a porcentaxe de casais novos que falan en galego aínda é relativamente alto. Unha parte non pequena deles falalles ás súas fillas e aos seus fillos en galego. Alén deles, existen outros moitos proxenitores que, estando principalmente instalados no castelán, non mostran ningún tipo de animación para co galego. A práctica totalidade destas persoas non son, o que podemos denominar, *militantes lingüísticos*, no entanto, posibelmente, unha boa parte deles gostarían de ter unha oferta de servizos en galego da cal non gozan.

O problema do ensino é paradigmático. Denúnciase que a escola continúa a ser un axente castelanizador (cousa completamente certa), reclámase a galeguización de todo o ensino, mais dá a impresión de non existir ningún pai ou nai concreto, de carne e óso, que queira que as súas fillas e os seus fillos sexan educados en galego. Como se quere que as familias eduquen as súas fillas e fillos en galego, sobre todo no ámbito urbano, se fóra do seo familiar todo van ser tachas? É como se houbese que escoller entre todos ou ninguén. Rompamos tabús. Penso que sería bo desacralizarmos o *modelo catalán* (inmersión lingüística para todos os escolares) e sería de interese avaliarmos as posibilidades que permitiría un sistema máis parecido co *modelo vasco* (todos os escolares teñen de dominar as dúas linguas oficiais, máis só hai inmersión para quen a desexar).

Nisto da normalización lingüística até agora ten habido poucas accións encamiñadas a organizaren demandas concretas, mais socialmente articuladas, de servizos públicos e privados en galego. Denunciar a actual política lingüística non chega, non é eficaz. Os galegofalantes (tanto os novos como os tradicionais) necesitan de iniciativas, asociacións etc. con obxectivos concretos, que procuren solucións concretas que lles faciliten o desenvolvemento dunha vida normal en galego. E isto desde xa, sen atenderen a ciclos electorais e posíbeis mudanzas nos gobernos.

A min paréceme enormemente meritorio o traballo desenvolvido pola Mesa pola Normalización Lingüística, porén penso que é un erro pretender centralizar nunha única organización, con preocupacións de carácter xeral, todos os temas relacionados coa lingua.

Un exemplo de éxito inicial do tipo de iniciativas e entidades que eu propoño é a denominada *Iniciativa Paz-Andrade*. Outras iniciativas que deberían xurdir son:

- 1.º) Aquelas que reclamen o dereito a educar as fillas e os fillos en galego no sistema público. Igualmente, son moi louvásbeis todas as iniciativas cooperativas e centros escolares en galego.
- 2.º) Asociacións de consumidores e usuarios en galego que procurasen fomentar o uso do galego no comercio e nos servizos. A iniciativa da Mesa pola Normalización Lingüística *Abertos ao Galego* é moi interesante. Non obstante, penso que este tipo de iniciativas deberan ser levadas por entidades especializadas.

Estas iniciativas e entidades deberan copiar tácticas de grupos como *Ropa Limpia* que están logrando influír na xestión de multinacionais téxtiles. Talvez non sexa imposíbel logramos que os galegofalantes sexamos atendidos en galego nas tendas dunha coñecida multinacional da roupa con sede en Arteixo.

Cal é o papel da universidade en todo isto? Simple. Por composición social, o normal é que estas iniciativas xurdan, en boa medida, no seo da comunidade universitaria.

Cuarta crítica: non asumir plenamente o plurilingüismo e non tornar en reais as potencialidades da relación do galego co portugués

A inmensa maioría de mais e pais queren o mellor para as súas fillas e os seus fillos. Hoxe en día, por minimamente ilustrado que sexa un proxenitor, quere que a súa descendencia saiba varias linguas. Esta aposta no plurilingüismo é, evidentemente, acertada. O errado é cando se confunde o plurilingüismo cunha visión xerárquica das linguas. Un plurilingüismo non xerárquico é aquel que afirma:

- 1.º) Precisamos de dominar e usar varias linguas.
- 2.º) Cada lingua ten unhas funcións ou uns ámbitos que lle son propios e que ningunha outra pode suplir por completo.

- 3.º) Quen non dominar e usar algunha das linguas terá vedadas funcións ou ámbitos nos cales non poderá desenvolverse de forma axeitada.

Ás veces parece que a defensa do galego non ten nada que ver co plurilingüismo, ou, até que, é oposta ao plurilingüismo. Todo o contrario, a defensa do galego debe ser ligada a un proxecto explícito plurilingüe para a sociedade galega. É mais, é bo que as figuras públicas comprometidas co galego, aparezan nos medios de comunicación falando linguas estranxeiras. Así se demostra que non hai contradición entre a defensa do propio e saberse mover no mundo. O proxecto plurilingüe para a Galiza do futuro debe establecer como obxectivo basilar que as novas xeracións dominen o galego, o portugués (ou o galego-portugués), o castelán e o inglés. Isto xa o propuxo Johan Vicente Viqueira hai case cen anos.

Entroncamos aquí coa cuestión do portugués. Antes de mais, penso que é conveniente esclarecer un par de aspectos:

- 1.º) Para defender a aprendizaxe xeral do portugués en Galiza non é necesario considerar que o galego e o portugués son a mesma lingua hoxe en día. É suficiente con considerar o galego e o portugués a mesma lingua histórica e ter consciencia do doado e económico que é a aprendizaxe do portugués para un galego.
- 2.º) Habrá quen poida dicir: por que o portugués e non o alemán, o chinés ou o francés? Por tres razóns sinxelas de entender: *a)* non é críbel un proxecto social que, ademais do inglés, tente a aprendizaxe masiva de linguas tan afastadas da nosa como o alemán e o chinés; *b)* para andar por Europa (e polo resto do mundo) como simple lingua estranxeira, en principio, chega co inglés; e *c)* o francés, a pesar do seu grande prestixio, é unha lingua de menor tamaño que o portugués en número de falantes e todo apunta, a que nunha xeración, pode selo tamén en termos de PIB dos países onde é oficial.

A integración do galego dentro dunha área lingüística moi ampla (con mais de 260 millóns de falantes, e con economías, como a brasileira, que están deixando de ser pobres) representaría unha mudanza de paradigma. Do punto de vista da utilidade e dunha análise custos/beneficios, a aposta no portugués non ten dúbida. Pena de Portugal ter unha crise tan fonda...

É realmente sorprendente que nos 37 anos de democracia, oficialmente, para alén das simples declaracións de intencións, o tema do portugués fora sempre un tabú⁴, non só para as forzas políticas maioritarias⁵. A modo de simples exemplos citarei que na Lei de normalización lingüística o portugués nin se cita unha soa vez e no Plano de normalización lingüística da UDC apenas aparece a palabra «portugués/portuguesa» dúas veces. Se non fose polo labor das asociacións reintegracionistas e, no plano do modelo de lingua para usar, a Área de Galego-Portugués da UDC, isto sería un erro.

A cousa mudou significativamente, no plano legal, desde a aprobación como lei, en marzo de 2014, da xa mencionada Iniciativa Paz-Andrade (Lei 1/2014) que contén, como principal medida, a implantación do portugués nos centros educativos da comunidade autónoma. De momento, a Xunta non fixo nada para tornar real o seu contido. Evidentemente hai que reclamar a súa implantación.

Que se pode facer na UDC en relación co portugués? Pois para empezar, tratalo como a calquera outra lingua. Explícome:

- 1.º) Até mediados deste ano a páxina web do Centro de Linguas informaba sobre como conseguir acreditacións oficiais de coñecemento de inglés, francés e alemán, mais non de portugués. Só despois da queixa dun servidor, e da mediación do Servizo de Normalización Lingüística, isto mudou.
- 2.º) No Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes e na convocatoria de programas de intercambio para o curso 2014-2015 fixa, como requisito previo, para universidades con docencia en inglés e francés o nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). Para o caso da docencia en alemán o nivel esixido é A2. Para o portugués e o italiano non hai que acreditar inicialmente cousa ningunha, despois da estadía, chega con ter o diploma dun curso de 60 horas de nivel A2. A que tipo de lóxica responde este modelo? Permítaseme unha brincadeira: isto que é?, unha discriminación positiva ou unha discrimina-

⁴ A idea do galego e o portugués ter algo que ver é asustadora para os gobernos de Madrid e Lisboa. Teñen un medo atávico á posibilidade de espallaren a semente dun futuro conflito. Non esquezamos que levan case 200 anos aforrando calquera tipo de enfrontamento. Para entendermos a visión do galego en Portugal é de moito interese un breve artigo do profesor Fernando Venâncio publicado no Ciberduvidas: <<http://ciberduvidas.com/controversias.php?rid=2962>>

⁵ Parece estraño que entidades cunha visión teoricamente utilitarista das linguas, como é *Galicia Bilingüe*, nunca salientaran as posibilidades que se abren para o galego grazas a súa proximidade co portugués.

ción negativa? Ou quizá, nin unha, nin outra, nin todo o contrario? Escusado é dicir que, por exemplo, na Universidade de Santiago de Compostela, o portugués é tratado para estes efectos como calquera outra lingua.

Superada esta fase, poderíase pensar noutros proxectos máis ambiciosos, mais de baixo custo, partindo sempre da idea de ser a área lusófona de interese estratéxico para Galiza e para a UDC:

- 1.º) Tentar facer do Centro de Linguas un centro colaborador onde se realicen exames con validez internacional de acreditación do coñecemento de portugués, quer da titulación portuguesa (CAPLE) quer da brasileira (CELPE-BRAS). Téñase en conta que da brasileira en España só hai tres centros (Madrid, Barcelona e Salamanca).
- 2.º) Introducir nalgúns graos ou mestrados, que non teñan que ver con estudos de filoloxía, a materia de portugués. Isto faise noutras universidades españolas.
- 3.º) Se a Universidade de Salamanca ten algunhas das súas páxinas web en portugués para efectos publicitarios na área lusófona, por que non a UDC?
- 4.º) Desenvolver programas de información e sensibilización sobre a enorme cantidade de produtos culturais existentes en portugués e que poden ser doadamente utilizados polos membros da comunidade universitaria, especialmente no apoio á docencia: libros, recursos web, música, filmes, aplicacións informáticas etcétera. Convén non esquecer que na internet podemos conseguir case todo en portugués, sen necesitarmos usar o castelán nin o inglés.
- 5.º) Diversos países da área lusófona (nomeadamente Brasil e Angola) están a facer grandes investimentos en construción civil e vivenda. A UDC, con varios centros desta rama tecnolóxica, debería procurar asinar convenios de colaboración coas institucións destes países.
- 6.º) Sería bo que anualmente a UDC, xunto con outras institucións do norte de Galiza, organizase un evento cultural que nos poña en contacto cos países de fala portuguesa, tal como existe no sur de Galiza cos *Cantos na maré*.

En definitiva, hai que fomentar o uso do portugués. No seu día foi un tremendo erro escoller como normativa oficial para o galego escrito un sistema largamente diferen-

ciado do portugués. Se se tivese escollido nos anos oitenta un modelo con <g> e <j> (para representar o son [ʃ]), con <nh> e <lh>, logo despois do susto inicial, penso que todo tería corrido moito mellor. Porén, aquel erro pode ser hoxe emendado en certa medida. Se a Iniciativa Paz-Andrade for realmente aplicada, iremos, de facto, para un sistema de dupla normativa.

Fóra da cuestión normativa, no tocante ao modelo de galego a usar penso que se debe prestar atención ao concepto *galego converxente*, creado por Eduardo S. Maragoto⁶. Se a Real Academia Española centra o seu discurso e o seu labor no termo *panhispánico*, nós debemos facelo no de *galego converxente*. É por onde debemos camiñar. Esperemos que a Real Academia Galega imite a súa homónima española.

Para finalizar

Se queremos sobrevivir como comunidade de falantes, ou sexa, se queremos que o galego sobreviva, hai que se marcar obxectivos factíbeis e medios practicábeis. Os obxectivos xerais para alcanzar dentro de vinte anos son dous: *a)* que a maioría das galegas e galegos saiban a lingua que crearon os seus devanceiros; e *b)* que unha porcentaxe, talvez un vinte ou un trinta por cento, das persoas novas adultas dese momento estean plenamente instaladas no galego, sexan individuos formados, que saiban falar, para alén do castelán, portugués e inglés, e que estean o suficientemente seguros de si mesmos como para non dubidaren en transmitir a súa lingua aos seus descendentes. Se isto acontecer, outros moitos incorporaranse nun futuro máis lonxincuo. Por que? Porque saber é mellor que non saber.

⁶ Véxase Maragoto, Eduardo S. (2013): *Como ser reintegracionista sen que a familia saiba*, (Vigo: Edicións do Cumio).

Proxéctate en galego

MARCELINO MANEIRO MANEIRO

Profesor de Química Inorgánica da Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

«Proxéctate en Galego» é unha iniciativa das comisións de normalización lingüística do campus de Lugo para potenciar o uso do galego na vida universitaria. Formúlase cunha óptica multidisciplinaria e a través de actuacións transversais, partindo da base de proxectar os galegofalantes como axentes normalizadores da lingua en calquera ámbito. Nesta proposta o galego téntase valorizar como unha ferramenta adicional que lle permita ao alumnado a posibilidade de acadar obxectivos superiores nas súas carreiras profesionais, transmitir á sociedade os seus logros científicos, ou mellorar a comunicación con persoas doutras culturas.

Ademais das actividades presenciais tamén se procura crear un espazo de traballo, coñecemento e debate na rede, especialmente dirixido ao alumnado, pero extensible a toda a comunidade universitaria e á sociedade en xeral.

Contextualización

A dinamización lingüística débese encadrar na evolución do uso da lingua, a avaliación das actividades previas xa realizadas e na análise das necesidades detectadas. En consecuencia, con anterioridade á presentación das actividades de dinamización realizadas dende «Proxéctate en Galego» é necesaria unha contextualización sobre a situación e evolución da lingua galega dende que se comezaron a desenvolver iniciativas planificadas de dinamización lingüística. A reflexión neste ámbito pode axudarnos

a corrixir certas inercias nas actuacións desenvolvidas, as cales poderían ser incluso contraproducentes para os obxectivos iniciais.

Como a formación do relator está lonxe da sociolingüística, e incluso sobre o estudo académico da lingua galega, as reflexións propias neste ámbito pretenderán ser heterodoxas, focalizando sobre aspectos que non figuran no debate cotián, pero poderían ter a súa incidencia sobre a evolución dos usos da lingua. En consecuencia, ao non seren reflexións derivadas dun estudo académico, débense tomar con cautela pois é posible que sexan equivocadas. Trátase de poñer elementos de debate diferentes na mesa.

A Lei de normalización lingüística aprobouse no ano 1983, froito dunha demanda derivada da situación social que se vivía no país tras a caída do franquismo. A lingua galega pasaba daquela de estar proscrita en moitos dos ámbitos con proxección a abrirse camiño na administración, na universidade, nos medios de comunicación etc. Porén, atopámonos aquí co primeiro gran paradoxo ao que temos que facer fronte: nestes primeiros anos oitenta o galego manifestábase como lingua de uso cotián dun 80-85% da poboación galega, trinta anos despois, a porcentaxe mingou a un 45% (segundo o último estudo estatístico do Instituto Galego de Estatística, con datos de 2011). Como pode ser que unha lingua que fora perseguida durante o franquismo sufra este profundo devalar xusto cando comezan as políticas oficiais de normalización lingüística?

A primeira conclusión do relator, á luz dos datos, é que estas políticas de normalización lingüística foron e son un fracaso. De seguro hai moitos elementos que xogaron negativamente na evolución do uso do galego nestes trinta anos e podemos supoñer que sen esas políticas de normalización estaríamos peor, mais esta suposición é unha crenza, non está sustentada cientificamente.

Entre os elementos que prexudicaron a extensión da lingua galega seguro que todas e todos pensamos na falta de compromiso por parte dos gobernantes nestas lexislaturas. O máis doado e agradable para a audiencia sería, nesta intervención, reclamar máis recursos humanos e materiais para o ámbito da normalización lingüística. Reclamación xusta e necesaria. Porén, ao relator non lle interesa discutir sobre as interpretacións máis evidentes e compartidas, tampouco aquelas sobre as que o ámbito de incidencia que ten a audiencia é limitado. Aínda que nos resulte máis difícil, seguro que é máis produtivo focalizar nos elementos sobre os que, aqueles que pulamos pola dinamización da lingua galega, nos equivocamos. Quizais así poderíamos corrixilos:

i) **Unha estratexia dirixida a quen non tiña que ser.** En primeiro lugar temos a estratexia xeral sobre a que pivotou a política de normalización lingüística. A situación

da lingua galega nos anos 80 era que unha parte moi maioritaria da sociedade utilizábo como lingua habitual (por volta do 80%), pero era moi minoritario en ámbitos específicos ligados á elite desa sociedade. Na universidade o galego era minoritario pero ademais nin médicos, xuíces, grandes empresarios, elite relixiosa etc., utilizaban apenas a lingua galega. As estratexias de normalización focalizáronse neses ámbitos, coa premisa de que se as elites se «convertían» ao galego, proxectarían a lingua a toda a sociedade. Porén, esta mesma estratexia fracasara co castelán nas pasadas décadas, incluso séculos.

Por outra banda, os datos do IGE de 2011 amosan que o devalar da lingua galega non se pode explicar unicamente en función da evolución demográfica da sociedade. Podemos concluír que os datos arrojan unha perda de falantes por renuncia á lingua galega por «conversión» ao castelán.

O pírrico avance que os procesos de normalización produciron nas elites sociais do país non compensa a inmensa perda de falantes no global da sociedade. A idea que propón o relator é a necesidade de desenvolver políticas de normalización tamén enfocadas aos galegofalantes, non dar por suposto que se van manter nesta lingua cando a realidade amosa unha perda continuada. É necesario mudar a estratexia e potenciar que os galegofalantes se sintan cómodos na súa lingua e que esta non lles supoña atrancos adicionais.

Probablemente para conseguir que un neno ou nena fale galego é fundamental que o seu avó ou avoa se exprese nesta lingua en todos os contextos. Cales foron as medidas para que os galegofalantes de idade avanzada valoraran a súa lingua e se sentiran orgullosos dela? (Os anuncios de Gadis?).

As medidas de normalización lingüística co obxectivo de conseguir «novos» galegofalantes esténdense en todos os ámbitos. Na universidade, por exemplo, incluso se desenvolveron políticas de discriminación positiva para aqueles docentes que se comprometían a pasar do castelán ao galego como idioma vehicular das súas aulas. Atopámonos que nalgúns casos, cando o «caramelo» cesa, o docente volve ao castelán como idioma vehicular. Paralelamente, os que xa utilizaban e utilizan o galego atópanse con atrancos vellos e novos, dende o non recoñecemento á elaboración de moitos dos seus materiais en galego (no caso dos docentes, dende as clases ata as versións galegas dos seus CV), a falla de ferramentas para enfrontar a situación de aulas con estudantes de procedencia diversa, a falta de recoñecemento do seu traballo investigador cando se realiza en lingua galega etc. Tampouco o PAS dispón de liñas de axudas ou recoñecemento por desenvolverse en lingua galega. No caso dos estudantes, si existe

algunha destas liñas, pero o uso da lingua moitas veces vese profundamente afectado polo idioma en que se imparte a docencia.

ii) **A normativización como elemento desnormalizador.** Dun xeito simplista podemos argumentar que unha lingua ten futuro con base en dous elementos fundamentais: *a)* que sexa útil; *b)* que se sinta como algo propio, de seu. O relator propón que o proceso de normativización levado a cabo dende a cabeza (a Academia) ata os pés (no que se inclúen tanto os docentes de lingua galega como os medios de comunicación financiados con fondos públicos) tivo efectos negativos nestes dous elementos.

Sen dúbida, a utilidade do galego veríase potenciada se é unha lingua coa que se poida chegar a 250 millóns de persoas. Trátase dunha posibilidade que non teñen outras linguas minorizadas do estado, nin catalán nin vasco son linguas coas que os seus falantes poidan proxectarse en países de diferentes continentes e coa dimensión con que podería facelo o galego se a conexión coa lusofonía non fose continuamente electrocutada. O cordón umbilical que nos une co portugués foi deliberadamente cortado e negado. Non se trata de que collamos o portugués como lingua propia, senón de poñer en valor a nosa propia lingua para comunicármonos con millóns de persoas por todo o mundo. Hai un profundo descoñecemento na sociedade galega desta posibilidade, probablemente debido a posicións enfrontadas e moi enrocadas nas elites lingüísticas do país.

Por circunstancias en que non se vai entrar, é evidente que o galego sofre unha ameaza maior de ser asimilado e mimetizado canto máis se aproxime ao castelán que ao portugués. Neste sentido, algunhas escollas realizadas a través do proceso de normativización foron equivocadas e quizais derivadas dunha batalla interna entre dúas fronteiras nas que non se querían perder posicións. Probablemente, nese terreo entre as dúas liñas estaría o equilibrio necesario para que o galego, sen perder sentido de seu, fose unha lingua útil para aproximarse ao portugués. O desexo é que a lei resultado da Iniciativa Valentín Paz Andrade sexa unha fiestra de ar fresco que disipe o ambiente enrarecido en que nos movemos nas últimas décadas.

De todos xeitos, como este elemento de conexión coa lusofonía é un dos máis discutidos e debatidos, o relator tampouco pensa profundar máis nel. O galego é sen dúbida unha oportunidade, unha lingua útil que vai derivar en que dentro duns anos aqueles estudantes que o dominan estarán en mellores condicións competitivas que aqueles educados exclusivamente en castelán. Porén, esta potencialidade apenas está presente no discurso que se transmite á sociedade.

A normativización tamén actuou negativamente, segundo o relator, sobre o sentimento da lingua como algo propio, de seu. E fíxoo cunha agresión inxustificada e mantida

durante moitos anos contra as variantes dialectais. A experiencia persoal do relator neste contexto, pois foille corrixida a súa gheada polo profesor de galego no instituto, pode condicionar subxectivamente a súa visión.

No caso particular da gheada sería discutible incluso que non formase parte da escolla normativa no seu momento debido á súa extensión xeográfica e poboacional nos anos oitenta. Pero, independentemente deste feito, desenvolveuse unha vinculación sistemática desta variante con fortes prexuízos sociais, eliminándoa dos rexistros académicos e de proxección social. Ao relator, de formación química, sorprendeulle atopar un son moi semellante ao que el considera gheada, moitos anos despois, ao relacionarse con colegas de universidades holandesas, onde esta non ten as connotacións negativas que se foron asentando no galego.

Máis alá da gheada, a riqueza das variantes dialectais semella ter sido presentada a través da normativización como un problema para superar. Neste proceso de normativización sucedeu tamén o que o relator define como unha *diglosia fonética*, ao acantoar as riquezas fonéticas das variantes dialectais fóra da esfera pública. Os normalizadores da lingua actuaron e actuamos, quizais de xeito inconsciente, como axentes desta diglosia fonética ao adoptar o galego normativo «koiné» con fonéticas neutrais. Volvendo á gheada, por exemplo, dificilmente aqueles galegofalantes con proxección pública nos medios de comunicación ou no ámbito académico fan uso dela na esfera pública. O propio relator admite que a usa unicamente no ámbito familiar e informal de amizades do seu lugar de procedencia.

Neste contexto o elemento principal sobre o que se debería reflexionar é ata que punto os galegofalantes nativos se atoparon no sistema educativo e de comunicación de masas cunha variante oficial do galego que non era a súa orixinal. Nese caso, cabería preguntarnos se este galego aprendido non foi recoñecido como lingua propia. O mesmo razoamento podería aplicarse a aqueles galegofalantes que xa non pasaron polo sistema educativo nos últimos trinta anos, pero que non recoñecen o galego que escoitan na televisión, na radio, ao profesorado das universidades e institutos, aos escritores en lingua galega etc., como o seu propio galego, senón algo alleo. Outra derivada desta situación é o convencemento de que o idioma galego que falan estes galegofalantes é incorrecto debido ás súas variedades dialectais, o que abunda no desprestixio da súa propia lingua e na sensación de complexo de inferioridade, o cal podería levar á ocultación da súa fala.

Estas ideas quizais sexan heterodoxas e dificilmente constatables. Ao relator gustaríalle dispoñer dunha análise das notas de avaliación do estudantado de ensino obrigatorio en

lingua galega en zonas prioritariamente castelanfalantes fronte a zonas galegofalantes para abondar na hipótese que liga a ausencia de valorización das variantes dialectais coa falta de sensibilidade nas políticas de normalización cos propios galegofalantes ás que se refería no punto i). A sospeita do relator, fundamentada en experiencias persoais quizais non extrapolables, é que os galegofalantes para os que o galego é a súa lingua materna non teñen precisamente máis facilidades nin recoñecemento nesta materia. Probablemente, aínda que a súa fonética sexa mellor que a doutros estudantes co castelán como lingua materna, mais non é un elemento que se lles valore. Porén si se lles pode valorar negativamente a súa fala que incorpora elementos dialectais.

A conclusión construtiva do relator ao apartado de contextualización é a necesidade de desenvolver medidas de normalización enfocadas aos propios galegofalantes, procurar que se sintan cómodos nesta lingua, recoñecidos e ben tratados. Algo que debería ser evidente pero que non sempre se cumpre. Deste xeito, de forma natural, os galegofalantes proxectaranse como axentes normalizadores da lingua nos diferentes ámbitos.

A iniciativa «Proxéctate en Galego»

«Proxéctate en Galego» é unha iniciativa das comisións de normalización lingüística do campus de Lugo para potenciar o uso do galego na vida universitaria. As actividades pretenden ser consecuentes coa conclusión construtiva do apartado de contextualización.

Trátase dunha proposta formulada cunha óptica multidisciplinaria e a través de actuacións transversais. As experiencias dos participantes permitiron ver en positivo que o galego, entendido non exclusivamente como o idioma, senón tamén como a nosa cultura e patrimonio, pode converterse nun dos piares ou motores das nosas vidas, tanto no plano persoal como no profesional. Percibimos entón que este espazo, estas horas de debate, servían de alimento vital para manter o espírito galego na universidade.

O galego debe ser unha ferramenta adicional que lle dea ao alumnado a posibilidade de acadar obxectivos superiores nas súas carreiras profesionais, ben porque lles permita innovar e así ter maior oportunidade de negocio, transmitir á sociedade os seus logros científicos, ben por mellorar a comunicación con persoas doutras culturas.

Ademais das actividades presenciais, entre as que se inclúen aquelas de lecer en que os galegofalantes se sintan identificados (por exemplo, concertos), tamén se procura crear un espazo de traballo, coñecemento e debate na rede, especialmente dirixido ao alumnado, pero extensible a toda a comunidade universitaria e á sociedade en xeral.

Este espazo na rede está aloxado no enderezo:

<<http://www.usc.es/gl/proxectos/proxectate/>>

Mentres que se pode acceder a unha recompilación das actividades realizadas no último ano na páxina nas redes sociais:

<<https://www.facebook.com/proxectate>>

A modo de exemplo, neste último mes de novembro organizáronse as seguintes actividades:

- a) 4 de novembro. Visita guiada á exposición «Sensores». Minicharlas científicas e demostracións sobre robótica e astronomía. Entre os asistentes tamén había cativos.



Figura 1. Asistentes ás charlas e demostracións de robótica e astronomía.

- b) 8 de novembro. Editatón coincidindo co Día da Ciencia en Galego. Encontro de editores para traballar na Galipedia en termos relacionados co Día da Ciencia en Galego.

Apúntate! [\[editar a lista\]](#)

Se che apetece participar no editatón, agradecemos que te apuntes nesta táboa estando a páxina e indicando o teu nome e a forma en que vas participar (presencialmente ou en liña).

Nome	• Participación (presencial ou en liña) •	Notas
Xustofríguez (conversa) 16 de outubro de 2014 ás 12:34 (UTC)	Presencial	
Eliandjón (conversa) 16 de outubro de 2014 ás 13:12 (UTC)	Presencial	
Maria Zaos (conversa) 21 de outubro de 2014 ás 15:34 (UTC)	Presencial	
Tommyfrutiger (conversa) 24 de outubro de 2014 ás 14:08 (UTC)	En liña	
Inesdecampo (conversa) 27 de outubro de 2014 ás 11:50 (UTC)	Presencial	
Agremon (conversa) 31 de outubro de 2014 ás 09:48 (UTC)	Presencial	Só tarde
Afonso **** 31 de outubro de 2014 ás 10:49 (UTC)	Viremos	o máis seguro que en liña
Elit (conversa) 31 de outubro de 2014 ás 11:55 (UTC)	En liña	Só pola mañá de 10 a 14
Xesús **** 31 de outubro de 2014 ás 18:13 (UTC)	Presencial	Seguramente só pola mañá
Lorega (conversa) 4 de novembro de 2014 ás 09:00 (UTC)	presencial	
Comoa (conversa) 05 de novembro de 2014 ás 13:09 (UTC)	Presencial	
Maria Alvarez (conversa) 8 de novembro de 2014 ás 12:14 (UTC)	Presencial	
Mamorañ (conversa) 8 de novembro de 2014 ás 12:12 (UTC)	Presencial	
Javier Ispizua (conversa)	Presencial	Agora todo VIRTUAL
Milagros (conversa)	En liña	
Reguero (conversa)	Presencial	
mpq22 (conversa)	Presencial	
jmgargi (conversa)	Presencial	
Talesingz (conversa)	Presencial	
Ruth Rodríguez Bermúdez (conversa)	Presencial	
inna orjales (conversa)	En liña	

Galeacontro [\[editar a lista\]](#)

Despois das actividades faremos unha pequena reunión para charlar sobre as cousas que se nos ocorran relacionadas coa Galpedia, se estás interesado en participar poden apuntarte así para saber máis sobre a e así estar en contacto. Firma abaixo

Figura 2. Captura de pantalla das entradas editadas na Galipedia no Editatón

- c) 12 de novembro. Presentación do vídeo «Explicación da Misión Rosetta dende a USC» coincidindo co contacto entre a sonda Rosetta e o cometa 67P.
- d) 18 de novembro. Participación na organización dunha videoconferencia co equipo da longametraxe *A Esmorga*
- e) 19 de novembro. Coorganización do acto «As crises que nos afunden», coa proxección do filme «Encallados» e un coloquio posterior con relatores que enlazaban a crise do Prestige, coa crise do audiovisual (da cultura en xeral), coa crise económica e social en que vivimos.

En definitiva, o ánimo que debemos expandir é que o galego é un tesouro, unha ferramenta útil con múltiples utilidades. Deleitádevos con el.

A dinamización lingüística na Universidade de Vigo: o testemuño dunha alumna

BELÉN POUTÓN REBOREDO

Alumna da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo

Os comezos na universidade para unha persoa que provén dun ámbito maioritariamente galegofalante non son doados. Incorporarse á comunidade universitaria supón un baño de realidade: a maioría lingüística que se coñeceu no seu momento invértese e, incomprendiblemente, comézase a formar parte da minoría, con todo o que ela supón. Ver que non se respectan dereitos lingüísticos e que non se defende unha lingua activamente é triste, pero aínda o é máis se iso se produce nunha universidade, nun ámbito en que o respecto polo coñecemento debería primar por riba de todo.

Este foi o ambiente que atopei cando comecei a miña andaina na universidade, a pesar de que *a priori* me atopaba na facultade máis receptiva ao galego, debido ás especialidades que nela se cultivan. Así, a miña impresión inicial pódese definir como «decepcionante». Si é certo que gran parte do profesorado é galegofalante, así como bastantes membros do persoal de administración e servizos se se comparan os números con outras facultades, pero a porcentaxe de alumnado que usa o galego é ínfima.

Como mostra, podo ofrecer un caso que ocorreu nos meus primeiros días de aulas como alumna dunha carreira especializada en galego: un dos profesores preguntounos abertamente cantas das aproximadamente corenta persoas que estabamos presentes na aula escolleramos os nosos estudos por elección propia, por vocación. Non esaxero se digo que só debemos levantar a man uns oito. O resto? Ningunha persoa escollera a especialidade de galego de primeira opción, senón que elixiran a de castelán e, ao non poderen acceder, «contentáranse» con ir pola rama do galego, coa promesa do persoal de Secretaría de que en cursos posteriores poderían solicitar o cambio de vía.

De toda esa xente, poucas persoas lograron ese obxectivo porque os requisitos non eran máis sinxelos do que o foran para acceder no seu momento á especialidade de castelán. Houbo xente que non o intentou sequera, uns convencidos de que «tampouco era para tanto» e outros aliviados por poder evitar materias celebrenmente coñecidas como «imposibles» e poder, polo menos, sacar a carreira «pola vía fácil». Mais tamén houbo xente que soubo aprender a apreciar o galego como unha lingua perfectamente válida para ser empregada en calquera ámbito.

Mais significa iso que houbese un cambio de actitude ata o punto de que o galego adquirise algún falante máis a partir desta experiencia? Non. Non coñezo ningunha persoa que despois destes cinco anos de carreira adquirise o galego como primeira lingua. Si houbo persoas da miña promoción que comezaron a empregalo un pouquiño máis, pero sempre como segunda lingua de uso e nunca como primeira.

Tampouco quere isto dicir que non houbese campañas de dinamización lingüística na universidade. Hóboas, por suposto, e algunha incluso chegou a ter un grande impacto na comunidade universitaria, polo menos na miña facultade. Falo en especial da campaña «Busco amante galegofalante», a través da que a Facultade de Filoloxía e Tradución amañeceu un día do curso 2008/2009 empapelada de arriba abaixo con ese slogan tan atractivo. Deu moito que falar no seu momento, aínda que non creo que ninguén chegase a cambiar a súa actitude cara ao galego debido a ela e, se vou máis alá, non me estrañaría que unha boa parte dos seus receptores a tomaran como unha simple graza.

Máis que preocuparme a utilidade deste tipo de campañas, preocúpame o seu verdadeiro alcance: cales son os verdadeiros receptores das campañas e actividades de dinamización lingüística? A Facultade de Filoloxía e Tradución? O campus de Vigo? Os de Ourense e Pontevedra? Na miña opinión, unha campaña non funciona se só a ve quen a quere ver e, do mesmo xeito, non se pode tratar de dinamizar o uso do galego na universidade se non se dividen forzas e se trata de chegar por igual a todos e cada un dos membros da comunidade universitaria, de todos os recunchos. E sinceramente, creo que nestes momentos iso non ese está a conseguir.

Durante o meu último ano de carreira tiven o privilexio de ser bolseira da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e puiden comprobar que dentro da propia Facultade de Filoloxía e Tradución, onde está emprazado o servizo, hai un gran descoñecemento de en que consiste e cales son as súas funcións. Puiden comprobar, ademais, que o servizo non conta cos suficientes recursos como para poder desempeñar todas as súas funcións a pleno rendemento. E é que se temos en conta a cantidade de premios e axudas que convoca, os cursos de formación e actos que organiza, os servizos

lingüísticos que ofrece e a variedade de manuais e materiais que elabora, é evidente que facer todo isto entre tres persoas (no mellor dos casos, sete, se contamos os bolseiros) non é posible se pretendemos difundir suficientemente o galego na universidade. Ademais, isto non é exclusivo dos servizos de normalización lingüística, senón que é común a calquera actividade de dinamización lingüística que se orquestre desde un único punto: non ten o efecto agardado se nos outros puntos que se pretenden alcanzar non hai unha representación para poñela en práctica.

Á miña experiencia na universidade como estudante e bolseira, súmase a miña faceta como membro dunha asociación estudantil que intenta promover o uso do galego no ámbito universitario. A Asociación Trabalingua naceu en 2009 no seo das Xeiras sobre a lingua galega organizadas polos Comités, que serviron como punto de encontro para unha serie de estudantes que tiñan a mesma inqueda: a necesidade de normalizar o galego na Galiza. Entre debate e debate, estes alumnos aproveitaban para falar da súa preocupación polo galego e polo seu porvir e tomaron a determinación de faceren algo ao respecto. Logo de varias reunións, decidimos constituírnos como asociación independente, sen estar adscrita a ningunha liña política para que todas as persoas que compartían a nosa inqueda puidesen colaborar sen temor e cun único obxectivo: promover o galego no ámbito universitario mediante a realización de actividades culturais.

Así, nestes seis anos de andaina chegamos a convocar concursos literarios, organizar actividades como monólogos, recitais, presentacións de libros, obradoiros científicos, de *beatbox*, de xogos tradicionais, ou actos diversos de difusión e promoción entre a comunidade universitaria. Foron moitas as actividades realizadas, pero quizais unha das máis importantes sexa unha das nosas últimas: conscientes da situación do galego na universidade e cansos de ver as expresións escritas en que o galego destaca pola ausencia por parte de situacións que proclaman defender o galego, deseñamos uns autocolantes que rezaban «E en galego...?» para colocar sobre as expresións escritas que non cumprisen as condicións desexables e facelas visibles ante a comunidade universitaria.

Porén, non foron poucos os atrancos que atopamos e chegamos a un punto en que nos cuestionamos que facer despois: cal era o seguinte paso para buscar unha verdadeira solución a cada un deses casos que vulneraba o uso do galego? En primeiro lugar, dirixímonos aos decanatos de cada facultade para solicitarlles amablemente que rectificasen as producións escritas que así o requirían. Na maioría dos casos, non recibimos respostas, e cando si as recibimos, practicamente todas foron negativas, aínda que nalgunha ocasión, por sorte, si conseguimos cambios.

Pero no caso das negativas, atopabámonos ante unha rúa sen saída, pois non hai forma de denunciar formalmente na universidade os abusos lingüísticos, debido a que nos estatutos non se recolle o deber do uso do galego na universidade e a que non existe un regulamento dos seus usos lingüísticos; condicións que deberían ser fundamentais e esenciais para velar polos dereitos lingüísticos da comunidade universitaria. E se esta función recae nas mans dun servizo como a Área de Normalización Lingüística, está claro que debe poder contar cos medios necesarios para garantir o correcto desempeño das súas funcións en cada un dos campus e centros que compoñen a universidade.

Por suposto, non todo vai depender das institucións, pois a título individual tamén se poden realizar moitas accións. Para comezar: non quedar calado/a ante un ataque lingüístico e deixar constancia de que se produciu mediante unha simple folla de reclamación ou transmitíndolle a queixa ao servizo de normalización correspondente para que nos asesore e nos informe sobre o que está da nosa man. A seguir: non quedar parado/a. Se temos unha idea e non temos os medios suficientes para poñela en marcha, sempre pode haber alguén que si os dispoña e nos poida botar unha man, caso dun servizo ou dunha asociación, que sempre estarán encantados de recibir iniciativas e persoas que desexen levalas a cabo. E para rematar: falar. Se nós non o falamos, ninguén o fará por nós.

A experiencia da Universidade de Santiago de Compostela en dinamización lingüística

ISABEL VAQUERO QUINTELA

Técnica do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela

Non vou facer aquí un percorrido polas accións de dinamización do SNL da USC. Mais si pretendo reflexionar, contextualizar e facer unha valoración do feito ata agora nesta área.

Vaian, de entrada, varias aclaracións sobre dinamización lingüística:

- A dinamización é unha das estratexias da planificación lingüística; polo tanto debe responder a esta, enmarcarse nela e contar con accións complementarias nas outras estratexias (regulación, formación, corpus).
- Está na natureza da dinamización lingüística buscar o cambio lingüístico baseado no convencemento, na voluntariedade. As mudanzas non van ser rápidas nin totais.
- As actuacións de dinamización lingüística (sensibilización e fomento de uso) requiren unha notable dotación de financiamento, tanto para poder contar con materiais sensibilizadores de calidade, como para incentivar de xeito directo (subvencións, por exemplo) ou indirecto o uso do idioma minorizado fronte ás inercias.

Distinguirei dúas etapas nas accións de dinamización na USC.

a) Os anos 90

Se tivese que elixir unha acción chave para ilustrar o inicio da dinamización na USC esa sería a campaña de sensibilización «En galego, o que ti queiras!». Corría o ano

1991. Había uns dez anos que se xeneralizara a materia «lingua galega» no ensino non universitario, oito anos que se promulgara a Lei de normalización lingüística e seis anos dende que se creara a RTVG. En 1985 os Estatutos da USC recoñecíanlle ao galego por vez primeira na súa historia carácter de oficialidade; só facía sete anos que os formularios de matrícula estaban en galego.

O estudo *O galego na Universidade* (1988) trazaba un panorama diglósico, e tanto profesorado como alumnado declaraban utilizar o galego na súa parcela de docencia en porcentaxes claramente menores ás dos ítems correspondentes á lingua materna e lingua habitual.

Táboa 1: Lingua do profesorado da USC

	Lingua materna	Lingua habitual	Lingua de docencia
Profesorado	27,6%	20,7% + 15,5%	16,7%

Fonte: Rodríguez Neira, M. A., Martínez López, M.^a S. (1988): *O galego na Universidade*

Entre as razóns aducidas polo profesorado para non utilizar o galego na docencia destacaban, á par de razóns relacionadas coa competencia lingüística e con problemas na fixación do corpus (inexistencia de recursos terminolóxicos),

- Non procede pola natureza da materia (16,2%)
- Non o demanda o alumnado (12,8%), retroalimentado por un 7,2% do alumnado que di non usar o galego porque non o promove/esixe o profesorado.

Por outra banda, temos que lembrar que naquela altura sucedían cousas como que a un aspirante a unha praza de titular universitario o tribunal non lle valorase como méritos publicacións polo feito de estaren en galego; ou que houbese profesorado que se negaba a corrixir exames do alumnado respondidos na nosa lingua.

No ano 1991 a USC escolleu como reitor o profesor Ramón Villares, quen se propoñía unha política lingüística normalizadora de maior alcance cá realizada ata o momento, de xeito inaugural, –non o esquezamos–, polo profesor Carlos Pajares, para o cal someteu no Claustro unha proposta de programa de normalización lingüística, que foi aprobado e, daquela, dotado de absoluta lexitimidade.

Como símbolo desta nova etapa lanzouse «En galego, o que ti queiras», unha campaña de sensibilización cuxo obxectivo era rachar coa idea ben xeneralizada daquela de que

o galego podía ser oficial pero non era adecuado para a ciencia, para a Universidade. Unha campaña que non ficaba en simple propaganda, senón que se insería nunha planificación, cun obxectivo concreto de sensibilización e que acompañaba toda unha serie de actuacións de formación, de implementación do corpus e de fomento do uso, como as axudas á realización de teses en galego¹. Só como dato anecdótico: aquela campaña do ano 1991 custou 8 millóns de pesetas, 45 000 euros de agora, algo máis que o orzamento actual do SNL da USC en 2014.

Outra actuación de dinamización moi importante foi a divulgación dos dereitos lingüísticos na Universidade. De xeito complementario a unha actuación de regulación por parte do goberno universitario, que en 1994 aprobou o Regulamento de uso da lingua galega², que establece os usos lingüísticos no ámbito institucional e de representación, así como na administración e servizos, a USC lanzou unha campaña para que a comunidade universitaria coñecese con exactitude os seus dereitos e as súas obrigas, e puidese exercelos e saber como amparalos³.

No apartado de fomento do galego destaca a posta en marcha das axudas á redacción e defensa das teses en galego, que logo se estendeu tamén aos proxectos de fin de carreira.

E difundindo estas e moitas outras accións, todos os recursos, todas as ferramentas existentes, *O Cartafol*, o vello boletín de novas sobre normalización lingüística na USC que comezamos a editar en papel en febreiro de 1992, que se repartía de balde en todos os centros e do que chegamos a editar 15 000 exemplares. Hoxe conservámolo na súa edición dixital⁴.

A grandes trazos, coido que se conseguiron dous obxectivos importantes, non só, evidentemente, por mor das actuacións de dinamización, senón pola acción combinada do conxunto regulación-formación-asesoramento-dinamización, así como pola existencia dun liderado claro na política lingüística, exercido tanto polo reitor Villares e o seu asesor, Henrique Monteagudo, primeiro, como posteriormente polo reitor Villanueva e os seus vicerreitores responsables, os profesores Antonio López Díaz e Celso Rodríguez. Ao meu entender, a finais dos 90, agás raras excepcións, a comunidade universitaria tiña claro que o galego tamén era unha lingua para a ciencia e para a docencia univer-

¹ Aínda activas: <<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/dinamizacion/investigacion.html>>

² <<http://www.usc.es/gl/normativa/normalizacion/regusog1.html>>

³ Na actualidade estes contidos recóllense na páxina web do SNL: <<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/dinamizacion/dereitos.html>>

⁴ <<http://ocartafol.usc.es/>>

sitaria, e que profesorado e alumnado tiña dereito a expresarse en galego na actividade docente e investigadora.

Probablemente a manifestación de prexuízos lingüísticos volveuse menos basta e máis sutil.

b) 2000-2010

En 2002 o Claustro da USC aproba un novo Plan de normalización lingüística⁵, alicerzado nos resultados do estudo *O idioma na USC* (1998) e cun horizonte de execución ata 2010. O novo plan:

- Debuxa un modelo lingüístico para a USC («bilingüismo con predominio do galego») baseado nunha demanda real da comunidade universitaria. É un argumento moi importante para utilizar na dinamización lingüística.
- Sen descoidar ningún ámbito, fixa claramente cal é a diana principal: a docencia, cerna da universidade, e o persoal docente e investigador (PDI), «chave da futura normalización lingüística da universidade». E ao obxectivo específico de «incrementar progresivamente o uso da lingua galega na función docente» responden varias medidas de regulación e dinamización.
- Establece os instrumentos de execución da política lingüística. Ademais do SNL, a Comisión de Normalización Lingüística do Claustro e as comisións de normalización lingüística dos centros que «han ser as encargadas de velar pola aplicación en cada centro do PNL. Han ser o ámbito directo de participación dos tres colectivos da Universidade no desenvolvemento do PNL». Por outra banda, os novos Estatutos de 2003 atribúenlle ao SNL a función de «Coordinar e apoiar o traballo das comisións de normalización lingüística dos centros».

Polo tanto, as actuacións de dinamización deben, con este novo plan, adaptarse ás diversas realidades dos centros e contar coa participación, propostas e demandas das CNL. E atender preferente, que non exclusivamente, ao ámbito da docencia e ao sector do PDI. Contar con indicadores neste ámbito converteuse nunha das prioridades da Área de Dinamización Lingüística (ADL) a principios do milenio e afortunadamente conseguímolos.

⁵ <<http://www.usc.es/estaticos/normativa/pdf/Plannormalizacionlinguistica.pdf>>

Asemade, o traballo técnico do SNL especialízase, á busca dunha maior produtividade e dunha meirande eficiencia e eficacia. Creamos as áreas de traballo actuais: asesoramento, terminoloxía, formación e dinamización.

Nestes anos non volve haber ningunha campaña propagandística de carácter xeral para toda a USC, senón que as actuacións en materia de sensibilización se singularizan para os centros, con argumentos adaptados e de carácter profesionalizante (relacións laborais, veterinaria, bioloxía...), e tamén se diversifican en canto á forma: folletos, xornadas, vídeos, concursos de monólogos, espazos de promoción de recursos (como Proxéctate en galego) etc.

En relación co fomento do uso, apostamos polas modalidades de máxima eficacia, que leven asociado o incentivo ou incentivos a accións de formación, asesoramento, regulación, etc. Por exemplo, os Fiadeiros de localización de software libre⁶, dirixidos a toda a comunidade universitaria, que axuntan formación, implementación e dous incentivos: recoñecemento (crédito, diploma de formación, constancia da localización) e premio en metálico. Ou os Premios á calidade lingüística dos traballos do alumnado⁷, que se complementan cos cursos de redacción e deseño de traballos académicos e cos obradoiros de TFG/TFM. Ou a Colección de unidades didácticas en galego para o PDI⁸, que axunta formación (co seu recoñecemento), asesoramento lingüístico-terminolóxico en forma de titorización personalizada e o incentivo en forma de publicación en galego con ISBN da Universidade, co cal conta na carreira docente e no recoñecemento da excelencia docente.

Da colaboración coas comisións xurdiron, como se ve, iniciativas ben interesantes e exitosas. Mais en moitas ocasións, na maioría, de xeito desartellado e sen responder a unha verdadeira planificación. Isto levounos en 2007 a propoñerlle á CNL do Claustro a posta en marcha de dúas experiencias piloto, focalizando esforzos durante tres anos en dous centros de carácter estratéxico: Dereito e Ciencias da Educación.

O SNL, en concreto a súa ADL, encargouse de elaborar un plan que foi un tanto rebaixado en canto a medios e medidas, malia que todas elas estaban incluídas no PNL da USC, polo equipo de goberno. Tras ser así aprobado por este, posteriormente recibiu o praxe da Xunta de Facultade de Dereito. O plan presentouse cunha campaña baixo

⁶ <http://www.usc.es/gl/servizos/snl/dinamizacion/etse_open.html>

⁷ <<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/dinamizacion/calidade.html>>

⁸ <<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/dinamizacion/unidadesdidacticas.html>>

o lema *Témoslle lei*⁹. O obxectivo principal que establecía era aumentar o galego na docencia neses tres anos de implantación, dende o 8,67% no curso 2008-2009 ata o 30%.

Se cadra a rebaixa inicial nas actuacións (o incentivo estrela: a redución de carga docente para fomentar o cambio lingüístico comprometido), a remuda no equipo decanal por outro de escaso compromiso lingüístico, e mais a chegada da crise económica (e con ela a imposibilidade de novo profesorado, unha das oportunidades que se pretendía aproveitar, e mesmo de executar todas as actuacións previstas no derradeiro curso do plan), así como o sobardamento do SNL, que brindaba apoio técnico, empobreceron os resultados que agardabamos. En troques de chegar ao 30% limitouse a un 20,38% no curso 2012-13¹⁰; é dicir, o uso do galego na docencia de Dereito duplicouse en tres anos. Cómpre sinalar que a execución do PNL de Dereito eses tres cursos requiriu un investimento de algo máis de 43 000 euros.

En canto a Ciencias da Educación, o SNL viuse incapaz de afrontar os traballos habituais, a planificación, execución e seguimento do PNL de Dereito e mais o inicio do mesmo proceso noutro centro. Ademais, o recorte de financiamento (e mesmo de persoal) impedía xa calquera actuación deste estilo.

Por outra banda, o PNL da USC así como outras planificacións estratéxicas da Universidade abrían liñas de actuación moi interesantes de xeito transversal. Dende a ADL tentamos andar eses vieiros, con escaso éxito, cómpre dicir. A atención ao alumnado procedente do estranxeiro con programas de intercambio como Erasmus desde unha perspectiva integral, unha aposta que nós viamos fundamental para tentar manter as cotas de uso do galego nas aulas, foi unha desas tentativas fracasadas¹¹, como tamén unha proposta para avanzar na galeguización das TIC. A coordinación de servizos e de áreas de goberno, a visión transversal, en definitiva, topa a miúdo coa cultura das leiriñas, cando non con visión absolutamente dispares sobre a normalización lingüística coas que resulta imposible avanzar.

Outra proposta fracasada ata agora, aínda que por motivos puramente económicos, é a posta en marcha dunha plataforma de divulgación científica de alto nivel.

⁹ <<http://www.usc.es/temosllelei/>>

¹⁰ Media do 19,37% no grao e do 34,72% na licenciatura; en 2013-14, un 29,37% (14,23 e 26,53%, respectivamente).


¹¹ As únicas actuacións exitosas neste eido foron as de formación, levadas adiante de xeito totalmente autónomo e independente polo SNL.

Valoración

Valorar os resultados require facelo nun contexto. O marco xeral no que se insire a universidade, a sociedade galega, segue avanzando no camiño da substitución lingüística; nos últimos quince anos produciuse un cambio espectacular, co uso masivo das TIC e o avance da globalización, e na universidade afondouse na liña da internacionalización. As tres tendencias acentúan a importancia que se lle outorga á denominada *lingua común*, o castelán, e á lingua imperial actual, o inglés.

Á vista do contexto pouco favorecedor para o galego, e a partir dos escasos datos de que dispoñemos, baseados case nun só indicador, —o uso do galego na docencia—, semella que cando contamos cunha boa planificación, con liderado na responsabilidade política e cunha certa dotación de medios, —aínda que non sexa óptima—, os resultados son esperanzadores, como demostra a liña ascendente que debuxa o uso do galego na docencia na USC na seguinte gráfica. Cando a vontade política falla e os recursos escasean, a liña que tanto custou facer subir, descende.

**Gráfica 1: Evolución dos usos lingüísticos docentes
dos graos e titulacións de 1º-2º ciclo na USC**



Fonte: Datos tirados de XesCampus, a partir dos POD dos departamentos da USC

Non é imposible, aínda que nestes momentos poida parecelo. Só cómpre unha boa planificación, liderado político claro e con capacidade transversal, soporte técnico axeitado e contar cos recursos necesarios.

A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. Balance crítico

GORETTI SANMARTÍN REI

Universidade da Coruña

Resumo

O 23 de xuño de 2009 constitúese a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, recollendo a medida 2.1.41 do *Plan xeral de normalización da lingua galega*, sector 2 Educación_Familia_Mocidade de creación dunha comisión estábel, coa participación da Xunta de Galiza e das universidades galegas, que se encargue de propor e coordinar a política lingüística universitaria no noso país. O convenio que as tres universidades galegas asinaron o 14 de maio de 2009 recolle unha parte dos contidos da idea inicial, unha idea que non chegara a tomar corpo definitivo na etapa do goberno partillado entre o BNG e PSdG (responsábel da área de Política Lingüística), a pesar de existiren borradores previos e estes de se discutiren na Comisión de Seguimento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega que funcionaba naquela altura. Para alén de desenvolveren interesantes propostas comúns cuxa avaliación é moi positiva, a Comisión sempre foi consciente da necesidade de incorporar a Administración autonómica para estender as súas funcións e enfrontar os retos de promover realmente un maior uso do galego na docencia e na investigación. A incorporación tanto da Secretaría Xeral de Política Lingüística como da Secretaría Xeral de Universidades, que finalmente tivo lugar en xaneiro de 2011, non significou o reforzamento da Comisión que as universidades imaxinaban nin o desenvolvemento dun labor coordinado con vontade política e compromiso económico. O futuro da Comisión está directamente relacionado con algúns aspectos diferenciais entre as propostas que non viron a luz e os convenios posteriores, e que xiraban ao redor das funcións (que incluían, como posibilidade, modificacións lexislativas) e o compromiso político, técnico e económico. A evidente renuncia da Secretaría Xeral de Política Lingüística a exercer o papel de dinamización

e planificación lingüística, tamén no mundo universitario, pode ter un punto final se esta non se situar en contra das universidades e se asumir a necesidade de realizar mudanzas substanciais.

1. Prehistoria da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística

A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística constituíuse por vez primeira o 23 de xuño de 2009 tras asinaren un convenio, con data de 14 de maio de 2009, as tres universidades galegas. Tal e como figura no documento que posibilita a formalización desta comisión (con José M.^a Barja, Senén Barro e Alberto Gago como reitores, respectivamente, da Universidade da Coruña, da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo), xúlgase preciso a existencia dun organismo que sirva como ferramenta impulsora da dinamización lingüística no nivel superior de ensino, tradicionalmente á marxe de toda regulamentación para promover o uso do galego. A aposta por crear un organismo interuniversitario con participación da Xunta de Galicia aparece recollido na medida 2.1.41 do *Plan xeral de normalización da lingua galega* (PXNLG), sector 2 Educación_Familia_Mocidade. Cómpre lembrarmos, antes de máis nada, que o PXNLG foi aprobado por unanimidade de todas as forzas políticas con representación parlamentar en setembro de 2004 e que aínda a día de hoxe a maioría das medidas e propostas que alí se inclúen permanecen sen executar. Concretamente, entre as escasas propostas referidas ao ensino superior, recolle a creación dunha comisión estábel, coa participación da Xunta de Galicia e das universidades galegas, que se encargue de propoñer e coordinar a política lingüística universitaria.

Queremos deixar constancia de que o PXNLG continúa unha longa tradición de marxinación da universidade no que á planificación lingüística se refire, pois non se atreve a indicar porcentaxes de utilización do galego nas aulas universitarias a pesar de constatar o seu escaso uso, sobre todo en certas titulacións e áreas, entre as que destacan as tecnolóxicas e científicas. Só o *Modelo de normalización lingüística para o ensino*, asinado por moi distintas entidades (organizacións políticas, sindicais e sociais, movementos de renovación pedagóxica, institucións universitarias...) en 1989, e logo, 10 anos despois, recuperado e reactualizado por Nova Escola Galega, é quen de abordar o espiñento tema da docencia en galego no nivel superior de educación.

Saben moi ben aquelas persoas contrarias á normalización que o máis importante está no uso lingüístico nas primeiras idades e nas últimas no sistema educativo. De aí que o esquema que foi habitual fixo unha previsión dalgún uso do galego na primaria e na secundaria, practicamente nada en infantil e despreocupación total na Universidade.

O uso do galego nos primeiros anos da etapa educativa foi causa da polémica que provocou a derogación do decreto que permitía unha certa galeguización educativa nos tempos do goberno bipartito (Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo). O emprego no ensino superior xa non se incluía por causa da autonomía universitaria e do seu uso desnecesario nunha situación ideal en que todo o mundo xa debería dominar o idioma tras o paso polo ensino secundario. No entanto, cómpre reparar tanto na necesidade de considerar a formación acelerada e precisa para o alumnado universitario que procede doutros territorios, como o feito de non estar asentado o uso habitual do galego en ámbitos específicos, polo feito de só se consolidar realmente o ensino do galego (con todos os problemas que non podemos abordar aquí) e non o ensino en galego.

Porén, chama a atención que unha comisión que procede dunha medida recollida no PXNLG, onde é fundamental a participación proactiva da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Universidades, comece a andar só coas tres universidades e coa incorporación posterior (case dos anos máis tarde, o 24 de xaneiro de 2011) dos organismos da Xunta que citamos.

Para contextualizarmos esta cuestión, temos que nos referir ao intento previo de crear a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, unha proposta formulada polo BNG durante o goberno bipartito (incluímos o borrador previo que non chegou a publicarse como anexo 1) que o PSOE, sobre quen recaía a responsabilidade da Política Lingüística e quen tiña a responsabilidade da Secretaría Xeral de Política Lingüística, se negou finalmente a aplicar. A proposta recóllese na acta da Comisión de Seguimento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega de 1 de decembro de 2006.

De repararmos nesa primeira proposta, veríamos que as diferenzas eran notábeis. A primeira delas, como é lóxico refírese á adscrición:

Esta comisión quedará adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística

O rango da proposta inicial era o único que podía facilitar que a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística fixese fronte ao gran reto que aparecía entre as súas funcións:

Promover a promulgación das disposicións legais e/ou regulamentarias necesarias para facilitar e desenvolver o proceso de normalización da lingua galega no ensino superior.

Evidentemente, o feito de se conformar unicamente como unha comisión das tres universidades, que rotaban a súa presidencia, mais sen capacidade real de promover reformas lexislativas, coutou as posibilidades de chegar todo o lonxe que expresaba o convenio fundacional e que manifestaron reiteradamente os membros da comunidade universitaria que formaron parte dela.

Para alén deste importante inconveniente, o borrador inicial que case posibilita que a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística fose unha realidade diferente (non só temporalmente, senón cualitativamente falando) incluía o compromiso técnico e económico por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Este aspecto figuraba nun artigo 7, cun contido realmente comprometido a que o convenio que asinan o 14 de maio de 2009 as universidades galegas non podía facer referencia. Velaí a súa relevancia:

A Secretaría Xeral de Política Lingüística será responsable da coordinación técnica da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo. Para iso prestará todo o apoio técnico e o asesoramento que se precisar, actuando como órgano dinamizador do proceso de normalización.

Ao mesmo tempo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a contribuír economicamente ao desenvolvemento das accións derivadas do traballo desta comisión, apostando pola necesidade de homoxeneizar e articular unha política lingüística universitaria que contribúa á extensión de usos da lingua galega da institución de ensino de grao superior.

A posibilidade de crear a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística como entidade coparticipada entre a Xunta e as universidades, mais co rango maior que os seus obxectivos esixían, ficou en nada. Iso é o que recolle o acordo 5 da Comisión de Seguimento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega na acta do 1 de decembro de 2006. Decídese alí adiar calquera decisión sobre a creación desta comisión e mudala por unha proposta moito máis modesta referida a accións para incidir nas escolas de enfermaría, escolas de negocios e en cursos de verán, proposta que, por outra parte, non se chegou a realizar.

Como se pode deducir facilmente, o que se pretendía era reducir o que ten que posuír un tratamento universal e con vontade de incidencia no conxunto da comunidade universitaria a un tratamento hiperlocalizado e específico. De ter sentido, sería como exemplos piloto e estímulo dunha proposta máis ambiciosa. O feito de se non realizar nin esa alternativa mínima traduce perfectamente a consideración marxinal da política lingüística universitaria.

2. Historia da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística

Finalmente, os obxectivos da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, nacida por iniciativa da Universidade da Coruña nos tempos en que Xosé Manuel Carril era secretario xeral desta institución, con responsabilidade sobre a política lingüística que se desenvolvía, tiveron que reducirse á forza e pódense sintetizar nos seguintes apartados:

- a) Definir as liñas políticas de actuación na comunidade universitaria galega no referido ao proceso de normalización lingüística.
- b) Activar o uso do galego no ámbito universitario, nomeadamente nos ámbitos da docencia e da investigación.
- c) Estabelecer liñas de diálogo con outras institucións e organismos para fomentar o uso do galego no ámbito universitario e eliminar os atrancos que aínda puideren persistir a este respecto.
- d) Promover actividades conxuntas que reafirmen o compromiso do sistema universitario galego co uso da lingua e coadxuven a esta recuperar o prestixio que lle corresponde como lingua propia e vehículo habitual de expresión segundo figura na lexislación particular de cada universidade e na lexislación xeral de que nos dotamos.

Para alén da súa constitución formal, o 23 de xuño de 2009, onde tamén se definiron as liñas xerais de actuación, o aspecto máis relevante da súa andaina reside no feito de facer posíbel a planificación de traballo conxunto que faga visíbel á sociedade galega, en xeral, e á comunidade universitaria, en particular, o compromiso da institución universitaria coa lingua galega e as súas posibilidades de utilización como lingua de cultura e, neste sentido, como lingua tamén da docencia e da investigación. A esta aposta hai que acrecentar o que supuxo de aforro de recursos humanos e materiais e de establecemento das necesarias coordinacións e conexións entre localidades, espazos e servizos que en ocasións o sistema duplica ou triplica con iniciativas semellantes que compiten en vez de colaborar coa intención de conseguir os mesmos obxectivos.

O máis relevante foi inicialmente comezar un proceso de reflexión, que logo deu lugar a propostas claras de recollida dun diagnóstico e alternativas –propostas de futuro–. Ao mesmo tempo, serviu para crear cohesión social, pois falamos de sistema universitario galego e de representación ao máximo nivel (son as reitorías as implicadas). O obxectivo, que se supere a relación automática entre a promoción do uso do galego e

o Servizo (ou Área) de Normalización Lingüística, que se distancie da habitual ligazón a unha universidade concreta, a unhas comisións de normalización, a determinadas persoas. A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística foi concibida como un proxecto de moita maior envergadura, indispensable para dar un salto que, aínda así, queríamos ampliar e elevar.

Unha das actividades máis relevantes do traballo da Comisión nunha primeira etapa foi a campaña *En galego tamén se fai ciencia*, desenvolvida polos servizos e áreas de normalización e polos servizos audiovisuais das tres universidades galegas (practicamente a custo cero¹). O proceso, xa interesante en si (non habitual, colaboración interuniversitaria), ofreceu un resultado que pode verse na páxina <<http://www.engalegotamensefaiencia.eu>> e que tivo unha importante repercusión na sociedade galega, fundamentalmente no ensino primario e secundario.

Houbo outra iniciativa de colaboración inmediata de grande interese. A coordinación das tres universidades na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística fixo posíbel a presentación conxunta dunha proposta para solicitar cursos intensivos de lingua Erasmus na convocatoria de 2010 dentro do Programa de Aprendizaxe Permanente Erasmus. A coordinación desta iniciativa, que se decidiu que tivese un carácter rotatorio, correu o primeiro ano a cargo da Universidade da Coruña, unha vez que era a institución que nestes momentos coordinaba tamén o traballo da Comisión.

Por outra parte, como preludio dun camiño non exento de polémicas, a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística realizou un pronunciamento o 12 de xaneiro de 2010 sobre as *Bases para a elaboración do Decreto de Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, (véxase o anexo II). Tamén se adheriu á *Proposta institucional sobre a lingua galega ao Parlamento de Galicia 2009* que realizou o Consello da Cultura Galega e apoiou a proposta de estandarización de apelidos galegos do Instituto da Lingua Galega.

Entre os aspectos que se salientaron en repetidas ocasións nos debates que tiveron lugar no desenvolvemento das reunións e onde se obtiveron menos resultados está a necesidade de modificar as liñas de actuación, no que á política lingüística se refire, tanto da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego como da ANECA (a axencia

¹ Porén, houbo algunha crítica cando se presentou a campaña argumentando canto se gastaría nunha acción cuxo único custo foi o de enviar unha cinta de gravación desde o Reino Unido, ao cal hai que engadir o tempo e a profesionalidade do persoal dos servizos implicados, a quen hai que agradecer o magnífico traballo.

estatal), para estas institucións apoiaren o emprego da lingua galega e favoreceren o seu uso por parte do persoal docente e investigador. Igualmente, a Comisión elaborou unha serie de propostas de interese que foron postas en coñecemento da Secretaría Xeral de Política Lingüística para o seu apoio e desenvolvemento, se proceder. Entre estas propostas, tiveron especial relevancia, por un alcance fanado mesmo no seu inicio pola falta de apoio económico, as dúas seguintes:

1. A petición de apoio á liña de manuais universitarios en galego (medida tamén tirada do PXNLG) que ficou nun primeiro momento interrompida co cambio de goberno na Xunta de Galiza e logo timidamente apoiada con cantidades ridículas e textos sempre de elaboración propia ou de autoría da casa. Imposíbel foi abordar a tradución dun só manual de química de referencia e utilizado nas tres universidades por se non poderen pagar os dereitos de autoría. O máis que tímido compromiso da Secretaría Xeral de Política Lingüística para os anos 2014 e 2015 para a edición de manuais en galego para os primeiros cursos dos graos foi de 3000 euros por ano.
2. A proposta de tradución ao galego para congresos e actos científicos de carácter internacional. Tras unha experiencia piloto, a Secretaría Xeral de política Lingüística comprometeuse a realizar unha achega anual de 6000 euros para unha convocatoria de axudas á interpretación ao galego en simposios e congresos de carácter científico que, finalmente, ficaron nunha distribución por universidade de 2000 euros.

A incorporación, por tanto, da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Universidades, que finalmente tivo lugar en xaneiro de 2011, non significou o reforzamento da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística que as universidades imaxinaban nin o desenvolvemento dun labor coordinado con vontade política e compromiso económico.

A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística fixose tamén cun galeguizador informático e realizou diferentes chamamentos á comunidade universitaria para se comprometer co idioma. Nestes momentos está a levar adiante o proxecto Funil.gal., o proxecto gañador do X Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras no ano 2013 na modalidade de «Ideas para a promoción do galego», que ten como obxectivo dotar a lingua galega de novas ferramentas multimedia para o ámbito científico.

3. O futuro. O estudo *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica*

A finais do ano 2012, a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística aprobou lanzar un estudo sobre a utilización do galego como lingua científica. O estudo pretendía coñecer o uso do galego como lingua vehicular da ciencia no ámbito docente universitario e analizar a utilización das linguas nas publicacións científicas.

Ao mesmo tempo, tratábase de coñecer os nesgos que os actuais sistemas centralizados de avaliación da actividade investigadora e de acreditación do PDI comportan na utilización de linguas cooficiais minorizadas como o galego, de cara á realización de propostas de mellora ou reforma daquel sistema que sexan máis propicios para a diversidade lingüística.

O estudo *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica*, coordinado pola profesora Alba Nogueira López (2014), presentouse en xuño de 2013 e as conclusións principais foron as seguintes:

1. A presenza do galego na actividade investigadora é moi reducida.
2. A inclinación progresiva dos sistemas de avaliación científica cara a indicadores internacionais incide de forma moi relevante nas decisións de política académica e na planificación individual da carreira académica do profesorado.
3. Mesmo en sistemas científicos fortes e maduros o peso deses criterios de indexación resta visibilidade á produción científica de calidade nas linguas propias (ex.: francés, alemán).
4. O uso dos índices internacionais ten efectos sobre os sistemas de publicacións científicas que se derivan nunha concentración nun grupo reducido de editoriais e o control de toda a actividade de difusión científica, cos perigos que iso ten para o intercambio científico.
5. As publicacións que utilizan linguas distintas das dominantes teñen dificultades para seren valoradas nos seus sistemas académicos.
6. A percepción do profesorado participante na enquisa realizada nas tres universidades galegas coincide con estes estudos e maioritariamente consi-

dera que o uso do galego na investigación ten efectos negativos sobre a súa promoción profesional e retribucións.

7. A escasa presenza do galego prodúcese en todos os planos da actividade investigadora e en todos os momentos da carreira académica (traballos de fin de mestrado, teses, publicacións, divulgación, transferencia de coñecemento).
8. É preciso eliminar a penalización sobre o uso das linguas non dominantes e que a introdución de criterios cualitativos de avaliación das publicacións non se limiten á referencia aos indicadores internacionais.
9. A docencia é a primeira vía de difusión do coñecemento científico e non se fixo unha planificación e unha avaliación da necesidade de incrementar a reducida presenza do galego nas aulas universitarias.
10. A divulgación do coñecemento científico na sociedade, especialmente dirixido a escolares, é unha das vías máis directas de socialización da actividade investigadora e de asociar o galego a rexistros de prestixio.

E, entre as propostas de actuación en relación coa avaliación da ciencia, aparece unha que pairou sempre nos debates sobre necesidades para avanzar no proceso de normalización no ensino superior que se deron no seo da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística:

Realizar xestións, xunto coas universidades catalás e vascas, cos organismos estatais que efectúan avaliación da investigación, ANECA e CNEAI para que se asuma o carácter plurilingüe do Estado español e se modifiquen os criterios de avaliación.

Á beira desa proposta, verdadeiro eixo de traballo dunha Xunta de Galiza realmente comprometida co idioma, hai varias outras complementarias, de grande interese:

- O apoio económico a publicacións que usen o galego e que cumpran os criterios de calidade estándar.
- O incremento da calidade e cantidade dos indicadores do uso do galego.
- A mellorar da presenza destes indicadores nas distintas partes integrantes do Plan de Formación do SUG.

Como apuntaremos nas conclusións, o futuro pasa pola colaboración e a transversalidade, pola perda da desconfianza como xeito de nos relacionarmos. Só iso explica o momento de tensión institucional vivido en xullo de 2014. Despois de se coñeceren diversos datos sobre o escaso uso do galego, tanto a nivel social en xeral (como a denuncia escandalosa da Mesa pola Normalización Lingüística que situaba o uso do galego no ensino infantil nas cidades nun arrepiante 2,4%), diversos colectivos e institucións reclaman unha avaliación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, unha avaliación de que o propio decreto facía previsión. Unha das primeiras institucións é a Real Academia Galega, nun comunicado datado o 18 de xuño deste ano².

Un mes despois prodúcese un comunicado conxunto das universidades a través dos seus servizos de normalización lingüística para se ofreceren a colaborar nese proceso de avaliación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario³. As universidades demostran así estar á altura do que demanda a sociedade galega máis comprometida e sentirse copartícipes dun problema cuxa solución esixe o maior esforzo e a maior coordinación institucional posíbel.

Como xa anticipamos, o ofrecemento das universidades para avaliar as consecuencias (ou a aplicación) do Decreto 79/2010 xerou un importante conflito institucional. A redución dos servizos de normalización lingüística, segundo o comunicado posterior da Consellaría de Educación, a simples «unidades de traballo» sen dereito a realizaren unha opinión técnica para a que están máis que capacitados, é un rebaixamento incomprendible. Xustamente por iso poden encargarse dunha avaliación técnica para non decidir partidaria e interesadamente que non interesa facela. Inaudito o rexeitamento.

A resposta da Xunta, a través da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria é insultante, non só por non ter en conta o ofrecemento e negarse a colaborar, senón tamén por se gabar de non ter obriga de facilitar os datos da avaliación⁴. Daquela, se se fan e non se van publicar mellor é aforrar o traballo.

Lembremos, para rematar, que a Xunta responde ás universidades que «O obxecto dos servizos das tres universidades de Galicia é promover e avanzar no proceso de

² Véxase <http://academia.gal/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/a-academia-urxe-a-xunta-de-galicia-a-avaliar-a-situacion-do-galego-no-ensino>

³ Véxase <http://www.udc.gal/comunicacion/novas/2014/07/nota_prensa_20140718.html>

⁴ Véxase a nota completa en <<http://www.edu.xunta.es/web/node/13047>>

normalización dentro das súas respectivas institucións» e «O obxecto de traballo destes servizos e o seu labor debe centrarse no ámbito dos estudos universitarios, e non nos non afectados polo Decreto 79/2010, que son xusto os que non están afectados pola súa actuación».

Mais noutros ámbitos a Xunta aproba decretos en que fixa como criterios de actuación mirar a contorna, ter en conta o que se move ao arredor. Por pormos un único exemplo, o 2 de decembro de 2011 a Xunta aproba un decreto que manifesta ter como obxectivo racionalizar a oferta de titulacións no noso país (Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzaas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia) e, entre outras cuestións, figura a necesaria vinculación entre a universidade e o exterior.

Por outra parte, as universidades forman profesionais, algúns/unhas destes/as profesionais logo han impartir docencia, por exemplo, e por suposto que están afectadas nas competencias do alumnado que reciben. Caso de teren que se avaliar competencias doutros idiomas temos a certeza de que a polémica non tería lugar.

4. Conclusións

O proceso de normalización é un proceso transversal en que debe implicarse, para alén da sociedade, o conxunto das administracións. A potenciación de ferramentas de coordinación e planificación é un requisito imprescindible para avanzarmos no uso do galego tanto na docencia como na investigación. As universidades levan anos a pór recursos, humanos e materiais, para desenvolveren unha política lingüística limitada porque existe un elemento que é central para dar o salto necesario.

Damos conta nas páxinas que preceden da prehistoria da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística e das grandes liñas en que moveu o seu traballo ao longo destes anos. Como persoa implicada neste proxecto desde o inicio, quero agradecer o traballo xeneroso e desinteresado de todas as persoas que forma(ro)n parte dela e lanzar a mensaxe da necesidade de continuar co espírito que moveu a súa constitución formal no ano 2009. Apoio institucional, aproveitamento de esforzos e recursos, unión de forzas, desenvolvemento de propostas, coordinación con outras administracións..., todo o que sexa preciso para contribuír a que algo se mova, a que non pasen os anos e non consigamos comprometer máis recursos e máis vontades para un obxectivo tan serio como o futuro do galego.

É por iso que, coas actualizacións que foren pertinentes, cómpre abordar urxentemente a promulgación de disposicións legais e regulamentarias que posibiliten un avance na utilización do galego tanto na docencia como na investigación universitaria. Iso, ou rematarmos impartindo aulas e publicando en inglés —con algunhas calas en español— tendo como único horizonte posíbel a total homoxeneización e asimilación lingüística. As universidades cumpriron unha fase importante do seu traballo co estudo *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica*. A pelota está, máis unha vez, no tellado da Xunta. Porque os silencios e os inmovilismos xa sabemos onde nos conducen.

Referencias bibliográficas

Nogueira López, A. (2014): *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica* (Vigo: Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística).

VVAA (1989): *Modelo de normalización lingüística para o ensino* (Compostela: AGA).
Xunta de Galicia (2004): *Plan xeral de normalización da lingua galega* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

Anexo I

Decreto/2007, do ... de, polo que se crea a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística

A Constitución española de 1978, no seu artigo 3.3, dispón que «a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección».

O Estatuto de autonomía de Galicia de 1981, no seu artigo 5.3, establece que «os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento».

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en consonancia coas disposicións precedentes, asegura a normalización do galego como lingua propia do noso pobo.

O Parlamento de Galicia aprobou o 22 de setembro de 2004, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación parlamentaria, o *Plan xeral de normalización da lingua galega*,

que establece como un dos obxectivos o de promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia e na investigación como no que se refire ás relacións extraacadémicas.

O Plan xeral de normalización da lingua galega nace con vocación de acadar unha serie de metas en diferentes sectores da sociedade. Logo de facer unha diagnose da situación de cada un deles, recolle unha serie de medidas encamiñadas a conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso. Concretamente, no caso das universidades, inclúe a creación dunha comisión estable, coa participación da Xunta de Galicia e das universidades galegas, que se encargue de propoñer e coordinar a política lingüística universitaria en Galicia.

Por todo o exposto, por proposta do conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día...de ...de 2006,

DISPOÑO

Artigo 1º Creación

Créase a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo como órgano de impulso e de coordinación do proceso de normalización lingüística no ámbito universitario.

Esta comisión quedará adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística

Artigo 2º Composición

A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo estará constituída polos seguintes membros:

Presidente/a: o/a secretario/a xeral de Política Lingüística

Vicepresidente/a: o/a director xeral de universidades

Membros:

- As persoas responsables dentro do Consello do Goberno de cada universidade da promoción e extensión de usos da lingua galega.
- O/a director/a do servizo ou área de normalización lingüística de cada universidade.
- Dúas persoas da Comisión de Seguimento e Impulso do *Plan xeral de normalización da lingua galega* da Xunta de Galicia.

Secretario/a: actuará como secretario/a da comisión, con voz mais sen voto, un/unha funcionario/a da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Esta comisión reunirse en sesión ordinaria tres veces ao ano. Tamén poderá ser convocada, con carácter extraordinario polo/a seu/súa presidente/a, por iniciativa propia ou por petición dunha maioría simple dos seus membros.

Artigo 3º Funcións da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo

- a) Definir as liñas políticas de actuación na comunidade universitaria galega no proceso de normalización lingüística.
- b) Promover accións transversais encamiñadas ao fomento e ao uso da lingua galega nos diferentes sectores e ámbitos da institución universitaria.
- c) Promover accións conxuntas para garantir o respecto dos dereitos lingüísticos en todos os ámbitos, corrixindo situacións de discriminación lingüística.
- d) Impulsar as iniciativas necesarias para conseguir que o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas entre a comunidade universitaria.
- e) Planificar as accións necesarias para aumentar progresivamente o uso do galego na docencia na institución de ensino superior.
- f) Impulsar as iniciativas necesarias para promover o uso do idioma galego na investigación.
- g) Establecer a cultura da planificación e da dinamización participativa nas universidades como chaves para a promoción do uso da lingua galega.
- h) Realizar campañas de promoción do plurilingüismo como un valor acrecentado no espazo europeo de educación superior.
- i) Promover a coordinación das diferentes institucións e organismos para optimizar os recursos existentes, co fin de acadar de forma máis eficaz os fins e os obxectivos previstos no *Plan xeral de normalización da lingua galega*.
- l) Promover unha mellora das actitudes dos altos cargos e do persoal ao servizo das universidades cara á lingua galega para que se practique unha oferta positiva que xeneralice o uso do galego nestas institucións, coidando expresamente que os cargos públicos fagan uso público da lingua galega, tanto oral como escrito.
- ll) Promover a promulgación das disposicións legais e/ou regulamentarias necesarias para facilitar e desenvolver o proceso de normalización da lingua galega no ensino superior.

m) Avaliar o grao de consecución dos obxectivos das distintas accións establecidas nos apartados anteriores.

n) Aqueloutras funcións que lle encomendar o/a seu/súa presidente/a.

Artigo 7.º Coordinación e apoio que prestará a Secretaría Xeral de Política Lingüística

A Secretaría Xeral de Política Lingüística será responsable da coordinación técnica da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo. Para iso prestará todo o apoio técnico e o asesoramento que se precisar, actuando como órgano dinamizador do proceso de normalización.

Ao mesmo tempo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a contribuír economicamente ao desenvolvemento das accións derivadas do traballo desta comisión, apostando pola necesidade de lle homoxeneizar e articular unha política lingüística universitaria que contribúa á extensión de usos da lingua galega da institución de ensino de grao superior.

Disposición transitoria

Establécese un prazo dun mes, contado desde a publicación deste decreto, para as institucións implicadas determinaren as persoas representantes que formarán parte da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda. Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,dede 2007

Anexo II

COMUNICADO DA COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DAS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO

A Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, na súa reunión do martes, 12 de xaneiro de 2010, tras coñecer o contido das *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, que o Consello da Xunta fixo público o pasado 30 de decembro, decide facer chegar ás autoridades políticas e educativas e á sociedade galega en xeral as seguintes consideracións:

- 1) As universidades galegas, totalmente involucradas no desenvolvemento e na implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, teñen un especial compromiso coa diversidade e a heteroxeneidade lingüísticas e un grande interese por promover o coñecemento e a utilización de diversas linguas por parte do estudantado universitario.
- 2) Deste feito, e tamén do recoñecemento do seu labor investigador ao servizo da sociedade, derivase a necesidade de cooperar para chegar a un consenso sobre as liñas básicas da política lingüística no sistema educativo e dáse conta do malestar creado polo feito de non contar coas universidades, a día de hoxe e de xeito formal, para informar ou opinar sobre esta proposta.
- 3) O sistema universitario galego está obrigado a fomentar o uso do galego, lingua propia das universidades segundo consta nos seus respectivos Estatutos, tanto na docencia como na investigación, pois así se recolle nos plans de normalización lingüística que aprobaron no seu día nos respectivos órganos de goberno.
- 4) As *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* recollen unhas porcentaxes de utilización do galego e uns medios para decidir a lingua vehicular das diferentes materias nos currículos escolares que supoñen, de se consolidar, a formulación que desde o Estado español menos defende as linguas propias. Xulgamos, igualmente, que con estas bases non se aseguraría a competencia necesaria en lingua galega nin se garantiría a equivalencia de coñecementos entre o galego e o castelán ao remate do ensino obrigatorio.
- 5) Que as porcentaxes de emprego da lingua galega na docencia universitaria son moi escasas e non responden á lóxica integración na sociedade en que vivimos nin ofrece o servizo de calidade que corresponde.
- 6) Que, para conseguir incrementar esa porcentaxe, sen prexuízo da necesidade de establecer medidas que impulsen o plurilingüismo a través de programas de apoio á docencia noutros idiomas, é fundamental garantir un coñecemento acaído a través da formación durante o ensino obrigatorio cunha importante presenza da lingua galega como idioma vehicular, única garantía do dominio terminolóxico necesario no contexto do ensino superior. Nese sentido observamos con preocupación a diminución da porcentaxe de materias que se impartirán en galego no resto dos niveis educativos, incluíndo tamén a desaparición da cuantificación para o ensino da formación profesional e para o ensino de adultos, dous lugares de onde se pode acceder á Universidade e, por tanto, un elemento que non potenciará, na actual situación de desequilibrio entre o galego e o castelán, o coñecemento preciso da lingua galega para a súa utilización neste ámbito.

- 7) Xulgamos, igualmente, que deben ser as autoridades educativas as que establezan os currículos educativos e que regulen o emprego das linguas vehiculares do ensino. É por isto que non consideramos positivo para a comunidade educativa, e moi en especial para un profesorado cuxo papel sempre se está a pór en cuestión, a elaboración dunha norma que permita unha diversidade centro a centro, un elemento que pode provocar fortes fracturas sociais.
- 8) Finalmente, facemos un chamamento ás autoridades educativas para modificar as bases deste decreto conforme á obriga, de acordo coa lexislación vixente (*Lei de normalización lingüística* e *Plan xeral de normalización da lingua galega*), de potenciar o emprego do galego como principal sinal de identidade cultural. Desde o sistema universitario, consideramos necesario aproveitar o Espazo Europeo de Educación Superior para dar a coñecer, respectar e incentivar a diversidade lingüística e cultural, un dos bens principais da humanidade que estamos na obriga de protexer.

O abruñeiro dá acougo á píntega, a curuxa oulea ao Setestrelo: Ensinar ciencias naturais en galego, investigar sobre a súa aprendizaxe

MARILAR JIMÉNEZ ALEIXANDRE

Escritora e catedrática de Didáctica das Ciencias Experimentais da Universidade de Santiago de Compostela

1. Ensinar ciencias da natureza en galego: o argumento

En Galicia cómpre ensinar en galego. Máis aínda no caso de que o ensinado sexan as Ciencias Naturais, de ensinarmos sobre a natureza de Galicia. Como chamar ao *abruñeiro* senón? Digo, se nos resistimos a utilizar o castelán (*endrino*) ou un castelán hibridado de anglicismos (*ciruelo salvaxe*). Nin o abruñeiro nin ningunha outra árbore teñen gadoupas e en galego temos *silvestre* e *ventureiro* para nos referir ás plantas que medran no monte sen seren plantadas. Porén, o ensino da natureza en galego non é universal, como debería. Tampouco as ciencias, o coñecemento científico ou a cultura científica son consideradas parte da cultura xeral e da cultura galega en particular ou, na miña opinión, non o son na medida en que deberían selo.

Para intentar analizar as distintas dimensións que conflúen nesta cuestión, presento a continuación os compoñentes do meu argumento no formato do *Argumentum Model of Topics* (AMT) de Rigotti e Greco-Morasso (2009), baseado en elementos tomados de Aristóteles: *endoxa*, premisas, sexan explícitas ou implícitas e conclusións. *Endoxon* (plural *endoxa*) son proposicións que se consideran aceptadas pola audiencia, o público ou os expertos e expertas, opinións xeralmente admitidas e que non sería necesario apoiar con probas. *Premisas* son as proposicións en que se apoia a conclusión. Segundo Douglas Walton (2007), na súa análise de argumentos nos *media*, as premisas poden estar baseadas en *endoxa*, é dicir no que a persoa propoñente supón crenzas ou compromisos da audiencia. Cómpre indicar que as premisas poden ser implícitas e así se entende desde Aristóteles. *Conclusión* é o enunciado de coñecemento que se pretende probar ou refutar. No argumento sobre o ensino das ciencias da natureza en galego, estes son os *endoxa*, as premisas e a conclusión:

- *Endoxon 1*: Todas as linguas son fermosas, posúen valores estéticos e patrimoniais, e son dignas de ser preservadas, coñecidas e estudadas.
- *Endoxon 2*: Todos os animais, plantas, rochas, entidades xeolóxicas, é dicir, seres e entidades naturais, son fermosos, posúen valores estéticos e patrimoniais, e son dignos de ser preservados, coñecidos e estudados.
- *Premisa 1*: Todos os nomes galegos dos seres e entidades naturais son fermosos, posúen valores estéticos e patrimoniais, e son dignos de ser preservados, coñecidos e estudados.
- *Premisa 2*: O coñecemento, o estudo e a preservación dos seres e entidades naturais, así como dos procesos e modelos relativos a eles, forma parte do patrimonio de Galicia e da cultura galega.
- *Conclusión*: Ao obxecto de coñecer os seres e as entidades naturais de Galicia, os procesos e modelos relativos a eles, cómpre estes seren ensinados e estudados en lingua galega.

A figura 1 representa este argumento no formato AMT.




Figura 1. Argumento sobre o ensino das ciencias da natureza en galego

A cuestión é: son os endoxa 1 e 2 deste argumento xeralmente aceptados pola sociedade galega, é dicir pola audiencia xeral? E pola comunidade intelectual, é dicir polos expertos e expertas? En primeiro lugar cómpre sinalar que intencionadamente centrei ambos os endoxa nas dimensións estética e patrimonial para subliñar os paralelismos. Por descontado, estes endoxa poderían versar sobre outros valores e dimensións como os afectivos, os ecolóxicos, os utilitarios ou os éticos.

Parte do problema radica en que se ben tanto o endoxon 1 como o 2 constitúen crenzas ou compromisos compartidos por unha parte das comunidades relevantes, non o son de forma universal. A fenda entre as dúas culturas, ciencias e humanidades, (Snow, 1959 – 2009) e non só entre elas, ponse de manifesto. Mentres o endoxon 1 é compartido por gran parte da comunidade de humanidades e ciencias sociais, así como polo galeguismo, hai outros sectores que non o comparten ou cando menos non o fan seu na práctica. Noutras palabras: hai unha parte da sociedade galega que non ten un compromiso coa lingua galega, ou que a considera subordinada a outras como o inglés ou o castelán. A mínima presenza do galego no ensino impartido nas facultades de ciencias experimentais en toda Galicia é unha mostra desta consideración (ou desconsideración). De non aceptaren esta crenza, tampouco se aceptaría a premisa 1, polo que, para estas persoas, resultaría indiferente chamar *robles* aos carballos (en distintos lugares de Galicia hai institucións ás que non quero facer propaganda denominadas *La Robleda*, por estaren situadas en carballeiras), *mimbres* aos vimbios ou *rape* ao peixe sapo.

A aceptación do endoxon 2 tampouco está exenta de problemas. Neste caso é a comunidade de ciencias a que comparte a crenza de que todos os animais, plantas, fungos (hoxe en día os cogomelos non son considerados plantas) e rochas posúen valores estéticos e patrimoniais. Porén, no imaxinario galego (e doutros moitos lugares), algúns grupos de animais, nomeadamente insectos, réptiles e anfibios, así como os cogomelos (véxase, por exemplo, Ruiz Leivas, 2010) son considerados noxentos, feos, pouco dignos de aprecio ou preservación. Eu presenciei como unha barbantesa, coitada, era capturada, esmagada co pé e acababa no lixo, a pesar das miñas protestas sustentadas no seu papel no control doutros insectos. O nome de *alimarias* aplicado a réptiles, anfibios así como a mamíferos que compiten cos cazadores é revelador. Noutro lugar (Aleixandre, 2011) fago unha defensa das alimarias desde unha perspectiva literaria. Esta falta de aprecio do imaxinario popular reflíctese en certa medida na comunidade das e dos intelectuais galeguistas de humanidades, ben como descoñecemento ou como escasa estima do seu valor patrimonial. Descoñecemento da planta real á que corresponde o nome empregado nun poema pola súa sonoridade, como *sabugueiro*; tamén unha anécdota persoal: «*Non me digas: iso é o sabugueiro?*», cunha certa decepción, non sei se por imaxinar unha árbore do porte das faias. Nas actas dunhas xornadas anteriores, dedicadas á ecoloxía,

unha escritora cun fondo compromiso coa natureza, considera que o peixe sapo «aínda non ten un verdadeiro nome, por iso en vez dunha bonita etiqueta como tamboril ou rape, teño que chamalo, por dicir así, co seu nome de monstro, de peixe-que-ten-cara-de-sapo». (Moure, 2012: 67). Isto reflicte a crenza, arraigada no imaxinario popular, de que os sapos non son fermosos. Eu manteño que os sapos son fermosos, parte do noso patrimonio, e non digamos as píntegas e saramagantas, coa súa pel estrelecida de cores. Os nomes galegos do peixe sapo, hai máis como *rabada* ou *mouvento* (Ríos Panisse, 1977), son tan fermosos como os portugueses ou o casteláns. Creo que estes exemplos indican que, aínda sendo o endoxon 2 compartido na teoría, non o é tanto na práctica.

A premisa 2, o coñecemento dos seres e entidades naturais forma parte do patrimonio galego, da cultura galega, merecería un artigo de seu. A miña percepción é que, mentres a cultura humanística é considerada parte (ás veces o todo) da cultura galega, a científica non adoita selo. Unha persoa de ciencias que non soubese que a autora de *Follas Novas* é Rosalía de Castro, ou quen foi Cunqueiro, sería considerada analfabeta. Porén, creo que non me equivoco ao afirmar que boa parte dos intelectuais galegos non son quen de distinguir entre unha xesta e un codeso, nin recoñecerían nas uces e queiroas as flores das brañas citadas con frecuencia polas irmás Brontë. Noutras palabras, a interacción entre as dúas culturas é asimétrica.

En resumo, o meu argumento é que a defensa do uso da lingua galega no ensino e o estudo das ciencias demanda, para estar mellor fundada, un recoñecemento na práctica das ciencias formaren parte da cultura galega. A continuación, discútase brevemente a galeguización do ensino das ciencias.

2. O proceso de galeguización do ensino das ciencias: de 1976 a 2010

A historia da galeguización do ensino das ciencias, na que participei activamente, enmárcase nos procesos de galeguización da escola, que noutro lugar (Jiménez Aleixandre, 2013) caractericei como un proxecto inacabado. Desde 1976, ano de elaboración dos primeiros materiais de ciencias en galego até *Setestrelo 1*, o primeiro libro de ciencias en galego editado comercialmente, percorreuse un camiño longo e cheo de atrancos. Antes de morrer Franco, en 1975, a ausencia de materiais en galego para o ensino das ciencias era completa. O ensino en galego non estaba previsto, aínda que si tolerado até certo punto. Tampouco se prestaba atención ao ensino da natureza de Galicia, o mesmo que ocorría no resto do Estado español. Un exemplo é que nalgúns libros de texto as rochas sedimentarias ilustrábanse co exemplo do petróleo, como se estivésenos en Texas, e non do carbón.

Os primeiros materiais de ciencias naturais en galego comezan a ser elaborados por un grupo de docentes como Alberto Soneira, Xosé Ramón García e eu mesma, e biólogos non docentes como Uxío Labarta, en 1974 ao abeiro da Asociación de Biólogos de Galicia (sección galega de ALBE, a Asociación de Licenciados en Biología de España). Por que nese marco? Porque, igual que os partidos, os sindicatos e movementos de renovación pedagóxica estaban prohibidos, eran clandestinos e continuaron séndoo un tempo despois de morrer Franco.

O 29 de agosto de 1976 varios movementos de renovación pedagóxica organizamos as Primeiras Xornadas do Ensino Galego en Maceda. Esa tarde, unha das poucas sesións que chegan a ter lugar é a presentación dun proxecto de materiais para ensinar ciencias en galego, en particular *Os Arbres de Galicia* (sic), publicado en 1977. Ao día seguinte a garda civil interrompe as xornadas, expulsándonos pistola en man (en correcto galego): *Quéimovos!* A galeguización non foi un proceso exento de sobresaltos.

O primeiro texto en galego para o ensino dunha materia de ciencias en sentido amplo foi *Matemáticas 1* do colectivo Vacaloura (Figura 2) –do que formaban parte Xenaro García Suárez, David Buxán, Consuelo Romón, Antón Masa ou Antón Labraña, entre outros– en Edicións Xerais, en 1979, primeiro libro publicado por esta editorial, o que supón unha clara mensaxe: as ciencias tamén son parte da cultura galega.




Figura 2. *Matemáticas 1*, Vacaloura, 1979; *Ciencias Naturais*, Xilbarbeira, 1981

En canto ás ciencias naturais, en 1981 tiñamos listo un libro de texto para 14-15 anos (1.º de BUP, actual 3.º de ESO) para Galaxia, mais o golpe de Tejero do 23 de febreiro fixo que a editorial decidise frear a edición. As autoras e autores, do colectivo *Xilbarbeira* (M. Brañas, C. Pereiro, X. R. García, M. P. Jiménez Aleixandre, entre outros) pagamos a edición, revisada lingüisticamente por Vitor Vaqueiro. *Xilbarbeira* (Figura 2), imprimiuse en Gráficas Zenit, a imprenta de Armando Sáez na rúa Churruca de Vigo, unha das que xogou un importante papel na ditadura imprimindo panfletos clandestinos. O libro, distribuído por nós mesmos nos institutos, deu lugar a unha ameaza de denuncia dos libeiros e non poucas dores de cabeza. Sendo unha autoedición os debuxos (feitos por nós) eran en branco e negro, porén permitiunos por vez primeira dar clase contando con materiais en galego e sobre Galicia.

Galeguización e renovación pedagóxica ían da man. Así, a comezos dos 80, os mesmos autores de *Xilbarbeira* publicamos itinerarios e recursos en galego para o estudo do medio: *Visita ecolóxica á praia das Barcas* (Concello de Vigo, 1983), *As aves de Vigo* (Concello de Vigo, 1985), entre outros.

En 1987 un decreto oficializa o ensino das ciencias en galego, e por fin en 1988 e 1989 publicanse os primeiros textos de ciencias naturais en galego *Setestrelo 1* (1.º de BUP, corresponde a 3.º de ESO) e *Setestrelo 3* (3.º de BUP, actual 1.º de bacharelato), do mesmo colectivo de autores (Pereiro, Brañas, Pizarro, Jiménez, Ramos, Angosto; García), en Edicións Xerais (Figura 3).



Figura 3. *Setestrelo III*, Xerais, 1989

Parte do esforzo de galeguización é tamén o *Vocabulario das Ciencias Naturais* (Sanjuán, Brañas, Fernández, Jiménez, Xunta de Galicia/ILG, 1991), no que se recolle un extenso número de termos, e que foi base para outras versións máis reducidas como a publicada pola USC en 1994. A partir de 1990 o número, tanto de libros de texto en galego, como de materiais, guías de campo, unidades etc., en galego aumenta, podendo farse dunha normalización canto á existencia de recursos, aínda que a práctica da docencia en galego non chegase a ser universal.


Este proceso de galeguización –así mesmo de democratización e renovación– da escola, vese truncado na actualidade polo retroceso lexislativo que supón o decreto chamado de trilingüismo (oficialmente de «plurilingüismo») de maio de 2010. A introdución do inglés até un terzo do horario fai que a proporción de aulas en galego sexa como máximo do 33%, non podendo acadar, nin sequera en teoría, o 50%. Sen repetir aquí as críticas de numerosas institucións (Consello da Cultura Galega, ILG, RAG, Consello Escolar de Galicia, universidades galegas...), sinalaremos que o galego, lingua materna, é tratado igual que o inglés, unha lingua estranxeira. En moitos centros son precisamente as ciencias da natureza unha das materias impartidas en inglés, cuestión sobre a que volveremos no último apartado.

3. Ensinar e publicar sobre investigación en galego... e en inglés

A cuestión do ensino en galego na universidade e a publicación da investigación en galego é abordada no traballo de Cibrán Santamarina Ríos nestas mesmas actas, chegando a conclusións coas que coincido por completo.

A historia do ensino en galego na universidade é examinada noutro artigo (Jiménez Aleixandre, 2013), a partir dunha pequena investigación preguntando aos protagonistas. Segundo a información recollida nese traballo, á parte da derradeira lección de Otero Pedrayo en 1958, e das aulas de literatura galega de Carvalho Calero en 1963, as primeiras clases doutras materias en galego tiveron lugar no curso 1970–1971, por parte de Antón Santamarina (Filoloxía) e Manuel Bermejo Patiño (Química) na USC. É paradoxal que unha persoa que finalizou a licenciatura en Química na USC en 2006 non tivese ningunha aula en galego, unha mostra máis de que as ciencias e o galego viven, ás veces, de costas. Segundo *O Cartafol*, a máxima porcentaxe de aulas en galego na USC, 28,75%, acadouse no curso 2010–2011 e diminuíu despois.

Tocante ao papel do galego na investigación e nas publicacións, coincidimos con Cibrán Santamarina na necesidade de combinar a publicación en inglés dos traballos de investigación dirixidos a comunidades moi específicas



e relativamente reducidas, coa publicación en galego (tamén noutras linguas, castelán, portugués, francés) da divulgación. No noso caso, a investigación sobre a aprendizaxe e o ensino das ciencias, e especificamente sobre a argumentación e o pensamento crítico sobre cuestións de ciencias acadou un impacto notable ao ser publicada en inglés. Un artigo de dúas autoras galegas Jiménez Aleixandre (USC), Bugallo Rodríguez (agora UDC) e Duschl (daquela na Vanderbilt University) (2000) é o artigo de autoría do Estado español (1998-2009) máis citado do campo de psicoloxía e educación no SSCI (Fernández Cano, 2011), o que resultaría imposible de ser publicado en galego. Ao tempo, realizamos un esforzo de difusión entre o profesorado de ciencias con materiais e unidades didácticas en galego, dispoñibles na nosa páxina web <<http://www.rodasc.eu>>, como as actividades de argumentación da figura 4.

4. O abruñeiro resiste: A sección «Setestrelo», 2015

Respondendo á necesidade de contar con divulgación de alta calidade en galego, a Sección Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega (CCG) leva un tempo preparando unha publicación. *Setestrelo* botará a navegar en 2015 no portal do CCG (<<http://consellodacultura.gal>>) como unha sección dedicada á ciencia, baixo a miña coordinación científica e coa coordinación xornalística de Iolanda Casal. No pasado ano apareceu tamén *GCiencia* (<<http://www.gciencia.com>>), que se define como portal da ciencia galega. Cremos que son iniciativas complementarias que contribuirán á presenza pública da ciencia en galego e da ciencia galega.

O momento que vive a lingua galega é difícil. A mediados dos anos 60, nunha visita á escola de Mallas en Fisterra, Rafael Dieste acompañaba a súa dona Carmen Muñoz, quen reingresara como inspectora. Ao saír da aula preguntou aos nenos como chamaban a unhas flores amarelas que medraban á beira da porta. Os nenos aseguraron non sabelo e, unha vez Carmen e Dieste marcharan, a mestra, sorprendida, preguntoulle a unha nena se de verdade non o sabían: *Sei tal, é o mexacán. Como ía dicir o de mexacán diante dese señor!*

Os nomes galegos, que ficaban fóra da escola nos anos 60, corren o risco de quedar cada vez máis excluídos. Un decreto que nega ao galego o papel de lingua materna está levando a que as clases de ciencias naturais se impartan en inglés, que alguén lles diga que o *mexacán* é *dandelion* (nome que non recolle as súas propiedades diuréticas), ou que acaben chamando *barn owl* á *curuxa*. Máis grave é o caso da física e a química, para as que o decreto establece seren impartidas en castelán na ESO. Reprodúzo aquí un fragmento do poema *Fisiqueiroando*, escrito en 2010 a petición da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística.

queren roubarnos as ecuacións de Maxwell
cobrarnos foros polos campos electromagnéticos
riparnos o saboroso quark encanto
convencernos de que pode haber dous fermións
con idénticos números cuánticos
e xa que logo
a materia non é impenetrábel

e aínda non habendo xa traxectorias
senón funcións de ondas
dicide comigo: traxectoria, enerxía
saíremos e entraremos nos orbitais
contemplando o sorriso do gato de Schrödinger
pois entre tantos mundo paralelos
non cabe poñer en dúbida
falarmos física na nosa lingua

O que nos queda é seguir traballando para as ciencias en Galicia seren ensinadas e aprendidas en galego. O abruñeiro, como planta ventureira que é, resiste.

Agradecementos: O traballo sobre argumentación forma parte do proxecto EDU2012-38022-C02-01 financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade.

Referencias

Aleixandre, M. (2011): *Robinson contado polas alimarias* (Madrid: Oxford).

Fernández Cano, A. (2011): «Producción educativa española en el Social Sciences Citation Index (1998-2009)» en II. *Revista Española de Pedagogía*, ano LXIX, 250: 427-444.

Jiménez Aleixandre, M. P. (2013): «Un coñecemento sen límites: A escola pública galega, un proxecto inacabado» en *Grial, Revista Galega de Cultura*, 200: 60-67.

Jiménez Aleixandre, M. P. / Bugallo Rodríguez, A. / Duschl, R. A. (2000): «Doing the lesson or doing science»: Arguments in high school genetics» en *Science Education*, 84: 757-792.

Moure, T. (2012): «Do activismo ecolóxico ao activismo lingüístico» en Sanmartín Rei, G. (ed.): *Lingua e Ecoloxía: VIII Xornadas sobre Lingua e Usos*: 65-86 (A Coruña: Universidade da Coruña).

Rigotti, E., e Greco Morasso, S. (2009): «Argumentation as an object of interest and as a social and cultural resource» en N. Muller Mirza e A. N. Perret-Clermont, (eds.), *Argumentation and education: Theoretical foundations and practices*: 9-66 (Dordrecht: Springer).

Ríos Panisse, M. C. (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces*. Verba: Anuario Galego de Filoloxía. Anexo nº 7.

Ruiz Leivas, C. (2010): «A micofobia en Galiza: O choupín» en *Cerna, Revista Galega de Ecoloxía e Medio Ambiente*, 63: 39-40.

Snow, C. P. (2009): *As dúas culturas*. Introducción de Stefan Collini. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (tradución de *The two cultures*. London: Cambridge University Press, 1959).

Walton, D. N. (2007): *Media argumentation: Dialectic, persuasion and rhetoric* (Cambridge: Cambridge University Press).

A integración das persoas estranxeiras na comunidade lingüística galega

RENÉE DePALMA ÚNGARO

Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña

Introdución

Entre as investigacións sociolingüísticas sobre o fenómeno de neofalantes de linguas minorizadas, como o galego, a experiencia das persoas estranxeiras en Galicia recibiu relativamente escasa atención. Parece que a integración social dos inmigrantes que chegan ás nosas terras non sempre implica a participación na comunidade lingüística galega (Silva Domínguez, 2008). Esta situación invita a unha indagación nestes casos, nos que persoas que veñen de fóra do país e con poucos ou nulos vínculos históricos co idioma, deciden aprendelo.

Neste artigo describirei os resultados dunha investigación que se levou a cabo en Vigo (en xullo de 2011) cun grupo de alumnos que participaron nun curso de lingua e cultura galega para estranxeiros ofrecido pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo. O estudo enfocouse nas dificultades asociadas á falta de inmersión lingüística no contorno social, unha realidade que se pode atribuír á forte castelanización da cidade, e analizou as estratexias empregadas por parte do alumnado para practicar a lingua fóra do horario lectivo do curso. Tamén compartirei as miñas propias experiencias como estranxeira en Galicia, especialmente as relacionadas coa miña integración profesional e lingüística.

Marco teórico

Para me referir ao galego, utilizo aquí o termo «minorizado» en vez doutras posibilidades como «minoría» ou «co-oficial» co fin de resaltar o xeito en que as forzas sociais

e histórico-políticas poden relegar unha lingua a un status máis baixo, incluso nunha situación onde os falantes do idioma subordinado non constitúen unha minoría numérica (Álvarez Cáccamo, 1991). Segundo varias enquisas oficiais (1992, 2003, e 2008)¹, algo máis da metade dos galegos adultos (58,8%) usan o galego ou exclusivamente ou maioritariamente, aínda que esta cifra está baixando desde 1992, e estes falantes tenden a concentrarse en zonas rurais. Na súa análise destas tendencias, o Observatorio Galego da Cultura (2011: 91) resaltou a aparente ironía entre as altas competencias lingüísticas dos galegos e o feito de que o idioma siga en declive, «Resumindo todo isto, podemos afirmar que o proceso de substitución lingüística segue unha tendencia firme, a pesar de que melloran as competencias lingüísticas en galego e os bilingües constitúen a metade da poboación.»

Outro factor que debería retardar a substitución do galego por parte do castelán son as actitudes, en maioría positivas, acerca do idioma minorizado. Iglesias Álvarez nota que, a pesar de os galegos manifestaren actitudes positivas con respecto á lingua galega nas enquisas, tales actitudes non dan como froito os comportamentos lingüísticos esperables, ou sexa, que aumente o uso do idioma. Explica esta discrepancia matizando o concepto de *actitude* e cuestionando a eficacia da metodoloxía puramente cuantitativa para medir correctamente unha actitude persoal:

A nivel actitudinal o que se recolle nas enquisas non son tanto as actitudes internas dos individuos, senón as actitudes que están ben consideradas socialmente nunha época e cultura determinadas, isto é, o que se deu en chamar «politicamente correcto». (2012: 11)

Na súa propia investigación, Iglesias Álvarez (2003) organizou grupos de discusión entre galegos de zonas rurais e urbanas para entender con máis profundidade as súas prácticas, competencias, e actitudes lingüísticas. Na análise deste estudo de corte cualitativa cita varios factores que, ao parecer, condicionan o uso de galego entre a xente que vive nas zonas urbanas de Galicia: unhas (percibidas) carencias en termos de competencia, confianza, e fluidez no idioma; a falta dunha comunidade galegofalante onde sentirse motivados a practicar; e unha certa preguiza para usar o galego dado o hábito de falar o castelán durante toda a vida. Tal e como mostran as enquisas, os participantes urbanos, polo xeral, describiron actitudes tolerantes con respecto ao galego,

¹ Refírese á de 1992, elaborada polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, e as de 2003 e 2008, realizada polo Instituto Galego de Estatística. Para unha comparación máis detallada, e unha descrición de algunhas diferenzas importantes en termos de metodoloxías e mostras, véxase Observatorio da Cultura Galega (2011).

pero estas estaban expresadas en termos xerais como, por exemplo, a norma social e politicamente correcta de que todos os idiomas son importantes e enriquecedores.

Ora ben, unha análise máis pormenorizada revela unha diferenciación importante en termos da utilidade elevada do castelán fronte ao galego, e a tendencia de priorizar o idioma maiorizado en situacións de contacto, o que se define como converxencia lingüística cara á lingua máis prestixiosa (Giles, Bourhis, & Taylor, 1977). Máis especificamente, considerouse ben educado que un galegofalante cambie ao castelán cando se fala cun castelanfalante, pero non ao revés. Así, prodúcese un bilingüismo asimétrico, no que «*practican* o bilingüismo os que teñen como primeira lingua o galego, pero non os castelanfalantes» (Iglesias Álvarez, 2003: 163). Formoso Gosende (2013) atopou a mesma tendencia entre adolescentes en zonas rurais de Galicia, na súa maioría galegofalantes. Esta autora denomina «amabilidade lingüística» a percibida motivación para «a converxencia dos galegofalantes cara ao castelán cando interactúan con persoas que empregan, ou supoñen que poden empregar, esta lingua» (páx. 79).

Tanto a xente rural no estudo de Formoso Gosende como os «ruralitas» que participaron no estudo de Iglesias Álvarez mostraron unha dupla tendencia: falar o galego entre os familiares e veciños que levan toda a vida falando nese idioma, mentres que se dá por feito que o castelán será o medio máis apropiado para as interaccións coa xente de fóra, o que inclúe os galegos castelanfalantes e as persoas que veñen de fóra de Galicia. Aínda que en ningún dos estudos se manifestou un sentido forte de identificación da lingua como elemento definitorio da cultura galega, pódese caracterizar o galego como unha característica exclusivamente autóctona, unha cousa «nosa» e, por tanto, non apta para os estranxeiros. Sobre todo os «ruralitas» de Iglesias Álvarez falan do papel importante do galego como lingua socialmente preferida entre os veciños da súa zona rural, de modo que pode resultar maleducado falar o galego cunha persoa de fóra, igual resultaría fóra de lugar tentar falar castelán en casa ou cos amigos, sendo galego «a lingua que funciona como símbolo de integración na ‘vida da aldea’» (2003: 258).

Por unha banda, estas investigacións poñen de manifesto que a autoridade do galego en Galicia segue derivando da autenticidade, como símbolo de pertenza a unha comunidade etnolingüística. Woolard and Frekko (2012) describen como en Cataluña a lingua catalá xa se esta a despegar deste papel identitario para empezar a derivar a súa autoridade do anonimato, como un medio de expresión neutra do que dispoñen todos os membros da comunidade. A situación que se describe como actual en Cataluña segue sendo un reto bastante afastado en Galicia:

É unha actitude que encarna o vello soño normalizador: que o idioma pertence a todas as persoas e que o seu uso non implica adscrición a ningún grupo específico, quer de idade, quer de estatus, xénero ou ideoloxía. Que falar galego non debe ser exclusivo de aldeáns, idosos ou nacionalistas. (Rodríguez Carnota, 2015).

As investigacións cualitativas anteriormente citadas apoian a interpretación de Rodríguez Carnota de que o galego non consegue acadar a condición de anonimato. Por tanto, o idioma mantense como de difícil acceso por parte da xente de fóra, as persoas que non poden reclamar pertenza á comunidade etnolingüística de galegofalantes habituais.

Pola outra banda, dentro destas zonas rurais ou urbanas que, a grandes trazos, se poden tipificar como máis ou menos galegofalantes, existen contornos sociais máis específicos e inmediatos que poden xogar un papel importante no condicionamento das prácticas lingüísticas. Facendo referencia a dous tipos de grupos sociais definidos por Triandis (1971), Iglesias Álvarez destaca a importancia das normas lingüísticas dentro dos grupos sociais aos que pertence unha persoa (grupos de pertenza) e aos que aspira pertencer (os grupos de referencia) para ofertar situacións de inmersión lingüística no galego: «A mellor maneira de levalo a cabo sería a inmersión nun contorno maioritariamente galegófono, pero este prodúcese unicamente por circunstancias persoais concretas (por exemplo, a inserción en redes de amizade e/ou profesionais galegofalantes)» (2003: 317).

As miñas entrevistas cos alumnos que participaron nun curso de galego para estranxeiros na Universidade de Vigo revelaron non soamente a dificultade de aprender o galego nun contorno xeralmente castelanizado, senón tamén a maneira en que os alumnos máis exitosos foron capaces de atopar espazos de micro-inmersión entre os seus propios grupos sociais.

Metodoloxía

Como xa se indicou, o eixe do estudo foi o curso de verán ofrecido pola Universidade de Vigo (campus Vigo) de Lingua e Cultura Galega para Estranxeiros. Tratouse dun curso intensivo, do 4 ao día 26 de xullo, 2011, con dous niveis: elemental e intermedio. A cultura tivo un protagonismo importante, de modo que á parte dunha clase cada mañá para cada nivel, ofrecéronse pola tarde relatorios (por exemplo, sobre literatura ou música), e excursións (por exemplo, unha xira guiada de forma lúdica pola zona vella da cidade).

Cabe mencionar que eu asistira como alumna a este mesmo curso os dous anos anteriores e superara os dous niveis. Por tanto, tiña unha alta familiaridade coa estrutura do programa e co contido das clases, e incluso tiveron as mesmas dúas profesoras. Complementei esta experiencia previa como participante con dúas observacións durante o estudo, unha sesión na aula de cada nivel. Porén, enfocarei esta análise nas experiencias lingüísticas fóra das aulas, porque nas miñas conversas cos propios alumnos fixeron referencia á dificultade de practicaren o galego nos espazos sociais da cidade de Vigo e a súa bisbarra, por mor do prevaecemento do castelán neste contorno.

Todos os alumnos que se matricularon no curso participaron no estudo (un total de 18 alumnos, 10 no nivel elemental e 8 no nivel intermedio). Conformaban unha gran diversidade de idades, entre 21 e 61 anos, aínda que a maioría deles, 13 concretamente tiña entre 20 e 30 anos. Procedían de 11 distintos coa seguinte distribución: Alemaña (2) Chile, Croacia, España (3), Finlandia, Hungría, Irlanda, Italia, Palestina, Perú, Polonia (5). Os tres alumnos de España vivían en Cataluña, Valencia e Asturias, e paga a pena comentar que o alumno de Cataluña nacera en Galicia, pero é residente en Cataluña desde os 9 anos. As motivacións citadas por parte do alumnado para estudar galego tamén foron varias e múltiples: unha relación familiar, unha carreira universitaria de Hispánicas, un vínculo romántico, un desexo de atopar traballo en Galicia etc.

Cada alumno respondeu dúas enquisas, unha durante a primeira semana e a outra durante a última. Tamén foron entrevistados dúas veces, individualmente, a primeira vez xusto antes da primeira enquisa, e a segunda vez xusto antes da segunda, coa idea de poder afondar sobre algunhas das respostas destas. Os alumnos puideron elixir a lingua da entrevista entre galego, castelán, ou inglés (aquí os extractos das entrevistas preséntanse sen traducir, coas mínimas correccións precisas para facilitar a comprensión). Tamén se entrevistaron ambas as dúas profesoras e o vicerreitor de Extensión Universitaria, Xosé Henrique Costas. Este último tamén ofreceu unha charla sobre a situación socio-histórica do galego como parte do curso, á que asistín e tomei notas de observación sobre o debate que xurdiu ao final con respecto ás prácticas de normalización lingüística. Asistín á maioría das charlas e a algunhas excursións, e pasei tempo cos alumnos nos espazos menos formais fóra do horario lectivo (por exemplo, na cafetaría e nos corredores), para tamén ter unha impresión das formas de socialización entre os propios alumnos, canto compañeiros do curso.

Aprender o galego en Vigo? As experiencias dos alumnos estranxeiros

Unha realidade destacable destas observacións informais foi que o castelán resultou a lingua que máis se utilizou entre os alumnos para comunicacións sociais. Esta interpretación vese confirmada polos propios alumnos nas entrevistas. Identificaron o castelán como a *lingua franca* entre eles, seguido polo inglés ou o polaco². Isto non é de estrañar, dado que nas enquisas catro alumnos identificaron o castelán como lingua nativa e 11 máis identificárono como lingua adicional. Unha alumna, nativa de castelán, comentou sobre unha compañeira que, segundo ela, foi a excepción desta tendencia de falar en castelán fóra da aula:

Todo el mundo está alucinado con la palestina que habla un gallego impresionante. Entre los otros, nos comunicamos en castellano, que nos resulta más fácil. Pura economía lingüística. Por rapidez. Si tú quieres crear un clima en que estás a gusto y tal, y dar confianza, y tampoco que no estamos, igual que no estoy preparada. Porque, por ejemplo, ya te dije, la palestina se complica con todo el mundo en gallego. Y genial. Muy bien. Ningún problema. Yo la entiendo. Pero yo no estoy capacitada para eso. Si pudiera, lo haría, pero es que acabo antes hablando castellano. (España/Valencia)

O feito de que os alumnos case sempre falasen entre eles en castelán por «pura economía lingüística» (nas palabras da alumna citada arriba) xuntouse coa baixa presenza do galego nos outros contornos sociais, o que dificultou a práctica do idioma fóra da aula. Por exemplo, a maioría dos alumnos vivían con vigueses durante o curso, alugando un cuarto ou vivindo coa parella sentimental, unha práctica que, en principio, debería contribuír a fortalecer a aprendizaxe dunha lingua estudada *in situ*. Porén, dado o alto nivel de castelanización desta cidade, esta practica serviu máis ben para fomentar a aprendizaxe do castelán:

Falo o castelán na casa porque a muller fala en castelán. Incluso coa súa propia familia, cos seus fillos, fala en castelán. Así que, eu tamén falo en castelán. (España/Cataluña)

Porque aquí en Vigo case nadie, case ninguén fala galego. Tamén ás veces que empiezo un pouco falar galego coa miña parella, pero ao final, non, despois de 5 minutos, o así, non sei quen cambia (risas). (Italia)

² Isto último restrínxese ao grupo de polacas, que incluíu os únicos alumnos que nas enquisas declararon que non contaron nin co galego nin co castelán como lingua nativa ou adicional.

Incluso no contexto máis amplo da universidade, unha alumna expresou a súa sorpresa ante o feito de que os propios alumnos de Filoloxía e Tradución non falasen galego entre eles:

Eu vou fixándome moito, porque este tema gústame, o tema das linguas minoritarias, e estráñome moitísimo. Os alumnos, cando estou esperar o bus, os alumnos desta facultade de Filoloxía e Tradución, non falan galego entre eles. (España/Valencia)

Con respecto á cidade de Vigo, un alumno resumiu ben o sentimento xeneralizado entre o alumnado ao comentar na súa enquisa «Non é doado falar galego en Vigo, ou iso pareceume a min». (Galicia/Cataluña). Unha compañeira comentou algo sobre esta impresión na súa entrevista, tamén facendo unha comparación coa cidade de Santiago de Compostela, onde estudara grazas ao programa Erasmus antes de asistir ao curso:

Generalmente, creo que la gente en Vigo, no se habla mucho en gallego. La gente, por ejemplo, en autobús, en la calle, o en las tiendas hablan castellano, también mis compañeras de piso hablan entre ellas castellano, mis amigos en casa hablan en castellano, entonces, no hay muchas posibilidades... en Santiago todos mis amigos en casa hablan gallego. Creo que en Santiago es más fuerte. (Polonia)

Outros alumnos tamén compararon a cidade de Vigo con outros contextos nos que, por experiencia propia, lles resultou máis doado atopar oportunidades para practicaren o galego que estaban a aprender nas aulas. Por exemplo, dúas alumnas que estaban aloxadas en Redondela e Ponteareas, dúas zonas peri-urbanas, comentaron sobre as súas impresións:

En Redondela falan moito galego. Pola razón de que é unha vila pequena, si. En Vigo, vexo que a maioría de xente fala en castelán. (Perú)

De momento estoy viviendo en Ponteareas, y todos mis amigos y conocidos hablan en gallego. No en castellano, casi nadie. (Hungría)

Outro factor que identificaron os alumnos como que lles afectou con respecto ao acceso á lingua galega foi a tendencia, ou polo menos percibida por eles, dos galegos de falaren con eles en castelán especificamente por ser estranxeiros. Un alumno de Chile, que se identificou como nativo do castelán, considerou esta capacidade lingüística case como un impedimento. Relatou as súas experiencias ao se dirixir á Administración da universidade:

Digo, «estou estudando un curso de galego», pero séguenme respondendo en castelán. Entón, digo, «é que vostede non fala galego?» E me di, «Por suposto, pero se vostede quere falar en castelán, falamos en castelán.» En calquera outro país, vas falando na lingua do país, e che responden na lingua propia. (Chile).

Outros alumnos que non identificaron o castelán como lingua nativa tamén comentaron sobre este fenómeno:

Cando eu quería falar o galego no supermercado o algo así, varias veces me responderon en castelán. Probablemente se pode ver que non estou de aquí, e penso que é eso, porque me responden en castelán. (Croacia)

Estratexias: identificar e participar en contextos de micro-inmersión

Algúns alumnos, como se ve no caso do alumno chileno citado, desenvolveron estratexias para practicar o idioma (no seu caso, pedir directamente que se fale con el en galego). Outra estratexia que se describiu foi buscar sitios, locais ou tendas que ofrecesen máis oportunidades para escoitar e falar o galego:

Poucas [oportunidades], pero busco sitios onde podo falar en galego. Por exemplo, sempre vou a un café, porque [algúns dos camareiros] falan galego (España/Cataluña)

Teño esa sorte de ter un compañeiro de piso que é un patriota galego, e fala galego, e teño esta sorte de poder falar en galego con el. (Croacia)

De todos xeitos, o nivel de proficiencia do propio alumno pode condicionar a eficacia desta estratexia, dada a tendencia entre os alumnos de falar mellor o castelán que o galego, e a tendencia entre os galegos de converxencia lingüística a favor da lingua maiorizada (Iglesias Álvarez, 2003). A alumna que se destacou entre a súas compañeiras por «habla un gallego impresionante» falou sobre a súa práctica de falar sempre en galego nun mercado de Santiago:

- Alumna palestina: En Santiago hai un gran mercado só para xente das vilas, para traer as cousas das súas hortas, e, por suposto, falan galego todo o tempo.
- Investigadora: E falan galego contigo tamén? Non percibes ningunha diferenza por ser estranxeira?

- Alumno palestina: Quizais porque falo en galego. Ao mellor é por isto, que me responden en galego. Porque teño oído que se falas en castelán, te responden en castelán.

Este mercado pódese describir como unha mestura rural-urbana, polo feito de que os vendedores proveñen de zonas máis rurais. Quizais, os alumnos que teñen a confianza e a capacidade de falaren ben o idioma, e ademais teñen a iniciativa de buscar contornos menos castelanizados, coma estes, poden crear contornos de micro-inmersión nun sitio como Vigo, onde, polo xeral, a inmersión lingüística non está dispoñible fóra da aula.

Algúns alumnos, por teren formadas relacións sociais en Galicia antes do comezo do curso, xa participaron nas redes sociais galegofalantes que Iglesias Álvarez identifica como importantes para facilitar o uso deste idioma minorizado, «as normas de uso lingüístico establecidas no grupo de pertenza, é dicir, nas redes sociais nas que efectivamente se integra o suxeito» (2003: 41):

Mis amigos españoles, de Santiago, siempre hablaban entre ellos en gallego. Y cuando tuvieron que hablar con nosotros, en castellano... dijeron que para ellos es muy raro hablar en castellano entre ellos... Para ellos, es un poco problema... Algunos... dijeron que preferían hablar conmigo en inglés que en castellano. (Polonia)

Outra alumna, tamén cun alto nivel de competencia en galego, describe o feito de ser unha estranxeira como unha vantaxe:

- Alumno alemá: Para a maioría da xente, é bastante sorprendente, que fale en galego. Algunhas persoas preguntanme de onde son, e logo, «Pero ti es alemá e falas galego, por que?» Ás veces penso que incluso teño unha vantaxe por ser alemá. Penso que para unha persoa galega que tamén fala o castelán, será máis difícil. Porque se a xente sabe que podes falar nos dous idiomas, quizais están un pouco menos seguros.
- Investigadora: Por que, se sempre falas en galego, dá a impresión de que, talvez, non sabes falar en castelán?
- Alumno alemá: Si, talvez non podo falar o castelán.

Aínda que non comparto a súa interpretación de que a xente lle poida tomar por unha galegofalante monolingüe, creo que a súa alta capacidade, confianza, vontade e participación en círculos profesionais e de amizade onde falar galego é unha norma social, son factores claves que se xuntan para proporcionar unha experiencia de inmersión lingüística que dificilmente atopan os seus compañeiros que carecen destas condicións tan favorables.

Experiencias persoais e implicacións

As experiencias vividas polas persoas participantes neste estudo coincidiron coas miñas propias experiencias como estranxeira co propósito de aprender o galego e, polo tanto, conseguir unha integración na comunidade sociolingüística galega. Primeiro, a realidade sociolingüística non deixa de ser contraproducente para tales fins. Sempre será difícil aproximar o efecto de inmersión lingüística en galego, sobre todo nas zonas urbanas de Galicia, incluso para quen leva anos vivindo nestes contornos. O significativo social de autenticidade que se outorga ao galego, nalgúns contextos, relega o idioma a fins meramente simbólicos ou folclorísticos. Entre xente que fala galego, a tendencia de converxencia ao castelán perante xente de fóra mostra a presunción de que preferimos falar este idioma. Seguro que se fai con intencións positivas, de facilitarnos a comprensión lingüística na maioría dos casos, pero co resultado inesperado de excluírnos da comunidade etnolingüística galegofalante.

Neste contexto particular, onde a adquisición da lingua galega por parte das persoas inmigradas non vai resultar dun proceso natural de inmersión lingüística, a vontade particular xoga un rol importante. No meu caso, por exemplo, pasei anos perfeccionando o castelán antes de atopar algúns grupos de pertenza onde o galego formou parte da norma social. Entre eles, destaca a formación dun grupo de amizades con algúns compañeiros da UDC, onde traballo desde 2010.

As estratexias utilizadas polas persoas que se formulan o reto de aprenderen a lingua minorizada, exemplificadas polos participantes neste estudo, poden ter implicacións importantes para formadores que organizan cursos de galego para estranxeiros:

1. Quizais tales programas deberían desenvolverse, polo menos en parte, nun contorno rural, onde se faciliten de forma activa relacións sociais cos residentes que son galegofalantes habituais.

Deste xeito, pódese aproximar a inmersión lingüística nos espazos informais que caracterizan os programas de *study abroad* (estudar no estranxeiro). Está inmersión tamén será beneficiosa para os alumnos que, como moitos dos que participaron neste estudo, se poden caracterizar máis como inmigrantes ou posibles inmigrantes que como estranxeiros. A miña experiencia, durante os máis de 14 anos que levo en Galicia, coincide coas observacións de Silva Domínguez (2008): hai moi pouca oferta de clases de galego para a xente que espera asentarse en Galicia. As clases de galego dirixidas aos propios

galegos non están concibidas para acomodar as necesidades dun estranxeiro, talvez con pouco nivel de castelán. Os cursos ofertados polas universidades galegas son bos, pero breves e, por tanto, non poden cubrir as necesidades das persoas que realmente queren chegar a usar o galego en todos os ámbitos da vida social e profesional.

2. O aloxamento con familias galegofalantes pode contribuír á experiencia lingüística, incluso en zonas onde os contornos familiares están máis castellanizados polo xeral.

A experiencia positiva do alumno que falou da sorte de ter un compañeiro de piso «patriota» co compromiso de usar o idioma con el pon de manifesto o importante papel que ten a lingua habitual do fogar, mesmo durante unha estadia relativamente curta. Na miña experiencia, a decisión de aprender o galego foi acompañada polo compromiso por parte da miña parella, un neofalante autodidacta dunha familia castelanfalante, de usar o idioma comigo na casa, un apoio que facilitou o meu propio proceso de aprendizaxe.

3. A comunidade social de galegofalantes, que existe incluso en contextos altamente castellanizados como Vigo, pode contribuír aos procesos de aprendizaxe, pero haberá que identificar e implicar estes axentes de forma explícita.

Esta práctica foi un dos puntos máis fortes do curso de galego na Universidade de Vigo, segundo os comentarios dos alumnos e tamén na miña experiencia previa como alumna. A inclusión de conferencias e excursións relacionadas con varios temas sociais e culturais ofreceu a oportunidade de experimentar a lingua viva, como parte integral da sociedade. Unha idea adicional, que nos ofrece Pujol (2010), sería presentar os alumnos aos donos de determinados locais, coa proposta de que falasen con eles sempre no idioma minorizado. Neste sentido pódese incorporar de forma sistemática a estratexia adoptada por algúns alumnos de converter certos establecementos locais en microcontextos de inmersión. Para min, a cafetaría de Filoloxía, onde os alumnos do curso adoitabamos ir durante os descansos para tomar o café, foi o primeiro sitio onde me atrevín a practicar o galego fóra da aula.

4. Falar de maneira explícita sobre a situación sociolingüística axudará a concienciar os alumnos sobre os procesos de minorización do galego fronte ao castelán.

Por un lado, os alumnos non-galegos necesitan entender a realidade de que o galego non vai estar tan presente na sociedade como algúns poden esperar. Pola outra banda, esta comprensión servirá como unha base para elaborar estratexias para practicar o idioma fóra da aula. Neste curso, esta practica foi exemplificada por unha conferencia sobre a situación sociolingüística do galego ofrecida polo profesor Xosé Henrique Costas e baseada no libro *55 mentiras sobre a lingua galega* (2010) de cuxa coordinación foi responsable. Nas entrevistas varios alumnos fixeron referencia a este charla, identificando conexións entre a situación de Galicia e outros contextos similares que coñeceron máis de primeira man (por exemplo, Valencia).

No meu caso, por exemplo, resultáronme parecidos os discursos populares sobre o galego en España e sobre o español nos Estados Unidos, o meu país de orixe. En ambos á lingua minorizada van asociados prexuízos sobre os falantes socialmente marxidados, sendo campesiños galegos ou inmigrantes españolfalantes (DePalma & Teasley, 2013). No debate posterior a esta charla, os alumnos expresaron diferentes experiencias, opinións, e valores relacionados cos procesos de normalización lingüística, e polo tanto tiveron a oportunidade de participar de xeito colaborativo na construción de perspectivas propias con respecto ás linguas minorizadas en xeral, e á lingua galega en particular.

5. Finalmente, é importante que o alumnado teña a oportunidade de falar entre si sobre as súas experiencias.

Neste caso, as entrevistas serviron, de forma inesperada, dun foro para compartir os seus retos, expectativas, decepcións, e estratexias. Nas conversas entre compañeiros nos espazos informais do curso (a cafetería, os corredores...) tamén xurdiron, de cando en vez, estes temas. Por tanto, sería conveniente establecer un espazo onde os alumnos poidan intercambiar estas experiencias de forma libre, un foro onde se poidan apoiar mutuamente. Polo xeral, e falando tamén con base na experiencia propia, aprender unha lingua nova normalmente leva consigo moito estrés e frustración, e moito máis en situacións sociolingüísticas que dificultan aínda máis a aprendizaxe.

Referencias

Álvarez Cáccamo, C. (1991): «Language revival, code manipulation and social power in Galiza: off-record uses of Spanish in formal communicative events» en Klee, Carol A. (ed.): *Sociolinguistics of the Spanish-speaking world: Iberia, Latin America, United States*: 41-73. (Tempe, Ariz: Bilingual Press/Editorial Bilingüe).

Costas González, X. H. (2010): *55 mentiras sobre a lingua galega* (Santiago de Compostela: Laiovento).

DePalma, R., / Teasley, C. (2013): «Constructing Spanish» en Napier, D. B. / Majhanovich, S. (eds.): *Education, Dominance and Identity*: 101-118. (Rotterdam: Sense-Publishers).

Formoso Gosende, V. (2013): *Do estigma á estima* (Vigo: Xerais).

Giles, H., Bourhis, R. Y. / Taylor, D. M. (1977): «Towards a theory of language in ethnic group relations» en Giles, H. (ed.): *Language, ethnicity, and intergroup relations*: 307-348 (Nova York: Academic Press).

Iglesias Álvarez, A. (2003): *Falar galego: «no veo por qué»: Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia* (Vigo: Xerais).

— (2012): «Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos» n' *A Letra Miúda: Revista de Sociolingüística Para O Ensino*, 1: 1-18. Accesible desde: <http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2_n1.html>

Observatorio da Cultura Galega (2011): *O idioma galego na sociedade: A evolución sociolingüística 1992-2008* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Pujolar, J. (2010): «Immigration and Language Education in Catalonia: Between National and Social Agendas» en *Linguistics and Education: An International Research Journal*, 21(3): 229-243.

Rodríguez Carnota, M. (2015): «Galegofalantes: caza e captura do mohicano» en *Terra e Tempo*. Accesible desde: <<http://www.terraetempo.com/artigo.php?artigo=3730&seccion=5>>

Silva Domínguez, C. (2008): «Iniciativas de formación en lingua galega para inmigrantes» en Díaz García, M.^a T. / Mas Álvarez, I. / Zas Varela, L.: *Integración lingüística e inmigración*. (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Triandis, H. C. (1971): *Attitude and Attitude Change* (Nova York: J. Wiley & Sons).

Woolard, K. A., / Frekko, S. E. (2012): «Catalan in the twenty-first century: romantic publics and cosmopolitan communities» en *International Journal of Bilingual Education and Bilingualism*, 16, n.º 2: 129-137. Accesible desde: <<http://www.tandfonline.com/doi/pdf/10.1080/13670050.2012.720663>>

O galego na ciencia: investigar e ensinar en galego

CIBRÁN SANTAMARINA RÍOS
Universidade de Santiago de Compostela

1.- Introducción

Quero agradecer ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña o convite a participar nestas xornadas e a formar parte da mesa redonda da que tirei moito proveito pois aprendín algunhas cousas que incorporo a este texto que pretende, con humildade, resumir algunhas das reflexións que me motivou a xornada.

2.- A lingua da investigación

A primeira idea que me xurdiu á hora de explicar o contexto lingüístico ó que se enfronta o galego no mundo da investigación é a dobre convivencia co inglés e co castelán. Esta é a maior singularidade, a meu entender, que presenta o mundo da investigación con respecto de calquera outro escenario pois, no que respecta á interacción co castelán, non aprecio, aínda que carezo de elementos de xuízo cuantitativos, grandes diferenzas a respecto da habitual diglosia que se poida dar en calquera ámbito profesional urbano. A interrelación entre as tres linguas é unha situación na que se dan elementos particulares; por exemplo, onde se confrontan as actitudes de falantes refractarios ó galego á hora de teren que manexarse nunha lingua diferente ó castelán, no que están instalados. Ademais, é un ámbito de prestixio no que todas as linguas do mundo sofren importantes retrocesos diante do inglés sen que importe o nivel de apoio institucional e, polo tanto, cómpre identificar estratexias que poidan resultar eficaces nun contexto como o galego no que as políticas de normalización lingüística contan con poucos medios. Sen ir máis lonxe, a relatora que precedeu á mesa redonda desta intervención

dou conta do proceso de normalización do catalán nas universidades de Cataluña e á hora de facer a análise final cualificouno coma un éxito con poucas pexas, unha delas precisamente na introdución do catalán na investigación (Planas 2014).

Entendendo a lexítima aspiración dos falantes dunha lingua a que esta teña presenza en calquera contexto é interesante, baixo o meu punto de vista, poñer de manifesto certos elementos. O primeiro é que na historia das revistas científicas, que comezou a finais do século XVII, coa publicación do *Journal des Sçavans* francés e os *Philosophical Transactions of the Royal Society* ingleses (Wikipedia 2014) só catro linguas (inglés, francés, alemán e ruso) levan xogado un papel significativo. O gráfico adxunto, tomado de (Hamel 2007) reflicte a evolución de usos lingüísticos en publicacións científicas no período 1880-1980. É de salientar que xa a partir do 1920 a produción nestas linguas supón máis do 90% do total mundial¹. Na gráfica pode observarse que finalizadas as dúas guerras mundiais, coincidindo coa emerxencia dos Estados Unidos como potencia económica, hai unha consolidación do inglés como lingua franca nas publicacións científicas. Este dominio faise aínda máis importante tras da caída do muro de Berlín e a desintegración da URSS e sostense ata acadar o 91% da produción mundial en ciencias experimentais e máis do 83% en ciencias sociais en inglés (Hamel 2007). Unha conclusión que se poder tirar destes datos é que moitas linguas oficiais nun ou varios estados, como o español, o árabe, as linguas eslavas (agás o ruso), o portugués ou as linguas escandinavas nunca xogaron un papel significativo na difusión de resultados académicos e a día de hoxe, incluso linguas que foron moi importantes, como o francés, o alemán ou o ruso, viron minimizada a súa presenza.




Figura 1 Esquerda: Evolución histórica da proporción de uso das linguas indicadas ó longo dun século. O gráfico está construído a partir de bibliografías nos EEUU, Alemaña, Rusia e Francia. Dereita: Porcentaxe de uso das linguas indicadas sobre a produción científica mundial (Hamel 2007).

¹ Ó construírense os datos a partir de bibliografías dos EE. UU., Rusia, Francia e Alemaña é moi posible que a porcentaxe de uso doutras linguas estea lixeiramente subestimada.

O escenario pon de manifesto que a posición do inglés como lingua franca na investigación, e en xeral como lingua de comunicación internacional, ten a día de hoxe un carácter estrutural. O informe *A Rewarding Challenge* (citado pola súa versión en portugués *Um desafio salutar*²) encargado pola Comisión Europea a un grupo de intelectuais, liderados polo escritor Amin Maalouf, identifica os dous elementos desta presión (Maalouf 2008). Por unha banda, establece que a consolidación do inglés como lingua única (neste caso das institucións europeas) «sería prejudicial aos intereses económicos e estratégicos do continente e de todos os seus cidadáns, independentemente da súa lingua materna e porque, além diso, sería contrária ao espírito do projecto europeo». Isto confróntano con que «a multiplicidade de linguas impoñe constrangimentos, pesa sobre o funcionamento das institucións europeas e representa custos en termos de tempo e dinheiro. Estes custos tornar-se-iam proibitivos se se atribuíse a dezenas de linguas toda a importancia que os seus falantes poderían legitimamente desexar». Esta dicotomía, establecida por Maalouf e colaboradores nun contexto europeo, é a que se está a dar no mundo da investigación, e en moitos outros, a nivel mundial, acelerada pola existencia de ferramentas que facilitan, ata límites hai pouco imposibles, a comunicación global.

A necesidade de afrontar un mundo da investigación globalizado no que as esixencias de rendemento en produción científica e a competitividade aumentan nunha comunidade cada vez máis numerosa a nivel mundial fai que o dominio da lingua franca sexa na práctica obrigado. A política lingüística de «multilingüismo» nas universidades catalás fronte á «inmersión» que impera en todos os outros niveis educativos ou unha lexislación menos definida para o uso do francés nas universidades do Quebec é un reflexo de que as autoridades destas dúas nacións, posiblemente as máis exitosas na normalización de linguas minorizadas no mundo, teñen moi en conta o fenómeno da lingua global.

Existen, en calquera caso, variacións no emprego nas publicacións das diferentes linguas dependendo da disciplina académica. En xeral, as ciencias experimentais teñen unhas porcentaxes de uso do inglés superiores mentres que as ciencias sociais e as humanidades utilizan máis frecuentemente a lingua propia. Isto acontece a nivel mundial e tamén se reflicte nos datos máis locais de Galicia como podemos observar nas gráficas tomadas de Nogueira López (2013). Hai varias razóns que poden explicar isto, unha delas é o carácter máis local das investigacións. Outra pode deberse á maior frecuencia da publicación en formato libro ou ensaio que adoitan escribirse na lingua propia fronte ó formato en artigo moi predominante en ciencias experimentais.

² Accesible desde <<http://bookshop.europa.eu/pt/um-desafio-salutar-como-a-multiplicidade-de-l-nguas-poderia-consolidar-a-europa-pbNC3008147/>>

Finalmente, é posible que o maior investimento público no dominio das ciencias experimentais e da saúde e na tecnoloxía fixese que estes campos se internacionalizasen máis rapidamente. De calquera xeito, é de prever un aumento da presión para que os investigadores nos campos das ciencias sociais e humanidades publiquen en revistas internacionais indexadas e, polo tanto, un aumento do emprego do inglés nesas áreas que son as que, por outra banda, utilizan máis o galego.




Figura 2. Uso das linguas en publicacións entre os profesores da Universidade de Santiago de Compostela que empregan o galego na docencia. Tomado de Nogueira López (2013), páxina 26.

3.- A lingua na docencia universitaria

A lingua utilizada na universidade galega segue os plans de normalización lingüística das diferentes universidades que datan dos anos 2001 para a Universidade de Santia-

go (Compostela 2001)³ de 2004 na de Vigo (Vigo 2004) e de 2006 na da Coruña (A Coruña 2006). Lonxe da miña intención xulgar a eficacia destes tres plans, primeiro porque carezo da competencia necesaria e segundo porque nestas mesmas xornadas participaron membros dos diferentes servizos de normalización das tres universidades galegas que de seguro cobren a materia. Pero, para facer unha pequena composición de lugar baste dicir que na USC, coa que estou máis familiarizado, a porcentaxe de docencia en galego foi dun 22% no curso 2013-2014. O histórico dos datos amosa que dun 17% no curso 2003-2004 se pasou a arredor dun 25% no 2009-2010 para logo ter unha baixada ata o dato actual (Santiago 2014). Os datos reflicten unha cantidade moi pequena de aulas en inglés e noutras linguas distintas do español.

Estes resultados contrastan cos das universidades catalás que amosan datos moi positivos na normalización do catalán. Un elemento que diferencia as políticas lingüísticas galegas das catalás é que en Galicia se evitou a creación de prazas de profesorado con perfil lingüístico que garantisen unha porcentaxe de docencia en galego. A idea de que a institución esixise competencia en galego e impartición da docencia na lingua propia bateu sempre coa falsa incompatibilidade da «liberdade de cátedra» antepoñendo os supostos dereitos do profesorado a utilizar a lingua da súa elección ós dereitos daqueles estudantes que quixesen recibir a docencia en galego. Asemade, está o elemento de que un requirimento de perfil lingüístico podería reducir a discrecionalidade á hora de resolver un concurso dunha praza, algo que provoca lóxica resistencia nos departamentos. Curiosamente, ó mellor observamos en breve a posibilidade de que universidades galegas, e do resto do estado, comecen a esixir nas prazas, perfís lingüísticos con requirimento de competencia en inglés para os candidatos pois é moi posible que a porcentaxe de horas nesta lingua se incremente substancialmente no futuro próximo, especialmente no que se refire á docencia de posgrao. Isto é xa un feito nas universidades catalás onde, por exemplo, a Universitat Pompeu Fabra, a mellor posicionada nas clasificacións internacionais do estado, atinxe xa o 15% nos graos (Fabra 2014). En calquera caso, existen posibilidades para aumentar a presenza do galego na docencia incentivando ó profesorado e mellorando as súas competencias. Segundo os datos do libro *O galego na Universidade* (Rodríguez Neira 1998), algo antigos, pois datan do 1998, só un terzo do profesorado declara que non usa o galego por non ser a súa lingua habitual mentres que os outros dous terzos apelan a razóns que persoalmente considero de orixe diglósica como «existen estudantes de fóra», «falta de demanda expresa», «escaseza de bibliografía» etc.

³ O plan da USC abrangüa o período 2001-2010 sen que na páxina web da institución conste que houbera unha renovación.

4.- Discusión

No que segue discuto unha visión persoal de posibles medidas para actuar no contexto actual descrito nos apartados anteriores. Por suposto, unha condición *sine qua non* para termos ciencia en galego é ter ciencia en Galicia. Para isto é preciso un financiamento adecuado. O nivel de gasto en I+D en Galicia foi do 0,87% do PIB no ano 2012 (datos do Instituto Nacional de Estatística) moi inferior á media española do 1,30%, á europea do 2,1% (datos do Banco Mundial) e á de países como China, 2%, Estados Unidos, 2,8%, Alemaña, 2,9% ou Xapón, arredor do 3,4%. Con este nivel de investimento é complexo que poidamos falar dunha presenza relevante de Galicia, e por tanto do galego, no contexto científico.

No que se refire á interrelación co inglés é interesante coñecer a experiencia previa doutros lugares. Entre os estados que tomaron consciencia de que a preeminencia do inglés podía carrexar consecuencias lingüísticas indesexadas están os países escandinavos. Moi posiblemente porque unha gran taxa da poboación destes países ten unha gran competencia en lingua inglesa, a posibilidade de que se dese unha diglosia incipiente e a degradación das súas linguas vernáculas a un status de «non completas» levou á Universidade de Oslo a facer unha clasificación en catro áreas de uso lingüístico (Ferguson 2007):

- investigación,
- docencia,
- diseminación da investigación,
- administración,

para as que estableceu unhas recomendacións. Para as dúas últimas, «diseminación da investigación» e «administración», suxería o uso exclusivo da lingua propia, para a docencia universitaria establecía o uso do noruegués nos niveis inferiores e permisividade á presenza de inglés nos cursos superiores e uns requirimentos mínimos de uso da lingua propia nos resumos das teses e admitindo, na miña opinión, a preeminencia do inglés. As recomendacións da Universidade de Oslo coinciden en gran parte coas feitas polo profesor da Universitat de Valencia de Martí Domínguez (Domínguez 2011) que establece que a lingua propia debe usarse para establecer os primeiros conceptos científicos e na divulgación ás que engade un terceiro obxectivo algo menos concreto que é «facer ciencia na lingua do país».

Concordo en gran medida coas suxestións que principalmente teñen como punto de actuación o ensino secundario e os primeiros cursos da universidade. Habería que

facen un esforzo porque a presenza do galego fose principal neses contextos e para garantir a competencia lingüística do profesorado. Este obxectivo bate co obstáculo da lexislación autonómica actual que impide que, precisamente, as materias científicas sexan impartidas en galego (Xunta de Galicia, 2010). Nos últimos cursos do grao e no ensino posgraduado o meu modelo é o do multilingüismo cunha presenza relevante do inglés ou outras linguas de comunicación internacional. A miña experiencia é que a estas alturas os estudantes teñen, ou deberán ter, competencias plenas na lingua propia e son moi conscientes da necesidade de mellorar o seu nivel en inglés e de que os seus traballos teñan difusión alén da propia institución que os acolle. Un exemplo é a promoción de graduados en Física do curso 2012-2013. Ese ano defendéronse doce dos dezaseis traballos fin de grao do título en lingua galega. Unha parte deses estudantes continuaron a súa formación no Máster de Física Nuclear e de Partículas e fixeron o seu traballo de fin de mestrado no seo de colaboracións internacionais e redactaron, por iniciativa propia, a memoria en inglés. Todos teñen a intención de redactar as súas teses en inglés e a razón é evidente: a comunidade de físicos de partículas que poderían chegar a ler estes traballos de seren redactados en galego ou español é moi reducida. En galego estaría nunha media de cinco persoas e en español non chegaría a vinte, en inglés arredor de setecentas persoas. As estimacións fãgoas con base no número de asinantes da colaboración LHCb do CERN da que formo parte e na que se desenvolven as teses de doutoramento no meu grupo (The collaboration 2008).

Por suposto, a miña visión, como profesor de Física, que traballa desde sempre en colaboracións internacionais, é nesgada. Hai áreas nas que a situación pode ser diferente e é preciso manter e promover produción científica en lingua propia. Moi especialmente nas vinculadas á lingua e literatura galega e, posiblemente, naquelas nas que se traten temas moi relacionados con aspectos sociais, económicos e históricos de Galicia. Pero, en calquera caso, os investigadores desas áreas teñen que afrontar un escenario cada vez máis globalizado que require que cando menos unha parte dos froitos da súa investigación sexan competitivos cando se comparan cos que producen colegas seus doutras institucións. É innegable que o sistema ten unha dobre cara. A positiva porque forza a ter actividade e cuantificar o seu impacto. E a negativa porque hai investigacións de altísima transcendencia que non chegan a ter froito ou que teñen un ritmo moi lento⁴ ou aquelas que orixinalmente se publican en publicacións de baixo impacto⁵ e que non teñen repercusión inmediata.

⁴ Andrew Wills traballou durante seis anos (1986-1993) en segredo en probar o último teorema de Fermat.

⁵ Gunther Fischer, bioquímico da República Democrática Alemá publicou o seu artigo sobre o pregamento de proteínas orixinalmente nunha revista local e só tivo repercusión cando o enviou a *Nature* no ano 1987. Véxase <http://elpais.com/elpais/2014/11/20/ciencia/1416477284_719894.html>

Cómpre, de calquera xeito, facer unha reflexión sobre o necesario punto de equilibrio desexable. Por unha banda é importante que o galego adquira prestixio co seu uso no mundo da investigación; pola outra, é relevante que os investigadores que empreguen o galego (e o circuíto galego de investigación) teñan prestixio internacional e para iso teñen que facer uso da lingua de comunicación internacional, o inglés. A solución global posiblemente viñese dun cambio de paradigma a respecto da actitude diante das linguas no que ocupasen unha posición central valores que superasen a visión dunha rendibilidade curtopracista/mercantilista de que só é útil aprender o que ten un uso económico ou profesional inmediato. O xa mencionado informe Maalouf (2008) fai unha proposta interesante segundo a que todos os cidadáns da Unión Europea deberan aprender unha lingua adicional a maiores da que é a lingua propia e a lingua de comunicación internacional. Isto é, de facto, o que xa acontece en Galicia, Cataluña ou Euskadi co castelán ou en Suíza polo que se bota en falla no informe un estudo máis realista dos efectos da proposta. Persoalmente atopo que a proposta pode ser exitosa se vai acompañada dunha acción institucional de prestixio do coñecemento de linguas, da propia e das alleas, como acontece en Cataluña e Euskadi. Neste senso, na comunidade investigadora, sobre todo nas novas xeracións, abundan as persoas que acumulan a suficiente experiencia internacional como para ter consciencia da importancia do coñecemento de múltiples linguas e da relativa pouca dificultade que ten a adquisición dalgunhas delas, como poden ser para os galegos as románicas.

Dentro das diferentes estratexias para posicionar o galego no mundo da investigación quero poñer en valor a importancia da divulgación. A publicación de traballos punteiros de investigación ten un elemento de prestixio innegable pero, como xa comentei para as teses de doutoramento, unha audiencia moi reducida. Como dato pode tomarse que o investigador galego máis citado, segundo o portal Web of Science, ten unha media de trinta citas por artigo. Este científico publica (en grupos) aproximadamente vinte artigos de investigación por ano. É dicir, ten unha audiencia mundial duns seiscentos lectores por ano. Este dato pode compararse coa tirada media dos libros galegos, que é duns setecentos exemplares (Bragado 2013), e cos autores de éxito no mercado galego (por exemplo, Manuel Rivas tivo unha tiraxe de doce mil exemplares da súa novela *Todo é silencio* en Edicións Xerais de Galicia, 2010). Se falamos de difusión de revistas de divulgación podemos tomar en conta, por exemplo, que a revista *Muy Interesante* ten no mercado en lingua española unha tirada mensual próxima a douscentos mil exemplares e unha audiencia de dous millóns de lectores (Wikipedia, *Muy Interesante* 2014). A máis formal *Investigación y Ciencia* ten unha difusión de dezaioito mil exemplares (en español) e unha audiencia de cento vinte e cinco mil lectores (Wikipedia, *Muy Interesante* 2014). En Galicia, o portal Galicia Ciencia ten máis de sesenta mil usuarios únicos por mes (Pena 2014). A conclusión disto é que a transferencia de coñecemento

ó gran público faise moi principalmente a través da divulgación e que as audiencias de noticias científicas son ordes de magnitude superiores ás que poidan ter os artigos especializados. Por suposto, as humanidades e as ciencias sociais teñen elementos que non son homologables. Hai monografías de investigación nestes campos que poden ser publicadas directamente a grandes audiencias.

En relación con isto, o papel que xogan os medios de titularidade pública na divulgación científica é certamente limitado. O programa «Efervesciencia» da Radio Galega é un bo programa de divulgación científica cun horario que non contribúe a ter grandes audiencias. Hai programas culturais que cobren temas de investigación en humanidades e elementos interesantes en programas doutro tipo como poden ser «Cifras e letras». Pero en xeral, sendo como son ferramentas fundamentais na normalización lingüística, un non deixa de ter a impresión de que hai terreo para facer unha programación de calidade que cumpra mellor co cometido estatutario do ente autonómico de «promoción, difusión e impulso da lingua galega» (artigo 1.1 da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da CRTVG).

Finalmente, unhas palabras sobre docencia e usos lingüísticos no ámbito académico. O mecanismo que para min se demostrou máis eficaz para a normalización lingüística é a lealdade lingüística. O falar galego nas aulas, preparar e difundir o material docente en galego ó alumnado, discutir en galego nas reunións do grupo de investigación, nos consellos de departamento, cos estudantes de posgrao é o método máis eficaz para normalización lingüística. A porcentaxe de estudantes que entrega exames e traballos en galego multiplícase só con que o texto dos enunciados estea en galego. Por fortuna, no meu grupo de investigación e no meu departamento somos varios profesores e estudantes que empregamos o galego aplicando a lealdade lingüística. Só con iso o efecto foi multiplicador no resto do persoal docente e investigador. Profesores que mudaron a dar as aulas en galego, reunións de traballo en galego, actas, correos electrónicos, documentación, relación co persoal de administración e servizos, charlas de divulgación e comunicación cos medios fanse principalmente en galego. No meu caso, o efecto numérico do grupo crea un ambiente no que as actitudes diglósicas que todos presentamos se minimizan, onde os galegofalantes atopamos un contexto máis amable e nalgúns casos monolingüe que resulta fundamental á hora de modificar hábitos lingüísticos. Esta idea entronca coa liña exposta pola profesora Renée DePalma Ungaro a respecto dos alumnos de galego como lingua estranxeira (Ungaro 2014). En certos contextos é complexo atopar nichos amables para o galego que son esenciais para establecer hábitos lingüísticos saudables. Nos ambientes profesionais das cidades galegas é cada vez máis infrecuente que nunha conversa de máis de tres persoas falen todas ó mesmo tempo só en galego.

Bibliografía

Bragado, Manuel *Onte 1122: Cifras da edición en galego en 2013*. 2013. <<http://bre-temas.com/onte-1122-cifras-da-edicion-en-galego-en-2013/>> [Último acceso: marzo 2015].

Domínguez, Martí (2011): «O catalán lingua de ciencia?». *Mediateca do Consello da Cultura Galega*. <<http://consellodacultura.gal/mediateca/audio.php?id=1114>> [Último acceso: marzo 2015].

Edicións Xerais de Galicia, «*Todo é silencio*», de Manuel Rivas, *preséntase o xoves 14 na librería Couceiro en Compostela*. 2010. <<http://blog.xerais.es/2010/todo-e-silencio-de-manuel-rivas-presentase-o-xoves-14-na-libreria-couceiro-en-compostela/>> [Último acceso: marzo 2015].

Ferguson, Gibson (2007): «The global spread of English, scientific communication and ESP: questions of equity, access and domain loss», *IBÉRICA*, 13: 7-38.

Hamel, Rainer Enrique (2008): «The dominance of English in the international scientific periodical literature and the future of language use in science.», en Augusto, C. e Ammon, U. (eds.) *Linguistic inequality in scientific communication today: What can future applied linguistics do to mitigate disadvantages for non-anglophones?*. *AILA Review*, volume 20: 53-71.

Maalouf, Amin *et al.* (2008): *A rewarding challenge, how language diversity could strengthen Europe*. Directorado xeral para a educación e a cultura, Comisión Europea, Luxemburgo: Comisión Europea, 2008.

Nogueira López, Alba (2013): *Investigación e lingua Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica* (Vigo: Universidade de Vigo).

Planas, Conxa (2014): «A política lingüística das universidades catalás.» Intervención oral exposto nas *XI Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Universidade*.

Rodríguez Neira, M. A (ed.) (1998): *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*. (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (2006): *Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña*. (A Coruña: Universidade da

Coruña). <<http://www.udc.gal/snl/documentospdf/PNL.pdf>> [Último acceso: marzo 2015].

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago,. *O galego na docencia: datos*. 2014. <https://www.usc.es/gl/servizos/snl/dinamizacion/docencia_datos.html> [Último acceso: marzo 2015].

The LHCb collaboration. (2008): <<http://lhcb-public.web.cern.ch/lhcb-public/en/collaboration/Collaboration-en.html>> [Último acceso: marzo 2015].

Universidade de Santiago de Compostela. *Plan de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela*. 2001. <<http://www.usc.es/estaticos/normativa/pdf/Plannormalizacionlinguistica.pdf>> [Último acceso: marzo 2015].

Universidade de Vigo. *Plan de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo*. 2004. <http://consellodacultura.gal/arquivos/cdsg/docs/PlanPoliticaLinguistica%202004_02.pdf> [Último acceso: marzo 2015].

Universitat Pompeu Fabra (2014): *Dades lingüístiques de docència*. <http://www.upf.edu/lengues/infosocio/dades_grau/> [Último acceso: marzo 2015].

Wikipedia. *Scientific Journal*. 2014. <http://en.wikipedia.org/wiki/Scientific_journal> [Último acceso: marzo 2015].

Xunta de Galicia. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. 2010. <<http://www.edu.xunta.es/web/node/939>> [Último acceso: marzo 2015].

O galego na ciencia. En secundaria, é hoxe unha herexía aprender as leis da Natureza en galego?

RAMÓN VILALTA LÓPEZ

Catedrático de Física e Química no ensino secundario

Cando fun invitado a participar nesta mesa, o primeiro que pensei foi que podería achegar eu, que podería xustificar a miña intervención nunha mesa sobre o uso da lingua no ensino. Obviamente, dado que non son sociolingüista nin un coñecedor a fondo doutros modelos de normalización lingüística, creo que o meu papel aquí é o de asistir como testemuña dunha certa experiencia docente. A testemuña como profesor de Física e Química durante máis de 30 anos e a de ter participado, como autor ou coordinador, na elaboración de diversos materiais de ciencia en galego, tanto libros de texto ou de prácticas como libros ou guiños de vídeos de divulgación científica, incluídos cadanseu dicionario de Física e Química, este último publicado pola Universidade da Coruña, precisamente, coa inestimábel colaboración dos seus servizos de Normalización Lingüística e de Publicacións.

Dalgún xeito, cabería engadir outra circunstancia, algo máis persoal, pero que marca, sen dúbida, a miña visión ao longo destes anos: eu nacín e formeime no Uruguai e cheguei a Galicia en plena adolescencia. Precisamente, comezando por esta última circunstancia, atopo a primeira observación para destacar: lembro que na miña familia e na comunidade galega en Montevideo, os adultos empregaban o galego como lingua habitual para falar entre eles pero nunca, recalco o adverbio, nunca era empregado para falar con nós, cos rapaces. Seguramente esta actitude é coñecida e recoñecida por moitos dos presentes, nestas ou noutras circunstancias e atende, segundo creo, ao fenómeno da diglosia.

Lembro ter lido, moitos anos despois, *O bosque harmonioso* do escritor portugués Augusto Abelaira, e quedar abraiado coa súa clasificación en linguas co carácter xeométrico

e linguas con carácter alxébrico. Nesa liña de aproximación matemática á lingua, cando menos en canto á esa peculiar función de uso discriminado, cabería falar do galego como unha «lingua vectorial», unha lingua que exhibe dirección e sentido, como un elemento vectorial, típico da física ou das matemáticas. Como prolongación natural, consecuencia desa vivencia persoal e dos feitos, máis obxectivábeis, que aconteceron no Estado español a finais dos setenta e comezos dos oitenta do pasado século, concluíño os meus estudos e o doutoramento en castelán. Só no momento de incorporarme ao ensino como profesor, no ano 1984, asumín que debía impartir as clases en galego; clases de Física e Química, de Matemáticas, de Astronomía...

Antes de entrar na análise directa do uso da lingua galega no ensino das ciencias experimentais no noso país, coido que sería conveniente ter en conta algunhas peculiaridades que se dan na aprendizaxe destas materias en Galicia (coma no resto do Estado), pois, obviamente, a aprendizaxe das leis da Natureza ten a súa propia historia e, esas peculiaridades poden resultar relevantes para entender a gravidade da actual situación do uso da lingua galega no ensino destas materias no ensino secundario. Permítanme comezar con dúas anécdotas históricas.

No seu vídeo *Did god create the Universe?*, Stephen Hawking comenta que no ano 1277 o papa Xoán XXI (por certo, o seu nome era Pedro Hispano) declarou herexía o estudo das leis da Natureza. Visto con perspectiva histórica pode considerarse unha simple anécdota, pois sabemos que a maior ou menor escuridade que se lle queira asignar ao medievo non provén dun decreto de prohibición tan directo e localizábel, e que tal retroceso no coñecemento viña de moito antes. Unha cousa son as leis da Natureza e outra as leis e normas que decretan as distintas autoridades como pauta de comportamento; mais, todas teñen os seus efectos sociais e as segundas poden indicar unha determinada actitude social.

Como é sabido, nos s. XVI e XVII, os traballos de diversos persoeiros da historia de Europa como, por exemplo, Galileo Galilei, Johannes Kepler ou o propio Isaac Newton culminaron cun novo paradigma no estudo das leis da Natureza. Precisamente, neste curso, 2014-15, o Día da Ciencia en Galego que, como un acto reivindicativo, foi establecido hai catro cursos por profesores de ensino secundario, está dedicado á figura de Newton, quen, en 1687, publica, en latín, os *Principios Matemáticos de Filosofía Natural*, un dos libros máis importantes na historia da Humanidade. O libro foi traducido ao francés, con comentarios engadidos por Gabrielle Emilie de Breteuil, marquesa de Châtelet, feito que facilitou o seu estudo e penetración no continente europeo.

Como podemos ler no *Álbum da ciencia* do Consello de Cultura Galega, case rematando o s. XVIII chega á Universidade de Santiago de Compostela o médico lucense Francisco

de Neira, despois dunha longa viaxe de formación por diversos centros de estudos europeos (entre eles as universidades de París e Edimburgo). No emblemático ano de 1789 foi nomeado para ocupar a Cátedra de Física Experimental. Neira traía na súa carteira a nova física newtoniana e pódese considerar, sen dúbida, un dos introdutores da nova física en Galicia. Ao parecer, conseguiu que ás prazas de Física Experimental non puidesen optar, como ocorría ata daquela, os teólogos e filósofos aristotélicos, de modo que o concurso se céntrase nos titulados da Facultade de Medicina. No entanto, parece ser que se atopou con non poucos problemas para impartir o novo paradigma, dada a resistencia da maioría de aristotélicos presentes, aínda por aquela, nas cátedras universitarias; acabou marchando do país.

En calquera caso, obviamente, os tempos eran difíciles en todos os campos do coñecemento, coma en calquera área e actividade social e intelectual en todo o que hoxe se coñece como Estado español; a Ilustración chamaba ás portas dunha sociedade caracterizada pola súa opacidade e por ser refractaria ante as novas ideas de progreso social. Un botón de mostra: segundo indica Leoncio López-Ocón Cabrera na súa *Breve historia de la ciencia española*, ao rematar o s. XVIII, Madrid era a única capital europea que non posuía unha academia das ciencias (que si existía en Barcelona desde 1764); os ilustrados pro-newtonianos tiveron difícil pois, como cabería esperar, frecuentemente coincidía a súa aposta polo progreso científico, e polo novo paradigma, con ideas sociais avanzadas para a época nestas latitudes.

Por aquela época, comezos do s. XIX, o forte rexeitamento das ideas ilustradas en todo o Estado español tamén tivo a súa expresión no mundo da ciencia, onde prevalecían institucións moi militarizadas (particularmente desde a época do reinado de Fernando VI) e ideoloxizadas, con obxectivos científicos de moi curto prazo, na busca de aplicacións técnicas inmediatas, mais con enormes prexuízos e controis. Ao parecer, foi unha época de «fuga de cerebros» (curiosamente, parece que a historia se repite ciclo a ciclo). Por certo, en 1803 deixaba a súa Cátedra de Matemáticas, na Universidade de Santiago, o outro persoeiro ao que se dedica, neste curso, o Día da Ciencia en Galego: José Rodríguez González, seguidor tamén da nova física newtoniana.

Algo que me pregunta o alumnado, con certa frecuencia, é o feito de por que nas leis básicas da Física ou da Química, que se estudan nos primeiros cursos, non atopamos apelidos máis próximos a nós. Efectivamente, nas decenas de leis que podemos estudar no ensino secundario non aparece ningún apelido español ou galego, o cal en si mesmo creo que ten unha obvia significación histórica. Sen dúbida, os prexuízos e as inercias son poderosos inimigos do coñecemento científico e na historia da ciencia experimental española atopamos moitos exemplos disto, se cadra, coa única excepción do campo da medicina.

Centrándonos no que nos ocupa, o momento actual, a pregunta é: queremos seguir na mesma liña ou hai a necesidade de cambiar algún punto de vista? Desde logo, creo que resulta primordial comezar por non manter separado o coñecemento científico básico do resto de elementos que conforman a formación básica de calquera cidadán. A idea das dúas culturas e un tema tratado en diversos foros en todo o planeta, mais creo que comparando os currículos escolares de diversos países, resulta especialmente grave no Estado español; do tradicional «eu son de letras» ou «eu son de ciencias», nos estudos básicos deberíamos dar algúns pasos cara a un novo enfoque cultural, máis integrador e interdisciplinar.

Neste sentido, penso que, lamentabelmente, no ensino básico da Física e Química, fomos a peor nos últimos 30 anos. Só por citar un dos aspectos máis relevantes para o tema que nos ocupa: hoxe por hoxe só hai un curso de Física e Química común para todo o alumnado, 3.º da ESO, con dúas sesións semanais, é dicir, 100 minutos semanais. Ridículo se o comparamos cos outros países do noso contorno e con outros máis afastados; incluso, se o comparamos co pasado inmediato. Cando comecei a traballar de profesor, no antigo 2.º de BUP, había unha materia de Física e Química, común para todo o alumnado, con 5 horas de 60 minutos semanais: 300 minutos. A pesar do nome, neste curso de 3.º, danse unhas nocións moi básicas dos fundamentos da química, pero obviamos o paradigma básico da física: as leis de Newton.

É dicir, hoxe en día unha porcentaxe significativa do noso alumnado pode rematar os seus estudos da ESO e bacharelato, sen saber que son as leis de Newton ou a lei da gravitación universal. Son moitos os informes que denuncian a precaria situación da formación científica básica na secundaria, en termos comparativos cos horarios e recursos dedicados noutras latitudes mais, por cuestión de non dispersar moito máis, imonos centrar na cuestión que nos ocupa: o uso da lingua no ensino da ciencia.

Como comentei ao comezo desta exposición, eu non son sociolingüista e non podo presentar aquí un estudo comparativo dos diferentes modelos de ensino en comunidades bilingües. Ora ben, sen dúbida, ao longo destes anos de profesión, o que levo observado é que non hai un modelo social claro, ou clarificado, sobre este tema en Galicia: os obxectivos declarados publicamente e as actuacións reais non converxen e permite decisións claramente arbitrarias en relación con esta cuestión. Fronte ao modelo de inmersión lingüística catalán ou ao de diferentes modalidades opcionais de Euskadi, aquí pasamos, inicialmente, por unha elección case persoal do profesor/a con algúns matices para, posteriormente, ao establecemento dunha porcentaxe mínima de ensino en galego, porcentaxe que non sempre se cumpría. Unha vez establecido o criterio teórico do 50%, tampouco cumprido na práctica, saú a arbitraria decisión do actual

gobierno de fixar por decreto certas materias de ciencia na ESO en castelán. Ninguén deu, en ningún momento, unha explicación razoábel e clara de por que tal materia ten que aprenderse en castelán e tal outra en galego: puramente, unha decisión da autoridade competente, baixo unha idea autoritaria da organización social, que a min me retrotrae a aquela experiencia da miña adolescencia sobre o carácter vectorial das linguas.

Efectivamente, unha moderna versión daquel decreto de ‘Pedro Hispano’, o coñecido decreto de 2010 establece que materias científicas básicas (a Física e Química, as Matemáticas e a Tecnoloxía, outra vez a conta das leis da Natureza) deban ser aprendidas, exclusivamente, en castelán. Mais hai unha excepción: supostamente, para fortalecer a aprendizaxe do inglés nas aulas, esta materia pódese impartir, coa autorización correspondente, en inglés. É dicir, dáse a curiosa situación, máis ben diría absurda situación, de que, sendo o galego unha das dúas linguas oficiais desta comunidade, hai materias que, en todo o país, só se poden estudar en castelán ou en inglés, pero non en galego. Onde vai o obxectivo básico de que todo o alumnado que remata a secundaria teña perfecto dominio nas dúas linguas oficiais? Pensemos que eses cursos de Física e Química da ESO van ser para moitos alumnos de secundaria, como anteriormente expliquei, as únicas referencias destas ciencias para toda a súa vida; cal é a mensaxe final para este alumnado: «a Física, a Química e as Matemáticas ‘pénsanse’ en castelán?», «a Física, a Química e as Matemáticas non son elementos culturais?...»

Obviamente, a aparente asepsia do devandito decreto, establecendo certas materias en galego e certas materias en castelán, lembra o funcionamento típico de calquera pseudociencia: unha aparencia de ciencia no formal, pero cunha falta de explicación e argumentación no esencial.

No libro *Ciencia, Tecnología y Sociedad*, de Marta I. González e col., recóllese unha anécdota moi significativa: a mediados do s. XVIII, Benjamin Franklin descubriu o pararraios e atopou que este debería rematar en punta; é o que hoxe, na Física, se coñece, precisamente, como o ‘teorema das puntas’. Como Franklin era un dos líderes independentistas norteamericanos, o rei británico Georges III intentou participar no debate sobre a cuestión do pararraios, defendendo o extremo romo. O daquela presidente da Royal Society, John Pringle, tivo que intervir, ao parecer indicándolle: «Maxestade, as leis da Natureza non se poden cambiar por decreto». Outro exemplo de confusión entre as leis da Natureza e as leis ditadas pola correspondente autoridade.

Como xa comentei, o coñecemento científico é un elemento cultural máis, tan vinculado aos nosos anhelos e soños como calquera outro dos que conforman o ser humano. E os excesos nesa separación entre ‘ciencias e letras’, que ten especial relevancia no Estado

español e, por suposto, en Galicia, podería ser un prexuízo que xoga un certo papel na arbitraria elección de materias que se deben impartir en galego e materias que se deben impartir en castelán.

E isto, nun momento en que, cando menos segundo a miña experiencia, nos centros de ensino parecía que se estaban superando as inercias coas que puidemos atoparnos durante anos na implantación do ensino da Física en galego. Lembro nos anos oitenta atoparme con persoas que falaban perfectamente galego en calquera coloquio, mais daban as súas clases en castelán porque, segundo comentaban, tiñan moi aprendido o seu discurso nesa lingua e atopaban dificultades para pasarse ao galego nas súas aulas. Como anécdota, lembro que hai anos, ao presentar o noso libro de texto de Física e Química de 1.º de bacharelato, estando eu todo fachendoso e orgulloso do traballo realizado, alguén me comenta, sen abrir o libro: «Ah, pero está en gallego!». Pensaba que era algo superado e, de feito, hoxe en día creo que tanto o profesorado como o alumnado ten menos reparos ao uso do galego en calquera situación escolar dos que podía presentar hai vinte anos. Por certo, na actualidade levo a participación do meu centro no proxecto Eratóstenes, un proxecto internacional coordinado pola Facultade de Física da Universidade de Buenos Aires, con socios en Uruguai, Arxentina, Brasil, Portugal etc, e nos intercambios, teño enviado a referencia da miña páxina web sobre divulgación científica en galego (<<http://www.ramontic.net>>), a diversos socios das latitudes e non adoitan ter problema ningún en entenderen o seu contido.

Polo menos, creo que hai que indicar, tamén, un claro avance na cuestión da normativización lingüística ao longo destes anos. Aínda lembro, cando coexistían, varias normativas e, de feito, o primeiro libro de texto que fixeramos entre seis autores, tendo xa unha editorial para a súa publicación, unha subvención concedida e o libro xa rematado, non viu a luz por falta dun consenso sobre a conveniencia ou non de redactalo na que daquela era a normativa oficial, requisito lóxico para obter a subvención adxudicada. Afortunadamente, hoxe en día, creo que se teñen superadas certas cuestións nesta liña. O que non parece tan claro é que se avanzara na normalización de igual forma, atendendo á libre elección de lingua para impartir aulas nas materias en que si teñen tal opción.

Mais, sexa como for, é obvio que o decreto do ano 2010 vai ter un forte impacto, xa o está tendo, na xa de por si moi escasa presenza de materiais en lingua galega sobre as ciencias físicas e matemáticas. Desde hai tres anos levo un club de lectura temático, *Eppur si muove*, onde intentamos fomentar a lectura de libros de ciencia, particularmente de divulgación; pois ben, é realmente difícil atopar moitas lecturas sobre as materias citadas anteriormente, escritas en galego e, desde logo, o feito de que estea prohibido impartir as clases de Física e Química, de Tecnoloxía ou de Matemáticas en galego

na ESO non vai axudar á elaboración de materiais en lingua galega e moito menos á lectura dos poucos materiais xa existentes.

En definitiva, pode que sexa un pequeno decreto para un goberno, mais é un paso atrás para unha sociedade nun tema tan básico e transcendente como é a formación integral dos seus cidadáns.

Tal e como se comenta na presentación do *Diccionario de Química*, publicado grazas ao compromiso desta universidade, unha lingua viva debe aspirar a impregnalo todo, a estar en todo, e non pode manterse á marxe de ningún campo do coñecemento nin da sociedade en que se desenvolve.

O compromiso social das universidades na normalización lingüística

MARCOS MACEIRA

Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

Se entendemos por compromiso social das universidades a identificación, a atención, a intervención da universidade para dar resposta ás demandas e necesidades da sociedade que lle dá sentido e constitúe a súa razón de existir, coincidiremos en que nunha nación como a galega ese compromiso non se pode desligar da lingua que nos define como pobo e que é o noso principal valor e mostra de identidade, unha necesidade para a nosa permanencia colectiva.

A lingua, o seu estado en todos os niveis, é un indicador da saúde colectiva, da autoestima, da confianza en nós propios, e da orientación que lle queremos dar ás nosas accións. Sen contar con ela, actuando socialmente de costas a ela, ou a patadas nalgunhas ocasións, o compromiso non será real. Será, no mellor dos casos, caridade paralizante. Este compromiso obriga a universidade a actuar, paralelamente, nunha dimensión interna e noutra externa. Na interna, a da normalización do uso do galego no seo da propia universidade, para rectificar os séculos en que se mantivo de costas ao país e, por tanto, á súa lingua. Esta rectificación precisa non só do simple recoñecemento do galego como lingua oficial –tal e como se recolle nos estatutos das tres universidades galegas–, tamén da asunción práctica e consciente do que iso significa.

Non podemos esquecer que a Universidade ten un importante papel que desenvolver para lle devolver á lingua de Galiza o prestixio social que lle foi arrebatado tras séculos de imposición do español e exclusión do galego de todos os ámbitos de prestixio, tamén dos relacionados co saber e o coñecemento científico. Prexuízos que criamos superados reverdeceron con forza en determinados ámbitos da sociedade galega nos últimos anos grazas á irresponsabilidade do PP, que non dubidou en os axitar para

xustificar as súas regresivas políticas contra o galego (por exemplo, prohibindo que se utilice a nosa lingua no ensino das matemáticas ou das áreas científico-técnicas en toda a educación obrigatoria).

Polo momento, a oficialidade do galego na universidade será só unha declaración de intencións mentres a nosa lingua siga expulsada da maior parte das aulas, dos proxectos de investigación, das teses e tamén, sen ánimo de ser exhaustivo, da sinalética ou da publicidade dalgúns cursos e actividades da universidade como ten denunciado A Mesa. Moitos destes aspectos aparecen sinalados nos plans de normalización das universidades que están en aplicación nestes momentos.

Mais os avances neste sentido non están só en mans da universidade, esta ten que demandar das administracións regulacións que favorezan o uso normalizado do galego no interior da propia universidade e que favorezan tamén a corrección das eivas citadas anteriormente.

É curioso neste sentido que as principais medidas apuntadas no Plan xeral de normalización da lingua galega que vén de facer 10 anos, en relación coas universidades estean sen desenvolver, como a medida 2.1.41 que sinalaba a creación dunha comisión estábel que coa participación a Xunta e das tres universidades propoña e coordine a política lingüística universitaria en Galiza¹. Ou por citar outro exemplo, resulta absolutamente escandaloso que o Goberno do Estado continúe a rexeitar solicitudes de bolsas predoutorais polo feito de os títulos oficiais estaren en galego tal e como corresponde por ser o galego lingua recoñecida como oficial e propia non só das universidades senón tamén de Galiza.

Mais en calquera caso, estas limitacións e o traballo interno pendente non pode excluír nin servir de coartada para que a universidade non actúe nunha outra dimensión externa, como é a súa obriga se apelamos ademais ao seu necesario compromiso e función social.

A universidade ten tamén que contribuír, coas ferramentas que posúe e que motivan a súa existencia, a coñecer e avaliar a situación do idioma no conxunto da sociedade, paso previo non só para definir políticas para desenvolver, senón para corrixir erros ou mesmo para desenmascarar desde o campo académico as políticas malintencionadas a respecto da lingua que caracterizan o goberno actual.

¹ Véxase a este respecto neste mesmo volume o artigo de Goretti Sanmartín.

Neste sentido gustaría de parabenizar en nome da Mesa pola Normalización Lingüística, porque se corresponde co compromiso social do que imos falar a continuación, os servizos de normalización das tres universidades polo seu ofrecemento para avaliar os efectos da implantación do *decretazo* contra o galego no ensino feito en xullo deste ano, e que continúa outros posicionamentos públicos sobre as políticas lingüísticas actuais.

En calquera outro país do mundo non habería tal ofrecemento, senón unha solicitude directa do propio goberno para o facer, máxime cando o propio *decretazo* 79/2010 na súa disposición adicional quinta establece a necesidade de avaliar anualmente os resultados derivados da aplicación deste decreto.

A resposta da Xunta foi atacar os servizos de Normalización pola situación do galego na propia universidade, cun pouco educado «ocupádevos dos vosos asuntos» como se a Universidade non estivese para estudar o que acontece na sociedade. O goberno, a través das Consellaría de Educación e da Secretaría Xeral de Política Lingüística apañou, máis unha vez, a bandeira da irresponsabilidade, obviando ademais que se ben é certo que as universidades teñen moito traballo por facer para mellorar a situación da lingua no seu seo, é a Xunta quen ten a capacidade lexislativa e executiva sobre as políticas de normalización e que, porén, nos últimos cinco anos se distinguiu non por facilitar a normalización do galego na universidade, mudando por exemplo o marco normativo adverso con que baten as iniciativas máis ambiciosas, senón por encabezar importantes retrocesos.

Este exemplar ofrecemento dos servizos de normalización produciuse tras o estudo que elaborou A Mesa sobre o uso do galego nas aulas de infantil das cidades galegas, estudo que mostraba como o galego está practicamente desaparecido neste ámbito. Na propia presentación pública deste informe A Mesa fixo un chamamento a que a Xunta dese a coñecer estes datos no conxunto do país, que se elaborasen estudos máis exhaustivos e completos para avaliar detidamente os efectos do decreto no conxunto do sistema educativo e se se cumpría o obxectivo de que o estudantado abandonase o ensino obrigatorio cun nivel suficiente de competencia oral e escrita en galego. É lamentábel que a estas alturas a Xunta se negue a aceptar a colaboración das universidades nunha cuestión central de tanta relevancia para a mesma supervivencia de Galiza, e que a día de hoxe só se coñezan os datos que puido recoller A Mesa (coas limitacións derivadas dos escasos medios con que conta) e a resposta meramente propagandística axitada pola Consellaría e a SXPL no Parlamento e medios de comunicación. Non hai dúbida de que se a Xunta non acepta a colaboración das universidades neste asunto é porque non lle interesa que existan estudos rigorosos e obxectivos que evidencien as nefastas consecuencias que para o galego está a ter a súa política lingüística.

A actividade dos servizos de normalización, do profesorado, alumnado e outro persoal implicado nas batallas diarias pola plena normalización e reposición da nosa lingua en todos os ámbitos de traballo e da vida diaria, as súas pequenas conquistas e mesmo as frustracións que nestes tempos van parellas a calquera activismo, demostran en todo caso que todos os avances que tivo a lingua galega se produciron grazas á loita da sociedade.

Para falar disto: Filipe Díez, profesor de Lingua e Literatura Galegas e de Lingua Portuguesa, blogueiro e fundador de Praza Pública; e Nel Vidal, presidente, desde 2007, da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Colaborou coa posta en marcha de diversos proxectos de normalización lingüística e, desde 2003, é técnico de normalización lingüística do Concello de Carballo. Tamén é membro da Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega. Foi director de Cultur.gal, Feira galega das industrias culturais.

A hora das universidades como protagonistas do proceso normalizador. Roteiro para um estímulo do debate

FILIPE DIEZ

Doutorando na UDC e professor no ensino médio

I. Pinceladas para um quadro de partida

Para que estamos aqui? Que sentido tem este encontro? Procura-se-lhe verdadeira utilidade a este tipo de eventos ou não passam de um simulacro? Trata-se de gastar as partidas do orçamento dedicadas à *cousa da língua* e assim justificar a pervivência de organismos burocráticos, ou de chegar a conclusões aplicáveis em e desde as universidades galegas, a começar por esta que nos acolhe? Adotarei como hipótese de trabalho que se pretende que isto tenha sentido e utilidade. Sem fê, mas adotarei-na.

Nesse sentido, o primeiro que se deve pôr de relevo é a enorme distância que, no caso das Universidades, existe entre os seus compromissos públicos e a sua praxe. Basta comparar os textos estatutários com a realidade da cativa presença do galego nas aulas ou as proclamas das candidaturas reitorais com as porcentagens de investigação realizada na nossa língua. Salvar esse abismo deve ser a primeira e mais urgente tarefa das universidades galegas no tocante à língua.

Vale lembrar que as universidades não devem ser enxergadas unicamente como centros de ensino e investigação, como entidades meramente académicas. Além dessas essenciais funções, cumprem outra não menos importante, como é a de funcionarem como fatorias de ideologia socialmente hegemônica. Sendo as universidades quem formam os quadros profissionais da imensa maioria das empresas e instituições que lideram (ou isso pretendem fazer) o país, a ideologia linguística que –implícita e/ou explicitamente– se transmite nelas é decisiva para a posição da língua galega na sociedade.

Cumpra que as universidades galegas se comportem como o seu nome indica, i.e. como instituições universais e enraizadas no país, simultaneamente. Olhando extramuros, analisando autocriticamente a sua influência na modelagem do entorno social no qual se inserem e com plena consciência do seu papel na formação de profissionais cujo exercício no seio da sociedade determina padrões de pensamento e de comportamento, tanto no atinente à língua quanto de um modo geral.

II. Análise crítica da (in)ação lingüística das universidades galegas

As universidades fazem parte do –precário mas emaranhado– aparato institucional que tem na língua própria do país uma das suas principais razões de ser. Bem apesar disso, a atividade das universidades galegas desde a implantação da autonomia tem tido resultados largamente desnormalizadores, até ao ponto de que em muitas áreas de ensino e investigação a língua galega segue a ser um elemento exótico. Para virar essa realidade, a normalização, a dinamização e o fomento da língua galega devem ganhar o status de linha institucional de atuação, superando a sua visão como um compartimento à parte, mal dotado e entendido ora como um apêndice incômodo ora como umha oficina de revisão de textos. Se queremos que as universidades ajudem a normalizar a língua, tal prioridade deve ser incorporada às áreas de gestão da docência, da investigação, da internacionalização, da extensão, dos serviços à comunidade... enfim no conjunto das atividades públicas que as universidades realizam e projetam sobre a sociedade.

Para poder encaminhar essas eventuais ações, não estará de mais deitar a vista brevemente sobre os principais elementos explicativos do papel (não-)desenvolvido pelas universidades nos últimos 35 anos no referente à língua galega.

1. As universidades galegas incorreram numa flagrante deixação de funções em favor de instituições culturais públicas (Consello da Cultura Galega, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación em Humanidades) ou privadas (Real Academia Galega) a quem se encomendou com exclusividade o debate, o desenho e a implementação (Secretaría Xeral de Política Lingüística) dum assunto de índole essencialmente académica e, portanto, inerente ao trabalho universitário –sem por isso se esgotar nel, evidentemente.

2. As universidades, a despeito do seu nome, têm sido incapazes –ora por ação ora por omissão– de superar algumas eivas diretamente relacionadas com o localismo e com os diferentes mandarinatos que operam na realidade cultural galega, como por exemplo:
 - 2.1. a redução, por compostelanização, do debate acadêmico e, em grande medida, da própria vida cultural institucional, renunciando desde a UDC e a UVigo a fomentar entornos culturalmente dinâmicos e capazes de serem (co)protagonistas da escena;
 - 2.2. a manutenção dumha corte galeguista profundamente localista e endogâmica, aspectos essencialmente opostos ao espírito que deve perseguir a universidade (universalidade e mérito); e
 - 2.3. o alheamento, na prática, a respeito das iniciativas sociais normalizadoras, sentidas como algo estranho às instituições universitárias, até ao ponto de que nem sequer os debates sociais sobre a língua no ensino tenham tido qualquer reflexo nas universidades, mesmo elas sendo instituições vocacionadas para o ensino.
3. A consolidação da concepção do galego como língua subalterna, sem projeção internacional e dependente das subvenções.

III. Propostas

Como final desta breve apresentação, e para estimular o debate, lanço a seguir umha série de propostas concretas para a docência, a investigação e a ação social, a modo de exemplo do que se pode fazer se hai vontade.

1. As universidades são provavelmente a última vaza institucional a prol da língua galega. A sua omissão ao longo das últimas décadas tivo um efeito paradoxalmente positivo, e é que se trata das únicas instituições não desprestigiadas neste âmbito. Isso permite pensar numha assunção do protagonismo das três universidades na normalização e dinamização sociais da língua galega, com iniciativa própria e pondo a funcionar as suas capacidades e os seus próprios recursos humanos e materiais, não contra mas si à margem da iniciativa que poidam ter instituições como o CCG, a RAG, o CIHRP ou uma parte da USC, representada no ILG. A diplomácia tem limites, e não deve

ser coartada para não assumir as próprias responsabilidades, ainda mais num contexto de emergência como o que padece a nossa língua.

2. Elaboração por parte das três universidades dum plano plurianual conjunto de objetivos, com financiamento, instrumentos de seguimento e baremação de méritos, procurando o apoio do Governo galego através da SXPL e das diversas conselharias. Esse plano plurianual deveria garantir para todas e cada umha das áreas universitárias mínimos dum 30% da docência e dum 20% da investigação em galego.
3. Organização de campanhas de cada universidade cara afora, com o apoio e a implicação ativa das entidades da sociedade civil presentes nos respectivos conselhos sociais e doutras convocadas *ad hoc*.
4. Criação dum equipo multidisciplinar para o desenho de estratégias e ferramentas normalizadoras nos diferentes âmbitos sociais.
5. Adopção dumha perspectiva pragmática no tocante à inserção do galego no processo de internacionalização das universidades, a jeito de via de mão dupla: partindo dumha aposta inequivocamente política pela cultura livre como eixo vertebrador da ação institucional das universidades, promover: (i) a inserção dos produtos em galego nos bancos de recursos internacionais em língua portuguesa (nos quais, convém não esquecer-lo, o Brasil é umha potência mundial); e (ii) a divulgação dos materiais e recursos em língua portuguesa com normalidade, como opção ao menos em pé de igualdade com o espanhol.

Não faz sentido seguir a fomentar a imagem do galego como uma língua que concorre com o espanhol para perder de goleada, e com o éuscaro e o catalão para não perder por muito. O galego é, si, umha língua internacional, e obviar essa dimensão é umha irresponsabilidade que consolida os preconceitos sobre a nossa língua e favorece a consideração do espanhol, aos olhos dos próprios galegos, como veículo exclusivo de acesso ao mundo.

Isto tem relação com a norma escrita? Si, mas não se reduz a ela. É, antes de mais nada, umha questão de estratégia, e a norma gráfica deve ser vista com um caráter puramente instrumental, sem qualquer tipo de sacralização. Mas é óbvio que se falamos de investigação, em uma alta porcentagem dos casos falamos de obra escrita, e não é indiferente a codificação que se utilize à hora de facilitar o acesso internacional a essas obras ou de restringi-lo a uns limites definidos não com critérios académicos

e de difusão do conhecimento, senão políticos no sentido mais mesquinho do termo. Se a Universidade não questiona, se não cria novos modelos quando os vigentes se comprovaram inegavelmente obsoletos, então... para que nos serve? Como mera fábrica de diplomados? Como agência de colocação de acólitos? Como organismo de reprodução acrítica dos mecanismos socialmente dominantes? Se queremos universidades que façam justiça ao seu nome e ao conceito que desde a modernidade se tem delas, devemos não somente propor, senão exigir, que sejam valentes em todos os assuntos, e concretamente na aposta pola dignificação da língua galega.

Em resumo, e voltando ao começo: para que estamos aqui? Urge uma resposta coletiva e franca, a fim de sabermos com que forças contamos para enfrentar os desafios que temos por diante. Seria magnífico receber desde as universidades galegas umha resposta que dê a entender claramente às gentes deste país que podemos contar com elas não somente para evitar a perda da língua própria desta terra, senão tamém para ajudar a elevá-la ao lugar que por justiça lhe corresponde.

Muitas graças pola atenção.

Algunhas reflexións sobre a proxección na sociedade da política lingüística das universidades galegas

NEL VIDAL BARRAL

Técnico de normalización lingüística do Concello de Carballo e presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua

Vou partir de dous exemplos prácticos. O primeiro o de Marta e Fidel. O segundo, o dunha mensaxe de Whatsapp recibida.

Marta é unha estudante de Dereito en Santiago que vive nun concello limítrofe coa capital galega. É galegofalante habitual e usa a nosa lingua en practicamente todos os contextos. Nas redes sociais, cando vai tomar algo cos amigos e amigas, na casa, de marcha en Santa Comba, de compras...

Fidel é da zona de Bergantiños e estuda Enxeñaría Informática na Coruña. Tamén fala, escribe, compra, sae, liga, anima, ri..., en galego.

Marta e Fidel teñen en común ser galegofalantes habituais máis ou menos conscientes e en todos os contextos. Ou en practicamente todos. Pois ambos collen os apuntamentos e fan os exames case sempre en castelán. E, claro, non sei, pero, sendo así, cando Marta exerza de avogada ou cando Fidel traballe nunha empresa informática é posible que o fagan en castelán. Aínda que a súa vida social e privada poida seguir sendo en galego, a súa proxección profesional é moi posible que sexa en castelán. E iso, debido á universidade.

O segundo exemplo: non hai moito recibín unha mensaxe de Whatsapp dun número que non tiña gardado, e que resultou ser dun empresario de Carballo que acudiu a unha xornada formativa á Coruña, que dicía:

Bo día. Unha satisfacción de hoxe. A vicerreitora da UDC dá a benvida e inaugura as xornadas sobre «Las responsabilidades de Administradores, Consejeros y Directivos» expresándose en galego. Mágoa que xa ningunha outra persoa das que intervéñ use a nosa lingua...

E axudoume esta mensaxe a reflexionar, precisamente, sobre o papel da Universidade no proceso de normalización da lingua e a proxección na sociedade da súa política lingüística.

En primeiro lugar, a vicerreitora expresouse na lingua que, como representante da UDC, se ten que expresar. Fíxoo ben. Loxicamente, fixo o que tiña que facer. Mais..., abonda con que sexa ese o papel da universidade na política lingüística e no proceso de normalización? Abonda que o que faga a universidade sexa expresarse publicamente en galego? O compromiso social das universidades na normalización lingüística debe estar no seu uso, ou en algo máis?, ou en moito máis?

Esa mensaxe de Whatsapp, esas xornadas e a Fidel e a Marta só quero usalas como exemplos. A cuestión é que a maioría de persoas que interveñen normalmente nunhas xornadas dese tipo son ex-alumnas da universidade. Boa parte de profesionais de distintos sectores e ámbitos que moven día a día as vilas e cidades deste país pasaron pola universidade, e estiveron formándose nela catro, cinco, seis ou oito anos. Enfermeiras/os, avogadas/os, informáticas/os, xestoras/es administrativas/os, médicas/os, profesoras/es, empresarias/os varias/os, técnicas/os deportivas/os, xornalistas, arquitectas/os, bibliotecarias/os, sociólogas/os, fisioterapeutas, mestras/es, ópticas/os, veterinarias/os, psicólogas/os, deseñadoras/es, educadoras/es sociais, farmacéuticas/os...

Todas/os formadas/os e capacitadas/os na universidade para desenvolveren o seu traballo. E, en xeral, formadas/os e capacitadas/os para desenvolveren ese seu traballo, maioritariamente, só en castelán, para empresas en castelán, que ofrecen servizos en castelán, con webs en castelán e con atención en castelán. Formadas para unha mundo, para unha realidade, en castelán.

E a universidade é posible que teña que coñecer mellor a realidade. Mais, sobre todo, a universidade é imprescindible que procure mudar esa realidade.

Entón, cal é o papel ou obxectivo da universidade no proceso de normalización da lingua galega?:

- Consegui que os seus representantes e a propia institución use e visibilice o galego? Si, claro, por suposto, ese é un obxectivo claro, aínda que ben pequeno.
- Ou conseguir, intentar conseguir, que as persoas profesionais que formen, todas esas que enumeramos, e moitas outras, vexan o galego como un valor e, ademais, adquiran a capacidade e a competencia para desenvolveren o seu traballo nesa lingua?

E, aínda que non ten moito que ver, cando falo disto vénme á cabeza a modificación que o goberno fixo do artigo 35 da Lei da función pública en 2009, co cal, antes desa modificación, para o acceso á función pública as persoas aspirantes tiñan que demostrar estar capacitadas para desenvolver o seu traballo na lingua do país de xeito práctico e real, facendo unha parte do exame en galego, para demostraren que o que terían que facer no seu traballo público o poderían facer na lingua en que o deberían facer, isto é, en galego. Coa modificación de 2009, agora abonda con que as persoas aspirantes digan que saben galego, mais non teñen que demostrar na oposición que saben desenvolver de xeito práctico o seu traballo concreto de administrativas/os, médicas/os, profesores/as ou veterinarias/os, en galego.

Se cadra coa universidade acontece algo semellante. Unha cousa é que o alumnado saiba lingua galega (que tampouco se garante) e outra que se incentive e capacite para desenvolver o seu labor en galego, que son cousas moi distintas.

A cuestión é que para conseguirmos avances no proceso de normalización da lingua cómpre intervir desde os ámbitos técnico, político e social en sectores como a xustiza, a sanidade, a empresa, a comunicación, a educación etc. E, en maior ou menor medida, con maior ou menor acerto, con máis ou menos intensidade, nun ou noutro sentido, intervenise.

Mais, todos eses sectores, entre outros, están, en boa parte, constituídos polos e polas profesionais que, coa súa formación universitaria, están preparados/as e correspóndelles protagonizalos.

Por tanto, a política lingüística das universidades proxéctase día a día na sociedade e, en boa parte, é a base da situación lingüística de sectores tan diversos e globais como a educación, a comunicación, a empresa, a sanidade ou a xustiza.

Deste xeito, cada mellora na política lingüística universitaria será unha mellora en cada un deses sectores... E ao revés tamén.

E para reflexionarmos máis sobre a proxección na sociedade da política lingüística universitaria, poderíamos, por exemplo, imaxinarmos o típico relato dun día calquera dunha persoa calquera...

Hoxe, como cada día, espertei coas novas da radio, dadas por un xornalista, un ex-alumno universitario. Erguinme, preparei a nena e deixei na no colexio cos seus profesores e profesoras ex-alumnos/as universitarios/as. Ao chegar ao traballo saudei aos meus compañeiros e compañeiras, tamén ex-alumnos/as universitarios/as, claro, e, a primeira chamada que fixen foi á xestoría, que tamén é dunha ex-alumna universitaria...

E así ata a fin do día, en que o noso ou a nosa protagonista vai tomar un viño..., que tamén estará servido, claro, por un ex-alumno ou ex-alumna universitario/a.

E é que a universidade é a base da gran maioría dos sectores profesionais...

E, desde o meu punto de vista, no proceso de normalización da lingua galega, a galeguización da universidade non é só un obxectivo, senón que, ademais, é un medio fundamental para a galeguización de moitos, moitos, sectores sociais.

Así, despois de todo isto, non quero centrarme en cal foi ou é o papel da universidade nese proceso de normalización, senón máis ben en reflexionar ou propor cal creo que podería e debería ser.

E vouno facer en cinco puntos, con cinco «comos», simplemente a modo de borrador ou proposta inicial, aberta e discutible.

Entón, eses puntos iniciais sobre cal podería ser o papel da universidade no proceso de normalización da lingua galega son:

1. Concienciar socialmente sobre a importancia da normalización lingüística, creando argumentario, transmitindo opinión etc. A universidade, como motor de innovación e coñecemento, debe ser tamén motor de transmisión ao conxunto da sociedade de mensaxes favorables para o proceso de normalización da lingua galega. Algo así como unha factoría de ideoloxía social.

- Como:
 - Creando e transmitindo discursos positivos a favor do galego por parte dos seus e das súas representantes.
 - Sendo coherente entre esas mensaxes emitidas e os usos lingüísticos por parte da universidade en todos os seus ámbitos.
 - Creando e difundindo argumentario favorable ao proceso de normalización da lingua por parte dos expertos e expertas de ámbitos diversos da universidade.
- 2. Conseguir que as persoas que se formen na universidade vexan o galego como un valor e, ademais, adquiran a capacidade, a competencia práctica, para desenvolveren o seu futuro traballo en galego.
 - Como:
 - Usando a lingua do país, con normalidade, na vida universitaria: administración, docencia, investigación, comunicación, transmisión de coñecemento etc.
 - Transmitíndolles mensaxes positivas sobre o uso e valor do galego ás súas e aos seus membros, principalmente a alumnado e persoal docente e investigador.
- 3. Dotar de materiais e recursos específicos en galego os diferentes sectores profesionais do conxunto da sociedade.
 - Como:
 - Facendo que as guías, manuais etc., que se crean desde os diversos departamentos universitarios e que son útiles para esas diversas áreas e sectores, sexan en galego: as publicacións sobre medicina, empresa, novas tecnoloxías, deporte, óptica, dereito etc.
- 4. Dotar de materiais e recursos que permitan desenvolver en galego a ciencia, a tecnoloxía, o coñecemento etc.

- Como:
 - Creando e difundindo convenientemente léxicos, vocabularios, materiais lingüísticos diversos etc., para as diferentes áreas sociais e sectores profesionais.
- 5. Formar profesionais para traballar en normalización lingüística e ofrecéndolles formación continua, anovada etc. A universidade debe formar, e formar ben, as persoas que teñen que desenvolver tecnicamente desde diversas entidades as accións e medidas que buscan o incremento do uso e prestixio da lingua galega nos diversos ámbitos sociais.
- Como:
 - Ofertando unha formación específica para o traballo en normalización lingüística, tanto desde os graos como desde os posgraos e desde os cursos de verán, congresos etc., a través da que se formen persoas para intervir socialmente na mellora do proceso de normalización lingüística (tendo en conta a comunicación, a intervención social, a socioloxía, a pedagogía etc., non só a lingüística).
 - Creando materiais e recursos para esa finalidade.

Asesoramento lingüístico, ano 2014

MANUEL BERMÚDEZ BLANCO

Técnico do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela

Ocupámonos de grandes comunidades. Nas universidades galegas hai uns 50 000 alumnos, uns 5400 profesores e ao redor de 3000 membros do persoal de administración e servizos. Converteríanse, por número de habitantes, na oitava cidade galega. Porén, por produción de textos sería a primeira, pois nesa cidade concéntranse infatigables creadores de textos.

Se tiramos unha fotografía agora e a puidésemos comparar cunha realizada nos anos oitenta veríamos diferenzas substanciais nesta cidade. Percibiríamos moitos cambios. Un deles é a relación desa comunidade co idioma galego. Á marxe da evolución de uso das linguas territoriais de Galicia (no ano 1992 a porcentaxe de galego falantes era do 68,6 %, –datos do Mapa sociolingüístico de Galicia–, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, hoxe declaran falar sempre galego un 43,8 %), é innegable que o coñecemento do código mudou substancialmente. Nos anos oitenta e principios dos noventa, os profesionais das universidades galegas (profesorado e PAS) tiñan certos problemas para se manexaren nun galego culto e tamén na expresión escrita. Nestes vinte anos foron incorporándose ás universidades persoas que foron escolarizadas xa en galego, o que achegou unha clara mellora no seu coñecemento. Ou sexa, estamos hoxe nunha sociedade menos galeguizada en canto ao uso, pero máis destra lingüísticamente. Este cambio esixe mudanzas nas accións dos servizos lingüísticos que dubido que se teñan dado dun xeito evidente. Basicamente revisamos textos sen mirar quen o escribiu; que carencias reúne; que potencialidades atesoura, seguramente máis das que cre.

Á parte do que aconteceu en Galicia en relación coa lingua, algo mudou a historia da humanidade nestes vinte anos. Como a invención da roda, da imprenta ou a revolu-

ción industrial, a irrupción de internet e do mundo dixital afecta moi especialmente á creación textual e á forma de difundir ciencia. Internet, que supón unha axuda inestimable, tamén redimensiona o traballo cos textos. Pode valer como exemplo un dato do director xeral de Siemens España, Pedro José Hernández, cando nos di que cada día se envían no mundo 31 000 millóns de correos electrónicos. Outra cifra que nos dá unha idea das novas magnitudes vénnos dos Servizos Informáticos da USC: o sitio web da Universidade de Santiago está formado por máis de 600 mil páxinas que se renovan en diferentes medidas e con distinta frecuencia. Como traballar con estas infinidades? Ou se reformula globalmente o traballo de asesoramento ou se necesitarían recursos infinitos para acometelo.

Este mundo, complexo e cambiante, é ao que nos temos que enfrontar. Considerar que o noso labor debe seguir sendo a corrección de textos, sen preguntarnos cales, a quen llo debemos facer, como realizalo, por que, a cambio de que, é non coñecer as magnitudes do obxecto traballo. Tamén demostra, claro, un descoñecemento das nosas limitadas capacidades.

Reconfigurar os labores de asesoramento

Os labores tradicionais de asesoramento lingüístico son tres: corrección, tradución e solución de dúbidas. Estas son as tarefas coas que parten a maioría dos servizos lingüísticos creados nos anos oitenta e noventa e subsisten ata a actualidade. Responden ao criterio de dar asistencia a un colectivo demandante baixo a idea do **asesoramento reactivo**. É dicir, un servizo que se presta na medida en que hai persoas ou servizos que o solicitan.

Este tipo de servizo é desexable e grato para a comunidade, e tamén nada problemático. Por que cambialo? Unha reitora prefire que os seus textos vaian lustrosos, e un profesor queda ben contento se lle corrixen un artigo antes de mandalo a unha revista. Pola súa parte, as persoas que traballan así o asesoramento lingüístico obteñen certas doses de satisfacción, pois sempre teñen clientes agradecidos aos que servir. Hai algo que dea máis pracer que sentirse útil? Tamén poden afirmar que ocupan toda a xornada laboral plenamente, poden garantir que non están cruzados de brazos vendo esmorecer o idioma. Pero, realidade, non están traballando, e pode ser que nin tan sequera o saiban. Non traballan porque non xeran máis que algúns beneficios escasos para o labor que teñen encomendado. Esfuerzo e traballo son conceptos diferentes que se utilizan equivocadamente como sinónimos. O esforzo fálanos da canseira coa que unha persoa remata a xornada laboral; o traballo, pola súa parte, está relacionado co rendemento da actividade. Se non hai froito, non hai traballo.

A proposta que eu fago pretende ser radical e busca un cambio de perspectiva notable. Persegue que **todas as accións desenvolvidas deban ser controladas e definidas con base nuns obxectivos**. Busca que sexa a organización a que asuma o control da súa conduta de xeito activo, o que implica a toma da iniciativa, a través da creatividade, da audacia e dalgunha dose de valentía. A miña formulación baséase na busca da proactividade, asentada na mellora a través da **análise real da situación** da que se parte; na **decisión** en cada momento **do que se quere facer e de como** se vai realizar; e, por último, **na avaliación honesta** de todo o proceso e dos resultados. Ás veces desa valoración tiráranse conclusións que non son satisfactorias e levan á reformulación do conxunto, outras veces haberá que ir mudando algún dos elementos que forman parte do proceso na procura da afinación e do control das accións que se van desenvolver.

Os medios son limitados e o labor que temos por diante é insondable. Reconfigurar o labor de asesoramento pasa por seleccionar os traballos que se deben acometer e toda selección supón a negación da prestación dun servizo. Aprender a dicir que non é o primeiro paso para a seguinte cuestión: como o asesoramento lingüístico pode mellorar a situación da lingua no noso contorno?

A estrutura dos servizos

Seguindo o modelo dos servizos cataláns, con abondosos recursos económicos e de persoal, o SNL da Universidade de Santiago estruturouse en catro áreas: **asesoramento**, **terminoloxía**, **dinamización** e **formación**. Esta organización supuxo avances positivos, grazas á especialización acadada polas persoas dedicadas a xestionaren unha área de traballo de maneira autónoma, a pensaren na súa optimización e a crearen actuacións acaídas para o seu desenvolvemento.

Paralelamente, a sanidade fai algo semellante hai ben máis anos. O persoal médico nos hospitais xa non son médicos, son: internistas, cardiólogos, oftalmólogos, pediatras, oncólogos etc. Grazas á especialización existen profesionais da medicina que son quen de operar unhas cataratas con técnicas novas, de coñecer algunhas solucións para algúns cancros ou operar o corazón dunha nena aínda non nacida. Isto é bo, aínda que ten algún problema: ver só o órgano problemático; solucionar a parte sen importar o todo. Traballar con áreas ten estes riscos e hai que aprender a solucionarlos. Non é malo facer materiais de asesoramento, terminoloxía específica, ou crear formación de calidade. Non é malo, pero non chega. **A especialización é necesaria, pero debe estar supeditada a un ben común**: a mellora de datos de usos do galego con base nunhas previsións, nunha planificación prevista. Os materiais que facemos interesan? Utilízanse? Hai algún com-

promiso entre as partes? Hai algún estudo que indique que a máis terminoloxía nunha área máis uso da nosa lingua? Ofrecemos materiais que a comunidade non demanda?

O daniño proceso de corrección

A corrección lingüística xera, case sempre, mellores textos, pero crea mellores escritoras? Non sempre, ou mellor, case nunca suscita persoas que escriban mellor, o cal é pernicioso para a normalización dun idioma. O proceso de corrección no noso ámbito, non así no editorial, debe actuar sobre quen escribe, non sobre os textos, debe formar, non sancionar e debe fuxir de certas artificialidades nas que nos centramos algúns profesionais da lingua. A corrección debe ser personalizada e respectuosa. Personalizada tendo en conta as realidades da escritora; respectuosa tendo en conta o estilo de quen escribe.

Os traballos de corrección mal entendidos crearon moitas veces inseguridade e, sobre todo, unha relación coa lingua nada normal. Xusto o que non nos fai falta. Por esta, e tamén por outras razóns, parte dos galegos consideran que teñen menor competencia lingüística da que realmente atesouran. Por suposto, moito menor que en castelán, cousa que non é certa.

Coordinación universitaria

Cantas reunións de traballo tivemos desde hai vinte anos para reflexionar, programar, planificar, poñer a andar, intercambiar experiencias, ceder produtos etc. entre os servizos –ou áreas– das tres universidades? Creo que ningunha.

Sería posible crear materiais en común, deseñados e programados para satisfacer as necesidades das tres universidades? Sairía máis barato? É necesario ter tres manuais de criterios de linguaxe non sexista? Eses «criterios» poderíanse ceder a outras institucións, asociacións, empresas? Daremos definitivamente o paso de crearmos materiais con licenzas libres?

Coordinación na contorna

Cantas reunións de traballo tivemos nestes vinte anos para reflexionar, programar, planificar, poñer a andar, intercambiar experiencias, ceder produtos etc. entre os ser-

vizos —ou áreas— das cidades onde se asentan os campus? Ningunha. E este dato cobra máis importancia se temos en conta que os nosos campus están inseridos en cidades que contan con servizos lingüísticos.

O noso profesorado universitario forma parte tamén da cidadanía dunha urbe, dun concello. Os servizos lingüísticos universitarios só traballan con el o seu aspecto profesional, pero esquecen a súa vida fóra das aulas, dos laboratorios.

Conclusiones

Hai a quen lle botar culpa da situación na que se atopa a lingua nas universidades? A Secretaría Xeral de Política Lingüística ten responsabilidades pola situación que vivimos, pero non só ela. Os gobernos das universidades son tamén responsables ao non dedicar recursos e, sobre todo, ao non se comprometeren con medidas consensuadas, razoables e economicamente mantibles.

Pola nosa parte, os profesionais dos servizos que debemos saír dos espazos de comodidade que temos construídos. Se buscamos resultados diferentes, non fagamos sempre as mesmas cousas, non as fagamos da mesma maneira porque sempre se fixesen así. Non miremos para arriba, nin para os lados buscando solucións que non van chegar de fóra. Se a normalización do idioma nas nosas universidades é posible vai ser porque melloremos en xenerosidade, en honestidade e en valentía. Xenerosidade para partillar recursos, honestidade na avaliación dos procesos e valentía na procura de novos camiños para andarmos xuntos.

Non sei se a situación do idioma vai mellorar ata conseguir que o galego estea inserido en todas as celas sociais, ata conseguir que os galegos e as galegas teñan unha relación de normalidade co seu propio idioma. Tampouco sei se ten solución a situación que vivimos actualmente. O que si creo é que se queremos resultados diferentes, debemos buscar outras vías para conseguilos, porque se seguimos porfiando nas mesmas o fracaso estará asegurado. Somos persoas dedicadas a un labor que nos entusiasma; nada menos que coidar dun dos nosos valores máis primordiais e o noso deber e traballar mellor. Repensemos o noso traballo, compartamos os nosos logros, e falemos dos nosos fracasos. Trallemos xuntos, que podemos perder se o facemos? Canto podemos gañar? Se cadra darlle folgos á lingua para a converter en lingua de ciencia e de futuro.

Actividades e publicacións do Servizo de Normalización Lingüística

MARISOL RÍOS NOYA

Técnica do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) ten como misión desde a súa creación potenciar e fomentar o uso da lingua galega entre a comunidade universitaria; por tanto, a dinamización lingüística constitúe un dos piares básicos das súas actuacións. O obxectivo xeral desta consiste na concienciación da comunidade universitaria sobre a situación da lingua galega e a procura de novos espazos e ámbitos de uso para ela. Neste sentido, todas as actividades que desenvolve o SNL teñen como finalidade última contribuíren para o aumento do uso da lingua entre as persoas que fan parte da comunidade universitaria.

No entanto, o nivel de competencia nunha lingua é fundamental á hora de a empregar; por conseguinte, alén de deseñar esas accións, o gabinete debe promover e procurar a formación a través de cursos de lingua, xornadas, encontros, reunións e outras accións de estudo sobre a problemática da normalización do galego no ámbito universitario.

Por último, a tarefa que absorbe maioritariamente o tempo do Servizo é o asesoramento lingüístico, sobre todo os traballos de corrección e tradución de textos.

Así pois, asesoramento, formación e dinamización son as principais funcións que desenvolveu o SNL durante todos estes anos precedentes. Como ferramenta útil para unha maior eficacia nesas tarefas, tamén editou vocabularios terminolóxicos, manuais e outros materiais destinados á comunidade universitaria.

1. Asesoramento

O asesoramento lingüístico foi e continúa a ser unha das principais actividades do Servizo. O obxectivo é prestar todo o apoio técnico para solucionar as dúbidas orais e escritas sobre a lingua galega, coa finalidade de conseguir a mellora da calidade lingüística e a harmonización dos usos da lingua. O asesoramento lingüístico componse de varias actividades, entre as que están a resolución de dúbidas puntuais, a tradución e a corrección de textos e o establecemento duns criterios lingüísticos uniformes para o uso da lingua galega na Universidade.

Tanto as dúbidas como as consultas lingüísticas resólvense, principalmente, a través da liña telefónica ou presencialmente para aquelas persoas que se achan fisicamente próximas ás oficinas deste servizo. Porén, tamén se utiliza o correo electrónico para a resolución de dúbidas sobre terminoloxía ou para preguntas curtas. O servizo telefónico utilízase igualmente para resolver consultas sobre as actividades que organiza o Servizo (cursos, obradoiros, xornadas etc.).

A respecto da tradución e corrección de textos, estas son as actividades a que máis tempo dedica diariamente o SNL. O método de entrada de documentos máis habitual é o correo electrónico, aínda que se continúan a recibir algúns documentos, os menos, en formato impreso, quer persoalmente, quer a través do correo interno da Universidade. Por outro lado, a corrección de documentos continúa a ser máis habitual que a tradución; porén, cómpre salientarmos que predominan, en liñas xerais, os documentos breves para corrixir e os documentos longos para traducir.

Canto ás persoas que solicitan os servizos de tradución e corrección de documentos, a maioría é o persoal de administración e servizos. No entanto, tamén se ofrece o servizo de asesoramento lingüístico para as outras persoas que integran a comunidade universitaria. O profesorado acode ao Servizo para a tradución e/ou corrección do material das súas aulas (programas, exames, apuntamentos, actas etc.) ou para cuestións que se relacionan co seu labor investigador, como publicación de artigos ou mesmo de volumes enteiros. Neste último punto destaca o asesoramento lingüístico que se prestou durante anos a dúas revistas do profesorado da Facultade de Ciencias da Educación: *Interea* e *AmbientalMENTE*. Canto ao alumnado, o asesoramento lingüístico adoita estar vinculado á revisión de traballos de investigación e insírese dentro das axudas á investigación en lingua galega que convoca este servizo.

Como se pode ver no seguinte gráfico, o número de páxinas corrixidas supera claramente o de páxinas traducidas, como semella lóxico, pois o normal sería que cada

vez se tivese que traducir menos. Ao mesmo tempo, tamén se observa en xeral unha progresiva diminución do volume de páxinas que pasan polo SNL, o que demostra certa eficacia da formación.

Datos de corrección/tradución (en número de páxinas)

	Corrección	Tradución	Total
2006			Arredor de 10 000
2007			7790
2008	5203	1509	6712
2009	4536	1779	6315
2010	4010	1624	5634
2011	4515	1177	5692
2012	3913	1462	5375
2013	3645	1338	4983

2. Formación

Fornecer formación lingüística á comunidade universitaria é unha actividade fundamental do SNL, pois só mediante a adquisición de destrezas en lingua galega se poderá avanzar de modo efectivo na súa normalización. No ano 1992 iníciase o período de formación coa convocatoria dos cursos de lingua galega e progresivamente iranse organizando outras actividades formativas.

2.1. Cursos de lingua galega

A finalidade destes cursos é mellorar os coñecementos de lingua galega da comunidade universitaria, para responder así á demanda de formación existente. Tamén teñen como obxectivo dar a coñecer os recursos existentes para conseguir a corrección lingüística, incrementar a eficiencia da Administración universitaria e promover un maior e mellor emprego da lingua por parte de todas as persoas que traballan na Universidade da Coruña. Como servizo público, a institución ten unha especial responsabilidade cara á valoración social do galego e á mellora da calidade da comunicación nesta lingua, que favorecerá a sensibilidade social sobre a súa importancia e beneficiará a imaxe corporativa no seu contorno cultural.

Os cursos que inicialmente se convocaban eran de Iniciación e Perfeccionamento, destinados a alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos e mesmo podía

acceder algunha persoa de fóra da comunidade, caso de ficaren prazas vacantes. Durante a primeira década, sobre todo a comezos, a demanda foi alta, xa que a introdución do galego no sistema educativo era aínda relativamente recente. O obxectivo básico era a procura da mellora na comprensión e na expresión oral, mais tamén na lectura e na escrita. No relativo ás motivacións das persoas que asistían aos cursos, nalgúns casos interesáballes principalmente o correspondente certificado para a promoción interna e non tanto a formación en lingua galega, feito que lles restou algunha eficacia.

Durante os 11 anos en que se levaron a cabo estes cursos de forma ininterrompida (desde 1992 até 2002) realizáronse 29 cursos de Lingua Galega de Iniciación e 34 cursos de Perfeccionamento, o que supón un total de 63 cursos, dos cales 11 tiveron lugar no campus de Ferrol. O ano 2005 é o último en que se realizaron este tipo de cursos, con demanda decrecente por motivos obvios: o alumnado cursaba galego con normalidade no bacharelato e o resto de colectivos xa dispuña destes cursos ou ben non estaba interesado neles. A partir de 2003 comezaron a impartirse cursos diferentes, como se verá a seguir. Con todo, no ano 2005 aínda se realizou un curso de Iniciación e outro de Perfeccionamento, mais xa no ano 2007 comeza a implantación dos cursos CELGA, de que a Universidade non se fará cargo.

No ano 1998, ante os requirimentos de nova formación por parte do persoal de administración e servizos, o SNL convoca cursos de Linguaxe Administrativa de Nivel Medio. Nesta primeira convocatoria realizáronse cinco cursos (4 na Coruña e 1 en Ferrol) fóra do horario laboral. Segundo os informes do profesorado, un dos aspectos máis positivos destes cursos foi a motivación e o interese do alumnado. Os alumnos e alumnas mantiveron unha actitude moi positiva e unha excelente participación na aula, debido a que se puña en práctica a mellora dos textos con que traballaban. A cualificación que outorgou o profesorado á primeira edición dos cursos foi óptima e os resultados obtidos foron moi satisfactorios, ben como a asistencia e a actitude. Tal é así que o alumnado solicitou continuar a formación con cursos de nivel máis avanzado. Desde o ano 1999 até a actualidade realizáronse 22 cursos de Linguaxe Administrativa de Nivel Medio, 3 deles no campus de Ferrol, e 20 cursos de Linguaxe Administrativa de Nivel Superior, 16 na Coruña e 4 en Ferrol.

Coa creación da dirección do SNL en 2004 entre as novidades que se introducen figuran cursos de formación distintos dos regulados que se impartían até o momento, dos cales se realizaron varias edicións. Trátase de cursos como os seguintes:

- Curso de Actualización Normativa Aplicado á Linguaxe Administrativa

- Curso de Estilo e Modificacións da Normativa, en que se analizaron, entre outras cuestións, as mudanzas de norma aprobadas en 2003.
- Curso de Habilidades e Estratexias para a Comunicación, cuxa finalidade é iniciarse no coñecemento da lingua desde unha perspectiva comunicativa, á vez que achegarse á realidade sociolingüística e promover o respecto pola diversidade lingüística e o plurilingüismo.
- Curso de Introducción á Onomástica Galega, co obxectivo de dar a coñecer os conceptos e técnicas fundamentais empregados nos estudos sobre a toponimia e a antroponimia galegas, ao tempo que se pon en valor a importancia destas realidades como patrimonio cultural que debemos coidar e conservar.
- Curso de Lingua e Comunicación na Atención ao Público
- Curso de Lingua Galega para a Arquitectura e a Construción
- Curso de Lingua Galega para a Escola Universitaria de Turismo
- Curso de Lingua Oral
- Curso de Linguaxe Xurídica
- Curso para a Mellora da Calidade da Lingua: Léxico e Sintaxe, para tratarmos de conseguir unha maior seguranza lingüística a partir da práctica da escrita e da lectura
- Curso para a Mellora da Calidade da Lingua: Cuestións de (Socio)lingüística e de Léxico
- Curso de Novas Tecnoloxías Aplicadas á Comunicación, enfocado a dar a coñecer os recursos existentes na rede e as posibilidades que esta ofrece con novas ferramentas de coñecemento e asesoramento lingüístico
- Curso de Reciclaxe de Linguaxe Administrativa
- Curso de Redacción e Comunicación de Calidade a través do Correo Electrónico, onde estudar a estrutura do correo electrónico coas súas repercusións lingüísticas e a caracterización deste como soporte de transmisión da información.

- Curso de Redacción e Tipoloxía de Documentos Administrativos
- Curso de Técnicas de Expresión Oral, cuxa finalidade é fomentar e mellorar a práctica oral da lingua
- Curso de Técnicas de Redacción
- Obradoiro de Xénero e Comunicación
- Curso de Lingua Galega Hoxe, Reciclaxe e Actualización. Este curso realizouse en liña, integramente con software libre, a finais de 2013, cun notable éxito, maiormente entre o profesorado, xa que se inscribiron máis de cento cincuenta persoas e rematárono cento trinta. Nel fíxose un percorrido polos principais aspectos do estándar da lingua desde un punto de vista práctico e ameno.

2.2. Obradoiros de Profesorado

Entre os anos 2005 e 2010, o SNL organizou diferentes obradoiros sobre terminoloxía específica dirixidos ao profesorado. Estes foron impartidos polas persoas que elaboraron os vocabularios de linguaxes específicas, editados e publicados por este Servizo neses anos. Entre os obxectivos que se perseguen están pór á disposición do profesorado materiais que reforcen o seu coñecemento da lingua galega no ámbito profesional, tanto docente como investigador, asesorar o persoal docente recollendo dúbidas e suxestións para o potenciamento dun maior uso da lingua galega na actividade docente e investigadora e, alén disto, coñecer as necesidades existentes a este respecto e establecer canles de comunicación entre o Servizo de Normalización Lingüística e o persoal docente da UDC.

2.3. Cursos de Lingua e Cultura Galega para Persoas Estranxeiras

En 2007, o SNL organiza por primeira vez un Curso de Lingua e Cultura Galegas para Persoas Estranxeiras, financiado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Este curso que se realiza cada ano no mes de xullo (imos polo sétimo) consta de 80 horas lectivas e vai dirixido a persoas de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia que desexaren iniciar ou ben ampliar os seus coñecementos sobre lingua e cultura galegas. Consta de aulas de lingua e de conversa, obradoiros e visitas culturais. A media é duns vinte participantes por cada curso e a procedencia de lugares tan variados como Alemaña, Austria, Australia, Bosnia-Hercegovina, Brasil, Croacia, Estados Unidos, Francia, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Romanía, República Checa ou Rusia; e

tamén de diferentes lugares do Estado español: Alacante, Barcelona, Cáceres, Madrid, Cartaxena, León, Pamplona ou Xaén.

2.4. Cursos EILC (Erasmus Intensive Language Course)

Nos cursos 2010-2011 e 2013-2014 o Servizo organizou catro cursos de Lingua Galega de Nivel Inicial para estudantes Erasmus das tres universidades galegas, financiados pola Comisión Europea. Participaron 76 alumnos de países europeos: Alemaña, Chipre, Finlandia, Hungría, Italia, Polonia, Reino Unido, República Checa e Romanía. O curso constaba de 60 horas lectivas con actividades variadas de lingua e cultura galegas.

2.5. Xornadas

No ano 1994 iníciase un ciclo de conferencias sobre literatura galega en colaboración coa Real Academia Galega, financiadas pola, naquel tempo, Dirección Xeral de Política Lingüística. En 2004 comeza unha nova etapa en que as xornadas pasarán a ser de lingua, so o título de Xornadas sobre Lingua e Usos. Queríase incidir así máis directamente na faceta normalizadora e dinamizadora desta actividade, cada ano vinculada a un ámbito concreto de uso do galego.

As I Xornadas sobre Lingua e Usos tiveron lugar ese mesmo ano 2004 co tema ‘Lingua e Cidade’ e nelas uniuse a pescuda sobre a realidade sociolingüística da Universidade da Coruña co estudo dos diferentes contextos de uso na sociedade urbana coruñesa e ferrolá. Aínda que se continuaron a realizar en colaboración coa Real Academia Galega duante varios anos, nas últimas edicións xa as organiza a UDC en exclusiva. Ao longo desta década os temas que se trataron, á parte do xa nomeado, foron os seguintes:

- Lingua e Investigación
- Lingua e Idade
- Lingua e Comunicación
- Lingua e Docencia Universitaria
- Lingua e Xénero
- Lingua e Sanidade
- Lingua e Ecoloxía
- Lingua e Tradución
- Lingua e Teatro

A estas dez edicións xa realizadas asistiron máis de 500 persoas e participaron máis de 160 relatores e relatoras.

2.6. Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua

Este curso realízase anualmente no mes de xullo de forma ininterrompida desde o ano 2005, co obxectivo de coñecer e reflexionar sobre os factores sociais, económicos e lingüísticos que interveñen na dinamización lingüística, difundir diferentes metodoloxías de traballo neste campo e analizar e avaliar conxuntamente experiencias de dinamización lingüística en diferentes sectores para adquirir consciencia tanto dos aspectos positivos das diferentes intervencións como dos puntos francos existentes en materia de normalización lingüística. A metodoloxía do curso basearase en leccións, palestras-coloquio e obradoiros que servirán para intercambiar e analizar experiencias.

A CTNL colabora desde o inicio na súa organización e ao financiamento contribúen ou contribuíron, alén da propia UDC, outras institucións como a Deputación da Coruña, a Secretaría Xeral de Política Lingüística ou o Concello de Carballo, que é o lugar onde se desenvolve a partir do ano 2008. Desde o seu inicio asistiron cerca de 500 persoas a esta actividade (470 en concreto) e participaron como relatores e relatoras máis de cen persoas (exactamente 110).

3. Dinamización

A dinamización lingüística é unha tarefa fundamental do SNL e obxectivo básico da maioría das súas actividades. Na realidade, en moitas ocasións é difícil distinguir entre actividades de formación e actividades de dinamización, pois as primeiras tamén contribúen de forma decisiva ou son piares básicas para podermos dinamizar o uso da lingua. Acontece isto, por exemplo, cos cursos e xornadas relatados no punto anterior e dunha maneira máis explícita con este último Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, como o seu propio nome indica. Mais, para alén dos cursos onde se mestura formación e dinamización, é evidente que as campañas, os premios, as axudas á realización de traballos en lingua galega e a edición de diferentes tipos de textos están directamente dirixidos a revitalizar e fomentar o uso do galego.

3.1. Campañas

En maio 1992, conxuntamente coas Universidades de Santiago e de Vigo, realizouse unha campaña financiada pola Dirección Xeral de Política Lingüística co lema *Baixa*


da lúa. En galego estamos no mundo, dirixida a toda a comunidade universitaria galega. Repartíronse en todos os campus do sistema universitario, setenta mil ítems (carteis, postais, bolígrafos, adhesivos e trípticos).

No ano 1995 elaborouse un proxecto didáctico-informativo denominado «PROXECTO HÉRCULES», que se distribuíu non só entre a comunidade universitaria, mais tamén nos centros de ensino medio. Consistía nun xogo que simulaba os estudos universitarios mediante unha serie de cuestións e probas de contido cultural e pedagóxico, con temas de numerosas áreas de coñecemento, editado nun disco para instalar en PC.

En 2004 levouse a cabo unha campaña nas cafetaría da UDC en que se repartiron cartas plastificadas cos menús en galego, xunto con manteis e cartaces co lema *Destapa a túa lingua*, de grande impacto visual.

En 2005 iniciouse unha campaña, que tivo continuidade en 2006 e 2007, dirixida nesta ocasión ás persoas que participaban nos programas de mobilidade Erasmus e Séneca. A campaña consistiu na edición e na distribución de folletos informativos en galego/catalán, galego/inglés e galego/español e tivo como obxectivo que este colectivo coñecese e observase como un factor de enriquecemento persoal a existencia da lingua propia da UDC e valorase as posibilidades e as vantaxes que lle ofrece o seu coñecemento. Pretendíase chegar a este colectivo e aproveitar a súa presenza entre nós para reforzar a idea da necesidade de respectar o plurilingüismo e igualmente para que comprendesen mellor o contorno cultural en que se desenvolve a nosa actividade académica.

En febreiro de 2008 desenvolveuse outra campaña baixo o lema *Este tamén é territorio galego: nas aulas fala o teu idioma*, que estaba deseñada co fin de estimular o emprego da lingua galega nos usos docentes no interior da aula, dirixida fundamentalmente ao alumnado e ao profesorado. O material –cartaces e adhesivos– convidaba a saltar esa fronteira lingüística que parece haber no limiar das aulas e que a lingua galega semella non poder franquear.



Ese mesmo ano levouse a cabo tamén unha campaña denominada *Ao dereito*, que consistiu na difusión entre toda a comunidade universitaria de folletos e cartaces con información do marco normativo aplicable ao ámbito universitario e dos dereitos lingüísticos que a amparan.

A campaña tivo como acto final a celebración, o 21 de febreiro, do Día Internacional da Lingua Materna, así declarado pola Unesco no marco do Ano Internacional das Linguas. Tivo lugar unha mesa redonda baixo o título «O futuro do galego nunha Europa multilingüe», que contou coa participación de profesionais galegos da tradución que desenvolven a súa actividade en institucións europeas.

Non podemos deixar de incluír nesta sección a lectura pública de textos que conmemoraba o Día das Letras Galegas e que se levou a cabo durante varios anos. A esta lectura estaba convidado non só o persoal da UDC que desexase participar, mais tamén todas aquelas persoas que traballan a prol da lingua ou simplemente son sensibles co tema da lingua.

3.2. Premios

Este servizo convoca o Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras desde o ano 2004, financiado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Leva ese nome na honra da poeta coruñesa que faleceu ese mesmo ano. A partir da segunda edición, ano 2005, tórnase interuniversitario e nel participan as tres universidades do país. Aínda que nas primeiras edicións ía destinado só ao alumnado, desde o ano 2009 poden concursar todos os membros da comunidade universitaria.

É de destacar que se puxeron en práctica nesta Universidade dúas das iniciativas gañadoras e a terceira, que resultou vencedora o ano pasado na modalidade Premio a unha idea para a promoción do galego, está en andamento para desenvolver entre as tres universidades.

O proxecto que resultou gañador na primeira edición do ano 2004 na modalidade Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega foi o titulado *Profesionaliza a túa lingua*, e púxose en práctica ao ano seguinte: fóronse editando vocabularios de varias materias, desde o ano 2005 até 2009, á vez que se convocaron obradoiros destinados ao profesorado, de que xa se falou na sección de formación.


Para alén disto, materializouse tamén o Proxecto «Muíño da Lingua», cuxo autor, Camilo Blanco Pampín, era alumno da ETS de Arquitectura e obtivo o primeiro premio por este proxecto no ano 2010. Esta actividade de dinamización lingüística consistiu na instalación dunha roda ou muíño que contén oito caixas metálicas, cuxa finalidade é albergar materiais (apuntamentos, CD, libros etc) que deposita calquera persoa da comunidade universitaria para que outras os retiren. Este muíño está instalado na praza do campus da Zapateira.

3.3. Axudas


No ano 1998 o Servizo de Normalización Lingüística convoca por vez primeira axudas para realizar en lingua galega teses de doutoramento, teses de licenciatura e proxectos fin de carreira. Desde o inicio até o momento concedeuse un total de 652 axudas, segundo se detalla a seguir:

Teses de doutoramento	22
Teses de licenciatura	4
Traballos de investigación de terceiro ciclo	48
Traballos de fin de mestrado	156
Proxectos de fin de carreira.....	317
Traballos de fin de grao.....	105


Total de axudas á investigación en lingua galega




Teses de doutoramento



Proxectos de fin de carreira



Total de axudas á investigación en lingua galega



4. Publicacións

A elaboración e publicación de manuais de corte lingüístico, repertorios terminográficos e outros materiais por parte dos servizos de normalización lingüística responde globalmente á necesidade de estendermos e mellorarmos os usos dunha lingua, para o noso caso o galego, no seo da comunidade de referencia –enténdase concello, empresa ou universidade, entre outras posibilidades– en que se insiren, e tamén, na medida en que o comportamento desta comunidade pode servir de exemplo e podemos dirixirnos a ela directamente, na sociedade.

Xa que logo, é un labor que polo xeral atinxe de xeito transversal ás catro áreas en que se vén dividindo, máis ou menos formalmente, a actuación deste tipo de servizos: asesoramento, formación, dinamización e desenvolvemento terminolóxico; e é tamén un labor que se ve afectado por factores conxunturais como os recursos humanos e económicos con que contamos nos servizos, a existencia ou a falta dunha planificación definida, a nosa capacidade para lles ir facendo fronte ás demandas que emerxen da devandita comunidade de referencia e a urxencia destas demandas, en cada momento. O caso do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (SNL da UDC) non é diferente no tocante a isto, pois vivimos etapas iniciais en que, por

así dicilo, con pouca xente e poucos cartos había moito que facer por diante, e outras posteriores en que o traballo neste campo veu podendo realizarse coa calma desexable. Así, debo notar que á hora de falarmos da elaboración deste tipo de recursos por parte do Servizo cómpre distinguirmos entre os creados por nós mesmos e aqueles en cuxa aparición fomos parte activa, xa que os revisamos e/ou editamos, alén de financiarmos a súa publicación, mais cunha autoría que non é nosa. A seguir mencionarei aqueles que podemos considerar máis relevantes.

4.1. Actas das Xornadas sobre Lingua e Usos

As actas das Xornadas sobre Lingua e Usos, de que xa se editaron dez volumes até o momento, tantos como Xornadas, inclúense no segundo grupo citado anteriormente. O Servizo faise cargo da coordinación, a preparación e o financiamento do volume en que se compilan as intervencións das persoas relatoras, que son revisados con rigor por nós e polos propios autores e autoras. Neste proceso é habitual que haxa que transcribir algunha das intervencións a partir das gravacións das Xornadas, xa que non sempre as recibimos por escrito, sobre todo no caso das mesas redondas.

O propio servizo figura como editor dos primeiros volumes *Lingua e Cidade*, en 2005, e *Lingua e Investigación*, en 2006. A edición de *Lingua e Idade* en 2007 estivo a cargo de Iván Méndez e Amelia Sánchez. Xosé Ramón Freixeiro, daquela director deste servizo, Lucía Filloy, e eu mesma preparamos a edición de *Lingua e Comunicación* en 2008. Do volume correspondente a 2009, *Lingua e Docencia Universitaria*, encargáronse Xesús Mosquera e Sara Pino, persoal técnico que o SNL da UDC acababa de incorporar. Xesús Mosquera foi tamén o editor *Lingua e Xénero*, en 2010, e *Lingua e Sanidade*, en 2011. Da edición en 2012 de *Lingua e Ecoloxía* encargouse Goretti Sanmartín, na altura a directora deste servizo. A edición de *Lingua e Tradución*, en 2013, correu a cargo de novo de Xesús Mosquera; e, por último, prepararon a edición de *Lingua e Teatro*, publicado este mesmo ano, Xosé Ramón Freixeiro, que ocupa de novo arestora a dirección deste servizo, e o profesor da Facultade de Filoloxía Carlos Caetano Biscainho.

Estas actas veñen enviándose desde sempre a diferentes institucións relacionadas coa lingua e a cultura galegas (o Consello da Cultura Galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, as universidades de Santiago de Compostela e Vigo etc.), así como tamén se lles entregan ás persoas que asisten a estas xornadas e ao Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística Traballando en Lingua que, cun lema diferente en cada ocasión, organiza o noso servizo no mes de xullo desde hai dez anos. De igual maneira, fanse chegar, segundo a dispoñibilidade de exemplares, a aquelas persoas interesadas que así nolo solicitan.

4.2. Vocabularios e dicionarios

O groso dos repertorios terminográficos publicados polo SNL da UDC viu a luz entre os anos 2005 e 2009 na forma de vocabularios bilingües castelán-galego, baixo o lema «Profesionaliza a túa lingua», co fin principal de dotar tanto o alumnado como o persoal docente e investigador do léxico preciso para levaren a cabo as súas tarefas en lingua galega dentro das diferentes áreas de especialidade das ensinanzas que se imparten nesta universidade. O seu nacemento sitúase na idea gañadora, en 2004, do I Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras na modalidade do deseño dunha campaña de promoción da lingua galega, que propoñía a «Elaboración e/ou difusión de vocabularios terminolóxicos aproveitando os xa existentes» para establecer un uso normalizado do galego dentro da comunidade universitaria e asociar este idioma a ámbitos de prestixio.

Unha parte destes vocabularios, en concreto os relativos aos campos da arquitectura; a bioloxía; as ciencias da educación; o dereito; a economía; a electrónica e a electricidade; a enfermaría, a podoloxía e a fisioterapia; a enxeñaría e o deseño industrial; a estatística; a física e a química; a informática; a matemática e as relacións laborais foron elaborados –e nalgún caso revisados e ampliados con posterioridade– por colaboradoras externas deste servizo, que eran as persoas que tamén se encargaban de impartir os cursos de lingua: Daniela García, M.^a Belén López, Felisa Marzábal, M.^a do Carme Pereiro, Libia Pérez, Patricia Precado, Amelia Sánchez, Nuria Seoane e Margarita Souto.

O *Vocabulario de deportes*, cuxo autor é Salvador Pérez, foi corrixido e adaptado por Iván Méndez, bolseiro do Servizo e autor tamén do *Vocabulario de biblioteconomía e documentación*, do *Vocabulario de podoloxía* e do *Vocabulario de construción naval*; este último inclúe xunto aos termos en galego a súa definición. O *Vocabulario de camiños, canais e portos* foi preparado por Cristina Ferreño e Cristina M.^a López, que tamén traballou no *Vocabulario de comunicación audiovisual* xunto con Lucía Filloy; pola súa vez, Rosario Pastoriza encargouse do *Vocabulario de lingüística informática*. Amelia Sánchez elaborou o *Vocabulario de navegación e transporte marítimo*. Aínda que as autoras dispoñían dunha bolsa no SNL, elaboraron estes vocabularios maiormente fóra das súas quendas de traballo, xa que a súa preparación esixía moito máis tempo do que dispoñían como bolseiras.

Todos estes vocabularios foron remitidos aos departamentos e distribuídos entre o profesorado das áreas afíns ao seu contido, así como entre as diferentes bibliotecas desta universidade, e igualmente enviáronse a diferentes institucións relacionadas coa lingua e a cultura galegas (de novo o Consello da Cultura Galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, as universidades de Santiago de Compostela e Vigo etc.).

Co mesmo obxectivo de fornecermos de materiais que coadxuven a que tanto a docencia como a investigación se realicen en galego, publicouse en 2011 o *Dicionario de química*, coordinado por Ramón Vilalta, mais corrixido de forma exhaustiva neste servizo por Xesús Mosquera.

4.3. *Manuais*

Os manuais lingüísticos que publicamos, elaborados polo persoal do Servizo, xurdiron tras irmos detectando, tanto nas consultas puntuais que se nos facían como nos textos que recibiamos para revisar, erros recorrentes non só léxicos e gramaticais, senón tamén ortográficos, así como numerosas vacilacións no emprego das maiúsculas e as abreviacións, unha puntuación defectuosa etc. Por tanto, consideramos que era preciso proporcionarmos recursos adaptados ao ámbito universitario, que resultasen doados de aplicar a contextos prácticos, e que servisen tanto para asentar os coñecementos do idioma da comunidade universitaria e estimular o seu emprego como para homoxeneizar e mellorar a calidade deste emprego, dotando asemade a UDC dun modelo de lingua común e de calidade.

4.3.1. *Criterios para o uso da lingua*

Así, o primeiro destes volumes, que titulamos *Criterios para o uso da lingua* e apareceu en 2006, estruturámolo en sete capítulos que tratan os seguintes aspectos: as normas de uso de maiúsculas e minúsculas, o emprego dos nomes propios, as formas de tratamento, o uso dos signos de puntuación, as abreviacións, a linguaxe non sexista e as citacións e referencias bibliográficas, con profusión de exemplos tirados na súa maior parte de textos xerados na institución. Incluímos tamén varios anexos con topónimos, abreviaturas, siglas e acrónimo de uso frecuente.

A súa elaboración estivo a cargo das persoas que constituíamos o SNL da UDC naquel momento: Goretti Sanmartín, Ana Isabel Martínez, Iván Méndez, M.^a Luísa Pita e eu mesma. Tamén participaron as profesoras que colaboraban habitualmente co SNL da UDC impartindo cursos de lingua, que nos achegaron apreciacións e suxestións e que se encargaron tamén dunha coidada revisión final do volume de forma desinteresada, o cal temos que agradecer.

O volume tivo unha boa acollida, xa que se realizou unha tiraxe de cincocentos exemplares e foi reeditado ao ano seguinte; así mesmo, logo de varias reimpresións, en 2012 publicamos a terceira edición revisada e actualizada por Sara Pino. Con todo, para nós o

éxito consistiu en observar que resultaba útil, pois axiña comezamos a recibir consultas e observacións acerca dos temas analizados.

4.3.2. *Sobre a calidade da nosa lingua*

No afán por conseguirmos un modelo de lingua de calidade para os escritos institucionais, deseñamos tamén en 2006 un novo manual que viña completar o anterior, titulado *Sobre a calidade da nosa lingua*. Se o de *Criterios* se ocupaba sobre todo de cuestións ortográficas, este vai incidir sobre os aspectos gramatical e léxico, e recoller aquelas cuestións que semellaban suscitar maiores dificultades na redacción en galego de textos. Tamén neste volume procuramos compendiar exemplos extraídos, en boa medida, de textos corrixidos neste servizo para expoñelos dun xeito clarificador.

Trátase dun volume fundamentalmente práctico en que nos ocupamos das dúbidas e os erros gramaticais máis frecuentes, dividido en grandes bloques temáticos relativos ao uso do nome, o pronome, o verbo, o adverbio, as preposicións e as conxuncións. Nel, após introducirmos uns breves apuntamentos de teoría como observación previa en cada un dos puntos analizados, presentamos unhas táboas con dúas columnas en que á esquerda figuran os usos incorrectos, marcados cun asterisco; e á dereita aparecen os usos correctos. No entanto, como é certo que non sempre podemos falar de formas incorrectas, mostramos tamén exemplos de formas posibles a que engadimos a forma recomendada por nós.

Nos dous anexos finais figura unha relación coas incorreccións que detectamos como as máis habituais e outra con locucións e frases feitas.

Da súa elaboración volveu encargarse o persoal do SNL da UDC na altura: Goretti Sanmartín, Ana Isabel Martínez, Iván Méndez e eu mesma. Ao igual que no caso do anterior, este volume gozou dunha boa acollida, pois tivo unha tiraxe de cincocentos exemplares, foi reeditado ao ano seguinte e contou con varias reimpresións. En 2012 publicamos a terceira edición revisada e actualizada por Xesús Mosquera.

4.3.3. *Manual de documentos administrativos*

Cada organismo xera unha documentación especializada que ha de responder ás súas peculiaridades funcionais e, xa que logo, na UDC precisabamos un estándar de documentación que se adaptase ao noso ámbito. Tanto o persoal de administración e servizos que acudía a este servizo como as persoas que asistían aos cursos de formación demandaban este modelo de forma reiterada, mais ao non dispoñermos dun corpus

documental propio que puidese servir de referencia, cumpríanos recorrer a manuais doutras institucións. Así, para cubrirmos esta lagoa e como complemento dos dous volumes antes citados, en 2007 viu a luz o *Manual de documentos administrativos*, en que centramos a atención no deseño dos escritos e na organización dos contidos.

Na primeira parte expoñemos unhas directrices xerais de uso do galego co obxectivo de corrixirmos os erros máis frecuentes na redacción, simplificar a sintaxe, eliminar os circunloquios e evitar as ambigüidades, en que rexeitamos un modelo de lingua dependente do castelán que, á súa vez, toma prestadas estruturas doutros idiomas que no galego resultan inadmisibles. A continuación ocupámonos do aspecto formal dos escritos, pois unha presentación gráfica correcta e a disposición adecuada non só lles confiren un aspecto coidado e estruturado aos textos, mais tamén facilitan a transmisión da información e a súa comprensión. Esencialmente recomendamos ser coherentes na estruturación dos parágrafos e regularizar as tres partes que presentan a maioría dos documentos, a cabeceira, o corpo e o peche. Así mesmo, recomendamos evitar o uso dunha linguaxe sexista e utilizar un estilo democrático e directo para establecer unha relación menos distante entre os actores intervinientes no acto comunicativo.

Non consideramos produtivo referirmonos a cuestións legais no libro, e logo da exposición breve dos criterios que mencionamos, incluímos trinta modelos de documentos administrativos, os cales, por cuestións prácticas, ordenamos alfabeticamente. Ofrecemos un exemplo de cada un deles, cunha definición que concreta a súa función e características, así como unhas consideracións sobre como estruturar o texto e os elementos con que debe contar en cada caso.

Na elaboración deste manual colaboramos Ramón José Noguerol e Beatriz Brozos, da Secretaría Técnica do Campus de Ferrol, M.^a Luísa Pita e eu mesma. A edición impresa, aínda hoxe moi demandada, esgotouse rapidamente, e tras case dez anos de o publicarmos cómpre unha revisión non só do contido, senón tamén para o adaptar á nova imaxe corporativa da UDC, recentemente anovada.

4.3.4. *Síntese gramatical*

O último volume de corte lingüístico publicado ata o de agora foi a *Síntese gramatical*, en 2008, que materializa unha das medidas aprobadas pola Comisión de Seguimento do Plan de Normalización Lingüística da UDC, e cuxo propósito non é outro que constituír unha ferramenta básica de consulta rápida e sinxela acerca daqueles aspectos máis salientables da gramática do galego, que foxe dos contidos teóricos e pretende ser un compendio que resulte accesible ao maior número de persoas.

Precisamente por se tratar dunha síntese, o tratamento de cada unha das epígrafes é intencionadamente esquemático e práctico. A información preséntase en dous niveis: por unha banda, as peculiaridades que se consideran de maior interese; e, pola outra, chamadas ou apuntamentos moi concretos que en ocasións establecen o contraste directo co castelán, todo isto cun amplo volume de exemplos. Nos anexos figuran unha táboa coas modificacións das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* aprobadas en 2003, unha escolma de ligazóns de interese e algúns recursos para un emprego non sexista da linguaxe.

Preparada por Xesús Mosquera e Sara Pino, contou cunha tiraxe de tres mil exemplares que está esgotada. Fíxoselle chegar ás comisións de normalización lingüística dos centros da UDC para a repartiren entre o profesorado e o persoal de administración e servizos a quen puider interesar e ser de utilidade, así como tamén se lle entregou, por ser un texto que recolle gramática básica, ao alumnado que participaba en programas de mobilidade.

4.4. Outros materiais

Quedan por citar dúas publicacións do ámbito da sociolingüística de transcendencia para este servizo.

4.4.1. Análise sociolingüística da Universidade da Coruña

Este estudo, dirixido polo profesor Antón Álvarez Sousa e publicado en 2005, supuxo unha valiosa fonte de información e serviunos para establecer un diagnóstico da situación sociolingüística da UDC, xa que partiu dunha mostraxe moi ampla: na recollida de información para a análise, que se realizou no primeiro trimestre do curso 2003-2004 responderon as enquisas, cunha media de sesenta preguntas, tres mil membros dos tres colectivos da comunidade universitaria.

Nas enquisas, que figuran incluídas ao final do volume, non só se demandaba información acerca do coñecemento, do uso e das actitudes e opinións do galego, senón que incluíron preguntas sobre as características sociolóxicas das persoas participantes, como o lugar de nacemento, os estudos dos pais, a concepción que tiñan de Galicia etc., pois para analizar o comportamento lingüístico é preciso termos en conta os distintos grupos sociais coas súas diferenzas.

4.4.2. *Unha outra guía para a intervención lingüística*

En 2011 publicouse *Unha outra guía para a intervención lingüística*, cuxa edición estivo en mans de Paulo Martínez, naquela altura persoal contratado no Servizo, e Goretti Sanmartín, en que se recollen diferentes propostas e experiencias de planificación lingüística presentadas por persoas que traballan a prol da lingua en diferentes ámbitos, encamiñadas precisamente a recuperarmos os usos do galego. A idea xurdiu após levarmos a cabo unhas xornadas de formación destinadas aos membros das comisións de normalización lingüística dos centros da UDC coa intención de as reforzar.

Varios dos traballos compilados pertencen a esas xornadas, en que participaron, entre outros, Isabel Vaquero, que nos ofreceu a súa experiencia como dinamizadora na Universidade de Santiago de Compostela; David Cobas, que se ocupou durante un tempo de apoiar o labor destas comisións cun contrato temporal no SNL da UDC; Nuria Seoane e Beatriz Bascoi, que nos situaron na perspectiva dos servizos dos concellos das cidades da Coruña e Ferrol; Xaime Subiela, que, como sociólogo, falou da necesidade de procuramos a participación na planificación da política lingüística levada a cabo desde as institucións, e Nel Vidal, técnico de normalización do Concello de Carballo e presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), que se preguntaba se é posible unha guía de estilo para a política lingüística, para crearmos un discurso máis eficiente a prol da normalización. Os restantes pertencen a propostas que se expuxeron no VII Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística Traballando en Lingua, (Re)pensando o discurso, mais que viñan ao caso do tema que tratábamos.

Para finalizar quero deixar constancia da necesidade de colaboración e complementariedade cos servizos lingüísticos das outras dúas universidades galegas, pois desta forma poderemos optimizar os escasos recursos económicos existentes e tamén se poderán aproveitar mellor os recursos humanos. Nesta liña, debe resaltarse así mesmo a necesidade de afrontar definitivamente desde a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, sen máis dilacións, a publicación de manuais básicos de referencia para o alumnado das tres universidades galegas.

A formación lingüística nos servizos de normalización universitarios

MARÍA CRISTINA RODRÍGUEZ RICART

Técnica da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Cos obxectivos de mellorar a calidade lingüística empregada na universidade, tanto nas comunicacións orais coma nas escritas, e incrementar o uso da lingua galega en todos os ámbitos da comunidade universitaria, os servizos de normalización lingüística promoven a formación en lingua galega e ofrecen asesoramento lingüístico para as actividades académicas, técnicas e administrativas da comunidade universitaria, segundo explicitan no caso da Universidade de Vigo os Estatutos de 2010 no título VII, disposición cuarta:

Para a progresiva consecución da normalización lingüística na docencia, investigación e servizos universitarios, a Universidade realizará a necesaria planificación e disporá dos medios preciso creando o Servizo de Normalización Lingüística...

As funcións deste servizo serán:

- a) Organizar e impartir cursos de lingua galega aos membros da comunidade universitaria.
- b) Informar e asesorar permanentemente a todos os órganos da Universidade no referente ao uso do galego.

Na nosa actividade cotiá dentro da área de traballo da formación aprendémolles galego ás persoas de fóra da comunidade galega que, por motivos de traballo ou de estudo, chegan ás nosas universidades con escaso coñecemento; acollemos e iniciamos o alumnado estranxeiro de programas de intercambio na comprensión oral e escrita do galego e da súa aprendizaxe; revisamos os textos científicos do profesorado (PDI) e asesoramos o

persoal de administración e servizos (PAS) mediante as accións formativas presenciais e en liña a través da plataforma universitaria Faitic da Universidade de Vigo.

Así, ao longo dos distintos anos académicos organizamos diversas actividades que se corresponden coas distintas funcións do servizo:

- Ofrecer cursos de lingua galega que cubran as necesidades formativas do alumnado, do profesorado e do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.
- Detectar as necesidades formativas dos citados colectivos para deseñar un programa de formación lingüística.
- Xestionar os cursos xerais e específicos de lingua galega.
- Informar sobre congresos, reunións e outros de interese para promover o uso do idioma galego e a aprendizaxe en liña.
- Crear materiais para o ensino, aprendizaxe e divulgación da lingua e literatura galega.
- Editar material que facilite o traballo cotián e contribúa ao aumento da competencia lingüística.

Cursos de lingua galega na Universidade de Vigo

Desde 1991, data de comezo das primeiras accións formativas de lingua galega a través do Servizo de Normalización Lingüística, tras a sinatura do Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a potenciación do uso do idioma galego, a Área de Normalización Lingüística organiza anualmente unha serie de cursos de galego destinados aos membros da comunidade universitaria (alumnado, PDI e PAS). A finalidade é mellorar e ampliar os coñecementos de lingua galega para que o galego sexa a lingua de comunicación e de traballo da comunidade universitaria.

Era o comezo na universidade dos chamados cursos de lingua galega «de iniciación e perfeccionamento», de 75 horas de duración cada un, que ofertaba a Dirección Xeral de Política Lingüística para profesorado, persoal da administración, medios de comunicación, colectivos profesionais diversos, cursos no exterior e cursos para estranxeiros.

Os cursos destinados ao profesorado tiñan o obxectivo de conseguir que os e as docentes de EXB, ensino medio e universidades se desenvolvesen en galego oralmente e por escrito sen ningunha dificultade para poder impartir calquera tipo de materia en galego; os do persoal de administración e servizos ofrecían a formación suficiente para que puidesen dominar oralmente e por escrito a nosa lingua co fin de atender e informar a cidadanía no noso idioma e axudar no proceso de normalización. Os contidos tratados abranguían desde nocións de gramática, literatura e da nosa cultura ata léxico xeral da vida diaria, léxico específico das materias impartidas e do campo administrativo, económico e xurídico, respectivamente.

Debemos lembrar que ata esa data, un gran número de persoal traballador universitario non cursara a materia de Lingua Galega no ensino regrado, situación que mudou tras aprobarse o Estatuto de autonomía de Galicia (1981), a edición das primeiras *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* no ano 1982 e implantarse a Lei de normalización lingüística (1983), que expón que o galego é a lingua propia de todos os niveis e modalidades do ensino, incluído o universitario (artigos 12, 15 e 17).

Estatuto de autonomía de Galicia

Artigo 5

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A partir de 1996 e co cambio de século, a Universidade de Vigo adquire un maior compromiso de apoio á normalización lingüística e cultural. Fai explícitas as súas accións neste campo a través da súa convocatoria anual dirixida exclusivamente aos membros da comunidade universitaria cunha maior oferta de cursos de introdución á lingua galega (inicial e intermedio) para alumnado procedente doutras comunidades; cursos de lingua galega (para o profesorado de cada ámbito científico) e de linguaxe administrativa para o persoal de administración e servizos dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Ademais, durante o curso académico 2003/2004, a Área de Normalización Lingüística encargouse de difundir entre a comunidade universitaria os cambios normativos na lingua galega aprobados pola Real Academia Galega en xullo de 2003 e as recomendacións de uso no caso de formas con solucións dobres. Tamén se porán en funcionamento os sitios web de información lingüística e cultural *O galego en liña* (ortografía, gramática

e estilo da lingua galega) e *Intergalcome* (información de historia e da cultura galegas para alumnado e profesorado de fóra).

Coa implantación do novo sistema de acreditación do coñecemento de galego (Celga) no ano 2007, a oferta formativa avanza cara a cursos específicos. Así, preténdese dotar a comunidade universitaria de recursos e ferramentas lingüísticas que lle permita desenvolver a súas actividades académicas e administrativas de xeito eficaz.

Xestión dos cursos

Ao longo destes anos, de xeito semellante que os demais servizos de normalización lingüística das universidades galegas, ofertamos cursos cuatrimestrais de lingua galega xerais e específicos dirixidos á comunidade universitaria (gratuítos) e ao público xeral nos tres campus da Universidade de Vigo: Ourense, Pontevedra e Vigo.

Os cursos de contido xeral comprenden tres niveis: inicial, intermedio e avanzado, e segundo as horas de duración (de 10 a 75 horas) están recoñecidos pola Universidade de Vigo con créditos ECTS (antes de libre elección). Ademais, unha vez realizados permiten acadar un diploma expedido pola Universidade de Vigo ou, no caso do Curso de extensión cultural, pola Xunta de Galicia, xa que este curso se organiza en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

No ano 2011, froito da coordinación coa Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, organizamos por primeira vez os cursos intensivos de lingua e cultura galegas para estudantes Erasmus (EILC) que viñan estudar a calquera das universidades galegas, e que cada ano debía recaer nunha soa. Estes cursos estaban subvencionados pola Axencia Nacional para a Xestión, Difusión, Promoción e Estudos de Impacto do novo programa Erasmus (OAPPE) e realizámoslos conxuntamente entre a Vicerreitoría de Relacións Institucionais e a Área de Normalización Lingüística (setembro).

Desenvolvemento dos cursos

Agás o curso para o alumnado estranxeiro de programas de intercambio que só se imparte de xeito presencial, as modalidades ofrecidas son tres: presencial, semipresencial e virtual. As dúas primeiras implicaban distribuír os cursos por colectivos (cun número mínimo de 10 persoas matriculadas e un máximo de 20), horarios (mañá e tarde) e campus (Ourense, Vigo e Pontevedra); feito que significaba un esforzo loxístico e económico.

A partir de 2004 as accións formativas máis demandadas son en liña ou semipresenciais (os membros da comunidade universitaria xa cursaron galego nos estudos secundarios), os contidos son específicos e realízanse a través da plataforma de teledocencia Faitic da Universidade de Vigo. Con todo, mantense a modalidade presencial para cursos de carácter específico que por razóns de contido serían moi difícil de impartir e seguir a súa evolución (por exemplo, comunicación oral) que se realizarán preferentemente dentro do horario laboral.

Hoxe en día, coa a implantación do Plan Boloña, o alumando está obrigado a asistir ás clases das súas titulacións polo que o ensino virtual é o máis solicitado; tamén o é por parte do persoal traballador, pola flexibilidade de horario. Deste xeito a distribución por colectivos non é necesaria.

Cursos máis demandados na Universidade de Vigo

- Lingua galega. Cambios normativos (15 h)
- Galego para a comunicación oral (10 h)
- Redacción de traballos científicos e informes (20 h)
- Cursos de técnicas de expresión escrita (20 h)
- Curso de técnicas de expresión oral (20 h)
- Curso para o manexo e redacción eficaz do correo electrónico (10 h)
- Obradoiro de presentacións eficientes (30 h)
- Técnicas de comunicación oral en galego (40 h)
- Curso de habilidades comunicativas para o mundo laboral (20 h)
- Curso medio de linguaxe administrativa (30 h)
- Galego científico (40 h)
- Curso de redacción de documentos administrativos (30 h)
- Obradoiro de recursos informáticos para a lingua galega (12 h)
- Redactar para a web (10 h)
- Harmonización, normalización e unificación textual (20 h)
- Curso de reciclaxe da lingua galega (20 h)

- Ciclo de lingua e calidade (10 h)
- Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación (20 h)
- Obradoiro de lexislación lingüística (10)
- Curso de linguaxe administrativa e xurídica (30 h)
- Curso de extensión cultural (75 h)

Creación de material para o ensino, aprendizaxe e divulgación da lingua

Neste punto merece especial atención por ser material inédito a *Roda dos verbos. Usos e dificultades da conxugación verbal en galego*, guía para conxugar correctamente os verbos en galego desenvolta polos profesores da Facultade de Filoloxía e Tradución Xavier Gómez Guinovart e Xosé Antonio Fernández Salgado; e o novo manual de resolución de dúbidas *Na universidade en galego sen dúbida* realizado polo propio servizo.

Conclusión

Nestes vinte e tres anos a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo leva impartindo unha ampla cantidade de cursos de lingua galega co obxectivo de acadar a implicación directa de todos os seus membros no proceso de normalización lingüística e así poder desenvolver as súas actividades académicas, técnicas e administrativas coa correspondente calidade lingüística e seguridade.

A oferta dos cursos evolucionou de xeito parello ás necesidades sociais e ás demandas profesionais. Agora partimos dun alumnado xa formado en galego no ensino obrigatorio que precisa dotarse de recursos e ferramentas lingüísticas para mellorar a calidade lingüística dos seus textos e tamén as súas comunicacións orais, e que así nolo transmiten nas enquisas de avaliación e nas súas solicitudes de formación.

O contexto social mudou e, polo tanto, os programas de formación en lingua galega actualízanse e deséñanse tendo en conta as necesidades da comunidade universitaria e os seguintes obxectivos:

- Promover o uso do galego nos traballos de investigación, nos traballos de curso e nos exames

- Aumentar o emprego da lingua galega na investigación e divulgación dos coñecementos científicos
- Garantir a corrección lingüística e de estilo da documentación interna e externa.

Só así, o galego poderá consolidarse como idioma de uso na xestión universitaria, docencia e investigación, e nos distintos servizos técnicos e administrativos.

A terminoloxía: do VOLGa á aplicación móbil

XUSTO A. RODRÍGUEZ RÍO

Técnico do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela

Despois de oír falar de asesoramento, de elaboración de manuais e de formación, toca agora botar unha ollada por riba de 25 anos de traballo terminográfico en lingua galega.

No noso contorno é habitual concibir este labor como unha das patas do proceso de planificación lingüística¹. Isto permite desagregalo nun conxunto de actividades (investigación, normalización, difusión, implantación, avaliación, actualización, formación e planificación) que merecerían unha análise individualizada, mais para esta intervención centrareime fundamentalmente en revisar o realizado en tres delas: a investigación, a difusión e a actualización dos dicionarios e vocabularios técnicos galegos².

Dende hai 25 anos...

Na segunda metade da década de 1980 o panorama terminográfico galego era un ermo no que comezaban a abrollar algunhas iniciativas.

Desde a década anterior, algúns «pioneiros» viñan realizando propostas de fixación de terminoloxía técnica, nomeadamente no ámbito das ciencias da natureza. O exemplo máis salientable é o traballo de elaboración de listas de nomes padrón para os vertebrados de Galicia realizado pola Sociedade Galega de Historia Natural.

¹ *Vid.* máis información en Galanes (2005) e Cabré (1999).

² Moito do que segue é unha adaptación resumida de Rodríguez Río (no prelo).

A partir da aprobación do Estatuto de autonomía, a Administración galega comezou a elaborar materiais encamiñados a atender as necesidades xurdidas co novo escenario, no que a lingua galega se convertía en oficial e propia, en lingua de uso na actividade administrativa e na radio e a televisión autonómicas, e en idioma vehicular no ensino de determinadas materias. A actuación máis visible foi a publicación en 1988 dunha colección multitemática de vocabularios bilingües castelán-galego, integrada na campaña de sensibilización lingüística «Mellor en galego».

Pero a finais desa década non había máis dun par de ducias de dicionarios e vocabularios especializados en galego, o que facía preciso recorrer aos traballos de lingua xeral como fontes terminográficas. Así, dicionarios como os de Edicións Xerais ou a Editorial Galaxia, ou aínda obras coma o VOLGa (*Vocabulario ortográfico da lingua galega*), sen definición ou marcas de especialidade e nin tan sequera editadas comercialmente, usábanse para intentar determinar a forma máis acaída de nomear en galego conceptos técnicos.

A esa altura, as universidades non participaban de forma directa no proceso de elaboración e difusión de glosarios, como si comezarían a facer a partir da década de 1990, pero si xogaban un papel relevante os departamentos de lingua galega e institutos de investigación –nomeadamente o Instituto da Lingua Galega (ILG)–, cuxos membros elaboraron algúns dos traballos que acabamos de citar.

A medida que ían avanzando os anos 90 foise consolidando unha produción estable –á que si comezaron xa a contribuír os servizos lingüísticos universitarios–, que ofrece unhas cifras medias duns 10 traballos por ano, aínda que con grandes oscilacións interanuais. A gráfica³ (Figura 1), que presenta os glosarios e dicionarios editados anualmente entre 1984 e 2012, ilustra ben ese panorama de incremento e oscilación.

De todos modos, cómpre ter en conta que unha análise puramente cuantitativa, como a que se acaba de presentar, dá unha fotografía moi parcial da situación real, posto que lle outorga idéntico valor a produtos moi diferentes en canto ao número de conceptos recollidos, información que se ofrece para cada un deles, linguas de traballo etc.

³ Elaboración propia a partir dos datos recollidos en <<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminologia/biblio-term.html>>




Figura 1

...ata hoxe

Vista desde 2014, a realidade da terminoloxía en galego é moi diferente.

A cantidade, a variedade e a calidade dos materiais que as persoas interesadas teñen á súa disposición aumentou enormemente. O número de glosarios especializados achégase xa aos 250, o abano de temas tratados é cada vez máis amplo, e a cantidade de información que se recolle para cada concepto –equivalentes en varios idiomas, marca de especialidade, definición...– é tamén maior.

Pero ademais, os propios dicionarios de lingua levan anos incorporando cada vez máis terminoloxía. Un bo exemplo témolo coa recente edición en liña do *Dicionario da Real Academia Galega*, que pretende recoller a terminoloxía científica manexada nos niveis educativos preuniversitarios, e que centra no léxico especializado a maior parte das actualizacións que foi recibindo desde a súa edición en 2012.

Por outra parte, bastantes entidades ofrecen tamén servizos de asesoramento lingüístico e terminolóxico, que atenden tanto as consultas dos seus propios membros como as procedentes da cidadanía en xeral. O máis importante para o tema que aquí nos ocupa é o do Servizo Galego de Terminoloxía (Termigal), creado en 1997; pero tamén dispoñen doutros semellantes a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Real Academia Galega, algunhas administracións locais... ou as tres universidades galegas.

E non só mellorou a cantidade de terminoloxía dispoñible, senón tamén a forma de acceder a ela. Historicamente, a forma de difusión máis habitual era a edición en papel dos vocabularios, distribuídos despois de balde entre as persoas interesadas. Nestes últimos anos, esa vía foise complementando coa difusión a través da internet das versións electrónicas deses mesmos materiais (e cada vez máis coa edición exclusiva na rede). Deste xeito, democratízase o acceso e mantéñense ao dispor das persoas interesadas repertorios que na súa versión impresa eran xa imposibles de atopar.

O feito de que aumente a cantidade de terminoloxía galega dispoñible en internet é unha gran noticia, pero crea un problema colateral: a dispersión de fontes dificulta a busca exhaustiva. Por iso, son moi útiles as ferramentas que optimizan ese labor e axudan a buscar nun número amplo de fontes desde unha única interface. Iso é o que permite o banco de datos bUSCatermos (<<http://www.usc.es/buscatermos>>), desenvolvido e actualizado polo Servizo de Normalización Lingüística da USC, a través do cal se pode consultar (desde internet ou desde dispositivos móbiles) un corpus de máis de 160 000 conceptos especializados e case medio millón de denominacións nas principais linguas do noso contorno.

E xa para acabar con esta rápida panorámica dos avances deste cuarto de século, salientarei o cambio na forma en que os autores e editores dos repertorios terminográficos galegos protexen os seus dereitos comerciais. Duns anos para aquí é cada vez máis frecuente que estes traballos se editen baixo licenzas Creative Commons, o que favorece a súa socialización e reutilización, para amplialos, modificalos, ou crear a partir deles produtos derivados que cubran outras necesidades (integralos en verificadores ortográficos, por exemplo).

O papel dos SNL

Na evolución que acabamos de resumir, os servizos de normalización das universidades galegas foron asumindo un papel cada vez máis importante en case todos os aspectos que viñemos sinalando.

A partir de mediados da década dos 90 comezaron a editar dicionarios e vocabularios especializados, e seguiron desenvolvendo ese labor —o servizo da USC de forma máis continuada, os das outras dúas de maneira máis ocasional— ata o presente. En termos

cuantitativos, o máis prolífico foi ata o de agora o servizo da UDC, con 24 obras⁴, mentres que os da USC e UVIGO editaron 13 cada un⁵.

Como xa antes apuntamos, os servizos das tres universidades ofrecen asesoramento lingüístico e terminolóxico, non só ás respectivas comunidades universitarias, senón que tamén están abertos ás consultas de usuarios externos.

Desde o momento en que publicaron os primeiros dicionarios e vocabularios, os tres SNL intentaron potenciar a súa difusión todo canto era posible. As obras editadas en papel distribuíronse de balde no interior das respectivas comunidades universitarias, e ademais facíanselles chegar a outros servizos lingüísticos galegos e do exterior; igualmente enviábanselle exemplares a todo aquel que o solicitaba. Ao irse convertendo a internet na canle de comunicación que hoxe é, a práctica totalidade da produción foi colocada nese escaparate para facilitar o libre acceso a ela.

É tamén un SNL (neste caso o da USC) quen desenvolveu, mantén, alimenta e actualiza bUSCatermos, do que xa falamos liñas arriba. E son igualmente servizos lingüísticos os que están dando os pasos máis relevantes para fomentar a reutilización e a reelaboración da terminoloxía que difunden, protexéndoa con licenzas Creative Commons. No caso concreto da USC, toda a súa produción terminográfica conta xa neste momento cunha licenza CC BY-SA (Atribución - Compartir Igual).

De feito, para algúns dos casos anteriores, cabería preguntarse se non estarán asumindo na práctica funcións e responsabilidades que non lles corresponden, e que deberían estar sendo acometidas por outras entidades do país, nomeadamente Termigal.

O vaso medio baleiro

Ao comezo da miña intervención apuntei que o traballo terminográfico en galego debe entenderse como unha das vertentes do traballo de planificación lingüística nesta lingua.

⁴ Unha vez máis, facemos os cálculos a partir de <<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/biblio-term.html>>. De usarmos outras fontes como referencia o número total de obras podería ser parcialmente distinto, pero iso non alteraría a cerna do noso argumento.

⁵ No caso do Servizo de Normalización da USC, a ese conxunto de glosarios editados habería que engadir os desenvolvidos no seo da rede Realiter (<<http://www.realiter.net>>). Neles, o seu papel limitase á elaboración dos contidos correspondentes á lingua galega, que posteriormente se integran en glosarios plurilingües, que son editados polas institucións que coordinan cada un dos respectivos proxectos.

Véndoo desde esa óptica, facer dicionarios e vocabularios nunca debe ser un fin en si mesmo, e si un medio para favorecer a galeguización dos distintos colectivos de especialistas, o que no caso dos servizos lingüísticos universitarios se concreta en docentes, investigadores e estudantado.

Ora ben, para acadar ese obxectivo non abonda con elaborar e editar repertorios terminográficos (nin aínda que sexan de moi alta calidade), senón que é preciso desenvolver tamén o labor de planificación previa, de coordinación de esforzos, de avaliación de resultados... que se esixirían en calquera outra actividade de planificación lingüística. E é precisamente aquí onde se poden detectar as principais fraquezas desta viaxe dun cuarto de século.

Se as persoas implicadas na produción de dicionarios e vocabularios nos SNL das universidades galegas nos formulamos seriamente preguntas coma estas:

- Antes de comezar a traballar nun glosario analízase a súa relevancia (dentro e fóra da universidade) ou a relación custo-beneficio de elaboralo e difundilo, medida en termos de galeguización acadada ou consolidada?
- Están colaborando ben os SNL universitarios neste terreo, tendo en conta que en moitos casos as necesidades terminolóxicas das tres institucións son practicamente as mesmas?
- Realízase algunha avaliación do efecto que provoca entre o seu público albo a elaboración dun vocabulario, en termos de galeguización acadada e de mellora da calidade lingüística? E adáptanse as características dos produtos que se elaboran tendo en conta os resultados desas avaliacións?

Moito me temo que as respostas –polo menos as que podemos dar desde o SNL da Universidade de Santiago– van ser negativas.

Na miña opinión, este é o vieiro polo que debemos avanzar a partir de agora: axustar os materiais que se producen para que cheguen realmente a contribuír á galeguización dos especialistas, e fomentar unha coordinación entre entidades que permita aproveitar de forma máis eficiente os esforzos que os distintos servizos vimos realizando.

Oxalá que cando de aquí a uns anos se faga unha análise parecida á que eu acabo de realizar, a persoa que se encargue poida presentar moitos avances nesta liña.

Bibliografía

Cabré, T. (1999): *La Terminología: representación y comunicación*. (Barcelona, Institut Universitari de Política Lingüística).

Creative Commons. *Atribución-Compartir igual 3.0 Sen adaptar*. [Consulta: 05 de xaneiro de 2015]. Dispoñible en : <<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>>

Galanes Santos, I. (2005): «Procesos de implantación lingüística: a planificación terminolóxica en Galicia» *Madrygal*, VIII: 43-54.

González González, M.; Santamarina Fernández, A. (2012): *Diccionario da Real Academia Galega* [en liña]. [Consulta 05 de xaneiro de 2015]. Dispoñible en: <<http://www.realacademiagalega.org/diccionario>>

Rodríguez Río, X. A. (no prelo): «30 anos de dicionarios e vocabularios técnicos» en *Simposio 'Un galego común, fiel a si mesmo. Trinta anos de estandarización: 1982-2012'*. (Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega).

Servizo de Normalización Lingüística da USC. *Dicionarios, vocabularios e glosarios galegos*. [Consulta: 05 de xaneiro de 2015]. Dispoñible en: <http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/biblio-term_cron.html>

Achega cuantitativa sobre o futuro do galego

JORGE MIRA PÉREZ

Área de Electromagnetismo, Departamento de Física Aplicada
Facultade de Física, Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

A evolución do número de falantes de dúas linguas en uso na mesma zona xeográfica ao longo da historia pode parecer algo dificilmente predicible. Porén, un sistema de ecuacións que considera as dúas linguas coma entes en competición é capaz de reproducir a curva de evolución histórica do sistema galego-castelán. O dito modelo matemático baséase en tan só dous parámetros esenciais, como son o prestixio de cada lingua (o percibido polos propios falantes) e unha distancia interlingüística. Contra o obtido por outros modelos matemáticos, que apuntaban a que nun sistema con dúas linguas unha delas acabaría esmorecendo (ou ben que se segregarian comunidades monolingües), existen solucións de coexistencia das dúas, apoiadas na emerxencia de comunidades bilingües.

O establecemento do modelo matemático non só permite reproducir situacións pasadas, senón que dá unha ferramenta valiosa para extrapolar o resultado a tempos futuros e mesmo establece as condicións necesarias para que o sistema formado por calquera par de linguas poida ter unha coexistencia estable no tempo. No caso do galego, cómpre unha elevación do seu status e, nesa tarefa, a universidade debe xogar un papel preeminente.

Introdución

O estudo de sistemas sociais é unha área de investigación na cal poden concorrer, por moi sorprendente que pareza, eidos científicos do saber como a física ou a matemática. Estas

disciplinas achegan unha visión estritamente cuantitativa: na base de certas hipóteses desenvolven modelos matemáticos que teñen demostrado unha grande efectividade e, sobre todo, unha visión obxectiva e razoada sobre sistemas que, doutro xeito, serían difíciles de acoutar. Un exemplo de tales sistemas son as linguas, nomeadamente, a súa definición, evolución e uso por parte das comunidades humanas (Hawkings e Gell-Mann, 1972).

O problema do uso das linguas non é menor: nun mundo tendente á globalización existe unha competición crecente entre elas que, ao igual que a competición entre estruturas económicas locais, forza a modificación das linguas en competición ou mesmo a extinción das minoritarias fronte á hexemónica. De feito, a maioría das linguas do mundo está a desaparecer a unha velocidade preocupante, que vai en paralelo co incremento da interconexión entre as diferentes zonas do planeta. Estímase que, das ao redor de 6000 linguas faladas no mundo, posiblemente desapareza o 90% na presente xeración (Krauss, 1992).

Esa circunstancia xerou un incremento substancial de actividade nesa liña de investigación. Os modelos de simulación usados clasicamente na física dos sistemas sociais parten de teorías estatísticas da aprendizaxe (Nowak, Komarova e Niyogi, 2002). Nos traballos máis recentes deste tipo, as simulacións fundaméntanse en modelos de cadeas de bits (Kosmidis, Halley e Argyrakis, 2005), que gardan certa analoxía cos usados en economía ou bioloxía. O enfoque é, en certo modo, de carácter local.

No eido do noso grupo de investigación tense abordado o problema dende o punto de vista contrario. Adóptase un enfoque extensivo (como se unha comunidade humana fose un gas composto por un gran número de individuos, que interactúan e toman as súas decisións con base en certas regras) e descríbense os estados do sistema e a competición entre as súas partes establecendo medias que dan lugar a un sistema de ecuacións diferenciais, cuxa resolución se pode facer ben con ferramentas informáticas, ben resolvendo as ecuacións directamente.

Esta perspectiva considera as linguas como entidades que compiten para gañaren falantes. Amosou un notable éxito hai máis dunha década logo dun estudo feito por Abrams e Strogatz (2003) dalgúns casos específicos. Neste traballo, que está xa considerado como referencia inescusable, os devanditos autores foron quen de reproducir con éxito, a través das súas ecuacións, a evolución histórica do número de falantes de 42 territorios do planeta con dúas linguas, tales como Perú, Escocia, Gales, Bolivia, Irlanda ou Alsacia-Lorena. Especialmente rechamantes foron as boas descripcións das

competicións galés fronte a inglés en Gales, quechua fronte a castelán no Perú ou gaélico fronte a inglés en Escocia.

Porén, un dos seus principais resultados foi que as sociedades bilingües existentes son inestables, por seren o resultado da recente mestura de comunidades con diferentes linguas que anteriormente estaban separadas.

Nas liñas que seguen intenta argumentarse o contrario: que o bilingüismo é posible e que o factor determinante para a súa existencia é un parámetro que definiremos como distancia interlingüística. Contamos, ademais, coa vantaxe de coñecer a situación de Galicia, que proporciona neste sentido un laboratorio sociolóxico de primeira orde e que permite comprobar os resultados, cuxa extrapolación ao futuro é, ademais, posible.

Modelo

Na perspectiva de Abrams e Strogatz, o bilingüismo é estritamente societal: dous grupos monolingües coexisten sen existiren individuos bilingües, simplemente dúas comunidades segregadas ocupan o mesmo territorio (serían os casos de Bélxica ou Suíza, por exemplo). Deste modo un falante terá como primeira lingua clara só unha das dúas. Isto, que *a priori* parece estraño, é realmente posible mesmo a pequena escala, como o demostra o feito de que nalgúns zonas do Perú con competencia quechua-castelán se encontran casos de nenos que son incapaces de comunicárense cos seus avós. O falante non é capaz de facer súas ámbalas dúas linguas e remata por priorizar unha sobre a outra, co conseguinte roubo de falantes entre elas.

Agora ben, este modelo falla na descrición de situacións como a de Galicia ou Cataluña, onde o resultado da competición de dúas linguas romances (cunha delas, o castelán, que goza de alto prestixio historicamente) foi o establecemento de grandes grupos bilingües. Onde está, pois, o problema? No seu traballo, Abrams e Strogatz só consideraron competicións entre linguas moi diferentes entre si: é imposible a comunicación entre falantes monolingües de quechua e castelán, ou galés e inglés ou gaélico e inglés. Como exemplo ideal poderíamos citar a situación de mestura dunha hipotética comunidade galegofalante con outra chinés-falante (comunicación imposible entre ambas). Con tal punto de partida non é de estrañar que, nese marco, o bilingüismo non teña posibilidade de establecerse.

Dende o punto de vista dos nosos grupos de traballo, isto limita o seu modelo, que non é directamente aplicable a casos análogos ao de Galicia. A raíz latina de galego e castelán fai perfectamente posible a conversa entre os seus falantes monolingües. Máis

aínda, a semellanza de vocabulario e gramática fai que a aprendizaxe dunha delas sexa doada se se coñece a outra, como todo galego sabe.

Esta circunstancia (estraña en principio para unha persoa monolingüe e absolutamente evidente para alguén que, como os galegos, vive nunha sociedade bilingüe) fíxonos pensar que podería ser posible que a emerxencia e supervivencia dun grupo socialmente significativo de carácter bilingüe dependa do grao de semellanza entre as linguas en conflito.

Con ese obxectivo, xeneralizámo-lo modelo de Abrams-Strogatz para incorporar esta noción do seguinte xeito (aos lectores non afeitos a se moveren con ecuacións fágolles a obvia recomendación de que ollen dun xeito lixeiro os parágrafos que seguen, ata chegaren ao seguinte apartado):

- Sexan **X**, **Y**, **B** os conxuntos de poboación que son monolingües nas linguas X, Y e bilingües, respectivamente. x, y, b as fraccións de poboación que pertencen a eses grupos (polo tanto $x + y + b = 1$)
- Sexa P_{xy} a probabilidade, por unidade de tempo, de conversión dun falante da lingua X á lingua Y, notación que se estende de xeito análogo ás migracións entre o resto dos grupos.

Dese xeito, o cambio da fracción de falantes da lingua X (x) por unidade de tempo virá dado por

$$\frac{dx}{dt} = yP_{YX} + bP_{BX} - x(P_{XY} + P_{XB}) \quad (1)$$

con ecuacións análogas para dy/dt , db/dt .

Debemos definir agora esas probabilidades. Ao igual que no modelo de Abrams-Strogatz, consideramos que a probabilidade de que un falante da lingua X cambie á lingua Y aumenta co seu número de falantes $b+y$, pero tamén á percepción de prestixio asociado a ela, é dicir, das oportunidades sociais e económicas que o individuo percibe como asociadas aos falantes dunha determinada lingua. Chamando S_Y a ese parámetro (status ou prestixio da lingua Y, notación análoga para a lingua X), esa probabilidade no caso de existencia soamente de falantes monolingües debería ser, en principio, da forma

$$P_{XY} = cS_Y(1-x)^a \quad (2)$$

onde c , a son constantes e o parámetro de status considérase definido entre 0 e 1 (máximo status) e complementario ao status da outra lingua, é dicir,

$$S_X = 1 - S_Y \quad (3)$$

Agora ben, unha vez que asumimos o bilingüismo como situación posible, esta probabilidade de cambio debe repartirse entre a probabilidade de converterse en bilingüe e a probabilidade de usar só a lingua Y; é dicir, as fugas de falantes da lingua X á lingua Y e á situación bilingüe virán dadas por

$$P_{XB} = ckS_Y(1-x)^a \quad (4)$$

e

$$P_{XY} = c(1-k)S_Y(1-x)^a \quad (5)$$

onde introducimos por primeira vez un parámetro, k , que reflicte a tendencia ao bilingüismo e, polo tanto, de acordo coa nosa hipótese, a similitude entre as dúas linguas. Como se pode comprobar, $k=0$ representa situacións con existencia de falantes monolingües, é dicir, onde a conversa entre falantes monolingües de ámbalas dúas linguas é imposible (coma nos casos estudados por Abrams e Strogatz) e $k=1$ implica simplemente que as linguas X e Y son a mesma.

É digno de mención que a similitude ou distancia entre linguas fora ata agora un concepto descrito dende un punto de vista teórico (Nowak, Komarova e Niyogi, 2002), pero ata o momento o seu cálculo en casos prácticos fora moi complexo.

Do mesmo xeito, para a fuga de falantes dende a lingua Y

$$P_{YB} = ckS_X(1-y)^a \quad (6)$$

e

$$P_{YX} = c(1-k)S_X(1-y)^a \quad (7)$$

Para as transferencias de falantes dende a situación bilingüe a X consideramos $P_{BX}=P_{YX}$ (posto que os cambios dende B a X e de Y a X implican a perda da linguaxe Y). Equivalentemente, $P_{BY}=P_{XY}$.

Deste xeito chegamos a un par de ecuacións diferenciais acopladas para x e y :

$$\frac{dx}{dt} = c \left[(1-x)(1-k)S_X(1-y)^a - x(1-S_X)(1-x)^a \right] \quad (8)$$

$$\frac{dy}{dt} = c \left[(1-y)(1-k)(1-S_X)(1-x)^a - yS_X(1-y)^a \right] \quad (9)$$

Resultado e discusión

Encontrouse que o modelo axusta con éxito a evolución histórica do número de falantes bilingües e monolingües en galego e castelán en Galicia dende o ano 1877, data do primeiro rexistro encontrado en datos da Real Academia Galega (1995) e ademais permite obter, por primeira vez, unha medida da distancia interlingüística entre galego e castelán (Mira e Paredes, 2005), que cun valor de $k=0.80$ cuantifica dun xeito que parece razoable (ou sexa, un 80% de similitude) o grande eixo común de ámbalas dúas linguas.




Figura 1. Fracción de falantes fronte ao ano no período 1877-1975 en Galicia (datos da Real Academia Galega de principios de finais dos anos 80). Nesta época o galego está nun status moi baixo, que comeza a recuperarse logo da restauración democrática. O dato correspondente a 1945 é claramente anómalo, posiblemente pola situación política de posguerra. As liñas, que corresponden á curva xerada polas ecuacións do modelo, demostran o éxito do axuste ao noso modelo, que reproduce a evolución histórica do binomio galego-castelán cos parámetros $a = 1.50$, $S_{\text{galego}} = 0.26$, $c = 0.1$ y $k = 0.80$ (Jorge Mira).

Na figura 1 amósase o resultado dese primeiro axuste. Obtivéronse valores para as constantes de $c=0.1$ e $a=1.50$. É de salientar que, para este expoñente a , Abrams e Strogatz encontraran unha constancia sorprendente: é invariable para todas as culturas estudadas dentro dunha marxe $a=1.31 \pm 0.25$. Aquí encontramos que, para a situación galego-castelán, séguese a manter esa universalidade, o que constitúe un resultado importante e que parece apuntar a aquilo que dita o sentido común: que as dinámicas de interacción humanas son parecidas en todas partes.

Mención á parte merece o resultado do parámetro de status: 0.26 para o galego (polo tanto 0.74 para o castelán), moi baixo, e que simplemente constata a realidade histórica desa lingua no período considerado. Cálculos posteriores con datos máis recentes (Seoane *et al.*, 2015; Seoane *et al.*, 2015b) amosan un aumento no prestixio do galego, mais constátase que segue por debaixo do do castelán.

O dispoñer de ecuacións definidas proporciona unha ferramenta poderosa: a capacidade de especular sobre situacións futuras en función dos diferentes parámetros que definen cada lingua. Así, observando primeiramente de xeito empírico simulacións por ordenador (Mira, Seoane e Nieto, 2011), e logo tras unha solución directa do sistema de ecuacións (Otero-Espinar *et al.*, 2013), viuse que existen franxas deses parámetros que permiten que as dúas linguas coexistan (ou sexa, sen extinción dunha delas).

De feito, dados uns valores para os parámetros a e k (o de distancia interlingüística), existe un valor crítico para o status de modo que, para toda situación por debaixo del, a lingua de baixo status acaba desaparecendo (Colucci *et al.*, 2014); mentres que, se se supera, tanto a lingua de baixo status coma a situación bilingüe sobreviven.

Loxicamente, esa potencia predictiva depende da natureza e calidade dos datos dos que se dispoña. Nesta achega preséntase unha extrapolación con base no primeiro conxunto de datos históricos (ata a restauración democrática española) empregados para os primeiros axustes matemáticos e probar a validez do modelo (Figura 2).

Daquela xa se observaba como, en primeiro lugar, a rama monolingüe do castelán presentaba un ascenso constante mentres que se predicía que a fracción de monolingües en galego retrocedía notablemente ata ter unha presenza residual preto do ano 2050. Para o ano 2100 podía darse como desaparecido este grupo nesta simulación. Cómpre salientar que este axuste está feito co primeiro grupo de datos obtidos para esta análise (que abranguían ata a restauración democrática). Feita a análise cos datos máis recentes, o resultado é de supervivencia do galego (Seoane *et al.*, 2015). O cambio tras introducir eses novos datos é tan determinante porque, segundo a nosa análise, os




Figura 2. Proxección da fracción de falantes de galego, castelán e bilingües ata o ano 2100, a partir do axuste realizado na Figura 1 (datos antigos). Cos parámetros do dito axuste, obsérvase como o grupo de monolingües en castelán medra monotonicamente e o de bilingües, que amosa unha forte suba ao longo do século xx, acada un máximo por volta do ano 2000 e, a partir dese momento, comeza a experimentar tamén unha redución monotónica. Estes axustes varían logo de introducir datos máis recentes (Seoane *et al.*, 2015) (Jorge Mira).

parámetros que definen o binomio galego-castelán sitúano nunha situación próxima a unha fronteira crítica, un pequeno efecto bolboreta, onde unha pequena variación de parámetros pode derivar nun comportamento moi diferente. Na figura 3 amósase unha extrapolación tras facer unha lixeira suba no valor de status con respecto ao obtido nos datos ata 1975 (que era de 0.26): esa pequena suba comporta que o sistema acade un punto de estabilidade que permita a coexistencia das dúas linguas.

Destacable é a calidade da dinámica predita para o grupo bilingüe con base no escenario con datos ata 1975: con eles, resultaría que nas etapas finais do século xx e iniciais do xxi sería o grupo maioritario, situación que responde á realidade actual de Galicia (a maioría da súa poboación declara, a día de hoxe, a súa condición bilingüe).

Non obstante, e malia a suba inicial do grupo bilingüe, que en principio parecería indicar unha progresiva hexemonía deste grupo, a extrapolación con aqueles datos daba un xiro inesperado a principio do século xxi: tras alcanzar un máximo, o grupo bilingüe comeza a decrecer, lenta pero monotonamente. Co status para o galego de 0.26 a situación bilingüe non tería sido, pois, estable. Tal e como se ten apuntado, este mal panorama para o galego mellora logo de incorporar os novos datos que recollen épocas máis recentes e perfeccionan o conxunto de datos de épocas anteriores (Seoane *et al.*, 2015)




Figura 3: Proxección de futuro da situación sociolingüística de Galicia ata o ano 2100 nun escenario con distancia interlingüística $k=0.80$ e simulando un status do galego $S_{\text{galego}}=0.36$, maior que o valor mínimo que confire estabilidade. Ao superar ese valor crítico mínimo do parámetro de status, obsérvase a supervivencia no tempo dos tres grupos de falantes. Nesta simulación apréciase que as ramas do galego, castelán e bilingüe amosan un comportamento asíntótico que non ten un valor nulo para ningunha das linguas: unha situación bilingüe estable (Jorge Mira).

Unha evidencia clara das simulacións, en calquera dos dous grupos de datos, é o progreso do grupo de monolingües en castelán a curto e medio prazo, unha evolución que adoita xerar forte polémica na súa análise, pero é que as enquisas levadas a cabo nos últimos anos constatan unha perda progresiva do uso do galego e un incremento da opción monolingüe en castelán nas xeracións máis novas. A pirámide poboacional invertida de monolingües en galego é, de feito, un clásico na análise social de Galicia: nela obsérvase claramente como a medida que decrece a idade do suxeito decrece a cantidade dos galegos monolingües nunha liña que coincide coa análise derivada do noso sistema de ecuacións.

Por exemplo, segundo se desprendía dos datos do Consello da Cultura Galega do ano 2005, a porcentaxe de monolingües en galego caía entón do 65,7% na franxa de maiores de 65 anos ao 27% para a franxa de 16 a 25 anos. Ao mesmo tempo, para os falantes monolingües en castelán a tendencia era a inversa: pasaba do 10,4% entre os maiores de 65 anos ao 33,1% nos menores de 16 anos.

Tendo en conta que os mozos de hoxe serán os falantes do mañá, a situación sociolingüística que describe o noso modelo parece correcta.

Agora ben, o status obtido do noso axuste procede da análise ata 1975. É obvio que a restauración democrática levou consigo un aumento dese prestixio debido ao apoio político á lingua galega e, sobre todo, á súa consideración de cooficialidade co castelán (art.º 3 da Constitución española de 1978), algo constatable coas novas análises, aínda sen publicar no momento de escribir estas liñas (Seoane *et al.*, 2015; Seoane *et al.*, 2015b).

Conclusiones

Presentouse un modelo que reproduce a evolución histórica da situación lingüística de Galicia, incluíndo a descrición do grupo bilingüe. O modelo é unha simplificación da realidade, xa que unha complicada situación sociolingüística é resumida nuns poucos parámetros nas ecuacións. Malia iso, os diferentes conxuntos de datos son descritos con notable precisión e, en conxunto, os resultados parecen estar cualitativamente de acordo coa evolución lingüística en Galicia.

Por outra banda, en contra da predición do modelo de Abrams e Strogatz, obsérvase a posibilidade de mantemento dunha situación bilingüe estable, sen que iso implique a segregación de dúas comunidades monolingües coexistentes sobre un mesmo territorio e mesmo que unha situación de competición de dúas linguas no mesmo territorio non ten por que levar inexorablemente á extinción dunha delas, en contra novamente de modelos teóricos previos.

A clave que permite a estabilidade do bilingüismo parece o factor de distancia interlingüística introducido no noso modelo e que suaviza o efecto das diferenzas de status entre as linguas en competición. A ese factor, postulado idealmente en diferentes modelos, pode dársele agora un valor cuantitativo a partir dos nosos axustes: 0.80 para o binomio galego-castelán (80% de coincidencia entre ambas as dúas linguas), un valor que encaixa bastante ben con análises feitas por métodos totalmente distintos para outros binomios de linguas románicas.

Por último, salientase que o modelo permite facer proxeccións de futuro da situación sociolingüística de Galicia que indican que, de non acadarse un status mínimo para a lingua galega, a situación sería de crecemento sostido do grupo de monolingües en castelán, en detrimento do grupo de monolingües en galego e mesmo de bilingües, que xa non sería un subgrupo estable no tempo. A supervivencia do galego estaría, pois, en perigo.

Agradecementos

Para avanzar nesta liña de traballo, na que botei a andar hai máis dunha década, tiveron a gran sorte de poder contar coa participación de persoas brillantes en diversos eidos do coñecemento. Quero render aquí tributo ás contribucións de Ángel Paredes Galán (Dpto. de Física Aplicada-Universidade de Vigo), Luís Francisco Seoane Iglesias (ICREA-Laboratorio de Sistemas Complexos-Universidade Pompeu Fabra), Juan José Nieto Roig e María Victoria Otero Espinar (Dpto. de Análise Matemática-Universidade de Santiago de Compostela), Henrique Monteagudo (Dpto. de Filoloxía Galega-Universidade de Santiago de Compostela), Xaquín Loredo (Real Academia Galega), Håkan Casares Berg (Consello da Cultura Galega), Renato Colucci (Department of Mathematical Sciences, Xi'an Jiatong Liverpool University, Suzhou, China) e María do Carme Parafita Couto (Centro de Lingüística, Universidade de Leiden, Países Baixos).

Bibliografía

Abrams, D. M. / Strogatz, S. H. (2003): «Linguistics: Modelling the dynamics of language death» en *Nature*, 424: 900.

Colucci, R., Mira, J., Nieto, J. J., Otero-Espinar, M. V. (2015): *Complexity* (no prelo)

Comisión Técnica de Lingua e Sociedade. Sección de Lingua-Consello da Cultura Galega (2005): *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega)

Hawkings, J. A., Gell-Mann, M., (1972): *The Evolution of Human Languages*, Addison-Wesley (Reading, Mass.)

Kosmidis, K. Halley, J. M., Argyrakis, P. (2005): «Language evolution and population dynamics in a system of two interacting species», *Physica A* 353: 595-612.

Krauss, M. (1992): «The world's languages in crisis», *Language* 68: 4-10.

Mira, J., Paredes, Á. (2005): «Interlinguistic similarity and language death dynamics», *Europhysics Letters*, 69: 1031.

Mira, J., Seoane, L. F., Nieto, J. J. (2011): «The importance of interlinguistic similarity and stable bilingualism when two languages compete», *New Journal of Physics*, 13: 033007.

Nelde, P. / G. Williams / M. Strubell, (1997): *Euromosaic. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da Unión Europea* (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia).

Nowak, M. A., Komarova, N. L. Y Niyogi, P. (2002): «Computacional and evolutionary aspects of language» en *Nature* 417:, 611-617.

Otero-Espinar, M. V., Seoane, L. F., Nieto, J. J., Mira, J. (2013): «An analytic solution of a model of language competition with bilingualism and interlinguistic similarity», *Physica D* 264: 17-26.

Real Academia Galega (1994): *Usos lingüísticos en Galicia* (Santiago de Compostela-Real Academia Galega).

Seoane, L. F., Casares, H., Monteagudo, H., Mira, J. (2015): (en preparación)

Seoane, L. F., Parafita, M. C., Casares, H., Monteagudo, H., Mira, J. (2015b): (en preparación)

